



**Observatorio Galego
de Dinamización Demográfica**

Galicia: Perspectivas demográficas

Informe aprobado polo Pleno do
Observatorio Galego de Dinamización
Demográfica en xullo de 2018.

Colección informes



XUNTA
DE GALICIA

Galicia: perspectivas demográficas.

Informe aprobado polo Pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica en xullo de 2018.

1ª ed., 2022. Santiago de Compostela

Elabora:

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

Edita:

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

© da edición, Xunta de Galicia. 2022.

© do texto, Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. 2022.

<https://libraria.xunta.gal/>



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Maquetación: alamces

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

Galicia:

Perspectivas demográficas

Informe aprobado polo Pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica en xullo de 2018.

Coordinadora:

María Xosé Rodríguez Galdo

Equipo de Coordinación

Isabel Martínez Pellicer

Grupos de traballo

Apoio ás Familias:

Noela Blanco Rodríguez

Cristina Caruncho Michinel

Carmen Castro García

Carme Fouces Díaz

M^a Pilar Freire Esparís

Amparo González Méndez

Susana López Abella

Miguel López Crespo (secretario)

Ana Jesús López Díaz

Raquel Martínez Buján

Susana Méndez Rodríguez

Andrés Núñez González

Pablo Rama Remuiñán

Marta Rodríguez Arias

Carmen Adela Sabio Sanz (coordinadora)

Emigración / Inmigración:

Raquel Arias Rodríguez

Manoel Barbeitos Alcántara

Marilia Inés Cunha de Oliveira

Francisco Díaz Pereira

María Isabel González Jardón (coordinadora)

Julio Hernández Borge

Ana Jesús López Díaz

María Cristina López Diéguez (secretaria)

Natividade López Gromaz

Raquel Martínez Buján

Gonzalo Méndez Martínez

Laura Otero Rúa

M^a del Pilar Pallín Justo

Arturo Parrado Puente

Alexandre Quiñoá Casteleiro

Antonio Rodríguez Miranda

Carmen Adela Sabio Sanz

Obdulia Taboadela Álvarez

Envellecemento:

Marta Amate López

Rosa Arcos Caamaño

José Francisco Armesto Pina (secretario)

Ana Luisa Bouza

Xosé Manuel Carril Vázquez

Francisco Cuba Couzo

Xosé Carlos de la Fuente Estévez

Alberto Fuentes Losada

Francisco Fumega Piñeiro

Fabiola García Martínez

José Francisco Méndez Castro (coordinador)

Andrés Núñez González

M^a Cristina Oliveira Otero

Antía Pérez Caramés

Dolores Riveiro

Marta Rodríguez Bispo

Alberto Saco Álvarez

Valentín Tato Sánchez

Medio Rural:

Fernando Acuña Rúa

José Álvarez Robledo

Rosa Arcos Caamaño

Raquel Arias Rodríguez

Ramón Barreiro Carnota (secretario)

Esther Blanco Araújo

Xosé Constenla

Luis Domínguez Castro (coordinador)

Francisco Fernández Castro

Roi Fernández Rodríguez

Edelmiro López Iglesias

Miguel A. Pérez Dubois

Mar Pérez Fra

Francisco Sineiro García

Alba Torreira Puga

Borja Vereja Fraiz

Xuventude:

Paula Castiñeiras Iglesias

Omar Cerveira Vázquez

Melchor Fernández

Alverte Fernández Silva

Heriberto García Porto

Ana Iglesias Galdo

María Cristina López Diéguez (secretaria)

Miguel Malvido Cabirto

Carolina Moldes Castiñeira

Francisco Muñoz González

Julio Prada Rodríguez

Mónica Rodríguez Ponte (coordinadora)

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

Sandra Vázquez Domínguez

Cecilia Vázquez Suárez

Colaboradores como expertos no Observatorio Galego de Dinamización Demográfica:

Luis Caramés Víeitez

Santiago Lago Peñás



I Cambio demográfico en Galicia e modernización socioeconómica. Achegas para unha diagnose da situación 13

- 1. Significación e consecuencias do cambio demográfico en Galicia..... 15
- 2. Dinámica da poboación e estrutura demográfica.....23

II Contribucións á análise do cambio poboacional en Galicia 51

- 1. O estudo do envellecemento da poboación na súa relación co proceso de modernización demográfica. Elementos de análise.....53
 - 1.1 Significado e alcance do proceso de envellecemento demográfico.....53
 - 1.2 Perfil das persoas maiores en Galicia58
 - 1.3 Envellecemento e cambio na estrutura de idades da poboación galega.....73
 - 1.4 Avances na duración da vida e feminización da vellez.....84
- 2. A xuventude: alcance e significación demográfica99
 - 2.1 O grupo de idade “xuventude”99
 - 2.2 Xuventude e cambio na estrutura de idades 101

2.3 Estudos, cualificación profesional e mercado laboral.....	106
Prolongación de estudos.....	106
Independencia económica e familiar.....	109
Xuventude e mercado de traballo	115
Xuventude e migración	129
2.4 Consideracións finais	130
3. O presente das migracións en Galicia	133
3.1 Galicia no contexto da mundialización das migracións.....	133
3.2 Análise da mobilidade da poboación en Galicia.....	138
Amplitude dos cambios residenciais internos	138
Mobilidade externa. Saldo migratorio.....	143
A emigración galega e a Galicia exterior	152
4. Familia e cambio demográfico en Galicia.....	163
4.1 Dinámicas demográficas e cambios nos fogares e nas familias.....	163
4.2 Dinámica dos fogares. Tipoloxía e tamaño. Composición.....	164
Fogares e persoas maiores.....	174
Fogares e persoas mozas.....	179
4.3 Apoio familiar entre xeracións. Coidado de menores. Dependencia.....	182
4.4 Consideracións finais	205
5. A dinámica da poboación rural. Tipoloxía demográfica dos espazos rurais	207
5.1. Cambio demográfico, despoboamento e mundo rural. A dinámica demográfica e socioeconómica do medio rural en Galicia	207
Forte declive e crecentes problemas demográficos das áreas rurais; estrutura e dinámica demográfica recente.....	208
Progresiva desagrarización do medio rural	214
5.2. Os factores que están na orixe das tendencias demográficas	216
Papel central da dinámica do emprego	216
Déficits estruturais do sector agrario e o complexo agroalimentario.....	217
Nivel do PIB e da renda dispoñible por habitante.....	218
Deficiencias no acceso aos servizos para a poboación e as empresas	219

5.3. Un medio rural cada vez máis heteroxéneo; tipoloxía dos espazos rurais	221
5.4. Presente e futuro demográfico do medio rural; algunhas cuestións centrais	223
Capacidade para responder ás demandas da sociedade	223
Papel da agricultura e outras actividades na estrutura económica das áreas rurais	224
Complementariedade e conflito entre distintas actividades e usos do solo; a problemática da ordenación do territorio	225
Estrutura do hábitat e localización das actividades económicas e os servizos; a organización territorial do medio rural.....	225
Necesidade de repensar a relación entre poboación rural e espazo rural e o equilibrio entre propietarios e usuarios das terras	226

III Contexto socioeconómico e de saúde.

Algunhas consideracións preliminares.....229

1. Crecemento, converxencia e benestar. Galicia 2000-2017	231
2. Economía e cambio demográfico. Notas para unha análise.....	253
2.1 Cara a unha valoración dos custos económicos do cambio demográfico. A nova “economía do envellecemento”	253
2.2 Unha achega ás relacións entre lonxevidade, fiscalidade, aforro privado e gasto público en Galicia.....	263
3. A “democratización” da supervivencia e os retos do envellecemento activo e saudable.....	269
3.1 O reto do envellecemento activo e saudable	270
3.2 A percepción na cidadanía do alcance e significado do cambio demográfico.	278

IV Anexos.....283

1. Informes	285
1.1. Cambio demográfico e consecuencias para a futura política de cohesión económica da UE. Comisión de Desenvolvemento Regional. Poñente: Kerstin Westphal.....	285
1.2. Despliegue de los instrumentos de la política de cohesión por parte de las regiones para afrontar el cambio demográfico. Comisión de Desenvolvemento Regional. Relator: Iratxe García Pérez.	312
1.3. Dictamen del Comité Europeo de las Regiones - La respuesta de la UE al reto demográfico. Relator: Juan Vicente Herrera.....	345

1.4. O indicador AROPE .	352
1.5. Documento de Conclusiones 2017. Grupo de trabajo de Despoblación y envejecimiento de la CALDE (Conferencia de Asambleas Legislativas Regionales Europeas)	357
1.6. Un gran desafío Europeo. La respuesta regional de la UE al futuro demográfico	368
1.7. VII Foro de Regiones con Desafíos Demográficos. Teruel	373
2. Fontes estatísticas	381
3. Referencias	385
3.1 Referencias bibliográficas	385
3.2 Outras referencias	385
4. Glosario de termos demográficos	393
5. Información complementaria	401

Índice de táboas, mapas e gráficos

Táboas	417
Mapas	420
Gráficos	421

2ª PARTE

Análise DAFO e CAME

Informe do traballo desenvolvido	435
Matrices DAFO e CAME	439



**Cambio demográfico en Galicia e
modernización socioeconómica.
Achegas para unha diagnose da situación**





Significación e consecuencias do cambio demográfico en Galicia

Galicia, ao igual que España, Europa e o conxunto do mundo desenvolvido, está a experimentar un cambio demográfico de proporción e alcance descoñecido en etapas anteriores da súa historia. Un proceso xeral de cambio e de modernización demográfica previsto dende as primeiras formulacións da Teoría da Transición Demográfica, que, no fundamental, non sería posto en cuestión nas sucesivas reelaboracións esixidas polo seu necesario, e constante, contraste empírico.

A transición demográfica describe o paso de poboacións¹ que teñen altas taxas de natalidade -necesarias para asegurar a reposición poboacional- e unha igualmente elevada taxa de mortalidade, producida a todas as idades –e, en especial, na etapa infantil e xuvenil-, a poboacións cunha natalidade reducida debido a que conseguen altas taxas de supervivencia desde a infancia e gozan de longas traxectorias de vida. Na última fase da transición demográfica ambas as variables vitais, mortalidade e natalidade, volven a “equilibrarse” en niveis moi inferiores².

A escala mundial, o inicio do “crecemento moderno da poboación” sitúase na segunda metade do século XVIII; durante o século XIX e primeira metade do XX o seu ascenso é constante, pasando despois a unha fase de forte aceleración que só empeza a moderarse no presente século XXI, sen que aínda se minore de maneira significativa o montante da poboación do planeta, como se representa no gráfico 1.

Obsérvase nesta perspectiva mundial que o grande aumento da poboación se produciu ao tempo que descendía o índice de fecundidade (número de nacementos por muller), o que levou consigo cambios tamén extremos³. Segundo a División de Poboación de Nacións Unidas, a taxa de fecundidade no mundo caeu de 5 nacementos por muller en 1950-55 a 2,5 entre 2010-15. Nesta perspectiva pódese afirmar que o mundo


1 Na súa *Introducción a la demografía*, M. Livi Bacci (1993:9) define a poboación como o “conxunto de individuos, constituído de forma estable, ligado por vínculos de reprodución e identificado por características territoriais, políticas, xurídicas, étnicas ou relixiosas”. A demografía estuda “aqueles procesos que determinan a formación, a conservación e a desaparición das poboacións”. Procesos que “na súa forma máis agregada son os de fecundidade, mortalidade e mobilidade”. A variedade de combinacións destes fenómenos “determina a velocidade das modificacións da poboación, tanto nas súas dimensións numéricas como na súa estrutura”.

2 Nos anos 50 do pasado século a Teoría da Transición Demográfica constituíuse como o principal paradigma en demografía. Na súa formulación clásica, o “equilibrio” poboacional e o “axuste” da poboación –a través do control da fecundidade- acadaríase tras a industrialización e a consecución da modernización. Frank W. Notestein (1945), un dos autores da formulación clásica da teoría da transición demográfica, vinculaba esta ao proceso de modernización, suposto de carácter universal e, polo tanto, de obrigado cumprimento para todos os países.

3 En 1900 superáronse os 1.000 millóns de persoas de forma lenta e accidentada, pero só no século XX chega aos 6.000 millóns. A esperanza de vida, inferior aos 30 anos (unicamente algún país achegouse aos 35 no século XIX), tiña alcanzado xa a finais do século XX os 70 anos no planeta e superado os 80 en países punteiros como Suecia, Xapón ou España. A fecundidade humana sufriu un forte devalo pasando duns sete nacementos por muller a menos de dous, con países onde non supera o 1,4. Igual de extremos foron os cambios en moitos outros comportamentos e características demográficas, como a mobilidade espacial e residencial, a pirámide de idades, as relacións conxugais e de xénero, as formas de fogar e de convivencia, aspectos todos eles que se abordan para Galicia no desenvolvemento deste informe de situación.

está a converxer de forma acelerada nun indicador, como o é a caída da fecundidade⁴; o que claramente nos sitúa diante do profundo cambio que se estivo producindo, e se está a producir, no sistema reprodutivo humano.

Gráfico I.1.1
Crecemento da poboación mundial



Da simple descrición do proceso de transición (gráfico I.1.2) pódese deducir que o paso dun réxime de mortalidade e natalidade elevadas a outro no que ambas as dúas variables son baixas implica directamente o envellecemento da poboación, o cal cómpre entender como o aumento da media de idade das persoas nunha poboación determinada⁵. O envellecemento revélasenos así como un proceso integrado plenamente na dinámica poboacional, malia a pouco afortunada escolla dun termo como “envellecemento”, de claras connotacións negativas ao sinalar unha etapa final, de decadencia biolóxica e vital⁶.

Converteuse nunha teima no ámbito da demografía advertir que a mesma denominación de envellecemento referida ás poboacións se presta a un grave equívoco, porque as poboacións non envellecen; quen envellece son as persoas. O termo propicia que se confundan as poboacións coas persoas e se apliquen etapas vitais –que se acompañan ademais dunha forte carga patolóxica- que corresponderían a estas, a aquelas. Nada autoriza a atribuír ás poboacións as mesmas etapas polas que transitan os individuos ao longo das súas vidas, pois as poboacións non están suxeitas a predeterminadas traxectorias vitais como nacer, crecer, madurar, envellecer e desaparecer. Decatémonos de que tampouco escapa o termo envellecemento aos estereotipos que viñeron afectando, como se se tratase ademais dun colectivo homoxéneo, á poboación lonxeva: dependencia, enfermidade, soidade, pobreza...


4 De aí que, xunto ao aumento da esperanza de vida, se perfile un horizonte de rápido envellecemento e un crecemento da poboación mundial próximo a cero.

5 De forma máis inmediata, adóitase medir tamén o envellecemento a partir da evolución da porcentaxe de persoas de 65 e máis anos.

6 Salienta M. Oris (2010: 35) que é nas décadas dos 50 e 60 cando se asenta un concepto negativo da idade avanzada e do envellecemento. A idade avanzada, insiste o investigador suízo, “asociábase sistemáticamente con enfermidades, senilidade, deterioración e morte. De feito, a morte converteuse nun tema tabú durante os trinta anos gloriosos do capitalismo (1945-1975), anos que estiveron marcados por un intenso espírito de xuventude e que propuxeron unha perspectiva vital da existencia. No caso do envellecemento, o aumento da poboación anciá considerábase un risco que daría lugar a unha sociedade conservadora e incapaz de innovar así como un risco para o estado do benestar e a súa economía, dados os elevados gastos en pensións e no sistema sanitario”.

A cabal comprensión dun proceso da envergadura da modernización demográfica esíxenos asumirmos que os fenómenos demográficos (en verbas de Cabré e Pérez, 1999) constitúen un sistema de gran coherencia interna e que é o interior do devandito sistema, non os fenómenos illados, o que constitúe o obxecto privilexiado de estudo da demografía. É frecuente, porén, que o tratamento do envellecemento demográfico aborde, en exclusiva, o que ten de seu de aumento da poboación de máis de 65 anos, obviando, entre outros efectos de non menor importancia, que, á vez, se incrementa a proporción das persoas que chegan á idade de producir. De non ser así, escasamente se entendería a importante representación que aínda atopamos hoxe⁷, da porcentaxe de persoas potencialmente activas, nas actuais pirámides de poboación nas sociedades desenvolvidas.

Gráfico I.1.2
Modelo teórico de transición demográfica



Fonte: adaptación a partir de Weeks (1990: 68).

A contemplación do proceso de transición (mesmo coas súas eivas teóricas)⁸ permite unha mellor achega á coherencia interna propia da dinámica poboacional. Decatémonos primeiro de que estamos a falar dun modelo formal de transición que debuxa, no seu longo decorrer máis que secular, experiencias ben distintas segundo a situación de partida das sociedades analizadas verbo, principalmente, da natalidade, da nupcialidade, da mortalidade e migracións, e do comportamento destas variables vitais ao longo do proceso. E, se ben a formulación do modelo de transición prioriza o papel da mortalidade e logo da fecundidade, as investigacións do sistema demográfico galego apuntaron, xa hai tempo, a relevancia da emigración e da nupcialidade nas etapas moi iniciais de arranque do proceso de transición e a súa continuidade no século XIX e, no caso da nupcialidade, ata mediados do século XX (Dopico, 1987; Rodríguez, 1993 e 1995; Rodrí-

7 Cando menos ata que cheguen á idade de xubilación as xeracións do baby boom (1958-1977).

8 A teoría da transición demográfica sufriu varias reelaboracións que, no fundamental, respondían ao dobre motivo de, primeiro, corrixir os incumprimentos da TTD no relativo a que a modernización precede ao descenso da fecundidade (o que claramente incumpría o caso de Francia) e en segundo lugar á necesidade de interpretar novas pautas de fecundidade e de control dos nacementos, observables tanto en países europeos máis retrasados no proceso de transición como en países en desenvolvemento (América Latina principalmente tras a Segunda Guerra Mundial). Para os países actualmente en vías de desenvolvemento é de interese o Boletín especial de Población de las NN.UU (2002) titulado "La terminación de la transición de la fecundidad".

guez e Losada 2006). Os efectos da emigración son máis perdurables no tempo e a súa pegada detéctase na actual estrutura de idades da poboación galega como deseguida imos ver.

Hoxe son ben coñecidas as fases da transición demográfica en España tanto no relativo á súa cronoloxía, como ás pautas territoriais que foi debuxando, e a marcada incidencia dos movementos migratorios á hora de explicar as distintas dinámicas territoriais. É de salientar a lentitude do proceso no conxunto español, que sería máis acentuada no caso de Galicia, tendencia xeral que se mantén desde o seu vagaroso inicio a finais do século XVIII ata ben avanzado o século XX; entrando a partir de 1975 nunha fase de forte aceleración⁹.

As primeiras formulacións da Teoría da Transición Demográfica, se ben contemplaban o “axuste poboacional” na súa fase final, non mostraron capacidade explicativa á hora de interpretar os profundos cambios que se viñan producindo desde o último cuarto do século XX. O feito de fundamentarse a teoría en análises transversais¹⁰ e prescindir da análise lonxitudinal (por xeracións ou por cohortes, máis propia da análise demográfica), agochaba moita da capacidade explicativa do comportamento das variables observadas.

Un intento de interpretación alternativa ofreceríao a Segunda Transición Demográfica, termo acuñado por D. van de Kaa e R. Lesthaeghe (1986). A súa formulación tenta dar explicación a un conxunto moito máis amplo de cambios, que xa non se centran na fecundidade senón que se amplían á “conxugalidade”, ás formas de fogar e aos roles de xénero. A observación céntrase así nos comportamentos conxugais e familiares, e inclúe as novas actitudes ante a sexualidade, a crecente igualdade de roles na parella, o aumento das separacións, a cohabitación e a fecundidade extramatrimonial, o atraso dos calendario nupcial e fecundo¹¹, así como o progresivo cambio no mapa das estruturas familiares, cada vez máis diversas, con presenza crecente dos fogares unipersonais, dos monoparentais ou das parellas sen descendencia. No marco teórico da Segunda Transición Demográfica, case á par da fecundidade e dos cambios asociados, outórgaselle especial significación ás migracións.

Segundo estas premisas, Galicia, como veremos, está a vivir de cheo a súa Segunda Transición Demográfica, e o mesmo teríamos que dicir verbo do conxunto de España. Cómpre salientar que esta serie de transformacións, ligadas a importantes cambios sociais, económicos e de valores, entrañan unha crecente diversificación e complexidade nas traxectorias de vida individuais e familiares. Aspectos nos que inciden, con especial énfase, os preconizadores da Teoría da Revolución Reprodutiva (Macinnes e Pérez, 2008), quen teiman con que a clave da modernización demográfica reside no salto cualitativo na eficiencia da reprodución, cuxo desencadeamento atopan na extensión e xeneralización de descendencias cada vez mellor dotadas, co consecuente aumento da súa supervivencia e, por tanto, nun menor requirimento para a fecundidade na seguinte xeración¹².

No estudo da eficiencia demográfica, como xa avanzaron algunhas investigacións sobre Galicia¹³, adquire especial relevancia a inclusión de todos aqueles aspectos relacionados cos mecanismos de “mellora reprodutiva” e co seu papel na modernización social e demográfica (roles de xénero, estruturas familiares, seguridade ante a morte, aumento do capital humano, produtividade do traballo, relacións interxeracionais, etc.).

9 En 1975 o índice de fecundidade en España (2,77) era un dos máis altos de Europa. Tamén as taxas de mortalidade eran daquela elevadas en comparación cos países máis desenvolvidos da contorna europea. Así e todo, no ano 1998 o índice de fecundidade (1,13) sitúa a España na dianteira dos países co índice de fecundidade máis baixos do mundo. Como veremos, a traxectoria que describe a fecundidade e mortalidade en Galicia mostra algunhas diferencias significativas con respecto ao sinalado para o conxunto de España; en 1975 o índice de fecundidade é algo menor a 2,4 e tamén a mortalidade, medida en taxas brutas, era algo máis benigna en Galicia. No ano 1998 o seu índice de fecundidade sitúase por debaixo de 1, mentres que a esperanza de vida, para ambos sexos e nese mesmo ano, era de 78,9 anos tanto en Galicia como no conxunto de España.

10 A teoría da transición demográfica emprega como indicadores básicos as taxas brutas de natalidade e de mortalidade do mesmo ano, comparadas ao longo de series históricas.

11 Enténdese por calendario a distribución por idade do fenómeno en estudo durante o ciclo de vida. Un índice sintético de calendario sería, por exemplo, a idade media na que ocorre o suceso ou fenómeno considerado (Livi-Bacci, 1993:75)

12 A eficiencia reprodutiva, afirman os autores citados, “desencadeou un círculo virtuoso interxeracional, con melloras amplificadas nas sucesivas cohortes ata niveis sen precedentes, poboacións que nunca creceron tan rapidamente, e fecundidades minguantes ata mínimos igualmente nunca vistos”.

13 F. Dopico (2011) non dubida en cualificar o modelo demográfico galego como “altamente eficiente”.

En ambas as dúas perspectivas anteriores de análise salientábase, ademais dos factores económicos ou do crecente nivel educativo feminino, outros que se sitúan no campo cultural e que están a subverter normas e crenzas ata hai ben pouco de grande arraigo no corpo social. Mudanzas nas formas de vida que se vinculan cos cambios na prosperidade e seguridade persoal proporcionadas polo proceso de modernización social e económica e o desenvolvemento dos estados do benestar.

Cómpre observar que a Teoría da Segunda Transición Demográfica identifica a fecundidade como motor principal dos cambios, da mesma maneira que o fora o descenso da mortalidade para quen formularan a Primeira Transición Demográfica; cambios nos que atopan explicación tanto o envellecemento demográfico como a relevancia dun saldo neto migratorio positivo, pero tamén a evolución das formas de fogar ou as dinámicas territoriais.

No relativo a estas últimas, e no caso concreto de Galicia (que, claro está, vive os efectos da configuración a nivel español dun modelo territorial de concentración da inversión e do emprego e, xa que logo, da poboación), a rápida transición dunha economía agraria de base orgánica a outra industrial e de servizos¹⁴ levou consigo a adopción dun modelo urbano e metropolitano, co que implica de marxinación rural e, en moitos casos, das pequenas vilas (Rodríguez González, 1997; Aldrey, 2006; Precado et al., 2008). Un modelo territorial que alimentou en Galicia, esencialmente desde 1960, as grandes migracións a zonas como Madrid, Cataluña ou o País Vasco e que tamén afectou, en tempos algo máis recentes, a mobilidade no interior da propia Galicia, que coexistía cun fluxo migratorio exterior.

A perspectiva territorial adquire ademais unha especial relevancia na análise do cambio demográfico, así, no estudo do envellecemento convén facer a distinción entre o envellecemento “natural” (influído pola natalidade e a mortalidade) e o “migratorio”, na medida na que responden a causas diferentes e tipos e escalas de poboación tamén diferentes. A distinción conceptual non significa que ambos os dous elementos non contribúan ao envellecemento dunha mesma poboación, como ben proba o que está a ocorrer nunha boa medida na Galicia rural.

As consideracións ata aquí apenas esbozadas buscarían facilitar o acercamento á comprensión da significación do cambio demográfico en Galicia e a poder calibrarmos en que medida as súas dinámicas demográficas se incardinan en modelos máis xerais de modernización, que non se contradín cos elementos que singularizan a súa traxectoria e que, ás veces, chegan a afondar as súas raíces en momentos moi anteriores, de vixencia de distintos sistemas demográficos, tendo outros un carácter moito máis recente. E aquí cómpre salientar de novo a pegada dos cambios socioeconómicos e demográficos no mapa da distribución territorial.

Se falamos de consecuencias do cambio demográfico, temos que avanzar que a modernización demográfica se presenta igualmente en Galicia como resultado de varios éxitos na lonxevidade e eficiencia reprodutiva, e que, así mesmo, leva consigo consecuencias de distinto signo. Non sorprende, avancémolo xa agora, que un dos tres retos fixados na RIS3 de Galicia¹⁵ se centre “nun novo modelo de vida saudable cimentada no envellecemento activo da poboación”. Decatémonos de que a RIS3 (Estratexia de especialización intelixente), como se recolle textualmente no documento da UE, “centra os esforzos de desenvolvemento económico e os investimentos nos puntos fortes relativos de cada rexión, para aproveitar as súas oportunidades económicas e tendencias emerxentes, e tomar medidas para impulsar o seu crecemento económico”.

14 Interesa salientar aquí os distintos requirimentos en man de obra agraria dun e doutro modelo para situar a forte redución de poboación activa agraria que se inicia nos anos 50 do pasado século e que se intensificaría nas últimas décadas, cun ritmo superior á media española e europea.

15 A través da Estratexia Europa 2020, que busca un crecemento intelixente, sustentable e integrador, a UE estableceu unha serie de ambiciosos obxectivos. Nesta liña a Comisión Europea solicitou aos gobernos (no caso de España, goberno central e gobernos autonómicos) a preparación de Estratexias de Especialización Intelixente (RIS3) que permitan unha maior eficacia dos Fondos estruturais.

Estase a vivir unha situación nova que entraña a fin do crecemento vexetativo (que en Galicia se produce con anterioridade) e cambios en profundidade na estrutura de idades, con implicacións que afectan o conxunto da sociedade. Enfrontar o reto da xestión do cambio demográfico precisa dunha visión sistémica¹⁶, como podemos inferir dos supostos recollidos na Segunda Transición Demográfica e se insta na Teoría da Revolución Reprodutiva. Son modelos demográficos que queren entender e explicar os cambios dos tempos actuais e que, polo tanto, esixen ir máis alá da mera descrición¹⁷, nun momento dado, do comportamento das variables vitais, e penetrar así no que constitúe o obxectivo central da análise demográfica, a explicación dun sistema demográfico que se mantén e evoluciona no tempo, que se autorreproduce, e que esixe non limitar o sistema reprodutivo humano a unha mera cuestión de nacementos subordinando, cando non excluindo, un compoñente fundamental como o tempo de vida.

Nas súas arelas sistémicas, os modelos demográficos gardan estreita relación co pensamento científico actual, aval dun coñecemento en rede, onde a análise dinámica das relacións é moito máis importante que o estudo individualizado dos distintos elementos, cuxas verdadeiras propiedades só poden desvelarse a través da súa función no conxunto do sistema.

A análise do cambio demográfico na sociedade galega tamén se resiste a ser descomposta en compoñentes illados, como, por outra parte, xa revelara unha certa tradición de estudos da articulación do seu sistema demográfico no século XVIII, coas súas alteracións e permanencias ata tempos ben recentes. Interpretar a súa complexidade actual precisa claramente dunha perspectiva sistémica, e así se demanda tamén no mesmo decreto de creación do Observatorio de Dinamización Demográfica, cando se di textualmente: “A xestión desta situación obriga a adoptar unha visión sistémica e a abordar os distintos desafíos dun modo transversal e interdisciplinar, aspectos que se presentan como un dos retos e tarefas fundamentais de cara ao futuro non só da Xunta de Galicia e do resto de administracións públicas galegas, que deberán incorporar os factores poboacionais no deseño e desenvolvemento das políticas públicas, senón tamén dos axentes sociais e económicos que operan no territorio”.

Un informe da natureza do desenvolvido nestas páxinas, e que, como se recolle no seu mesmo título -en consonancia coa demanda por parte do Observatorio de Dinamización Demográfica dunha diagnose da dinámica poboacional en Galicia-, adopta unha perspectiva demográfica, inclúe necesariamente diversas series de índices, táboas e mapas que reflicten as vicisitudes históricas e a situación actual da poboación. Un presente que é o resultado de multitude de factores xeográficos, socioeconómicos e culturais, e, ao tempo, un condicionante do comportamento futuro destes mesmos factores.

Coidamos que, pese a abundancia de seu de datos numéricos, unha presentación da dinámica demográfica non debe esquecer que tratamos de persoas concretas, dotadas dunha conciencia singular, que coexisten nun espazo territorial concreto, adoptan uns marcos organizativos e unhas estruturas sociais comúns e comparten aspectos fundamentais na súa visión da realidade.

As cifras estatísticas son datos obxectivos, indiscutibles cando a calidade da fonte é excelente. Mais a forma na que se definen os indicadores e a análise destes é susceptible de múltiples interpretacións. Cando se pretende elaborar un informe que ofrezca un marco axeitado para a posterior discusión e elaboración de políticas que dean resposta aos retos da situación actual, contribuíndo así á mellora da gobernanza, debemos, así mesmo, cuestionar os tópicos e as rutinas académicas ou sociais.

16 Inherente de seu á análise demográfica. Dende esta disciplina téimase na necesaria “interdiscipliniedade da investigación cando se despraza da fase da enumeración e medida dos fenómenos á fase da investigación das causas. Nesta fase non existen máis límites –de especialización, de materias ou outros- que aqueles concernentes á intelixencia de quen investiga e, naturalmente, á súa capacidade de indución e de síntese” (Livi-Bacci, 1993:14).

17 Advirte M.Livi-Bacci (1993:12) que o estudo dos procesos demográficos “representa un camiño difícil e ben cheo de trampas e obstáculos”.

2

Dinámica da poboación e estrutura demográfica

Considérase que unha poboación é un conxunto de individuos que se renova por efecto, fundamentalmente, da fecundidade e da mortalidade. A demografía, no pleno sentido da palabra -estudo das poboacións humanas-, ocúpase dos métodos de análise dos principais fenómenos que determinan a formación, conservación e desaparición das poboacións. Fenómenos demográficos (mortalidade, fecundidade, nupcialidade, mobilidades) que, ao combinárense de distintos modos e con distinta intensidade, determinan a variación do volume e da estrutura dunha poboación. Para G. Tapinos (1988) a demografía precisa dun equilibrio entre o procedemento estatístico e o procedemento explicativo¹; na mesma liña exprésase M. Livi Bacci (1993:362), para quen “a demografía é, na medida do posible, unha ciencia humana exacta que debe non só prepararse para a medición dos fenómenos demográficos, senón tamén para precisar a relación funcional entre eles”².

Se efectivamente partimos de que o problema da evolución dunha poboación equivale ao da reprodución das xeracións que a compoñen en cada momento, énos preciso facer referencia en primeiro lugar ao concepto de reemprazo xeracional. “O concepto de substitución das xeracións popularizouse ata cristalizar hoxe nunha frecuente referencia ao valor da fecundidade que o garante, o valor mítico de 2,1 fillos/as por muller, que se pode atopar ata na prensa cotiá”, afirma J.A. Fernández Cordón (1995), e engade: “O uso deste concepto aplicado á fecundidade dun ano, unha medida transversal, é inapropiado aínda que está, desgraciadamente, moi estendido. Pero mesmo aplicado, como se debe, á fecundidade das xeracións, o concepto de substitución non é tan sinxelo como parece”³. A precisión contida na cita que se recolle esixiríanos repensarnos a idoneidade do valor de 2,1 fillos/fillas por muller no estudo da fecundidade, que necesariamente debería ser abordado para Galicia nun documento doutras características.

O estudo da dinámica das poboacións humanas, obxecto principal da análise demográfica, permitiu establecer relacións entre as entradas e as saídas (nacementos e defuncións) e o volume e a estrutura da poboación nun momento dado, como sinalabamos. Unha perspectiva de análise que, obviamente, preside todo estudo da dinámica da poboación. Non sendo pois posible, insistimos outra vez, a interpretación illada de cada un dos seus compoñentes.

1 “Dunha banda, a comprensión dos fenómenos demográficos presupón o dominio dos conceptos e dos métodos, o que implica unha presentación rigorosa dos instrumentos de análise ilustrada con exemplos de cálculo; doutra, convén situar os fenómenos demográficos nunha perspectiva máis ampla, tomando en consideración os factores determinantes e as consecuencias – biolóxicas, sociais e económicas- dos fenómenos, sen pretender, con todo, facer unha exposición sistemática que remite a outras disciplinas” (Tapinos, 1988:24. Cita en castelán no libro)

2 En castelán no libro de referencia.

3 Desenvolve amplamente o tema na súa Comunicación ao IV Congreso de la Asociación de Demografía Histórica, celebrado en Bilbao en setembro de 1995.

Con respecto á dinámica da poboación en Galicia cómpre salientar que a cualificación da súa situación demográfica como “sensible en termos de futuro” (Dopico e Losada, 1996; Losada, 2000, 2003; Rodríguez et al., 2010) ten incrementado a súa xustificación á vista da evolución dos diversos indicadores demográficos implicados, como veremos neste capítulo en particular. O descenso da natalidade, o incremento da esperanza de vida e a retroalimentación das entalladuras na pirámide de idades causadas pola emigración, resultan nunha estrutura demográfica avellentada e con problemas, a día de hoxe, de renovación xeracional. Calquera solución pasa primeiramente polo coñecemento da dinámica demográfica expresada a través dos seus indicadores estatísticos.

A esta complexa situación demográfica, reflectida na estrutura de idades e indicadores de dinámica, engádesse a problemática derivada dunha cada vez máis desigual repartición da poboación, que tende a concentrarse nas provincias occidentais e preferentemente nos concellos litorais e nas maiores áreas urbanas, e un simultáneo despoboamento dos concellos interiores e non urbanos.

Á vez, a análise comparada con outros ámbitos territoriais, especialmente co conxunto español, mostra que a inserción de Galicia nese contexto, así como o de España na Europa Occidental, non impide a detección de características evolutivas diferenciadas que singularizan a demografía galega.

Crecedemento da poboación


O gráfico 2 do precedente capítulo I.1 reproduce o recorrido que debuxa o descenso da taxas brutas de mortalidade e natalidade durante o proceso de transición (que nos países avanzados cubriría un traxecto que vai de finais do século XVIII ata os tempos presentes). No seu período intermedio, o devalo da mortalidade antecede ao da natalidade, do que resulta un “aceleramento” dos ritmos de crecedemento da poboación. A explicación dun proceso de tal magnitude (que se identifica co inicio do “crecedemento moderno da poboación”) gardaría relación co grao de desenvolvemento económico de cada país, como aseveraría (coa excepción de Francia, onde o descenso da fecundidade antecede ao da mortalidade) o observado nos países europeos que lideraron o proceso de industrialización e que serían os primeiros tamén en experimentar a transición. Na Europa do Sur, e nomeadamente en España, o ritmo de descenso dunha e doutra variable non se correspondería de maneira mecánica con cadanseu proceso de industrialización e modernización, como un xa ben nutrido grupo de investigacións en demografía histórica foi revelando.

Se no citado gráfico I.1.2 o descenso da mortalidade precede claramente ao da natalidade, na representación do comportamento destas variables no caso de España (gráfico I.2.1) obsérvase un descenso relativamente simultáneo e paralelo de ambas taxas⁴, o que loxicamente non dá lugar a un crecedemento explosivo, senón que sería máis pausado e prolongado no tempo, non podéndose falar propiamente, ata avanzado o século XX, dun crecedemento moderno da poboación en España (Arango, 1988).

4 Hai que facer excepción das puntas que debuxa a mortalidade de 1918, debidas ao andazo de gripe, e de finais dos anos trinta e comezos dos 40, debidas a guerra civil e a inmediata posguerra.

Gráfico I.2.1

Evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade en España 1860-2016




Fonte: INE

Mesmamente, é a presenza dunha fecundidade aínda elevada (que se viu favorecida por unha maior nupcialidade e o descenso da emigración) e o retraso no descenso da mortalidade o que explica que a representación da poboación siga a debuxar en 1970, e aínda se prolongue no ano 1981, tanto no que respecta ao conxunto de España como no caso particular de Galicia, unha pirámide de ampla base, se ben máis acentuada na pirámide española que na galega; á súa vez esta amplíase no grupo de idade de 70 e máis, reflectindo o efecto da feminización da vellez na parte superior dereita da pirámide.


Gráfico I.2.2

Pirámide de poboación de España, ano 1970



Fonte: INE Base. Estatística do padrón continuo.

Gráfico I.2.3.
Pirámide de poboación de Galicia, ano 1970



Fonte: INE Base. Estatística do padrón continuo

Obsérvase, así mesmo, con carácter xeral⁵, que, co inicio do declive da fecundidade, o ritmo de crecemento poboacional se reduce ata acadar a poboación unha nova fase de “equilibrio” na última etapa transicional.


Lembremos que o crecemento natural da poboación é resultado da combinación dos procesos que derivan da natureza biolóxica dos humanos, como son os nacementos, defuncións, fecundidade ou a contracción e disolución dos matrimonios. En efecto, sabemos que todos eles teñen interdependencias de causa-efecto polo que é preciso consideralos como procesos sociais e atender as interaccións mutuas.

Este movemento natural da poboación, definido como a diferenza entre nacementos e defuncións, constitúe o elemento central, xunto cos movementos migratorios, para definir o potencial de crecemento ou diminución dunha poboación.

A evolución do número de nacementos en Galicia no período 1975-2016 (véxase gráfico I.2. 4), reflicte como nas dúas últimas décadas o lixeiro repunte que se produciu entre 2000 e 2008 tornouse novamente en descenso coincidindo coa crise económica, o reforzamento da emigración e a redución da inmigración.

5 Pode observarse no gráfico 2 do capítulo I.1

Gráfico I.2.4
Evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade en Galicia 1975-2016



Fonte INE

Na Táboa I.2.1, pódese observar como o dinamismo demográfico de Galicia en termos de movemento natural é claramente negativo, con importantes saldos negativos en todas as provincias.

Táboa I.2.1.
Movemento natural da poboación. Galicia e provincias. 2008 e 2016

		Nacementos	Defuncións	Saldo
2007	A Coruña	9.773	11.521	-1.748
	Lugo	2.197	4.787	-2.590
	Ourense	2.135	4.615	-2.480
	Pontevedra	8.957	8.365	592
	Galicia	23.062	29.288	-6.226
2016	A Coruña	8.339	12.575	-4.236
	Lugo	2.101	5.194	-3.093
	Ourense	1.781	4.666	-2.885
	Pontevedra	6.841	9.322	-2.481
	Galicia	19.062	31.757	-12.695

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE).

Evidentemente, estes saldos negativos deben ser ponderados en razón dos efectivos de referencia. Na seguinte táboa (Táboa I.2.2) reflíctense os mesmos datos de crecemento vexetativo como taxas en tantos por mil, de xeito que o crecemento negativo do -2,9 por mil en 2007 pasou ao -4,67 por mil en 2016.

Táboa I.2.2.

Movemento natural da poboación, 2007 e 2016.

Taxas brutas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo (tantos por mil). Galicia e provincias.

		T.B.N.	T.B.M.	C.V.
2007	A Coruña	8,02	10,54	-2,52
	Lugo	6,18	13,9	-7,72
	Ourense	6,22	14,3	-8,08
	Pontevedra	9,04	9,21	-0,17
	Galicia	7,36	11,99	-4,63
2016	A Coruña	7,43	11,2	-3,77
	Lugo	6,27	15,51	-9,24
	Ourense	5,69	14,9	-9,21
	Pontevedra	7,25	9,87	-2,62
	Galicia	6,66	12,87	-6,21

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE).

Se prestamos atención de novo ao anterior gráfico 2 do capítulo I.1 observamos, no relativo ao crecemento vexetativo ou crecemento natural, que este se inverte na última fase transicional. Hai, como acabamos de ver no caso de Galicia, no mesmo ano de observación para as dúas taxas brutas, menos nacementos e as defuncións, se ben producidas a idades cada vez máis tardías, empezan a superar a aqueles. O decrecemento da poboación, a fin do crecemento vexetativo, aparece así como un fenómeno irreversible e totalmente integrado na dinámica poboacional. Agora ben, a variación numérica dunha poboación explícase así mesmo polas migracións, xa entrañen estas saídas ou entradas de efectivos. Na combinación de fecundidade, mortalidade e mobilidade, a responsabilidade de cada variable na modulación do crecemento ou decrecemento da poboación será distinta en función das pautas demográficas de cada territorio. No conxunto español, a evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade (gráfico I.2.1) mostran que España está comezando a vivir desde o ano 2014 a fin do crecemento vexetativo; mentres que en Galicia, como vimos antes (gráfico I.2.4), o crecemento natural (ou vexetativo) se detivo nun xa afastado 1987, sen que se reactivase con posterioridade.


Se da observación do crecemento vexetativo, moi influenciado así mesmo pola estrutura de idades da poboación, pasamos á análise do crecemento real, atopámonos en Galicia co aparente paradoxo de asistirmos a unha notable estabilidade da poboación global ata tempos ben recentes. A 1 de xaneiro de 2017 contaba con 2.708.339 habitantes, o que a sitúa en España como a quinta comunidade autónoma por número de habitantes. Alcanzaba en 1991 os 2.732.000 habitantes, case os mesmos que no 2001.

O número de persoas residentes en Galicia a principios de 2006 elevábase a 2.767.524, para incrementarse ata 2.772.533 en 2007, significando un incremento de 5.009 persoas entre estas últimas dúas datas. As cifras de 2006 representan un incremento de 7.345 con respecto a principios de 2005, ano no que se limitaba a 2.760.179, á súa vez 9.194 máis que a comezos de 2004.

Para os efectos comparativos, sinalemos que a poboación española aumentou entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 1 de xaneiro de 2007 un 13,4%, mentres que a poboación de Galicia o fixo só nun 1,8%. Os datos de 2017 fálannos xa dun descenso, se ben aínda non pronunciado, con respecto a 2007.

A evolución da poboación galega pode observarse no seguinte gráfico.

Gráfico I.2.5.
Evolución da poboación en Galicia. 1900-2017



A modo de resumo do que levamos exposto, a táboa I.2.3 salientanos que o crecemento dos efectivos da poboación galega é menor que o crecemento medio da poboación española nun período longo de tempo.

Táboa I.2.3.
Crecemento acumulado anual da poboación (%). Galicia e España.

	Galicia	España		Galicia	España		Galicia	España
1860-1877	0,21	0,47	1920-1930	0,49	1,02	1970-1981	0,58	0,97
1877-1887	0,25	0,55	1930-1940	1,13	0,95	1981-1991	-0,12	0,44
1887-1900	0,34	0,45	1940-1950	0,43	0,78	1991-2001	0,005	0,56
1900-1910	0,41	0,71	1950-1960	-0,01	0,84	2001-2011	0,23	1,39
1910-1920	0,29	0,68	1960-1970	-0,07	1,05	2011-2017	-0,45	-0,19

Fonte: Rodríguez Galdo et al. (2010), e elaboración propia a partir dos censos e padróns correspondentes.

A perda de efectivos da poboación galega nas últimas décadas, como vimos en páxinas precedentes, leva á taxa de crecemento acumulado anual a uns valores cada vez menores, distanciándose progresivamente da taxa española. Así, a taxa de Galicia, que para o período 1860-2007 era dun ritmo medio do 0,32 por cento, pasou ao 0,26 por cento no período 1860-2017, mentres que en España a redución foi do 0,71 por cento ao 0,70 por cento.

Hai só dez anos, a traxectoria que debuxaba o crecemento da poboación non impedía que Galicia se percibise como un territorio intensamente habitado, cunha densidade de poboación daquela (94,1 habitantes por km²) equiparable a moitas zonas europeas altamente desenvolvidas, e que aínda superaba a media española (91,22 habitantes por km² en 2008). Sen embargo, en 2017 a densidade de poboación en Galicia caera a 91,58 hab/km² e xa non superaba a densidade española que, pola contra, aumentara a 92,04 hab/km².

As variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno migratorio e de inmigración non son capaces de compensar os balances negativos do crecemento vexetativo, así como que recobra importancia a emigración. No período intercensal 2001-2011, mentres a poboación galega aumentou un 2,86 por cento, a española fíxoo un 14,61 por cento. Pola contra, nos seis anos do intervalo 2011-2017 a poboación galega tivo un descenso conxunto do 3,12 por cento, mentres a poboación española limitaba o seu decrecemento ao 1,31 por cento.

É de sumo interese observar que, por outra parte, tanto a estrutura demográfica de Galicia como o comportamento das variables permanece aínda afectado polos intensos procesos migratorios que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e, en cadea, mudaron todas as variables. Hai que lembrar que só entre 1951 e 1970 o saldo migratorio evidencia a perda de 466000 habitantes (Campillo et al., 1993).

Para entender esta situación cómpre analizar a variación da fecundidade, que en Galicia diminuíu sensiblemente, como en todas as sociedades avanzadas nos últimos sesenta anos, pero máis aceleradamente que en España.

O descenso da fecundidade

Sábese que os comportamentos demográficos estiveron ben definidos polo marcado descenso da fecundidade dos últimos anos, aínda considerando o seu lixeiro repunte entre o 1999 e o 2008. Este proceso, que alcanza en Galicia niveis máis acusados de descenso que no conxunto español, é observable xa desde a década de 1970 e, sumado á emigración de mulleres en idade fértil nas décadas anteriores (décadas 1950-1970), explica o forte avellentamento da poboación en Galicia.

O descenso da fecundidade neses anos haino que achacar, non tanto á precocidade na adopción de prácticas anticonceptivas (en ningún caso se pode falar de “adianto modernizador”), senón máis ben á vixencia dun réxime de nupcialidade restrinxida e aos efectos de distorsión da emigración sobre o denominado pola demografía “mercado matrimonial”, que provocaban a existencia de menores efectivos, en termos relativos, de mulleres casadas en idade fértil⁶. Sumado ao anterior e en estreita relación, o número de mulleres que permanecían solteiras toda a súa vida era máis elevado en Galicia que no resto de España. Recordemos que aínda en 1975 o 15,5 por cento das mulleres galegas non contraían matrimonio, fronte ao 10,9 por cento das súas coetáneas españolas.

Galicia participa, con algúns matices, da pauta de evolución da fecundidade que caracteriza os países do sur de Europa, que mantiveran unha natalidade poderosa, en termos comparativos, ata a década dos setenta, entrando de seguido nunha fase de abrupto descenso que situou as súas taxas de fecundidade nos niveis máis baixos dos países industrializados do mundo, onde seguen hoxe. De todos estes países, afirma-se que están a experimentar “a síndrome de fecundidade moi baixa”, expresión que sería de máis certa aplicación a España, e aínda en maior medida a Galicia. Tanto a velocidade da caída como o baixo nivel acadado son características específicas do caso español dentro do panorama máis amplo dos países desenvolvidos. Pero Galicia sorprende, se cabe, pola persistencia e a gravidade do descenso da fecundidade, ata niveis insólitos a escala mundial.

A fecundidade galega foi baixa en relación coa española desde os inicios da transición demográfica e, ao experimentar un cativo baby-boom, entra na fase depresiva da fecundidade das últimas tres décadas con

⁶ Fálase de “mulleres casadas” porque é no interior do matrimonio onde se alcanzan os maiores niveis de fecundidade no réxime demográfico vixente en Galicia ata mediados da pasada centuria.

valores particularmente reducidos: 2,26 fillos por muller en 1970 fronte aos 2,86 da media española. Desde finais da década dos setenta do século pasado prodúcese unha mingua continuada no tamaño das xeracións: dos 45.000 nacementos á altura de 1976 aos 18.000 de finais dos noventa e aos pouco máis de 20.000 a partir de 2004, nun descenso persistente, aínda que a pendente da curva se suaviza a partir de 1986 e nos últimos anos parece que tiñamos alcanzado unha zona de suave ascenso, xa interrompida. Esta pauta é compartida por algunhas comunidades autónomas, como Asturias, Cantabria, Castilla y León ou o País Vasco. En xeral, a España do Norte presenta valores por baixo da España do Sur ou a insular.

A caída nos nacementos depende de modificacións no comportamento reprodutivo das mulleres, polo que afecta, pois, ás taxas de fecundidade. O índice de fecundidade cae de xeito paralelo ao número de nacementos.

Desde o momento no que a fecundidade cae redúcense os nacementos nos primeiros grupos de idade (ata os 24 anos) e aumenta a proporción de nais de entre 25 e 35 anos e inclusive máis alá. Nas últimas décadas incrementábase o número de nacementos de nais de máis de 40 anos. A idade media á maternidade experimenta unha progresiva variación á alza, pasando de 27,7 anos en 1989 a 31,46 anos en 2008 e 32,57 no 2016.

Convén salientar o efecto combinado do atraso na fecundidade e na emancipación da xente nova. Cunha paternidade media aos 28 anos e unha maternidade aos 26, e unha emancipación aos 25, os pais quedan libres de cargas aos 53 anos e aos 51 as nais. Pero un atraso de 4 anos na paternidade e maternidade e de cinco no momento da emancipación, condúcenos ata os 62 anos para os homes e 60 para as mulleres. É posible a coincidencia da xubilación coa presenza aínda de fillos e fillas dependentes, o que dificulta enormemente a acumulación de activos xeradores de renda, grazas a un alto aforro, realizado con anterioridade á xubilación.

Na Táboa I.2.4 pódese ver como o número medio de fillos/as por muller se foi reducindo en Galicia desde valores semellantes aos de España, como os 2,27 de 1970, aos 1,12 de 2016, pasando por valores como os dos anos 1995 a 2002, nos que non se alcanzaba nin a metade da considerada, coas excepcións sinaladas anteriormente, taxa de reemprazo xeracional.

Táboa I.2.4.

Número medio de fillos/as por muller (indicador conxuntural de fecundidade*). Galicia e España.

	Galicia	España		Galicia	España		Galicia	España
1970	2,27	2,28	1989	1,22	1,4	2004	1	1,32
1975	2,33	2,77	1990	1,17	1,36	2005	1,02	1,33
1976	2,38	2,77	1991	1,14	1,33	2006	1,04	1,36
1977	2,32	2,65	1992	1,11	1,31	2007	1,06	1,38
1978	2,32	2,54	1993	1,08	1,26	2008	1,13	1,44
1979	2,17	2,37	1994	1	1,19	2009	1,1	1,38
1980	2,06	2,21	1995	0,94	1,16	2010	1,09	1,37
1981	1,91	2,04	1996	0,93	1,14	2011	1,08	1,34
1982	1,79	1,94	1997	0,93	1,15	2012	1,08	1,32
1983	1,67	1,8	1998	0,92	1,13	2013	1,04	1,27
1984	1,59	1,72	1999	0,93	1,16	2014	1,07	1,32
1985	1,48	1,64	2000	0,96	1,21	2015	1,1	1,33
1986	1,36	1,55	2001	0,95	1,24	2016	1,12	1,34
1987	1,34	1,49	2002	0,95	1,25			
1988	1,27	1,45	2003	1	1,3			


Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE).

(*) Defínese como o número medio de fillos/as que tería unha muller pertencente a un determinado ámbito ao longo da súa vida fértil en caso de manterse a mesma intensidade fecunda por idade que a observada no ano t nese ámbito.

O lixeiro repunte da natalidade e do indicador conxuntural da fecundidade con posterioridade a 2002 parece ter a súa explicación tanto na inmigración como no retorno de idades máis novas. En calquera caso, a contribución á natalidade por parte das persoas inmigrantes, evidente en moitas comunidades autónomas (véxase gráfico I.2.6), resulta menor no caso de Galicia, tanto por ser unha das comunidades coas taxas de natalidade de inmigrantes máis baixas de España como pola menor importancia dos efectivos inmigrantes.

Gráfico I.2.6.


Taxas de natalidade por nacionalidade e ámbito territorial de residencia, 2016.



Fonte: INE.


Así, como se pode ver nos gráficos I.2.7 e I.2.8, o indicador conxuntural de fecundidade mostra como a poboación de nacionalidade estranxeira só supera á de nacionalidade española en 0,2 ou 0,3 fillas/os por muller en idade fértil, e os baixos efectivos de poboación estranxeira en Galicia fan que a súa curva de evolución non se despegue da curva de nacionalidade española. Quedaría por analizar o comportamento da fecundidade da poboación nacionalizada española nos últimos anos para coñecer se o comportamento da súa fecundidade muda unha vez nacionalizada.

Gráfico I.2.7.
Evolución do indicador conxuntural de fecundidade por nacionalidade en España.



Fonte: INE.

Gráfico I.2.8.
Evolución do indicador conxuntural de fecundidade por nacionalidade en Galicia.



Fonte: INE.

O ata aquí sinalado respecto do comportamento da fecundidade apuntaría, cabería esperar, a que o índice non siga descendendo máis, como ben se podería deducir do leve repunte sinalado, aínda que debuxe oscilacións. A realidade, non obstante, non sempre se comporta de acordo coas razoables previsións das científicas e dos científicos sociais⁷. Cómpre ter en conta, e poucas veces se fai, que na explicación do comportamento da fecundidade é preciso atender as relacións que se dan entre os cambios nos roles de xénero, a transformación das familias e a fecundidade.

⁷ Nas Proxeccións de poboación de Galicia 1991-2026, publicadas polo Instituto Galego de Estatística, a hipótese máis baixa de fecundidade sitúa o índice sintético en 0,99 entre 1999 e 2005, pero a realidade é que este indicador descendera xa a 0,93 en 1997.

Recordemos con Teresa Castro (2017) que a fecundidade ten “unha repercusión a medio e longo prazo, non de inmediato, sobre o volume de poboación, sobre cantos seremos, sobre a estrutura de idade, o ritmo de envellecemento e o tamaño da poboación activa; variables que son moi importantes para o futuro e que, por tanto, van condicionar toda a organización social futura, non a curto, pero si a medio e longo prazo. Por conseguinte, temos que coñecelas. [...] Normalmente os fenómenos demográficos son moi lentos e hai tempo dabondo para adaptarse, pero se se produce a un ritmo demasiado rápido, a sociedade pode ter máis dificultades”. Tamén apunta a demógrafa citada ás repercusións a nivel micro, que, insiste, se salientan menos, “porque unha fecundidade moi baixa, por baixo dos desexos e aspiracións de individuos e parellas, é un signo ou un déficit de benestar. Significa que algo vai mal. É un termómetro que indica que, como sociedade, algo falla realmente”⁸.

O descenso continuado da fecundidade converteuse nunha preocupación cidadá debido á súa contribución ao rápido envellecemento da poboación e, como deixamos sinalado e se repite no citado informe da Fundación La Caixa, porque é unha cuestión de benestar, no sentido de que o número de fillos e fillas que se teñen queda moi lonxe dos que mulleres e homes desexan realmente⁹. A Enquisa familia e cambio demográfico (2011) recollía que só un 16,5 por cento das parellas que non teñen descendencia desexa ter un só fillo ou filla; son ampla maioría as que desexan ter dous (69,25 por cento) ou máis (12,12 por cento).

Nun intento de explicar por que España (e como vimos no caso de Galicia de maneira máis pronunciada) mostra un comportamento que se desvía doutros casos de fecundidade moi baixa, o citado informe El déficit de natalidad en Europa. La singularidad del caso español, decántase por sinalar o seguinte:

- O feito de non ter descendencia dáse, en termos comparativos, nunha porcentaxe reducida¹⁰.
- A postergación da maternidade en España é común ás mulleres tanto de alto como de baixo nivel de estudos.
- O comportamento das parellas de feito en materia de fecundidade é similar ao das parellas de dereito

As ganancias na esperanza de vida


Galicia alcanzou nas décadas dos anos 60 e 70 unha esperanza de vida semellante á dos países occidentais, moito antes de gozar dun nivel de desenvolvemento económico equivalente (Rodríguez et al., 2010). Desde os anos setenta do século pasado a esperanza de vida non deixou de medrar, manténdose en paralelo a esperanza de vida de homes e mulleres, sen apenas variacións na diferenza entre sexos. Así, en 1975 a esperanza de vida era de 69,83 anos para os homes e 75,92 para as mulleres (72,96 anos para ambos os sexos en conxunto). En 2016 a esperanza de vida dos homes era de 79,45 anos e de 85,84 para as mulleres (82,65 anos para o conxunto de ambos os sexos) mantendo a Galicia como un dos lugares máis saudables do mundo en atención á duración da vida. Na Figura 6 pódese ver a evolución da variable desde 1975 a 2016 para cada sexo e en conxunto.

8 A idea forza que recorre o informe de 2013 de La Fundación La Caixa, titulado El déficit de natalidad en Europa. La singularidad del caso español, é que a fecundidade actual en España queda moi lonxe dos ideais e as preferencias da cidadanía no que se refire a tamaño e formación de familia.

9 Recollemos textualmente do citado informe, na súa tradución ao galego: “Hai dúas revolucións en curso que teñen unha influencia incuestionable no feito de ter fillos, a saber: a saída da muller do fogar e a adopción de novas maneiras de emparellarse e formar familias. A primeira expón un conxunto de novos dilemas e reequilibrios acerca do rol da maternidade ao longo da vida da muller. A segunda, sen dúbida, influiría nas decisións de homes e mulleres á hora de ter fillos, porque introduce novas incertezas e unha maior fragilidade na vida familiar. Cremos que a revolución dos roles femininos resulta máis explicativa para comprender a evolución da fecundidade contemporánea que as transformacións asociadas á globalización ou o posmodernismo”.

10 Sinálase que a incidencia da infecundidade é máis baixa que en calquera outro país.


Gráficos I.2.9.
Esperanza de vida ao nacemento. Galicia.



Fonte: INE.

Por outra parte, o aumento continuo da esperanza de vida mantén relación cos moi baixos niveis de mortalidade infantil, que en 2016 se sitúan en 3,15 por cada 1000 nacementos con vida. A evolución deste indicador nos últimos anos amosa a aproximación a unha base difícil de mellorar e a redución das diferencas entre sexos (tradicionalmente maiores valores en homes que en mulleres), ao igual que practicamente desapareceron as diferencas co conxunto español (véxanse os gráficos 10 e 11).


Gráfico I.2.10 .
Taxa de mortalidade infantil. Defuncións por mil nacementos. Galicia e España.



Fonte: INE.

Gráfico I.2.11.

Taxa de mortalidade infantil postneonatal. Defuncións por mil nacementos con vida. Galicia e España.



Fonte: INE.

Cómpre engadir que, como resultado da combinación dos fenómenos demográficos analizados a idade media da poboación galega mostra notables diferencias con respecto ao de conxunto da poboación española (Táboa I.2.5). As diverxencias provinciais están en consonancia coas dinámicas demográficas de cadansúa provincia.

Táboa I.2.5.

Idade media da poboación. España, Galicia e provincias. Ano 2017

	Total	Homes	Mulleres
España	42,97	41,66	44,22
Galicia	46,76	45,11	48,31
A Coruña	46,46	44,79	47,99
Lugo	49,52	48,04	50,93
Ourense	50,28	48,56	51,88
Pontevedra	45	43,31	46,58

A modo de coda, e verbo da mortalidade xeral, sinalemos que o INE advirte que para unha mellor comprensión da comparativa dos niveis de mortalidade entre as comunidades autónomas españolas, cómpre relegar a un segundo plano a utilización das taxas brutas de mortalidade e optar por taxas estandarizadas.

As primeiras rexistraron en 2015 cifras máis elevadas nos territorios en proceso avanzado de envellecemento, xa que é onde, normalmente, hai máis defuncións debido á estrutura de idade da poboación. Para corrixilo, o INE calculou para 2015 as taxas de mortalidade estandarizadas, que representan a mortalidade da comunidade autónoma se todas tivesen a mesma composición por idade. Neste caso, Galicia pasa a incluírse entre as comunidades autónomas cunha menor taxa estandarizada.

A distribución da poboación no territorio

Deixamos apuntado que outro elemento esencial na caracterización demográfica de Galicia é a localización da poboación no territorio. A fragmentación dos asentamentos poboacionais é un dos trazos territoriais máis singulares de Galicia. Así, en Galicia están 3.771 das 4.908 entidades colectivas que hai en España. Ademais conta con máis de 30 mil entidades singulares, preto da metade (48,9%) das entidades singulares que hai en España, e máis da metade dos diseminados españois. O 41,8 por cento destes diseminados atópase na provincia de Lugo e o 31,4 por cento na da Coruña.

Os cambios demográficos e económicos ocorridos ao longo da segunda metade do século XX provocaron o tránsito dun modelo de asentamentos rurais baseado na agricultura a outro predominantemente urbano. Este proceso levou a unha concentración da poboación nas principais áreas urbanas, sinaladamente no eixo atlántico, na Mariña Lucense, nos concellos interiores de Lugo, Ourense e Santiago e nalgunhas vilas repartidas polo territorio, como Monforte de Lemos, Vilalba, O Barco, Xinzo de Limia, Verín ou Lalín. Así, considerando todas as entidades colectivas (en Galicia, parroquias) e as entidades singulares que non están incluídas en ningunha entidade colectiva (áreas locais), observamos que as 131 unidades locais que teñen máis de 3.000 habitantes concentran o 58 por cento da poboación galega e só ocupan o 3 por cento do territorio.

Hoxe Galicia é fundamentalmente urbana. Así, segundo a clasificación sobre o grao de urbanización (GU 2016) proposta polo Instituto Galego de Estatística (IGE), máis do 57 por cento da poboación vive en zonas densamente poboadas (ZDP) ou en zonas intermedias pero cun grao de urbanización alto (ZIP alta). Esta poboación ocupa o 3,3 por cento da superficie do territorio galego. Nas zonas cun grao de urbanización que o IGE define como intermedio (ZIP baixa, ZPP¹¹ alta, ZPP intermedia e ZPP baixa) vive algo máis do 23,2 por cento da poboación nun 13,1 por cento da superficie. A zona rural galega (ZPP superbaixa) ocupa o 83,5 por cento da superficie, con menos do 19,4 por cento da poboación.

As zonas densamente poboadas e intermedias correspóndense coas áreas dos nove concellos máis grandes de Galicia: Ferrol, Narón, A Coruña, Santiago, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense. As zonas intermedias unen a área densamente poboadas de Ferrol-Narón coa zona da Coruña, ata Carballo. Tamén unen Santiago co sur da provincia de Pontevedra pola costa. Moitas son zonas que non pertencen propiamente a periferias urbanas pero que si están baixo a súa influencia pola existencia de importantes vías de comunicación. Nesta zona intermedia tamén se inclúen zonas que se poderían considerar urbanas por ter unha poboación considerable (como A Estrada, Lalín, a costa norte da Ría de Arousa ou a zona de Verín) ou por presentar unha importante puxanza económica (como Cervo, Burela e Viveiro na Mariña Lucense ou os concellos da zona de Valdeorras).

Este aumento na concentración da poboación, continuo no transcorrer das tres últimas décadas, foi debido á emigración cara aos centros comarcais e ao conseguinte abandono dos núcleos máis pequenos.


A observación dunha variable demográfica como a natalidade, atendendo a análise da súa distribución territorial a nivel provincial e municipal, confirmanos a tendencia á concentración da poboación que vimos sinalando, especialmente da poboación máis nova -en idade fértil- nas provincias occidentais e nos concellos litorais e urbanos ou nas súas contornas. Pola contra, a distribución da mortalidade é oposta, con maiores taxas nas provincias orientais e nos concellos interiores e máis afastados das áreas urbanas, se ben é nestas áreas onde se localizan as máis altas esperanzas de vida. Se atendemos agora ao saldo natural ou

11 ZPP: zona pouco poboadas

crecemento vexetativo, os saldos positivos quedan cada vez máis reducidos ás contornas das cidades da Coruña, Vigo, Santiago, Pontevedra e Ourense, en concellos que actúan como áreas residenciais da poboación moza que atopa neles residencia a menor prezo. No mapa I.2.1, preséntanse os saldos de 2016. Só 14 concellos teñen saldo positivo e 2 teñen saldo 0.

Mapa I.2.1.

Saldos vexetativos dos municipios de Galicia. 2016.



Fonte: IGE.


O nivel formativo da poboación galega

Formación enténdese, segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT) (1998), como a preparación sistemática con vistas a mellorar as facultades que teñen as persoas para desempeñar funcións de interese comercial e social. Abrangue, xa que logo, o conxunto que forma a ensinanza, a formación profesional e a capacitación. Polo tanto, a formación convértese nun instrumento das políticas activas do mercado de traballo que facilita a integración dos traballadores, especialmente do colectivo con máis dificultades para formar parte da poboación activa e ocupada.

Nun Informe da situación demográfica cómpre engadir a presentación e análise de datos do nivel formativo da poboación, pois hoxe máis que nunca se salienta o papel da educación en todo o proceso de cambio dos factores que afectan as dinámicas demográficas dun país. Pensemos, nada máis de momento que a modo ilustrativo, o que afecta, por exemplo, ás dinámicas demográficas e familiares a maior formación das mulleres como acabamos de presentar en páxinas anteriores. Como é sabido, o seu acceso á educación provoca importantes cambios no seu contorno familiar e laboral, con fortes implicacións na súa función de mantedora da tradicional orde doméstica, xa que o incremento do nivel formativo destas e a súa progresiva incorporación ao mercado de traballo foron claves en todo o proceso de ruptura do vello discurso da “domesticidade” e das súas continuas reelaboracións, con elementos que perdurarán mesmo ata a actualidade.


A maioría da poboación galega posúe estudos primarios ou estudos secundarios de 1º etapa. Por sexos, os homes teñen maior representación nos estudos secundarios de 1º etapa, mentres que no caso das mulleres, destacan en estudos primarios; sendo similar a representación en estudos secundarios de 2ª etapa. É importante salientar a porcentaxe de homes e mulleres que posúen estudos superiores, con porcentaxes lixeiramente máis altos nas mulleres.

Gráfico I.2.12.
Nivel educativo Galicia 2017 por sexo.



Fonte INE.

Gráfico I.2.13.
Nivel educativo España 2017 por sexo.



Fonte INE.

Educación versus acceso ao mundo laboral


A influencia entre traballo e educación é mutua. O mercado de traballo incide sobre o sistema educativo contribuíndo a configurar a proporción de estudantes que elixen un tipo ou outro de estudos. As persoas elixen tamén as carreiras en función das súas expectativas de emprego e non só tendo en conta as súas afeccións.

Á hora de analizar as relacións existentes entre o mundo laboral e a educación examinaremos, en primeiro lugar, o modo de distribución da poboación activa, ocupada e parada segundo o nivel de formación. Os homes activos posúen estudos secundarios, sobre todo, da primeira etapa e estudos superiores; mentres que as mulleres activas teñen, nesta orde, niveis de formación superiores e secundarios de 1ª e 2ª etapa. Este indicador parece sinalar que as mulleres, unha vez que conseguen situarse nos niveis medios do ensino, tenden a prolongar os seus estudos máis que os homes, pois ao ter menores oportunidades laborais,

responden aumentando as súas competencias académicas; estratexia que, como veremos está sendo cada vez máis común entre a xente nova, como se analiza no capítulo II.3.

A poboación activa galega non se diferencia moito con respecto á española en canto ao nivel de formación de homes e mulleres. Destacan a maior porcentaxe representada en Galicia no caso de “estudos secundarios de 1ª etapa” e na Educación Superior. Engádense primeiramente unha serie de gráficos e táboas que permiten coñecer o volume da poboación activa e ocupada en Galicia e a súa comparación con España.

Gráfico I.2.14.
Poboación activa Galicia. 2011-2026.



Fonte: INE

Táboa I.2.6.
Galicia. Poboación activa de 16 ou máis anos.

Poboación activa de 16 ou máis anos Galicia			
Ano	Total	Homes	Mulleres
2011	1.287.900	700.200	587.700
2026	1.139.100	608.400	530.700
Período	TCAC Total	TCAC Homes	TCAC Mulleres
2011-2026	-0,87%	-1,00%	-0,73%


Fonte: INE

Táboa I.2.7. España.
Poboación activa de 16 ou máis anos.

Poboación activa de 16 ou máis anos Galicia						
Ano	2002	2017	2029	Período	2002-2029	2017-2019
Total	19.224.300	22.765.000	21.170.800	TCAC Total	0,37%	-0,43%


Fonte: INE

Gráfico I.2.15.
Evolución da poboación activa en Galicia. Miles




Fonte: INE

Gráfico I.2.16.
Evolución da poboación activa en España. Miles



Fonte: INE


Gráfico I.2.17.
Poboación parada e ocupada en Galicia. 2009-2018



Fonte: INE


No gráfico I.2.18 recóllense os datos da poboación activa en Galicia por nivel de formación e sexo. Para, deseguido pasar á poboación ocupada segundo o seu nivel de cualificación (gráfico I.2.20). Como sabemos, un dos eixes centrais na estrutura ocupacional vén dado polo nivel de cualificación profesional da poboación ocupada.

Gráfico I.2.18.
Galicia. Poboación activa por nivel de formación acadado, en miles. 2017



Fonte: INE


Gráfico I.2.19.
Galicia. Ocupados por nivel de formación acadado, en miles. 2017



Fonte: INE

Os datos do gráfico I.2.19 ilustran que o nivel de cualificación favorece a redución do diferencial entre homes e mulleres ocupados/as. A incorporación e promoción das mulleres nos niveis superiores do ensino regrado supón un aumento da porcentaxe que estas mesmas representan no total de poboación ocupada. Como se pode observar no mesmo gráfico, o colectivo masculino ocupado caracterízase por ter estudos secundarios de 1ª etapa e estudos universitarios. En canto ao colectivo de mulleres ocupadas posúen principalmente estudos superiores.

Gráfico I. 2. 20.
Galicia. Parados por nivel de formación acadado, en miles. 2017



Fonte: INE

Verbo da taxa de paro, as diferenzas por sexo son máis acusadas, a pesar de que desde hai máis de tres décadas a formación das mulleres se vai equiparando á dos homes. En relación ás diferenzas por sexo, obsérvase que hai máis mulleres que varóns en situación de desemprego.


O maior número de desempregadas galegas aparece entre as que cursaron segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional e as que teñen estudos superiores. É importante ter en conta a acumulación de paradas con titulacións universitarias que con pouca saída laboral fai que estas compitan por outros postos de menor cualificación, creando unha sobredemanda para estes que favorece que o empresario se decante polas máis preparadas ao mesmo tempo que diminúen os niveis salariais.

Os homes galegos que demandan máis emprego posúen estudos secundarios e universitarios.

A escolarización plena nos distintos tramos educativos

A presenza feminina en todos os tramos educativos da ESO é moi similar á dos seus compañeiros nos ensinamentos obrigatorios.


Gráfico I.2.21.
Alumnado matriculado na ESO. Galicia. 2017



A partir do bacharelato, onde a educación deixa de ser obrigatoria e se presenta a opción de escoller entre continuar os estudos pola rama académica ou pola rama profesional, a porcentaxe de mulleres é maior na rama académica. É probable que esta tendencia estea relacionada co feito de que os homes abandonan antes a formación para incorporarse ao mercado de traballo, mentres que as mulleres perciben a necesidade de estar máis preparadas e de alcanzar un maior nivel educativo que lles poida garantir un futuro no mercado laboral.

Na etapa do bacharelato, no ano 2017, o número de mulleres matriculadas, con respecto á poboación feminina do tramo de idade de 17 a 19 anos, supera ao dos homes. Por tipo de bacharelato, as mulleres superan en número de matrículas aos homes na rama de Humanidades e Ciencias Sociais e na de Artes Plásticas. A relación invértese na rama de Ciencias e Tecnoloxía.

Gráfico I.2.22.
Matriculados/as por rama en bacharelato e sexo. Galicia 2014-15.




Fonte: MECD.

A formación profesional que se imparte no sistema educativo ten unha importancia capital para o progreso do país e para a correcta incorporación da mocidade ao mundo do traballo, con todo, non sempre tivo a mesma valoración que a formación tradicional, tanto polas administracións educativas como por moitos expertos en educación e ata polas propias familias.

Existe un acordo xeral sobre a necesidade de potenciar este tipo de ensino, xa que se aprecia un déficit de profesionais en moitas ramas da produción e os servizos. A diferenza do que ocorre noutros países da nosa contorna, en España (e en concreto en Galicia) estes estudos non captaran a maioría do alumnado, que optou principalmente polo bacharelato e/ou a universidade.

Gráfico I.2.23:
Alumnado matriculado en formación profesional por rama e sexo. Galicia 2014-2015.



Fonte: MECD.

A incorporación das mulleres aos estudos de formación profesional no actual sistema educativo está cambiando a composición interna do alumnado desta etapa, como reflicte o gráfico I.2.23. Estase a chegar a unha situación de certo equilibrio entre sexos no tocante ao acceso aos estudos de formación profesional, pero segue existindo unha clara e significativa diferenza da distribución por sexo nas distintas familias profesionais.

A análise por rama de estudo é a que ofrece maiores diferenzas por sexo. Pois, pese a tratarse duns estudos nos que no cómputo total hai máis homes que mulleres, existen ramas profesionais nas que a presenza feminina alcanza porcentaxes moi superiores (84,5 por cento, Sanidade; 96,9 por cento, imaxe persoal) ou superiores (Comercio e Marketing, 69,3 por cento; artes gráficas 65,9 por cento; comunicación, imaxe e son, 61,4). A representación masculina acada o 100 por cento en Electricidade e electrónica; e o 70 por cento en actividades físicas e deportivas.

A crecente importancia outorgada na nosa sociedade aos títulos universitarios, sen que se poida desbotar a incidencia de factores como a falta de posibilidades de emprego entre os mozos e as mozas, lévalles a prolongar o período de estudos. Pero, sen dúbida, o factor que mellor pode explicar especificamente o incremento observado nas taxas femininas é o cambio nas expectativas do rol social das mulleres.

Táboa I.2.8.
Datos xerais das universidades galegas. Curso 2013/2014

	Homes	Mulleres	UDC	USC	UVI	SUG
Campus			2	2	3	7
Centros			24	29	29	82
Departamentos			43	75	47	165
Outras unidades			6	28	6	40
Ensinanzas de 1.º e 2.º ciclo			44	51	47	142
Ensinanzas de grao			39	42	39	120
Dobres titulacións de Grao			2	0	1	3
Ensinanzas de graos. Acceso			41	48	52	141
Ensinanzas de Máster			60	86	84	230
Ensinanzas de doutoramento			33	84	87	204
Alumnado matriculado en ensinanzas de 1.º e 2.º ciclo e graos	26.612	32.741	18.073	22.836	18.444	59.353
Alumnado graduado en ensinanzas de 1.º e 2.º ciclo e graos	3.846	6.157	2.906	4.051	3.046	10.003
Alumnado matriculado novo nos estudos de máster	1.667	2.290	943	1.465	1.549	3.957
Alumnado matriculado en ensinanzas de máster	2.294	3.207	1.360	2.046	2.095	5.501
Alumnado graduado en ensinanzas de máster	1.312	2.002	788	1.155	1.371	3.314
Alumnado que accede a ensinanzas universitarias oficiais	6.014	7.110	3.709	4.944	4.471	13.124
Alumnado que accede a ensinanzas de grao por primeira vez	5.042	6.153	3.176	4.257	3.762	11.195
Persoal docente e investigador	2.988	1.924	1.422	2.092	1.398	4.912
Persoal de administración e servizos	1.107	1.554	748	1.235	678	2.661


As eleccións diferentes entre sexos na universidade non se poden explicar porque existan barreiras institucionais que impidan a libre elección de carreira ás persoas, senón que temos que ter en conta a interacción dos factores sociais e psicolóxicos. Estes factores condicionan as eleccións a través de diferentes mecanismos como, por exemplo, a interiorización de determinadas crenzas sobre si, polo feito de ser home ou muller. Pero, outros mecanismos de regulación social e cultural, sen dúbida importantísimos, son as expectativas de éxito, así como a diferente valoración social que se percibe nas profesións, en función de que as ocupe un home ou unha muller.

As universidades españolas están a experimentar nos últimos anos un continuo descenso no número de universitarios/as matriculados/as ao mesmo tempo que se produce un aumento das titulacións ofertadas. Descenso que cómpre interpretarmos como consecuencia, aínda que non en exclusiva, das baixas taxas de natalidade que, como vimos, aínda son máis acusadas en Galicia que en España.

A presenza das mulleres na universidade supera significativamente ao dos homes, destacando aínda máis esta porcentaxe na Comunidade Autónoma Galega, onde o 55,16 por cento do alumnado universitario son mulleres.

Gráfico I.2.24.

Evolución de alumnas matriculadas nas universidades galegas por áreas de coñecemento




Fonte: INE

As mulleres están máis representadas nunha serie de estudos e carreiras, ás que se tende a considerar de maneira pexorativa como “brandas”, onde as súas saídas profesionais están menos marcadas, mentres que as opcións dos homes se dirixen cara a un perfil profesional máis firme (carreiras tradicionalmente consideradas masculinas), como é o caso das carreiras técnicas. Esta baixa representación de mulleres neste tipo de estudos pode significar que se seguen mantendo os estereotipos tradicionais en canto ao posterior emprego feminino. Se temos en conta a área científica, a presenza feminina destaca en carreiras de Humanidades, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas.



||



Contribucións á análise do cambio poboacional en Galicia

1

O estudo do envelhecimento da poboación na súa relación co proceso de modernización demográfica. Elementos de análise

1.1 Significado e alcance do proceso de envelhecimento demográfico

Estamos a vivir, adóitase dicir, no chamado Século do envelhecimento. Estímase que, no transcurso desta centuria, o envelhecimento da poboación acadará unha dimensión global a escala planetaria. Como facilmente se constata, con ritmos e inicios que poden variar enormemente segundo zonas e países, o peso das persoas maiores non fai máis que aumentar. Non se trata, non obstante, dun fenómeno novo; os seus trazos, como vimos en páxinas anteriores, xa estaban ben definidos nas sociedades integrantes da actual UE¹ nas dúas últimas décadas do pasado século, que asistían, en moitos casos, a unha duplicación da porcentaxe de persoas maiores en pouco menos de cen anos, ao tempo que melloraban os niveis de vida de maneira significativa. Mais tampouco se trata dun fenómeno recente. Antes ben, o chamado envelhecimento demográfico é o resultado de cambios en profundidade na estrutura de idades da poboación debidos ao secular descenso da mortalidade e da fecundidade, como ben sabemos².

Falar de envelhecimento demográfico significa, primeiro de todo, falar dun proceso que altera as distintas etapas de vida, e non só a da vellez, modificando o curso vital do conxunto de mulleres e homes, ao tempo que se evidencian as diferentes repercusións destes cambios, para un e outro sexo, nos distintos grupos de idade. Non ten por que significar necesariamente un aumento da idade media de vida dunha poboación, entendéndose máis ben como o resultado de transformacións na estrutura de idades debidas a cambios nas pautas de fecundidade e mortalidade, variables demográficas moi influenciadas pola súa vez polos movementos migratorios que inciden, directa e indirectamente, no tamaño e composición da poboación.

Fronte á a-historicidade que preside moitas veces a explicación das recentes dinámicas demográficas, cómpre interpretarmos o peso crecente da poboación lonxeva situándoo no contexto máis xeral do proceso de modernización e de progreso social que experimenta, no noso particular caso de análise, Galicia (ao igual que o teríamos que subliñar necesariamente nunha perspectiva española ou europea), se ben con ritmos moi diferenciados dende principios do século XX e ata hoxe mesmo.

1 Europa sitúase na orixe desta transformación demográfica abrupta, revolucionaria e sen precedentes, iniciada no século XIX e hoxe estendida ao conxunto da poboación mundial.

2 Deixamos apuntado como a transcendencia destes cambios buscaron explicación no marco da Teoría da Transición Demográfica. Esta xa non se entendería como un proceso uniforme, que se tería iniciado nalgúns dos países máis avanzados nos albores do século XIX, proseguindo despois nos dous séculos seguintes, unha marcha discontinua con características evolutivas, así mesmo, diferentes.

O aumento da media de idade das persoas que estarían a reflectir os datos galegos, que deseguido veremos e que nos fan xa dunha revolución da supervivencia, sitúanos diante do que se entende por “envellecemento demográfico”, pese ao grave equívoco ao que se presta o mesmo termo de envellecemento, como deixamos sinalado en páxinas anteriores. Trátase no fundamental, lembrémolo unha vez máis, dun cambio na estrutura por idades que provoca un aumento da idade media do conxunto. E tamén sabemos que a estrutura por idades cambia cando se modifican sensiblemente os fluxos de entrada e saída (nacementos, defuncións e tamén migracións, de particular atención no caso de Galicia).

No estudo do envellecemento poboacional cómpre facer a distinción entre o envellecemento “natural” (influido pola natalidade e a mortalidade) e o “migratorio”, na medida na que responden a causas diferentes e tipos e escalas de poboación tamén diferentes. A distinción conceptual non significa que ambos elementos non presten a súa contribución ao envellecemento dunha mesma poboación. E, de novo, o caso de Galicia sería un bo exemplo.

Se na perspectiva da UE, á que inicialmente se facía referencia, descendemos ao caso español, decatámonos de que España figura desde a década de 1990 entre os países avanzados no proceso de envellecemento (cunha representación porcentual das persoas de 65 e máis anos similar á da media europea), non podendo afirmar, porén, que sexa un dos países europeos máis avellentados. Hoxe en día, a representación que na súa estrutura demográfica corresponde ás persoas de 65 anos e máis mantense por debaixo da de países como Portugal, Italia, Alemaña ou Italia. Non obstante, os niveis de supervivencia que acadan as persoas maiores de 80 anos sitúan a España na mesma franxa que Francia, Italia, Alemaña, Portugal ou Suecia.

Ao igual que na súa contorna europea, as ganancias constantes na supervivencia xeracional no decorrer do século XX explican que a proporción de maiores en España non deixara de aumentar³, se ben con representacións territoriais e ritmos distintos, aínda compartindo a aceleración finisecular no ritmo do envellecemento e manifestacións sobranceiras deste, como son a feminización da vellez, o sobreenvellecemento e o aumento da dependencia.

Nos seus trazos xerais, o anterior é plenamente aplicable a Galicia, como na década de 1980 e de 1990 empezaban xa a dar conta investigacións sobre as particularidades que revestía o seu modelo demográfico⁴.

O atributo de “país de vellos” co que se quere singularizar o cambio na estrutura de idades en Galicia, e que vemos tan repetido con connotacións negativas que pesan máis que as positivas, sería común a un conxunto de países da nosa contorna cultural e socioeconómica. É ben coñecido que un dos resultados da transición demográfica que acompaña a todo o proceso de modernización socioeconómica e cultural é precisamente o cambio na estrutura de idades. E non son de aplicación a Galicia visións que definirían a súa traxectoria poboacional nos termos catastrofistas e alarmistas de “suicidio demográfico”, “inverno demográfico” ou “senescencia demográfica”, polo menos desde a análise demográfica⁵.

A cuestión do envellecemento demográfico en Galicia, e en toda sociedade, non se pode abordar se non se contempla no escenario máis amplo da dinámica das poboacións, ou se se prefire dos cambios demográficos e de modernización socioeconómica e cultural do conxunto da sociedade. O cambio nos comportamentos reprodutivos, a maior lonxevidade e a conquista da democratización da supervivencia, o impacto das migracións e as “alteracións” nas pautas de conformación das familias e na distribución da poboación no territorio forman parte dun mesmo proceso que está a demandar para a súa comprensión dunha visión sistémica.

3 E que, asemade, rexistrara desde mediados dos sesenta un crecemento notable dos seus niveis de produción e que máis tarde, tras a transición política, fora asentando as bases de estado de benestar que coñecemos hoxe que, paradoxalmente, o proceso de envellecemento parecería poñer en cuestión ao afectar á sustentabilidade da Seguridade Social. Cómpre sinalar que se adoita calcular a sustentabilidade da Seguridade Social atendendo á relación entre a poboación en idade produtiva e non produtiva cando o determinante para uns maiores ingresos é a produtividade. Esquécese con frecuencia a inadecuación actual de fixar o limiar de inicio da poboación activa nos 16 anos e sobre todo ter en conta para as medicións a poboación activa cando debería tomarse como referencia á poboación ocupada.

4 Sirva como exemplo o amplo capítulo dedicado ao modelo demográfico de Galicia e á análise comarcal do seu envellecemento poboacional que abre o estudo sobre a potencialidade do desenvolvemento endógeno para Galicia (publicado en 1992).

5 Visións que moitas veces buscan o respaldo de cálculos baseados en proxeccións de poboación que predin os cambios dunha variable mentres permanecen en igualdade o resto das condicións.

Sen prexuízo do anterior, non se nos oculta que as sociedades lonxevas, como claramente o é a galega, – e espérase que a supervivencia da súa xente se vaia incrementando, como apunta a bioloxía da lonxevidade humana⁶- representan un desafío para o presente século XXI.

Se se acepta, por outra banda, que a lonxevidade máxima dunha especie é algo predeterminado pola súa bioloxía, o termo lonxevidade –a pesar de que lonxevidade e envellecemento tenden moitas veces a utilizarse de maneira unívoca- tería unha acepción máis restritiva e non debería relacionarse co envellecemento demográfico nin co aumento da esperanza de vida. A lonxevidade biolóxica situaríase así á marxe, tanto da estrutura por idades que presenten as poboacións en cada momento, como das melloras na mortalidade. Unhas melloras e un aumento da esperanza de vida que, sabemos, son o resultado de evitar defuncións “prematargas”, sen que iso signifique, en principio, alterar os límites biolóxicos na duración da vida. Non hai, con todo, acordo de momento no mundo da ciencia sobre cal é o límite biolóxico da especie humana (M. Allard, 1991; L. Bériot, 1991; T. Kirkwood, 1999), pois cando se puideron establecer previsións, enseguida se viron alteradas pola progresión no aumento da poboación “lonxeva”.

Téimase agora no campo dos estudos demográficos en que entramos nunha nova etapa no envellecemento da poboación moi diferente da debuxada no pasado, e mesmo no inmediato pasado. E urxe coñecer a súa dimensión e alcance pois a nova estrutura por idades enfronta vastas consecuencias humanas, sociais, culturais, económicas e políticas.

Conceptos de normal aplicación ata hai ben pouco sobre a vellez (considerada como un “continuo”, sen facer xa que logo distinción entre a “terceira” e “cuarta” idade), a xubilación, a xuventude ou a participación e a aprendizaxe ao longo do ciclo vital, xa non semellan conservar plena vixencia no momento actual. Carecen dunha valoración en positivo da lonxevidade como logro social ou da “aparición” da xuventude (que se constitúe agora como nova e prolongada etapa da vida) e desdebuxan o alcance dos cambios no curso de vida das persoas e a achega das diversas idades ao benestar xeral.

Falar de “cambio demográfico” implica tamén asumir que non se trata dun cambio gradual, que estamos ante un cambio sen precedentes noutras etapas históricas e, o que pode engadir maior dose de incerteza, que se trata dun cambio a grande escala na supervivencia e reprodución humana, que seguirá acentuándose nos vindeiros anos e que, seica, nos ha levar a un novo equilibrio poboacional.

A súa dimensión global para o conxunto da sociedade obríganos, xa que logo, a mostrar especial teima polo transfondo metodolóxico que sosteñan os indicadores adecuados para ponderar as consecuencias do envellecemento sen recorrer a ideas do pasado, especialmente no campo da demografía pero tamén da economía, socioloxía, psicoloxía etc.

Lembremos que, desde a óptica da análise demográfica, se entende que as poboacións constitúen sistemas reprodutivos cuxa identidade non é simplemente convencional e non teñen unha entidade temporalmente instantánea, senón continua no tempo, a pesar da constante morte e reposición dos seus compoñentes individuais. Cómpre insistir neste punto, dado o carácter deste informe, pois a consideración illada do proceso de envellecemento da poboación favorece unha percepción moi nesgada do dito proceso ou mesmo entraña connotacións negativas convertidas despois pola forza da súa repetición en postverdades, como veu sendo moi común entre analistas sociais de distintos campos, a pesar das precisións e o rigor metodolóxico e conceptual esixido pola análise demográfica.

A tendencia a identificar envellecemento biolóxico e demográfico, asimilando este con procesos de decadencia e senectude social e persoal, non favorece tampouco a comprensión en positivo do valor que encerra a prolongación da vida humana –pénsese nas connotacións do termo edadismo, no que prevalece a visión da deterioración que entraña a vellez, sen considerar os cambios actuais nos estilos de vida- ou, se se prefire, da mesma democratización da supervivencia xeracional que conduce á madurez

6 Ata hai ben pouco coidábase difícil ampliar a lonxevidade humana unha vez que, practicamente, se suprimiran as mortes en idades infantís e xuvenís. A notable mellora da mortalidade en idades avanzadas que se vén observando nos últimos trinta anos está non obstante a cuestionar o límite teórico da vida humana.

de masas⁷; sen que iso entrañe tampouco descoñecer os desafíos a nivel persoal, familiar ou social que implica a vellez como etapa (ou etapas) da vida das persoas, aínda recoñecendo o forte compoñente biopsicosocial que encerra o mesmo concepto de saúde/enfermidade.

Envellecemento e revolución reprodutiva⁸

A poboación galega, nun contexto de continuado descenso da fecundidade acelerado no último cuarto da pasada centuria, creceu globalmente máis no século XX que en toda a súa historia anterior. Sabemos que a evolución da mortalidade e da fecundidade non afecta unicamente ás variables estritamente demográficas. Lembrábanos o demógrafo J. A. Fernández Cordón en 1995 que “a reprodución dos anos vividos é tamén reprodución dos anos vividos en situación ou con capacidade de actividade, base do potencial produtivo de todo colectivo humano”⁹. E é este modelo de reprodución ampliado (aos anos de actividade), o que experimentou cambios moi profundos.

Unha elevada fecundidade mantense en contextos históricos que precisan de máis nacementos (se nos situamos nunha óptica reprodutiva)¹⁰ para manter a capacidade produtiva. As sociedades pretransicionais, e o mesmo nas primeiras fases de transición demográfica, teñen, poderíase dicir, unha baixa produtividade na xeración das substitucións poboacionais –o que axuda a entender o baixo crecemento poboacional que as caracterizaba– que todo o armazón ideolóxico e socioeconómico fai descansar nas mulleres, consideradas responsables, practicamente únicas, das tarefas do sector reprodutivo. De aí a importancia que se lle asigna, nunha parte importante de estudos, aos traballos estritamente ligados á reprodución (o que hoxe chamaríamos traballo doméstico e de coidado), sobre todo tendo en conta, como sinalabamos, a anterior baixa produtividade destas tarefas.

Na ruptura do teórico equilibrio poboacional da sociedade preindustrial xoga un papel destacado o retroceso da mortalidade,¹¹ que, ao alterar a vella proporción entre as idades, modifica tamén a reprodución dos anos vividos en actividade á vez que aumenta a poboación total, sen que por iso teñan lugar cambios significativos na participación na poboación activa. Noutras palabras, pódese manter a capacidade produtiva con menos nacementos, sen que iso afecte ao volume de poboación total nin ao seu crecemento¹².

As transformacións que se suceden no modelo reprodutivo –que vai precisando de menos nacementos a medida que se reduce a mortalidade infantil e xuvenil, e enseguida tamén a da poboación adulta–, correspóndense con profundos cambios nas formas de vida, principalmente das mulleres e, de maneira particular, no seu grao de participación na actividade reprodutiva e produtiva¹³, sen que iso se traduza, como é facilmente perceptible, nunha perda de importancia dos fogares como lugar de produción¹⁴. E aínda que o

7 Chégase á “madurez de masas” (Pérez Díaz, 2003) cando nas táboas de mortalidade xeracionais a idade media á defunción se sitúa por riba dos 50 anos. Un concepto que se relaciona coa supervivencia xeracional máis que coa estrutura por idades.

8 O emprego frecuente nas páxinas deste informe de termos como o de “revolución reprodutiva”, aconsellounos a inclusión destas notas que entresacamos dun estudo anterior, que recolle os resultados da investigación da achega das persoas maiores ao benestar, publicado polo Instituto de la Mujer (Rodríguez et al., 2014)

9 En castelán no orixinal.

10 O que significa aceptar, en verbas de L. Garrido (1996), que “a produción fundamental á que se dedica o xénero humano é á dos seres humanos”.

11 De feito, é a distinta relación coa morte o que mellor explica as diferencias entre o mundo moderno e o mundo preindustrial.

12 É a situación que se está a vivir dende finais do pasado século XX na maior parte dos países desenvolvidos. Lembremos que a “segunda transición demográfica” se caracteriza por unha fecundidade sub-reemplazo, polo incremento da idade media ao primeiro matrimonio e ao nacemento do primeiro fillo ou filla, a extensión da fecundidade fóra do matrimonio e o aumento do divorcio e da cohabitación. Estas transformacións, ligadas a importantes cambios sociais, económicos e de valores, conduciron a unha crecente diversificación e complexidade das traxectorias de vida individuais e familiares (J. Surkyn e R. Lesthaeghe, 2004; R. Lesthaeghe e A. Lopez-Gay, 2012).

13 Ou, se se prefire, na produción mercantil e na reprodución da sustentabilidade da vida (I. Pérez Orozco, 2006). O custo que para as mulleres supón facer reconciliables as dúas caras desta dobre presenza (L. Balbo, 1979) supón un detrimento do seu benestar e calidade de vida.

14 Pódese dicir que a dobre posición das mulleres na familia e no mercado de traballo foi o elemento decisivo para permitir que por primeira vez se visibilizase a importancia do traballo reprodutivo, converténdoo nunha cuestión social e económica de primeira orde. De feito, responde en gran medida a esta preocupación a elaboración das estatísticas de emprego do tempo, como as realizadas polo INE en 2003-2004 e 2009-2010.

emprego extra doméstico das mulleres reduce a súa dedicación de tempo diario ás tarefas domésticas e de coidado, non afecta de igual forma a todos os grupos de idade das mulleres.

Se prescindimos agora das mulleres novas e adultas novas, entre as que a asunción de valores de corresponsabilidade na vida familiar –co que implica de distribución máis igualitaria do traballo dentro da parella– parece que foi gañando terreo¹⁵, atopámonos, no outro extremo, coas mulleres maiores que pertencen a xeracións socializadas no modelo “home xefe do fogar” e muller “ama de casa”; e inmediatamente despois ás xeracións anteriores, situadas entre os 45 e os 65 anos, inmersas, as que puideron incorporarse ao mercado laboral, nun modelo de traballo de “dobre presenza” que L. Balbo (1979) non identifica coa dobre xornada; trátase de algo máis sutil –polo tanto máis interiorizado e máis difícil de identificar e erradicar; e máis difícil de medir tamén–, falamos dunha dobre carga de traballo desenvolvida nun mesmo espazo, tempo e xornada, co que iso supón de volume e intensidade de traballo material e de condicionamento das actitudes e valores das mulleres ante a vida familiar, laboral e profesional.

Dedúcese do ata aquí escrito que non se trata de establecer relacións causais; aínda así queremos destacar a necesaria interrelación de factores múltiples como son a mellora da saúde¹⁶ e do nivel educativo das mulleres e dos homes¹⁷, o aumento da produtividade nas tarefas domésticas, os factores culturais que favorecen a igualdade entre os sexos ou que explican a pervivencia de atavismos que frean os avances cara unha maior igualdade, todos eles ligados ás condicións da reprodución¹⁸.

Dende esta perspectiva sistémica de análise, o aumento do grao de participación da poboación na produción social, tras a incorporación “masiva”¹⁹ das mulleres ao traballo extradoméstico ou remunerado, reviste unha especial significación, como insiste L. Garrido (1996) e, en xeral, quen defenden a teoría da revolución reprodutiva²⁰, coincidente en puntos significativos cos presupostos da teoría da segunda transición demográfica. “A incorporación das mulleres ao mundo do traballo -sostén este último autor citado- ten en certo modo as mesmas consecuencias que a redución da mortalidade, son necesarios menos nacementos por unidade de capacidade produtiva, pero existe entre eles unha diferenza importante: cando aumenta a participación das mulleres é posible aumentar a capacidade produtiva sen aumento da poboación, ou pode manterse a capacidade produtiva a pesar dunha diminución da poboación”.

A revolución reprodutiva, ou máis en xeral a revolución demográfica, non se produce de forma illada. Os cambios nas variables vitais, como vimos en páxinas anteriores, tiñan lugar no marco dun sistema cultural, económico, social e político determinado. A incidencia deste marco é decisiva na marcha da revolución demográfica, apuntan demógrafos como F. Billari e G. Dalla Zuanna (2011:108), que engaden: “aínda que a demografía é fundamental para as dinámicas do medio e longo prazo, existen exemplos de sociedades que comparten un mesmo desenvolvemento demográfico e que, con todo, teñen crecementos económicos e situacións sociais moi diversas”.

Un dos alicerces desta revolución reprodutiva é, como viamos, o forte impulso da lonxevidade, o que se considera o fenómeno demográfico máis importante do século XX, e que, aínda que é un fenómeno de manifestación recente, vén xestándose desde os inicios da chamada modernidade. Un éxito da humanidade

15 A “Estadística de Empleo del Tiempo” de 2009-2010 (INE) permite observar este cambio, como recollen Rodríguez et al, 2014. Se ben outras investigacións centradas nas parellas novas (menores de 35 anos) coinciden en sinalar este mesmo feito e engaden tamén que “os resultados mostran que as parellas novas teñen unha repartición máis igualitaria, pero que dista moito aínda do ideal expresado nas enquisas, e que se debe máis á menor implicación das mulleres que ao aumento da participación dos homes” (Callejo, 2010). Cita orixinal en castelán.

16 Discútese nos estudos de socioloxía de roles o papel que desempeña a incorporación das mulleres ao traballo asalariado en relación á saúde (Un estado da cuestión preséntase en Informe Salud y Género, 2006)

17 Aínda máis importante que o forte incremento dos niveis de cualificación da poboación é a pronunciada redución da brecha educativa entre homes e mulleres.

18 Enténdese, como insiste L. Garrido, que “as tarefas de reprodución, nas que estaban confinadas as mulleres, esixen agora menos tempo de traballo doméstico, á vez pola redución dos nacementos necesarios, polo aumento da produtividade do traballo doméstico e pola socialización de parte das tarefas de criar”.

19 Entendemos “masiva” coas connotacións que estuda I. Alberdi (2005).

20 A teoría da revolución reprodutiva aplica ás poboacións humanas a teoría xeral de sistemas. Estas pasan a considerarse “sistemas poboacionais” que necesitan “alimentarse” de nacementos e de inmigración para manter a poboación. Descríbense as poboacións en termos de “eficiencia reprodutiva”, é dicir, a relación entre os resultados que consegue e os elementos de produción que require.

que leva consigo cambios substanciais na estrutura de idades do conxunto da poboación e na consideración do curso vital.

Achámonos ante un novo modelo reprodutivo, de límites aínda pouco precisos e de gran versatilidade, que está a substituír as formas de familia que se consideraban tradicionais, baseadas nunha rigorosa división das tarefas produtivas e reprodutivas entre home e muller e que confiaba no matrimonio para asegurar a reprodución. Sabemos tamén, e os datos que se analizan no capítulo II. 4 son contundentes, como, con todo, a familia en tanto que institución mantén unha gran vitalidade e variedade de formas, á vez que se mostra capaz de incorporar traxectorias vitais máis complexas e afastadas de esquemas predefinidos. Nese contexto, o envellecemento, e máis en concreto a forte feminización da vellez, é reveladora tamén dos fortes cambios na estrutura dos fogares e na funcionalidade das familias e na modificación das relacións interxeracionais.

1.2 Perfil das persoas maiores en Galicia

A 1 de xaneiro de 2018, as persoas maiores de 64 anos en Galicia case alcanzaban os seiscentos sesenta e seis mil habitantes, cunha representación do 24,59 por cento no conxunto da poboación da comunidade (Táboa II.1.1). Unha cifra global e unha porcentaxe moi lonxe das que caracterizaban a poboación galega de 1900 cando o colectivo de persoas de 65 e máis anos apenas se acercaba ao seis por cento, xa que as persoas maiores de 64 anos tan só eran 124.673 sobre un total de máis de dous millóns de habitantes. A expresividade dos datos anteriores obríganos a repensar no que estamos a comparar e a acordar que os 64 anos de 1900 non son (no sentido de que non significan o mesmo no curso de vida) os de 1960 e moito menos os de 2018.

Táboa II.1.1:

Galicia. Evolución poboación total e total maiores de 64 por sexos. 1900-2017

Poboación maior de 65 anos							
Anos	Galicia						
	Total	Total >65	%	Homes	%	Mulleres	%
1900	2.073.638	124.673	6,01	56.360	45,2	68.313	54,79
1930	2.466.599	157.916	6,4	66.051	41,82	91.865	58,17
1950	2.701.803	207.110	7,67	77.057	37,2	130.053	62,79
1970	2.676.403	297.439	11,11	116.366	39,12	181.073	60,88
2001	2.732.926	568.780	20,81	233.366	41,02	335.418	58,97
2012	2.781.498	635.879	22,86	266.486	41,9	369.393	58,09
2017	2.708.339	665.939	24,59	282.560	42,43	383.379	57,57

Fonte: INE-IGE.

Os datos anteriores insírense nos profundos cambios poboacionais na estrutura por idades que se viven en Galicia nese lapso de tempo de pouco máis dun século e que están a conducir ao chamado, con ben pouca fortuna, “envellecemento demográfico”, un proceso que, sabemos, altera as distintas etapas de vida e non só a vellez, modificando o curso vital do conxunto de mulleres e homes ao tempo que se evidencian as diferentes repercusións de todos estes cambios, para un e outro sexo, nos distintos grupos de idade.

Reteñamos de momento que o notable incremento da representación numérica das persoas maiores é en Galicia un fenómeno relativamente recente. E aínda que se observa unha progresión ao longo do pasado século, como se aprecia na anterior táboa, decatémonos de que en 1970 a porcentaxe de poboación de 65 anos e máis se situaba nun 11,11 por cento, unhas 116.366 persoas sobre un total de 2.676.403.

No ano 2017, e nun contexto de leve decrecemento da poboación real en Galicia, a porcentaxe que corresponde sobre o total a este grupo de maiores elévase ao 24,59 por cento. Nese mesmo momento a porcentaxe de maiores no conxunto da poboación española (19,00 por cento) é significativamente menor que a correspondente á poboación galega dese mesmo tramo de idade en 2001 (20,81 por cento).

Táboa II.1.2:
España. Poboación total e total maiores de 64 por sexo

Anos	Poboación maior de 65 anos						
	España						
	Total	Total >65	%	Homes	%	Mulleres	%
1900	18.855.668	967.774	5,13	460.258	47,56	507.516	52,44
1930	24.027.267	1.440.744	6	642.214	44,58	798.530	55,42
1950	28.420.922	2.022.533	7,12	828.197	40,95	1.194.336	59,05
1970	34.040.642	3.290.672	9,67	1.356.134	41,21	1.934.538	58,79
2001	41.035.271	6.980.550	17,01	2.940.003	42,12	4.040.547	57,88
2012	46.727.890	8.262.077	17,68	3.467.928	41,97	4.794.149	58,03
2017	46.549.045	8.844.411	19	3.843.942	43,46	5.000.469	56,54

Fonte: INE.

Os datos anteriores sitúannos diante dun envellecemento tardío e repentino que, sendo máis acusado no caso de Galicia, é de aplicación ao conxunto de España (cadro II.1.2), e que se presenta en clara contraposición, se atendemos ao marco europeo, ao caso francés, cuxa poboación maior representaba xa o 7 por cento en 1860, practicamente a de Galicia (7,67 por cento) e de España (7,12 por cento) en 1950, mentres que, pola contra, no país galo terían que transcorrer cento vinte anos para que o colectivo de maiores alcanzase unha representación do 14 por cento (J. C. Chesnais, 1991).

Na desagregación por sexo que se presenta no anterior cadro III.1.1 destaca a maior representación que alcanzan as mulleres no colectivo de persoas de 65 e máis anos, de aí a chamada “feminización” da vellez. Se ben se falamos da feminización da poboación no seu conxunto, como reflicte a táboa II.1.3, non se circunscribe a etapa da vellez.

Táboa II.1.3.
Relacións de masculinidade ano 2017

Anos	España	Galicia
0 a 4 anos	105,87	106,53
5 a 9 anos	106,1	106,48
10 a 14 anos	105,27	105,26
15 a 19 anos	105,92	106,06
20 a 24 anos	104,02	104,45
25 a 29 anos	100,96	102,68
30 a 34 anos	100,22	100,69
35 a 39 anos	102,97	100,86
40 a 44 anos	103,69	99,77
45 a 49 anos	101,74	98,06
50 a 54 anos	99,03	95,88

Anos	España	Galicia
55 a 59 anos	96,39	94,98
60 a 64 anos	93,93	93,73
65 a 69 anos	90,44	90,59
70 a 74 anos	85,54	84,63
75 a 79 anos	77,73	76,32
80 a 84 anos	67,14	65,93
85 a 89 anos	55,24	54,7
90 a 94 anos	42,21	42
95 a 99 anos	31,04	32,48
100 e máis	26,26	29,98

Fonte: INE.

Lembremos que o incremento do diferencial sexual con respecto á supervivencia é precisamente unha característica da transición demográfica, e que obedece á ampliación da ancestral diferenza de mortalidade entre homes e mulleres a medida que a poboación envellece. Cos datos da táboa III.1.3 podemos observar como no ano 2017 o equilibrio entre os dous sexos se produce en Galicia na franxa de idade de 35 a 39 anos (lembremos que nacen máis nenos que nenas), para, a partir dos 40, invertirse primeiro e acentuarse de maneira progresiva despois –ata os 100 anos e máis- o desequilibrio a favor do sexo feminino²¹. En España, a inversión é un pouco máis tardía e comeza aos 50 anos. No grupo de idade 80-84 anos a relación de masculinidade establécese en Galicia en 65,93 homes por cada 100 mulleres.

A desagregación do grupo de 65 anos e máis en dous subgrupos de idades, 65 a 79 e 80 anos e máis, reflicte como este segundo tramo de idade ten unha importancia crecente á hora de falar de conquistas na supervivencia.

Táboa II.1.4.
Galicia. Evolución da poboación maior, 1900-2051

Anos	Total	65 anos e máis		65 a 79 anos		80 anos e máis	
		Total	%	Total	%	Total	%
1900	2.073.638	124.673	6,01	108.020	5,21	16.653	0,8
1910	2.231.753	144.188	6,46	124.676	5,59	19.512	0,87
1920	2.342.545	139.089	5,94	116.623	4,98	22.466	0,96
1930	2.466.599	157.916	6,4	135.640	5,5	22.276	0,9
1940	2.638.557	185.062	7,01	157.954	5,99	27.108	1,03
1950	2.701.803	207.110	7,67	N/D		N/D	
1960	2.730.996	230.193	8,43	188.779	6,91	41.414	1,52
1970	2.673.406	297.437	11,13	246.945	9,24	50.492	1,89
1981	2.810.912	385.167	13,7	313.339	11,15	71.428	2,54
1991	2.731.669	457.743	16,76	350.257	12,82	107.486	3,93
2001	2.732.926	568.783	20,81	423.623	15,5	145.160	5,31
2011	2.772.928	629.477	22,7	432.354	15,59	197.123	7,11
2016	2.708.339	661.310	24,42	430.198	15,88	231.112	8,53
2026	2.723.025	720.181	26,45	491.316	18,04	228.865	8,4

Fonte: INE.

A cuarta idade

O recoñecemento dos cambios no estado de saúde e no estilo de vida das persoas lonxevas levaron á introdución do concepto de sobreavellamento, medido como a proporción de persoas de 80 e máis anos en relación coas de 65 e máis. Na Táboa II.1.7. vese a evolución desta poboación desde 1991.

Na táboa seguinte móstrase a porcentaxe de sobreavellamento tanto en España como en Galicia, referida a homes e a mulleres para o ano 2007 e o 2016.

21 Nas primeiras décadas do século XX o desequilibrio producíase a idades moi temperás, de media aos 14 anos.

Táboa II.1.5.

Poboación maior de 65 anos. Galicia e España (porcentaxe), 2007.

	Total		Mulleres		Homes	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
% maiores de 65 anos	21,6	16,7	24,4	19	18,5	14,3
% maiores de 85 anos	2,9	2	3,4	2,7	1,8	1,2
Sobreenvellecemento (>85 anos/>65 anos)	13,3	11,8	15,9	14,2	9,7	8,5

Fonte: INE - IGE.

Táboa II.1.6.

Poboación maior de 65 anos. Galicia e España (porcentaxe), 2016

	Total		Mulleres		Homes	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
% maiores de 65 anos	24	18,6	57,5	56,5	42,4	43,4
% maiores de 85 anos	8,53	6,18				
Sobreenvellecemento (>85 anos/>65 anos)	34,95	33,25	39,36	30,51	36,06	27,34

Fonte: INE - IGE.

Obsérvase como cada vez é maior o número de persoas que superan os 80 e 85 anos e máis, un fenómeno de moi escasa significación hai tan só tres décadas. Debido, precisamente, a que a supervivencia ata esas idades era moi escasa é o grupo que está a crecer agora, como sinalabamos, con maior rapidez, o que, loxicamente, contribúe a proxectar unha imaxe de forte envellecemento dentro do grupo da poboación maior.

Táboa II.1.7.

Poboación 80 e máis anos sobre 65 e máis (en porcentaxe)

Anos	65 anos e máis			80 anos e máis		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
1991	11,92	17,73	17,73	23,48	6,96	10,7
2001	22,58	18,15	26,71	25,52	20,1	28,35
2011	29,7	25,48	33,28	31,32	26,77	35,44
2016	33,25	27,34	35,68	34,95	29,79	38,74
2017	32,44	27,66	36,06	35,62	30,51	39,36

Fonte: INE - IGE

Os cocientes por sexo entre a poboación de 80 e máis anos e a de 65 e máis (Táboa II.1.7) reflicten, de novo, a feminización da poboación maior á que xa fixemos referencia e a súa progresión entre os anos 1991 e 2017, pois a brecha entre homes maiores e mulleres do mesmo grupo de idade amplíase de forma notoria.

A Táboa II.1.8 presenta as porcentaxes de poboación de 65 anos e máis, e de 85 e máis por comunidades autónomas. Dentro da tendencia xeral que describen os datos que vimos presentando, o indicador máis estendido para a medición do envellecemento da poboación, como é a porcentaxe de persoas que superan a idade de 65 anos, mostra notables contrastes.

Táboa II.1.8.

Poboación total por comunidades autónomas 2017.

Porcentaxe sobre o total da poboación española e porcentaxe de poboación de 65 e máis anos e 85 e máis anos.

Poboación por comunidades autónomas ano 2017						
	Total	% S España	Total 65 e máis	% 65 e máis	Total 85 e máis	% 85 e máis S 65 e máis
Andalucía	8.379.820	18	1.387.002	16,55	186.543	13,45
Aragón	1.308.750	2,81	280.365	21,42	53.565	19,11
Principado de Asturias	1.034.960	2,22	256.642	24,8	46.852	18,26
Illes Balears	1.115.999	2,4	171.103	15,33	23.696	13,85
Canarias	2.108.121	4,53	322.841	15,31	38.099	11,8
Cantabria	580.295	1,25	122.213	21,06	21.872	17,9
Castilla y León	2.425.801	5,21	600.274	24,75	123.788	20,62
Castilla - La Mancha	2.031.479	4,36	379.695	18,69	72.307	19,04
Catalunya	7.555.830	16,23	1.399.274	18,52	228.618	16,34
Comunitat Valenciana	4.941.509	10,62	926.737	18,75	129.868	14,01
Extremadura	1.079.920	2,32	217.951	20,18	37.417	17,17
Galicia	2.708.339	5,82	665.939	24,59	116.734	17,53
Comunidad de Madrid	6.507.184	13,98	1.126.487	17,31	177.771	15,78
Comunidad Foral de Navarra	643.234	1,38	124.513	19,36	21.841	17,54
País Vasco	2.194.158	4,71	476.115	21,7	78.489	16,49
Región de Murcia	315.381	0,68	64.441	20,43	11.969	18,57
La Rioja	1.470.273	3,16	224.586	15,28	32.497	14,47
España	46.549.045	100	8.746.178	18,79	1.401.926	16,03


Fonte: INE.

Atópanse de maneira destacada por encima da media española, que se sitúa en 2017 no 18,79 por cento (para os 65 anos e máis), comunidades como O Principado de Asturias, cun 24,80 por cento de persoas de 65 anos e máis e Castela-León, cun 24,75 por cento, seguidas de Galicia co 24,59 por cento, ou País Vasco, cun 21,70 por cento; Aragón, cun 21,42 por cento, e Cantabria, cun 21,06, son as que teñen as poboacións máis avellentadas.

Coa porcentaxe do 20 por cento sitúanse Extremadura e A Rioja. O indicador máis baixo alcánzalo Murcia, Canarias e Baleares con porcentaxes un pouco superiores ao 15 por cento. Madrid está por baixo da media española cun 17,31 por cento. Porcentaxes moi similares ao da media española alcánzanse na Comunidade Valenciana, Castela A Mancha, Cataluña e Navarra.


En Castela-León, como caso máis destacado, as persoas de 85 e máis anos supoñen máis dun 20 por cento das que superan os 65 anos, así como o 5,21 por cento do conxunto de todas as idades.

Gráfico II.1.1.
Porcentaxe de persoas maiores de 64 anos sobre o total. Comunidades autónomas (anos 1998 e 2017)




Fonte: INE

Gráfico II.1.2.
Incremento porcentual de persoas maiores 64 anos entre os anos 1998 e 2017




Fonte: INE

Gráfico II.1.3.
Peso específico de indicadores por comunidades autónomas. Año 2017



Fonte: INE


Gráfico II.1.4.
Peso específico de indicadores Galicia sobre o total español. Año 2017



Fonte: INE - IGE


En xeral, aquelas comunidades máis envellecidas demograficamente son tamén as que teñen unha cifra comparativamente superior de habitantes de idade moi avanzada que superan os 80 e máis anos.

Gráfico II.1.5.
Porcentaxe de maiores de 85 sobre maiores de 65 anos. 2017



Fonte: INE.

Gráfico II.1.6. Porcentaxe de maiores de 85 sobre o total de poboación. 2017



Fonte: INE.


O índice de lonxevidade, que representa a proporción do grupo de maiores de 80 anos e máis sobre a poboación de 65 e máis, viría ratificar que aínda que o envellecemento é un proceso compartido por todas as comunidades autónomas españolas, non todas acusan na mesma proporción o sobreenvellecemento da poboación.

Se descendésemos ao nivel provincial, observaríase que naquelas provincias con maior peso de poboación agraria é onde crece máis a poboación de maior idade, mentres que as que atraen poboación (inmigración interna e exterior) experimentan un crecemento menor neste segmento de idade (Goerlich e Mais, 2007:192). A explicación destas diferenzas non se limita aos movementos de poboación no territorio, máis ben hai que buscala, de modo xeral, nas peculiaridades e ritmos que debuxa a transición demográfica –na que se inclúen como é ben sabido os movementos migratorios– nas distintas rexións históricas españolas nos últimos douscentos anos.

Galicia na perspectiva de Europa

O Comité Europeo das Rexións manifestou nun dous seus ditámenes que o cambio demográfico é un dos maiores desafíos aos que se enfrenta a Unión Europea. Entre os seus factores atópanse o envellecemento da poboación, a diminución do número de mozos e mozas e unha taxa de natalidade inferior. Isto fai que o crecemento demográfico dependa, en gran medida, dos movementos migratorios -coa problemática que persoas migrantes e refuxiadas enfrentan na UE de 2018- moi diferentes nuns e outros territorios da UE. No interior da propia UE os desequilibrios crean desafíos diversos tanto nas zonas que perden poboación como nas grandes áreas urbanas receptoras²².

Mapa II.1.1.
Proporción de poboación de 65 e máis anos. Países da UE, 2017.




Fonte: Eurostat.

O peso das persoas maiores de 65 e máis anos en España é moi similar ao do conxunto europeo (Mapa II.1.1) e inferior ao que xa se alcanza en países como Portugal, Italia ou Alemaña. Francia é o paradigma do envellecemento temperán e gradual, que contrasta co tardío e rápido proceso experimentado en España e en Galicia particularmente. É precisamente a rapidez do proceso de envellecemento e os niveis de supervivencia que se alcanzan entre as persoas maiores de 80 anos o que explica que España se sitúe, nas porcentaxes do Mapa II.1.2, na mesma franxa que Francia, Italia, Alemaña ou Suecia.

²² No capítulo III.3, e tamén no Apéndice deste informe, dáse conta das accións emprendidas conxuntamente por comunidades autónomas de España, entre as que se conta Galicia, ante organismos da UE para facer fronte ao desafío do cambio demográfico.


Mapa II.1.2.
Proporción de poboación de 80 e máis anos. Países da UE, 2017.



Fonte: Eurostat.

A imaxe do envellecemento da poboación europea reflectida nos mapas III.1.1 e III.1.2 complementábase coa que proxecta o mapa III.1.3 (Proporción de poboación de 0-14 anos), que, pola súa desagregación a nivel NUTS 2, permite observar o caso de Galicia en relación coa UE.

Mapa II.1.3.
Proporción de poboación de 0-14 anos. Países da UE, 2016.



Fuente: Eurostat.

Galicia sitúase claramente no grupo de rexións con máis baixa representación de poboación entre 0 e 14 anos, mentres que España, aínda situándose por baixo da media europea, conserva unha representación de poboación menor de 15 anos lixeiramente por encima de Italia, Grecia e Alemaña. Fóra deste último, de

Holanda e Suíza e de países da antiga órbita soviética, corresponden, como cabía esperar, aos países do Sur de Europa os niveis inferiores de poboación máis nova da UE (aos que sumamos Suíza e Noruega para os efectos desta representación).

Pautas territoriais no envellecemento da poboación en Galicia

Táboa II.1.9.
Modelos estruturais da dinámica demográfica

	Densidade	Poboación grupo Idade 0-15	Poboación grupo 65 e máis	Índice sintético de fecundidade	Tasa crecemento vexetativo x1.000	Taxa bruta de natalidade	Idade media á maternidade
Galicia Occidental	230	13,1	18,9	1,07	-1,1	8,4	31,1
Cidades interiores	152,7	12,7	20	1	-1,7	7,9	31,7
Galicia Setentrional	50,6	9,9	26	0,88	-6,6	6	31
Galicia interior	30,2	9,1	31,1	0,77	-9,7	4,8	30,8

Fonte: IGE

A descrición das pautas territoriais do proceso de envellecemento revélanos fortes disparidades internas na súa manifestación, o que, por outra parte, non entraña sorpresa ningunha pois sabemos que os contrastes internos constitúen unha característica da dinámica demográfica de Galicia, e por extensión, poderíase dicir, de toda a vida do país galego. Vimos no anterior capítulo 1.2 a grande heteroxeneidade percibida cando observamos a distribución da poboación no territorio²³. Estas diferencias esténdense ao resto das variables demográficas e afectan á totalidade de indicadores socioeconómicos, como en síntese recolle a Táboa II.1.9 con datos de 2007 (Rodríguez et al. 2008).


Mentres que a Galicia occidental e as comarcas que rodean as cidades de Santiago, Lugo e Ourense conservan, pese ás taxas de crecemento vexetativo negativas, un aceptable dinamismo, unha parte da Galicia interior, que é tamén a de meirande esperanza de vida, corre o perigo de quedar deserta.

A escala provincial salientan as diferenzas no índice de envellecemento²⁴ entre a Galicia litoral e a interior, como cabía esperar, dado o maior dinamismo da primeira. Ademais, o índice presenta diferenzas significativas por sexo nas catro provincias e toma sempre para as mulleres valores superiores aos dos homes.

23 Pese ao carácter de país cunha forte presenza rural que aínda se atribúe a Galicia, as comarcas de Vigo e A Coruña representan o 29 por cento da poboación, e as que encabezan as outras cinco grandes cidades suman un 25 por cento máis. É ben visible, así mesmo, a maior concentración da poboación na Galicia atlántica, especialmente nas Rías Baixas.


24 O número de habitantes de 65 e máis anos por cada 100 menores de 20.

Gráfico II.1.7.
Índice de envelhecimento segundo sexo e grao de urbanización. A Coruña. Ano 2017




Fonte: IGE

Gráfico II.1.8.
Índice de envelhecimento segundo sexo e grao de urbanización. Lugo. Ano 2017




Fonte: IGE

Gráfico II.1.9.
Índice de envelhecimento segundo sexo e grao de urbanización. Ourense. Ano 2017



Fonte: IGE

Gráfico II.1.10.
Índice de envelhecimento segundo sexo e grao de urbanización. Pontevedra. Ano 2017



Fonte: IGE


Táboa II.1.10.
Índice de envelhecimento segundo sexo e grao de urbanización. Información para Galicia e provincias

	Total				Homes				Mulleres			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	154,8	131,8	116,5	275,1	127,6	102,4	98,1	233,1	183,9	163,2	136,1	320,7
A Coruña	149	146,2	112,5	227,7	122,1	112,7	95,7	190,6	177,7	181,8	130,3	268,3
Lugo	214,7	116,6	167,6	368,9	183	91,3	140,6	325,8	247,9	143,1	196	414,2
Ourense	234	146,3	132,9	430,1	196,4	114,3	113,4	369,3	274,2	180	153,8	495,9
Pontevedra	124,9	117,5	109,6	200,5	101,6	91,9	91,4	164,6	150,3	145,2	129,3	240,3

Fonte: IGE


Se descendemos na representación á escala comarcal (mapas 2007 e mapas 2017), maniféstase con maior contundencia a desigual distribución no territorio do peso da poboación maior de 65 anos.

Mapa II.1.4.
Poboación grupo de idade 65 anos e máis. Comarcas Galicia 2007



Fonte: IGE

Mapa II.1.5.
Poboación grupo de idade 65 anos e máis. Comarcas Galicia 2017



Fonte: IGE

Os datos do IGE permiten seguir a estreita relación entre o índice de envellecemento e o nivel de urbanización. Salientan a este respecto os datos do instituto estatístico²⁵ que en Galicia no ano 2017 o índice de envellecemento se situou en 154,8, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos hai 155

25 O IGE publicou en xaneiro de 2017 unha actualización da clasificación do grao de urbanización dos concellos galegos (GU 2016) baseada nun estándar europeo. No panorama-rural urbano recóllense os principais indicadores demográficos, sociolaborais e económicos para Galicia e as súas provincias segundo o grao e o subgrao de urbanización. Este conxunto de indicadores permite discernir as diferenzas e similitudes entre as distintas zonas de Galicia e caracterizar o que habitualmente se denomina urbano ou rural. Respecto do grao de urbanización establécense tres categorías: Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP) e Zonas pouco poboadas (ZPP). Fixa á súa vez un subgrao de urbanización, establecendo unha subdivisión das zonas de urbanización (ZDP, ZIP, ZPP) en subzonas, co fin de diferenciar núcleos de características diferentes. Esta subclasificación desagrega a ZIP en dúas subzonas (alta e baixa) e a ZPP en tres subzonas (alta, intermedia e baixa). A clasificación en seis subzonas de urbanización trata de reflectir as peculiaridades do asentamento poboacional en Galicia.

de 65 e máis anos. A zona máis envellecida correspóndese coas ZPP (segundo a clasificación do grao de urbanización dos concellos galegos que se describe na nota 25), na que por cada 100 menores de 20 anos hai preto de 275 de 65 e máis anos e, pola contra, a que se corresponde coas ZIP, cun índice de envellecemento máis próximo a 100, é a zona máis nova de Galicia.

Táboa II.1.11.


Índice de envellecemento segundo o subgrao de urbanización. Galicia

	Total	ZDP	ZIP alta	ZIP baixa	ZPP alta	ZPP intermedia	ZPP baixa
2005	129,2	105,7	89,1	110,9	147,6	179,4	274,2
2006	132,3	108,3	91	113,9	151	187,3	287,2
2007	134,2	110	91,9	115,5	152,9	193,7	298,1
2008	135,5	111,4	92,4	116,8	153,4	198,8	307,8
2009	137,3	113,4	93,9	117,9	154,6	203	317,9
2010	139,4	115,9	95,8	118,6	156	209,1	327,1
2011	141,9	118,5	97,7	121,3	158,8	214,3	337,1
2012	144,2	120,8	100	123,5	160,4	220,1	346,1
2013	146,1	123,1	102	125,1	160,8	223,2	350,5
2014	149,3	126,3	105,2	127,8	163,8	228,1	358,6
2015	151,9	129,1	107,9	130,3	165,9	232,5	365,1
2016	153,6	130,6	109,7	132,2	168,4	237,2	369,7
2017	154,8	131,8	111,6	133,9	168,6	239,4	371,9

Fonte: IGE

Gráfico II.1.11.

Índice de envellecemento segundo o subgrao de urbanización. Galicia.




Fonte: IGE

En todas as subzonas de urbanización fixadas polo IGE incrementouse o índice de envellecemento no período 2005-2017. A subzona na que máis aumentou foi na ZPP baixa, que constitúe ademais a subzona máis

envellecida de Galicia, cunha poboación de 65 e máis anos que é case catro veces a poboación menor de 20 anos no ano 2017.

Por outra parte, cómpre resaltar que a ZIP alta é a única subzona na que o índice de envellecemento se achega ao valor de 100 e, polo tanto, a única na que a poboación de 65 e máis anos é case a mesma que a poboación menor de 20 anos. En ningunha das subzonas de urbanización o índice de envellecemento é menor que 100 no ano 2017.

Mapa II.1.6.
Poboación de 65 anos e máis por concellos 2017



Fonte: IGE

É de salientar que precisamente na maioría destas areas é onde se atopan as persoas máis lonxevas e se acadan os maiores niveis de esperanza de vida.

1.3 Envellecemento e cambio na estrutura de idades da poboación galega

Coñecemos os cambios producidos entre os anos 1900 e 2017 na representación do colectivo de persoas maiores dentro do conxunto da poboación galega, que situamos xa no contexto do proceso de modernización e progresión social e individual que se vive en Galicia ao longo do período de referencia, un proceso que, por outra parte, non se pode dar por finalizado.

De constituír as persoas maiores a principios do pasado século o 6,01 por cento da poboación galega -mentres á poboación máis nova correspondíalle unha representación próxima á terceira parte-, ao final do período de estudo superan ás máis novas, sendo xa as de 65 anos e máis o 24,5 por cento. Iso é resultado, por suposto, de que se vive máis pero tamén de que se ten menos descendencia.


Un breve repaso á historia recente da poboación galega fornécenos de elementos explicativos esenciais para avanzar na interpretación dos cambios sinalados. Nos inicios do século XX, a esperanza de vida en Galicia non superaba os 35 anos; cos niveis de mortalidade do momento, a metade da poboación nada non alcanzaba a cumprir os 15 anos. Nun contexto sociodemográfico no que se vive esa situación na que cinco de cada dez persoas que nacen non chegan á idade de reproducirse, enténdese que se necesite “producir” moita descendencia para asegurar a continuidade da poboación.

Hoxe, pola contra, e desde tempos bastantes recentes que non se alongan máis aló dos anos oitenta do pasado século, a maior parte das persoas que nacen non morren antes da madurez. Vimos así mesmo en páxinas anteriores como cada vez en maior número viven unha primeira e unha segunda vellez, de tal forma que está a ter lugar unha real democratización da supervivencia fronte ao número escaso de persoas lonxevas nas xeracións anteriores.

Reside precisamente nesa democratización da supervivencia a todas as idades –non só na vellez- boa parte da explicación do progresivo descenso da fecundidade. Contemplado nunha perspectiva histórica ampla, o chamado envellecemento demográfico preséntase como o resultado da evolución de dúas tendencias que se empezan apenas a albiscar -nun caso máis que noutro, aínda que con algunha excepción- a finais do século XVIII, como son o descenso da mortalidade e da fecundidade, que alterarán en profundidade a estrutura por idades da poboación como observamos en páxinas anteriores.


A representación gráfica da estrutura por sexo e idade da poboación galega nos últimos corenta anos –pirámides de poboación de 1900, 1970, 2001 e 2017- reflicte o acusado cambio ao que viñemos facendo referencia. Como é facilmente perceptible, o recurso á representación mediante pirámides de poboación, a pesar de tratarse dun instrumento de natureza estática, permítenos unha interpretación dinámica dos seus comportamentos agregados, en especial se adoptamos unha perspectiva histórica ampla (neste caso, os anos que transcorren entre 1971 e 2017).

Gráfico II.1.12.
Poboación galega por grandes grupos de idade




Fonte: IGE.

Gráfico II.1.13.
Poboación española por grandes grupos de idade




Fonte: INE.

Gráfico II.1.14.
Poboación total por grandes grupos de idade. Galicia (1998-2017)



Fonte: IGE

Gráfico II.1.15.
Evolución da poboación por grandes grupos de idade. Galicia (1998-2017)



Fonte: IGE

Gráfico II.1.16.
Evolución da poboación de maiores 64 anos por sexo. Galicia (1998-2017)




Gráfico II.1.17.
Distribución da poboación por idades quinquenais e sexo. Galicia ano 2017






Gráfico I.1.18.
Crecemento/decrecemento no número total de habitantes por comarcas. 1998 a 2017




Fonte: IGE

Gráfico II.1.19.
Crecemento/decrecemento no número de habitantes maiores de 64 anos por comarcas. 1998 a 2017



Fonte: IGE


Mapa II.1.7.
 Peso porcentual dos habitantes de máis de 64 anos sobre o total. Concellos. Ano 2017



Fonte: IGE


Comparativa pirámides de poboación Galicia e España

Gráfico II.1.20.
Pirámide de poboación de Galicia, ano 1900




Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Gráfico II.1.21.
Pirámide de poboación de España, ano 1900




Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Gráfico II.1.22.
Pirámide de poboación de Galicia, ano 1970




Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Gráfico II.1.23.
Pirámide de poboación de España, ano 1970




Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Gráfico II.1.24.
Pirámide de poboación de Galicia, ano 2001




Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Gráfico II.1.25.
Pirámide de poboación de España, ano 2001




Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Gráfico II.1.26.
Pirámide de poboación de Galicia, ano 2017



Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Gráfico II.1.27.
Pirámide de poboación de España, ano 2017



Fonte: INEBASE. Estatística do padrón continuo

Na transformación da estrutura de idades destaca en primeiro lugar a acaecida na da poboación lonxeva e na da infancia e da poboación adulta nova²⁶. Polo xa sinalado non encerra sorpresa ningunha todo o relativo á poboación lonxeva, ademais de que, como sabemos, un comportamento moi similar se repite en España e na gran maioría dos países da UE.

²⁶ As definicións oficiais de mocidade céntranse habitualmente na idade, delimitándoa entre os 15 e os 30 anos (véxase, por exemplo, Eurostat,1997). Amplían a acepción de mocidade persoas expertas do campo da Socioloxía que comparten que, ademais da idade, este concepto se determina polo proceso de acumulación de habilidades e o acceso aos espazos que dan razón de ser ao mundo adulto, a saber, unha vivenda independente, un traballo que permita a autonomía económica e, habitual pero non necesariamente, a constitución dunha familia de reprodución e a independencia da familia de procedencia (Gil, 2001; Garrido e Requena,1996; Miret, 2007).

Con todo, maiores peculiaridades reviste a interpretación dos drásticos cambios na base, e de maneira progresiva na representación das persoas adultas novas, na pirámide de 2001 en comparación coa pirámide de 1970, que reflicten o descenso da natalidade. Entre unha e outra data o número de nacementos, que viñera mantendo bastante estable, cae á metade.

As pirámides de 2001 e 2017 resumen a magnitude destes cambios na estrutura de idades. A base, na que se contabiliza a poboación máis nova, estreitouse en ambas as dúas, en claro contraste co reflectido pola pirámide de 1970; pola contra, o vértice da de 2001, e máis acentuado no caso da de 2017, alárgase, especialmente no lado dereito, parte asignada convencionalmente á representación das mulleres.

Resalta de maneira especial o cambio –varias veces sinalado– na representación das persoas que teñen 80 ou máis anos, que están a gañar peso demográfico relativo en detrimento, sobre todo, das sexaxenarias. Tendencia, como vimos, que se percibe con nitidez desde a década de 1980 e que se acelerou nos últimos anos, como se reflicte nas pirámides de 2001 e 2017²⁷.

Asístese pois a unha configuración por idades nova –e en progresión continua dentro da relativa estabilidade de que a caracteriza–, á vez que se reafirma a supervivencia ata idades maduras e avanzadas en escenarios dominados por unha menor natalidade.

En Galicia a evolución por sexos e grupos de idade reflicte situacións xa adiantadas en páxinas anteriores. Así, a pirámide de 1970 mostra que aínda hai máis homes que mulleres ata os 10 anos de idade, permanece bastante equiparada ata a idade de 55 anos. En 2001 son, aínda, un pouco máis os homes que as mulleres ata o grupo dos 40-45 anos, cando a proporción por sexos practicamente se iguala. A partir dos 50 anos a proporción de mulleres invértese, poñéndose de manifesto o fenómeno xa coñecido de feminización das etapas previas da vellez. A pirámide de 2017 mostra unha proporción máis equilibrada ata os 65 anos, acentuándose na vellez a referida feminización.

O cambio na estrutura de idades é precisamente un factor de especial importancia á hora de interpretar os baixos índices de fecundidade, especialmente desde mediados da década de 1990. A diminución da mortalidade, ademais de aumentar a poboación total, modificou o equilibrio entre as idades e pode por tanto alterar a reprodución dos anos vividos en actividade sen que se corrixa o grao de participación na poboación activa. Noutras palabras, significa que se pode manter a capacidade produtiva con menos nacementos, sen que iso afecte o volume de poboación²⁸.

As coñecidas sinerxías entre mortalidade e fecundidade súmase a súa interacción cos cambios nas pautas matrimoniais e nas estruturas familiares, polo que todo o armazón social, económico, cultural e de xénero se ve afectado. Cambia a significación de cada idade e con iso o curso de vida das persoas, cuestionándose a validez actual de conceptos como o de ciclo vital acuñado pola psicoloxía evolutiva á hora de interpretar a modificación dos roles tradicionalmente asignados a cada idade.

Curso de vida implica considerar non só a idade e o biolóxico senón tamén a pluralidade das funcións sociais e dos acontecementos persoais que condicionan a forma de estar a vivir. Supón, por tanto, admitir que as valoracións sociais sobre a idade ou as expectativas depositadas en cada etapa están socialmente construídas e son diferentes para homes e mulleres ao estar determinadas por modelos de xénero que asignan, de maneira consciente ou asumida inconscientemente, comportamentos diferenciais a cada sexo. De aí a importancia que se atribúe, necesariamente, á transformación da dinámica poboacional. É sabido que a redistribución dos roles xeracionais e de xénero implican modificacións sociais e culturais intimamente relacionadas.

27 O acelerado ritmo que observamos a partir de 2001 explícase pola chegada aos 65 anos das minguadas cohortes de efectivos nadas durante a Guerra Civil e a posguerra inmediata (dada a subnatalidade que o conflito bélico ocasionou).

28 Cando ademais se fai evidente que as persoas adultas non producen a mesma riqueza hoxe que hai medio século. Nos anos sesenta aínda un terzo da clase traballadora española estaba ocupada no sector agrario, en xeral un sector moi pouco produtivo e cunha baixa proporción de afiliación á Seguridade Social.

Asístese pois a unha configuración por idades nova que, dentro da estabilidade que a vai caracterizando, tamén se atopa en progresión continua, á vez que se reafirma a supervivencia ata idades maduras e avanzadas en escenarios dominados por unha menor natalidade sen que nada neste escenario nos autorice a falar de declive demográfico. Especial interese, dada a índole deste traballo, revisten as características das xeracións que recentemente cumpriron os 65 anos de idade. Esta nova xeración de persoas maiores están a revolucionar o perfil sociolóxico tradicional da vellez²⁹.

Pero non esquezamos que dentro do colectivo de persoas maiores, as diferenzas entre homes e mulleres non só existen obviamente como no resto da poboación, senón que mesmo a maior parte das brechas existentes se agudizan debido ao peso cultural e social no que a sociedade pertencente a estas xeracións foi socializada. Cómpre ter en conta o nivel educativo das persoas maiores á hora de interpretar a desigualdade que marcou as actuais xeracións de mulleres de idade. Aínda no ano 2017 as mulleres maiores duplican a taxa de analfabetismo.

A nova pirámide poboacional afecta tamén de maneira directa a outros ámbitos sociodemográficos. As formas de convivencia e as estruturas dos fogares son distintas en cada idade, de maneira que a nova pirámide implica maior peso dos fogares característicos da vellez, co que diminúe o tamaño medio dos fogares, aínda que isto último non só cabe atribuílo ao envellecemento da poboación.

1.4 Avances na duración da vida e feminización da vellez

O espectacular aumento da supervivencia constitúe un dos actuais fenómenos demográficos máis importantes en canto ás súas consecuencias. Os cálculos da esperanza de vida, un dos indicadores máis coñecidos sobre a mortalidade das poboacións, reforzan os datos e consideracións presentadas en páxinas anteriores.

Táboa II.1.12.

Esperanza de vida ao nacemento. Galicia e España, 1991-2016

	España			Galicia		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
1991	77,1	73,5	80,6	76,8	73	80,5
1992	77,5	73,9	81,1	77,3	73,5	81
1993	77,7	74,1	81,2	77,5	73,7	81,2
1994	78	74,5	81,6	77,8	73,9	81,6
1995	78,1	74,5	81,7	77,9	74	81,7
1996	78,3	74,7	81,9	77,8	73,8	81,7
1997	78,8	75,3	82,2	78,6	74,8	82,2
1998	78,9	75,4	82,3	78,9	75,1	82,5
1999	78,9	75,4	82,3	79,1	75,4	82,8
2000	79,3	75,9	82,7	79,5	75,8	83,2
2001	79,7	76,3	83,1	80,1	76,5	83,5

²⁹ Xa á altura do ano 2003, lembraba J. Pérez Díaz que estaban a cumprir 65 anos as xeracións que, por primeira vez, conseguiron unha plena escolarización, gozaron dunha vida adulta e laboral sen interrupcións bélicas, viron como o traballo agrario ou a orixe rural deixaban de ser maioritarios, e gozaron do consumo de masas de automóviles, electrodomésticos e outros produtos.

	España			Galicia		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2002	79,7	76,3	83,1	80,2	76,6	83,7
2003	79,7	76,4	82,9	80	76,5	83,5
2004	80,2	76,9	83,5	80,7	77,1	84,3
2005	80,2	77	83,5	80,7	77,1	84,2
2006	80,9	77,7	84,1	80,9	77,45	84,4
2007	80,9	77,7	84,1	81	77,4	84,5
2008	81,2	78,2	84,3	81,4	78	84,8
2009	81,6	78,6	84,6	81,5	78,1	84,8
2010	82,1	79	85,1	82,01	78,7	85,3
2011	82,2	79,9	85,1	82,2	78,9	85,4
2012	82,2	79,9	85,3	82,2	79	85,4
2013	82,7	79,9	85,5	82,6	79,5	85,5
2014	82,9	80,1	85,6	82,9	79,7	86
2015	82,6	79,9	85,4	82,6	79,5	85,6
2016	83,6	80,3	85,8	83	79,4	86


Fonte: INE-IGE

Na Táboa II.1.12. e nos gráficos II.1.28 e II.1.29 recóllese a esperanza de vida ao nacer, desagregada por sexo, para o período 1991-2016; resaltan en primeiro lugar os 7 anos de ganancia que se logran nese período de 19 anos en Galicia, mentres que en España é de 6.

De novo, compróbase a maior lonxevidade do sexo feminino, aspecto que, con carácter xeral, faise máis evidente, como deixamos sinalado, conforme avanza a caída da mortalidade. Hai que advertir, non obstante, que desde inicios deste século XXI se debuxa unha tímida tendencia cara a un reequilibrio entre sexos ao incrementarse máis o tempo gañado polos homes que polas mulleres. Así, entre 2000 e 2010 os homes incrementaron a súa esperanza de vida en 3,0 anos, mentres as mulleres o fixeron en 2,18 anos.


Gráfico II.1.28.

Esperanza de vida ao nacemento por sexo Galicia



Fonte: IGE

Gráfico II.1.29.
Esperanza de vida ao nacemento por sexo España




Fonte: INE

A causa do crecemento da esperanza de vida é, claro está, o retroceso que se produce na mortalidade conforme vai avanzando o século anterior (Dopico e Reher, 1999; Gómez, 2011). Trátase dun proceso longo e continuado no tempo, a pesar da incidencia de fenómenos como a gripe de 1918-20 e a sobre mortalidade causada pola Guerra Civil.


As ganancias sitúanse, como apuntabamos, na redución da mortalidade, nun principio entre a poboación infantil, e despois, nestas últimas décadas, principalmente na poboación madura e anciá. Se a caída da mortalidade infantil, ata cifras case inmejorables, fixo que a morte nesas idades convertese en algo excepcional, o retroceso da mortalidade a idades maduras e avanzadas está a conseguir que cada vez sobrevivan aos 65 anos máis efectivos de cada xeración como se representa especialmente nos gráficos II.1.30 e II.1.31, referidos a Galicia e España respectivamente.

Gráfico II.1.30.
Esperanza de vida aos 65 anos por sexo, 1975-2015. Galicia



Fonte: INE- IGE

Gráfico II.1.31.
Esperanza de vida aos 65 anos por sexo, 1975-2015. España



Fonte: INE.

Á altura do ano 2010, analizando a esperanza de vida aos 65 anos, faise máis sobresaliente a maior supervivencia feminina. Nese momento e a esa idade as mulleres teñen unha esperanza de vida de 22 anos, é dicir, ata os 87 anos, mentres que, no caso dos homes, se sitúa en 18,1 anos (ata os 83,1).

Esta relación mantense a favor das mulleres maiores ata a idade de 95 anos, na que se inverte a favor dos homes.

Táboa II.1.13.
Esperanza de vida ao nacemento por CC. AA. Ano 2016

	España		
	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	81,9	79,1	84,5
Aragón	83,3	80,3	86,3
Principado de Asturias	82,3	79,1	85,4
Illes Balears	83	80,5	85,4
Canarias	82,1	79,6	84,7
Cantabria	83,1	80,1	86,1
Castilla y León	83,8	81	86,6
Castilla - La Mancha	83,2	80,6	85,9
Catalunya	83,4	80,6	86,1
Comunitat Valenciana	82,5	79,9	85,1
Extremadura	82,2	79,6	85,1
Galicia	82,7	79,4	85,8
Comunidad de Madrid	84,5	81,7	86,9
Comunidad Foral de Navarra	83,8	81,1	86,5
País Vasco	83,4	80,3	86,3

	España		
	Total	Homes	Mulleres
La Rioja	83,7	81,1	86,4
Región de Murcia	82,5	80,1	84,8
España	83,1	80,3	85,8

Fonte: INE, táboas de mortalidade.


Aínda que, como cabía esperar, se observan singularidades entre as diversas comunidades autónomas, Táboa II.1.13, as 17 comunidades repiten o modelo xeral de supervivencia, debuxando traxectorias que así mesmo reflicten a progresiva acentuación da diferenza na esperanza de vida entre homes e mulleres, sendo esta máis acusada no caso das comunidades de Asturias (cunha diferenza de 6,3 anos), Cantabria (cunha diferenza de 6 anos) e Galicia (cunha diferenza de 6,4 anos).

A forza explicativa destes comportamentos reside nas peculiaridades que revisten en cada territorio as fases da transición demográfica, coas consecuentes diferenzas nos procesos de modernización económica e social que estiveran na orixe dos fortes movementos migratorios interiores e exteriores, que permean os devanditos procesos transicionais en España. De feito, obsérvase que aquelas comunidades autónomas que atraeron nos últimos anos un maior número de inmigrantes son tamén as que experimentan menor crecemento de poboación de máis idade; con todo, como constatan J. Leguina (2004) e A. Abellán e M^a D. Puga (2005), a inmigración pode atrasar, pero non impedir, o proceso de envellecemento da poboación nas sociedades avanzadas.

Agora ben, aquelas comunidades autónomas de maior tradición migratoria -tanto exterior como de saída de efectivos cara a outras rexións españolas- teñen un maior índice de envellecemento, como ben exemplifica o caso de Galicia.

A nivel europeo, Galicia, e igualmente se se observa nunha perspectiva española, reproduce a forte brecha no diferencial entre homes e mulleres na esperanza de vida ao nacer (Mapa II.1.8. e Táboa II.1. 14), con valores no caso dos homes de 80,5 anos que sitúan a ambas na mesma franxa que Chipre, Italia, Luxemburgo, Malta Países Baixos e Suecia, mentres que a esperanza de vida aos cero anos das mulleres, de 86,3 anos, é a máis alta de UE 28 e alíñase con Francia, Italia e Luxemburgo. O mapa presenta a particularidade da desagregación rexional europea, o que permite situar claramente a Galicia entre aquelas rexións europeas de maior esperanza de vida.

Mapa II.1.8.
Esperanza de vida ao nacer por NUTS 2. UE 2014



(*) EU-28: provisional. Guyane (France): 2013. Mardin, Batman, Sirnak, Siirt (Turkey): 2011. Albania and Serbia: national data.
Source: Eurostat (online data codes: demo_r_mlifexp and demo_mlexpec)

Fonte: Eurostat.

Táboa II.1.14.
Esperanza de vida ao nacemento e aos 65 anos. UE (28)

	Ao nacemento		Aos 65 anos	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
UE (28)	78,2	83,7	18,2	21,6
Alemaña	78,6	83,5	18,1	21,3
Austria	79,3	84,1	18,5	21,7

	Ao nacemento		Aos 65 anos	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Bélxica	79	84	18,4	21,9
Bulgaria	71,3	78,5	14,2	17,9
Chipre	80,5	84,9	19	21,8
Croacia	75	81,3	15,6	19,2
Dinamarca	79	82,8	18,2	20,8
Eslovaquia	73,8	80,7	15,3	19,2
Eslovenia	78,2	84,3	17,9	21,8
España	80,5	86,3	19,4	23,6
Estonia	73,3	82,2	15,6	20,9
Finlandia	78,6	84,4	18,2	21,9
Francia	79,5	85,7	19,6	23,7
Grecia	78,9	84	18,9	21,7
Hungría	72,6	79,7	14,6	18,7
Irlanda	79,9	83,6	18,6	21,1
Italia	81	85,6	19,4	22,9
Letonia	69,8	79,6	14	19
Lituania	69,5	80,1	14,2	19,4
Luxemburgo	80,1	85,4	18,9	22,7
Malta	80,6	84,4	19,7	22,1
Países baixos	80	83,2	18,5	21,1
Polonia	73,9	82	16	20,5
Portugal	78,1	84,3	18	21,8
Reino unido	79,4	83	18,8	21,1
República checa	76,1	82,1	16,2	20
Rumanía	71,7	79,1	14,7	18,3
Suecia	80,6	84,1	19,1	21,5

Fonte: EUROSTAT

A Táboa II.1.14 repite a imaxe anterior do pronunciado desnivel na esperanza de vida das mulleres aos 65 anos e máis con respecto aos homes nos casos de Francia, lixeiramente máis pronunciado aínda, e de España.

Os datos anteriores de esperanza de vida, sumados aos de supervivencia, reforzan de novo o protagonismo das mulleres no aumento xeneralizado da esperanza de vida, o que se explica tanto pola influencia que os cambios derivados do seu crecente papel na sociedade tiveron sobre a eficiencia demográfica como polo feito xa sinalado da feminización da vellez.

O aspecto clave desa evolución é claramente a supervivencia nas idades maduras e avanzadas, se ben se pode afirmar que a evolución da esperanza de vida foi nun período longo máis uniforme e sostida que no caso dos homes debido á máis baixa mortalidade en idades temperás.

Lonxevidade, dependencia e calidade de vida

O aumento xeneralizado da esperanza de vida tamén entraña o risco de que esta non se viva con calidade, ou de que a aspiración a un envellecemento activo e saudable se vexa turbada polas limitacións e incapacidade que carrega o aumento de enfermidades crónicas e mentais³⁰. De aí a centralidade do envellecemento activo e saudable preconizado pola Organización Mundial da Saúde³¹. O envellecemento activo e saudable, que dá nome a esta estratexia, fai referencia ao proceso de optimizar as oportunidades para mellorar a saúde, a participación e a seguridade co fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen. É un concepto que pode aplicarse tanto ás persoas de maneira individualizada, como a poboacións ou grupos de poboación. O termo activo fai referencia á participación continua na sociedade en cuestións de distinta índole, sexan económicas, cívicas ou espirituais, e non se refire unicamente á actividade física ou á capacidade de realizar un traballo. O termo saudable debe enmarcarse na definición de saúde da OMS, e debe ser entendido como aquilo que produce un efecto positivo nas tres dimensións da saúde: o benestar físico, o benestar psíquico e o benestar social.

A capacidade funcional ten sido definida como os atributos relacionados coa saúde que permiten ás persoas seren e faceren o que valoran. Un declive acelerado da capacidade funcional conduce á discapacidade prematura. Nun proceso de envellecemento activo e saudable o declive é máis gradual e as persoas poden conservar a capacidade para desenvolver as actividades da vida ben entradas na vellez. As distintas traxectorias posibles van depender dun conxunto de determinantes sobre os que individualmente e de forma colectiva hai grandes posibilidades de actuar. Envellecer de maneira activa e saudable, persoal e colectivamente, depende dunha diversidade de determinantes:

- A cultura condiciona a forma na que envellecemos porque inflúe en todos os determinantes do envellecemento. Determina como se conforman os grupos familiares, como se organizan os coidados, o valor que se dá aos comportamentos, aos estilos de vida, e á imaxe social da vellez. A diversidade cultural aumenta coa presenza de minorías étnicas e coa incorporación á comunidade de persoas procedentes doutros países e rexións do mundo.
- O xénero é unha lente a través da que mirar tamén o proceso de envellecemento, para detectar roles que asignan distintas funcións e tarefas a homes e mulleres e que xeran inequidade: a brecha salarial e o menor acceso das mulleres a empregos remunerados debido ao rol de coidadoras son exemplos diso.
- Os sistemas sanitarios e os servizos sociais deben fomentar o envellecemento activo e saudable desde unha perspectiva de ciclo vital completo e orientarse de maneira coordinada á promoción da saúde, á prevención da enfermidade, e ao acceso equitativo a unha atención adecuada ás necesidades.
- Os comportamentos, a adopción de estilos de vida saudables e a participación activa no propio autocoidado son importantes en todas as etapas do ciclo vital, tamén na vellez. Non fumar, facer exercicio, manter unha vida social activa, controlar o consumo de alcohol e de medicamentos, o manexo do estrés ou unha alimentación sa contribúen a mellorar o benestar e a calidade de vida e a evitar o declive funcional e a discapacidade.
- Os factores ambientais externos poden provocar o paso dunha situación de independencia a unha de dependencia.
- Os contornos físicos inseguros con barreiras físicas dificultan ou impiden que as persoas anciáns salgan do fogar e as fan máis propensas ao illamento, á depresión e a aumentar os problemas de mobilidade.

30 Con respecto á cronicidade, escríbese na presentación da Estrategia para el abordaje de la cronicidad en el Sistema Nacional de Salud, aprobada polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en xuño de 2012, "en España, o aumento da esperanza de vida, as melloras en saúde pública e atención sanitaria, así como a adopción de determinados estilos de vida condicionaron que, na actualidade, o patrón epidemiolóxico dominante estea representado polas enfermidades crónicas. As ditas enfermidades son de longa duración e xeralmente de progresión lenta, ademais levan unha limitación na calidade de vida das persoas afectadas e das persoas coidadoras, son causa de mortalidade prematura e ocasionan efectos económicos importantes nas familias, as comunidades e a sociedade". Para tentar medir a duración da vida e a súa calidade cóntase cun indicador sintético, o indicador de esperanza de vida libre de incapacidade (EVLI), que mide a media do número de anos libres de incapacidade que restan por vivir a unha persoa de determinada idade ata o seu falecemento. As diferenzas coa esperanza de vida son importantes, apreciándose que "a ganancia de anos de esperanza de vida nas mulleres con respecto aos homes realízase fundamentalmente a expensas de anos vividos con incapacidade", como publicaba o Ministerio de Sanidade e Consumo nos seus Indicadores de Saúde, 2005.

31 Tema que se aborda máis amplamente no capítulo III.3

Interesa potenciar contornos, urbanos e rurais, seguros e amigables que estimulen a integración social e faciliten a accesibilidade aos equipamentos, servizos e transporte.

Os determinantes sociais poden favorecer o envellecemento activo e saudable ou poden acelerar o deterioro e a perda de capacidade funcional. O apoio social, contar con posibilidades efectivas de aprendizaxe e formación ao longo da vida e vivir nun contorno familiar e social seguros, sen violencias nin abusos, melloran a saúde, favorecen a integración das persoas na comunidade e danlles seguridade. Contar cuns ingresos suficientes para vivir, o traballo e a protección social son os determinantes económicos máis relevantes para o envellecemento saudable. A pobreza aumenta o risco de mala saúde e de discapacidade, e os anciáns, e especialmente as anciás polos condicionantes de xénero, son máis vulnerables.

En función do anterior, as preocupacións por medir a duración e a calidade de vida están detrás dos estudos que nos permiten realizar unha achega a un tema de capital importancia.

Para tentar medir a duración da vida e a súa calidade cóntase cun indicador sintético, o indicador de esperanza de vida libre de incapacidade (EVLI), que mide a media do número de anos libres de incapacidade que restan por vivir a unha persoa de determinada idade ata o seu falecemento. As diferenzas coa esperanza de vida son importantes, apreciándose que “a ganancia de anos de esperanza de vida nas mulleres con respecto aos homes realízase fundamentalmente a expensas de anos vividos con incapacidade”, como publicaba o Ministerio de Sanidade e Consumo nos seus Indicadores de Saúde, 2005.

Táboa II.1.15.

España e Galicia. Valoración do estado de saúde percibido segundo sexo e grupo de idade. Poboación de 65 anos e máis.

	Total	Moi bo	Bo	Regular	Malo	Moi malo
España						
Ámbos sexos						
Total	100	21,34	49,65	20,51	6,25	2,25
De 65 a 74 anos	100	9,14	43,73	32,19	11,08	3,86
De 75 e máis anos	100	4,42	30,38	39,26	18,23	7,71
Homes						
Total	100	23,38	51,76	17,93	5,16	1,77
De 65 a 74 anos	100	10,47	49,24	28,37	9,3	2,63
De 75 e máis anos	100	5,1	33,8	38,37	16,18	6,57
Mulleres						
Total	100	19,39	47,64	22,97	7,29	2,71
De 65 a 74 anos	100	7,96	38,88	35,56	12,65	4,94
De 75 e máis anos	100	3,97	28,11	39,86	19,59	8,48
Galicia						
Ámbos sexos						
Total	100	14,64	45,33	28,36	8,45	3,22
De 65 a 74 anos	100	16,27	48,66	25,24	7,3	2,52
De 75 e máis anos	100	13,13	42,27	31,22	9,51	3,87

Fonte: INE. Enquisa europea de saúde en España. Datos 2014.

Táboa II.1.16.

España. Limitación para actividades da vida cotiá nos últimos 6 meses por problemas de saúde

Limitación actividades cotiás por problemas de saúde maiores de 65 anos				
	Total	Gravemente limitado	Limitado non gravemente	Nada limitado
Ámbos sexos				
Total	8.220	1.153	3.097	3.965
De 65 a 74 anos	4.255	326	1.412	2.515
De 75 e máis anos	3.965	827	1.685	1.450
Homes				
Total	3.574	413	1.155	2.003
De 65 a 74 anos	1.994	149	563	1.280
De 75 e máis anos	1.580	264	592	723
Mulleres				
Total	4.644	740	1.941	1.961
De 65 a 74 anos	2.260	177	848	1.234
De 75 e máis anos	2.384	563	1.093	727

Fonte: INE, Enquisa europea sobre saúde.

Os dous cadros anteriores elaboráronse a partir dos datos da Enquisa europea de saúde en España 2014. Refórzanse, no primeiro deles, as tendencias de anos anteriores en España e tamén en Galicia como se observa nos datos máis agregados da mesma fonte estatística. O segundo mostra que un 7,8 por cento das mulleres españolas de 65 a 74 anos e un 23,6 por cento das maiores de 75 presentan graves limitacións debidas a problemas de saúde³². Entre os homes as porcentaxes descenden ata un 7,4 por cento e un 16,7 por cento respectivamente. Declaran non ter ningunha limitación derivada de problemas de saúde un 64,1 por cento dos homes de 65 a 74 anos e un 45,7 por cento dos maiores de 75. Nas mulleres, as porcentaxes son dun 54,6 por cento e dun 30,4 por cento respectivamente.

A mesma tendencia repítese sen apenas variacións noutras enquisas realizadas uns anos antes. Así, a Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia, (INE/IMSERSO, 2008), mostraba como a partir dos 65 anos as taxas de discapacidade reproducen un perfil moi diferencial segundo o sexo, incrementándose de forma significativa no caso das mulleres segundo aumenta a idade.

As táboas II.1.17 (Galicia) e II.1.18 (España) son expresivas dos cambios no estado civil das persoas de 65 e máis anos entre 1970 e 2016. O efecto do incremento da nupcialidade na década de 1960, que coincide cos anos do chamado baby boom, explicaría o descenso nas porcentaxes de solteiría para ambos os sexos e, lóxicamente, o incremento de persoas casadas. Isto último gardaría unha estreita relación tamén cos avances na maior supervivencia alcanzada en todas as idades, descendendo, por tanto a porcentaxe de xente viúva no colectivo de 65 e máis anos entre 1970 e 2017.

32 D. Puga et al (201 X) poñen de manifesto na súa investigación sobre as etapas no curso de vida previas aos 70 anos nas que se acortan as expectativas de vida en saúde, o importante peso que para a autonomía da poboación masculina destas idades ten a falta de habilidade instrumental para cuestións domésticas. Conclúen tamén que ademais as mulleres ostentan un peor pronóstico de supervivencia sen discapacidade, tanto para calquera tipo de discapacidade como para a discapacidade básica.

Táboa II.1.17.

Galicia. Estado civil das persoas de 65 e máis anos

Estado civil maiores de 65 anos. Galicia					
	Total	Ssolteiros/ solteiras	casados/ casadas	viúvos/ viúvas	separados e divorciados/ separadas e divorciadas
2001	100	10,9	57	30,7	1,3
2011	100	8,4	57,8	31,2	2,6
2016	100	7,8	60,3	28,4	3,6
2017	100	8,4	58,3	29,9	3,4

Fonte: INE, INEBASE.

Táboa II.1.18.


España. Estado civil das persoas de 65 e máis anos

Estado civil maiores de 65 anos. España					
	Total	solteiros/ solteiras	casados/ casadas	viúvos/ viúvas	separados e divorciados/ separadas e divorciadas
1970	100	11,2	49	39,4	0,4
1981	100	11,3	51,2	36,7	0,7
1991	100	10,4	55,9	33,2	0,6
2001	100	8	59,7	30,9	1,4
2011	100	6,2	62,2	29,2	2,4
2016	100	7	60	28,6	4,4

Fonte: INE, INEBASE.

Con datos do INE, o gráfico II.1.32 mostra, con respecto ao estado civil das persoas maiores en Galicia, que o 74,3 dos homes maiores estaban casados e que a porcentaxe de viúvos se limitaba a un 13,6 por cento. As viúvas, en cambio, supoñían un 42,1 por cento do total de mulleres maiores, mentres que as mulleres casadas representaban o 46,2 por cento. A viuvez concéntrase nos tramos máis altos de idade, traspasando a porcentaxe do 50 por cento a partir dos 80 anos.


Gráfico II.1.32.
Galicia. Convivencia das persoas maiores 2017. Valores en porcentaxe



Fonte: IGE. Indicadores de lonxevidade.

Polo que respecta ao analfabetismo, apuntado por A. Abellán e A. Ayala á hora de explicar a maior taxa de discapacidade entre as persoas maiores con esa carencia formativa, coñecemos para o conxunto de España a importante redución da súa taxa e os aínda lixeiros avances no nivel de formación de estudos secundarios e de “terceiro grao e superiores” das persoas que chegan aos 65 anos e máis no ano 2001 en comparación con 1970. A intensidade dos cambios na cualificación da xeneralidade da poboación galega revélase máis drástica nas cifras desagregadas por sexo. O gráfico II.1.33 mostra o nivel de instrución das persoas maiores no ano 2017.

Gráfico II.1.33.
Galicia. Nivel de instrución das persoas maiores por sexo, 2017



Fonte: IGE. Indicadores de lonxevidade.

O grupo máis numeroso fórma a poboación sen estudos ou só cun nivel primario destes, tanto no caso dos homes, cun 59,3 por cento, como no das mulleres, que chega ao 70,8 por cento,. O nivel de analfabetismo redúcese nos homes a un 1,3 por cento, sendo o das mulleres dun 3,8 por cento. A tendencia invértese, claramente, cando se fala de estudos superiores ou secundarios, onde as porcentaxes dos homes son en ambos casos moi superiores aos das mulleres. O dato anterior sinala, ás claras, a situación de discriminación no acceso aos estudos que viviron as mulleres que agora se atopan nesa franxa de idade.

Os datos do nivel de instrución teñen un gran interese polas súas concomitancias demográficas, pois, lembremos, o desenvolvemento teórico do modelo de eficiencia demográfica asigna un importante papel á formación. Ademais do significado de envellecer con formación que vimos con anterioridade (lembremos o que representa o nivel de formación en relación coa calidade de vida na vellez), nun escenario no que a proporción de persoas que traballa diminúe, a educación cobra maior relevancia ao longo do curso de vida á hora de conseguir que estas sexan máis produtivas e innovadoras. Deste xeito, pódese compensar o menor número de persoas en idade activa que poida entrañar o proceso de envellecemento da poboación.

A outra faciana da lonxevidade, e na que non sempre se repara en toda a súa importancia, é a da contribución neta das persoas maiores ao benestar. Como sabemos, unha das máis salientables contribucións das enquisas de emprego do tempo(EET) é a de permitir realizar unha análise das actividades dos fogares desde un punto de vista produtivo, o que permitiu coñecer a relación que se establece entre a forma en que as persoas maiores fan uso do seu tempo e medir a súa achega ao benestar xeral e ao da súa rede familiar (Rodríguez et al. 2014).

As persoas maiores son socialmente produtivas, achegando a súa demanda agregada, o seu aforro e especialmente polos cuidados e recursos que proporcionan no seu ámbito familiar de maneira significativa no tramo de idade de 65 a 75 anos. Reafírmase na EET de 2009-2010 (INE) que as persoas deste grupo de idade son en España, ante todo, donantes de tempo, dun tempo social e economicamente produtivo. No estudo antes citado cuantifícase nun 6,59 por cento do PIB a prezos de mercado a contía do valor total estimado das actividades realizadas polas persoas maiores. 11.383 millóns de horas-ano é a contía dedicada por estas persoas ao traballo non remunerado, do que un 69,38 por cento corresponde a actividades realizadas polas mulleres. Cómpre ter en conta que a feminización da vellez axuda a salientar a maior contribución das mulleres.

Os resultados dunha investigación en curso, avanzados por E. Pis Sánchez en abril de 2018, elevan no caso de Galicia a un rango de entre un 9 por cento e un 12 por cento do PIB a prezos de mercado a cuantificación do valor total estimado das actividades realizadas polas persoas maiores.

2

A xuventude: alcance e significación demográfica

2.1 O grupo de idade “xuventude”

Os cambios na estrutura de idades inducidos polo proceso de modernización demográfica, cuxo alcance coñecemos ben para Galicia, están a alterar en profundidade as distintas etapas de vida, modificando o curso vital de mulleres e homes ao tempo que se evidencian as diferentes repercusións destes cambios, para un e outro sexo, nos distintos grupos de idade.

Falamos agora de *grupo de idade “xuventude”* enfróntanos, xa de primeiras, coa dificultade metodolóxica da mesma definición de “xuventude”, ao tratarse dun concepto cultural para o que non se conta cunha definición unánime, o que explica que acabe dependendo de factores socioculturais, institucionais, económicos e políticos específicos.

Na xeneralidade dos estudos sociolóxicos, como lembra J. Viñuela (2002), o concepto de xuventude fai referencia a un período de transición, o estadio intermedio entre a infancia e a idade adulta, inherente ao proceso de reprodución de toda sociedade. Entenderíase así como unha etapa cada vez máis ampla que separa o momento en que se alcanza a capacidade fisiolóxica para realizar as funcións físicas propias da etapa adulta (procrear, traballar, defenderse), do momento en que se adquire a capacidade psicosocial para desempeñalas. Un concepto que aúna circunstancias biolóxicas e outras marcadas por factores de carácter social.

Teima o mesmo autor con que só o termo “idade” ten un claro significado demográfico, porque, segundo anota: a) a idade marca capacidades e aptitudes para a aprendizaxe e marca tamén diferentes actitudes sociais; b) coa idade pásase a ter e a perder a capacidade reprodutora; c) pásase da inactividade a producir e vólvese a ser dependente; d) cámbiase de necesidades e apetencias de consumo; e e) modifícase a perspectiva que se vai observando ao avanzar pola “liña de vida” das xeracións.

En función do sinalado, e no tocante á mocidade, o termo idade hai que enténdelo referido a un período da vida das persoas, que, convencionalmente e de feito, marca os momentos en que estas cambian as súas interdependencias coa sociedade, coa economía e, en definitiva, cambian como elementos das estruturas territoriais.

As definicións oficiais de mocidade céntranse habitualmente na idade, delimitándoa entre os 15 e os 30 anos (véxase, por exemplo, Eurostat, 1997). En realidade, este concepto determínase polo proceso de acumulación de habilidades e o acceso aos espazos que dan razón de ser ao mundo adulto, a saber, unha vivenda independente, un traballo que permita a autonomía económica e, habitual pero non necesariamente, a constitución dunha familia de reprodución e a independencia da familia de procedencia (Miret, 2016).

No ámbito político e estatístico utilízase normalmente un criterio de idade, variable, para definir a este grupo. Así, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas define a xente moza como o grupo de idade situado entre os 15 e os 24 anos. Esta definición fíxose para o Ano Internacional da Mocidade, celebrado ao redor do mundo en 1985. Todas as estatísticas das Nacións Unidas están baseadas nesa definición. A Organización Internacional do Traballo (OIT) adopta a mesma delimitación.

As actuais definicións políticas da mocidade, adoptadas polos países e institucións da UE, comprenden os grupos de 15 a 25 anos ou, nalgúns casos, de 14 a 29. Porén, cómpre salientar que os límites de idade adoitan variar segundo sexa o campo de estudo, como educación, emprego, saúde, vivenda, benestar, apoio financeiro, etc. A European Young Card ten como límite os 30 anos. A Comisión Europea, na Estratexia para a Mocidade da Unión Europea 2010-2018, engloba dentro deste concepto adolescentes e persoas adultas novas de entre 13 e 30 anos. Respecto deste amplo intervalo de idade, para os efectos de comparacións internacionais, aconséllase traballar cos seguintes tramos de idade: 16-19 “adolescencia”, 20 a 24 “post-adolescencia” e 25 a 29 “persoas adultas mozas”. Nalgún caso pode ser interesante contar tamén coa información do tramo de 30 a 34 anos.

Na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia dise textualmente: “En canto á consideración de persoas novas, estas serán as que teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos inclusive. Neste ámbito, e froito do estudo comparado entre as lexislacións das distintas comunidades autónomas, detectouse unha gran variación da franxa de idade, sendo un aspecto sobre o cal non existe un acordo común. Así, desde o Executivo galego considérase unha franxa de idade suficientemente ampla para abarcar as distintas manifestacións da mocidade, sen prexuízo de que desde a Xuventude, Participación e Voluntariado poidan adoptarse programas ou actuacións dirixidos a mozos dun rango diferente de idade, polas súas especiais características”.

Sempre que os datos estean dispoñibles, e segundo as estatísticas consultadas, o tramo de idade considerado será o de entre 16 e 34 anos.

Desde unha perspectiva sociodemográfica, a transición á vida adulta consiste no cambio desde unha etapa caracterizada pola dependencia e pola necesidade de soporte e apoio, propio da condición infantil, a unha nova condición de individuo completamente emancipado e autónomo, propio da condición adulta. A etapa da mocidade presentásenos así como un proceso no que se van adquirindo e asumindo as responsabilidades sociais na esfera produtiva, doméstica e familiar, esta última, cos seus compoñentes conxugal e parental (Miret, 2016). De aí o lugar que se lle reserva en todo estudo da etapa de xuventude ao tema da “emancipación familiar”, vista nas súas tres (e non exclusivas) dimensións fundamentais, como son o paso da etapa de estudante ao mundo laboral (inserción laboral), de membro dependente do fogar á persoa referente deste (emancipación residencial) e da posición case que única de filla ou fillo á de nai ou pai (formación familiar).

As dificultades que rodean a transición á vida adulta están na base da paulatina prolongación da etapa de xuventude nos países occidentais; pero sen a constante prolongación da vida nos niveis que coñecemos dificilmente poderíase dar unha reorganización do curso de vida das persoas da intensidade que tampouco non é descoñecida, co que así mesmo entraña de dilatar a etapa de xuventude. Así mesmo, a redución da fecundidade relaciónase moi directamente co atraso no calendario de transición á vida adulta.

Coas súas particularidades, Galicia insírese de cheo neste modelo occidental. As intensas transformacións que se viviron nos últimos trinta anos, que supuxeron unha notable elevación do nivel de vida, fixeron tamén posible que a mocidade acadara progresivamente un nivel de instrución máis alto. Subsiste, non obstante, un elevado paro entre a mocidade que, sumado aos altos custos da vivenda e á sensación constante de inestabilidade laboral, dificultan a emancipación residencial e a súa completa autonomía como seres adultos. De feito, como se repite nos máis recentes informes do INJUVE, a estratexia seguida por boa parte da mocidade española, e galega en particular, é a de prolongar a súa condición de estudante, residindo na casa familiar. E a este respecto, as conclusións da investigación de P.Miret (2016) son de total aplicación ao caso de Galicia cando escribe: “o investimento en formación resulta en parte da dinámica do mercado de traballo, pois apostar por prolongar os estudos é unha estratexia con vistas a aumentar as oportunidades


de construír unha carreira laboral, se ben isto mesmo representa tamén relegar a un segundo plano os proxectos persoais de constitución de parella e a decisión de ter descendencia, adiándoa a un momento posterior máis favorable". Os datos que se presentan nas páxinas seguintes (e algúns tamén xa avanzados en outras anteriores) do retraso na entrada no mercado de traballo da mocidade galega, do seu matrimonio tardío e da idade das nais no momento do nacemento do seu primeiro fillo ou filla é ben expresivo do que levamos sinalado.

2.2 Xuventude e cambio na estrutura de idades

Na nosa Comunidade Autónoma, o grupo de idade comprendido entre 14 e 30 anos¹ está formado por un total de 393.593 mozos e mozas, o que representa o 14,5 por cento da poboación de Galicia. Seguindo a estrutura do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016, que agora está en proceso de actualización, a continuación imos incluír unha serie de gráficos e datos que darán unha idea máis aproximada da importancia de este tramo de poboación en Galicia.


A distribución por provincias da poboación moza é a seguinte: A Coruña é o lugar onde máis mozos e mozas viven, representando o 40,7 por cento do total da xuventude galega, síguelle a provincia de Pontevedra co 37,3 por cento da mocidade, mentres que Lugo, cun 11,48 por cento, e Ourense, cun 10,49 por cento, son claramente as de menos poboación nesta franxa de idade.

Gráfico II.2.1.
Número de mozos e mozas en Galicia. 2017



Fonte: INE

Gráfico II.2.2.
Distribución da poboación moza por provincias. 2017



Fonte: INE


Se comparamos os datos cos da poboación maior de 65 anos, observamos que hai un claro envellecemento, xa que, esta cohorte representa un 24,59 por cento, dato moi alonxado do 14,5 por cento que representa a xuventude.

Analizando a porcentaxe de poboación moza que hai en cada provincia, en relación á poboación total de cada unha delas, observamos que a provincia que conta cun maior número de mocidade é Pontevedra, con 15,6 por cento da súa poboación, seguido da Coruña, onde mozos e mozas representan o 14,3 por cento do total desa provincia; en Lugo a porcentaxe é do 13,6, e en Ourense é do 13,3 por cento.

¹ Definición de xuventude da Xunta de Galicia.

Gráfico II.2.3.

Distribución da poboación moza en relación á poboación total de cada provincia. 2017




Fonte: INE

Na gráfica seguinte faise unha comparativa da poboación entre 16 e 29 anos² de diversos países europeos e algunhas comunidades autónomas españolas, incluída Galicia. Nela obsérvase a ratio entre a poboación nova e a poboación total no ano 2016; é especialmente chamativo que Galicia sexa, xunto ao País Vasco e Asturias, unha das poboacións con menor ratio.

En concreto, na nosa comunidade, só o 13 por cento da poboación está nesa franxa de idade, por baixo de España, cun 15,14 por cento, e da media da UE, cun 17,37 por cento. Nada que ver coas cifras de lugares como Dinamarca, Malta ou Chipre, este último cunha poboación moza de máis dun 22 por cento da súa poboación total.

Gráfico II.2.4.

Ratio de poboación moza con respecto á poboación total. 2016



Fonte: España: Cifras de poboación (INE). Europa: Population (demo_pop) (Indicador demo_pjangroup) (Eurostat).


2 Definición de xuventude de Eurostat.

A gráfica seguinte, onde tamén se comparan unha serie de países europeos e algunhas CCAA en canto á evolución do peso da poboación moza entre os anos 2004 e 2016, tamén é revelador da evolución da estrutura de idades.

Así, Galicia, xunto a Madrid e Cantabria, foron os lugares nos que se perdeu máis poboación moza. Tamén é significativo que esta só crecese en tres países, Reino Unido, Suecia e Dinamarca. No resto de lugares analizados, todos eles perderon poboación xuvenil, aínda que non fose na mesma proporción que a nosa comunidade.

Gráfico II.2.5.

Variación no peso poboación moza entre 2004 e 2016




Fonte: España: Cifras de población (INE). Europa: Population (demo_pop) (Indicador demo_pjangroup) (Eurostat).

Entre os anos 2008 e 2017, en España, a poboación de entre 16 e 29 anos diminuíu en 137.826 persoas. Esta evolución reflicte o fenómeno do envellecemento e mostra a seguinte pirámide de poboación.

O descenso prodúcese para todas as idades, aínda que, de xeito crecente coa idade (o descenso é moito maior na poboación de 29 anos que na de 16, que case está estabilizada).

Gráfico II.2.6.
Pirámide de poboación moza en España en 2008 e 2016




Fonte: Cifras de poboación (INE).

España é un dos países da UE cun maior peso da poboación non nacida en España na poboación moza, só superada por Alemaña, e duplica o peso de países como Portugal, Francia e Holanda. Non obstante, o seu peso en Galicia é moi reducido, xa que as persoas residentes españolas desa idade supoñen o 94,39 por cento; so é maior que en Extremadura, e está ao nivel de Polonia.


O peso das persoas nacidas fóra de España é tamén reducido en Galicia, aínda que moi próximo a outras comunidades como Castela-León, Castela-A Mancha ou Andalucía. A Comunidade na que menor peso ten a poboación moza procedente do estranxeiro é Extremadura. Todos os datos reproducense nos dous seguintes gráficos.

Gráfico II.2.7.
Peso persoas residentes españolas en poboación nova



Fonte: Cifras de poboación (INE).

Gráfico II.2.8.
Poboación moza procedente do estranxeiro



Fonte: Cifras de poboación (INE).

Evolución da fecundidade na poboación moza.

O gráfico seguinte dá unha boa idea da taxa de fecundidade da poboación moza en certos países europeos e nalgúns comunidades autónomas españolas. Nel, pódense distinguir diferentes modelos de crecemento:

O nórdico, no que sobre todo existen importantes taxas de fecundidade nas cohortes de poboación entre 23 e 29 anos e, aínda que bastante máis abaixo, entre 22 e 25 anos.


O modelo de transición, representado por Francia, no que ademais de ter importantísimas taxas de fecundidade nas cohortes xa sinaladas, tamén é importante a do tramo entre 18 e 21 anos.

Os modelos dos países do Sur, como Rumanía ou Bulgaria, onde todas as cohortes de poboación estudadas teñen altas taxas de fecundidade, pero é significativo, xa que non ocorre no resto dos países analizados, que a franxa entre 15 e 17 anos, sexa elevada.

No que se refire a Galicia, temos, tal e como reflicte o gráfico, baixas taxas de fecundidade en todas as cohortes de idades. A única significativa é a de 26 a 29 anos; practicamente desaparece a fecundidade de mulleres de entre 18 e 25 anos, amosando claramente o atraso na idade de ter fillos/as na nosa comunidade.

Gráfico II.2.9.

Taxa de fecundidade da poboación moza entre 15 e 29 anos



Fontes: España: Cifras de poboación (INE). Europa: Population (demo_pop) (Indicador demo_piangroup) (Eurostat).


2.3 Estudos, cualificación profesional e mercado laboral

Prolongación de estudos

Comezaremos este apartado cunha visión da evolución do nivel educativo en España entre os anos 1970 e 2017. O seguinte gráfico reflicte como, na España dos anos 70, aínda unha importante parte da poboación era analfabeta, case un 19 por cento; e a poboación sen estudos o con estudos primarios chegaba ao 80 por cento, en contraposición coa escasa existencia de persoas con estudos superiores.

No ano 2017, os números modifícanse substancialmente, pasando a ser a poboación universitaria case un 15 por cento do total e a que ten estudos secundarios case un 24 por cento. A poboación sen estudos ou con estudos primarios, a maioría desta cohorte, descende ata o 56 por cento. En canto á poboación analfabeta, dun 5 por cento, é a poboación máis lonxeva, nada nos anos da guerra e a inmediata posguerra.

Gráfico II.2.10.
Nivel educativo España




Fonte: INE

O nivel educativo en Galicia, por sexos, no ano 2017 rexístrase no seguinte gráfico. Igual que en España, destaca a práctica inexistencia de analfabetismo, aínda que no caso das mulleres é un pouco superior.

No outro extremo, destaca tamén que as mulleres son as que teñen maior porcentaxe de estudos superiores, mentres que os homes, aínda que tamén teñen unha elevada porcentaxe de estudos superiores, en maior número só teñen educación secundaria da primeira etapa.

Gráfico II.2.11.
Nivel educativo Galicia 2017 por sexo




Fonte: INE

Facendo unha comparativa das taxas de poboación entre 25 e 29 anos con educación terciaria, con respecto á poboación total da dita idade, nas comunidades autónomas, España, Unión Europea e Suecia, Dinamarca e Portugal, podemos ver como, o País Vasco destaca sobre os demais cunha poboación universitaria de máis dun 60 por cento a esas idades.

Galicia tamén ten unha boa situación, xa que se acerca ao 50 por cento da súa poboación, desas idades con estudos superiores. Superando as taxas de España e , incluso, de Suecia e Dinamarca.

Gráfico II.2.12.
Taxa de poboación 25-29 anos con educación terciaria, con respecto á poboación total da dita idade




Fontes: España: Cifras de poboación (INE). Europa: Population (demo_pop) (Indicador demo_pjangroup) (Eurostat).

Tamén é destacable, segundo se desprende do seguinte gráfico, que Galicia teña unha taxa de máis dun 81 por cento na taxa de finalización de estudos na idade obrigatoria.

Neste caso Madrid alcanza case o 100 por cento da súa poboación nesta idade. A taxa máis baixa téñena as Illas Baleares, que non chegan a un 60 por cento.

Gráfico II.2.13.

Taxa de participación en educación ao final da idade obrigatoria X+1. 18 años




Fontes: España: Cifras de poboación (INE). Europa: Population (demo_pop) (Indicador demo_pjangroup) (Eurostat).

En canto á participación universitaria á idade de 22 anos, Galicia sitúase con case un 28 por cento, por debaixo da media española e tamén da UE.

De novo, volve a ser Madrid a que ten unha participación máis alta, cercana ao 49 por cento e Baleares a máis baixa, con algo máis dun 10 por cen.

Gráfico II.2.14.

Taxa de participación en educación universitaria aos 22 anos




Fontes: España: Cifras de poboación (INE). Europa: Population (demo_pop) (Indicador demo_pjangroup) (Eurostat).

En canto ás taxas de abandono escolar, o seguinte gráfico mostra a taxa de xuventude de entre 18 e 24 anos que abandona os estudos da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)³.

Neste caso, Galicia ten una taxa considerable, de case un 15 por cento, aínda que é inferior á media de España. O País Vasco é a comunidade autónoma que ten a menor taxa de abandono, con tan só un sete por cento, mentres que, de novo, as Baleares son as que teñen unha taxa maior.

Gráfico II.2.15.

Taxa de xuventude de 18 a 24 años que abandona os estudos ao finalizar ESO



Fontes: España: Cifras de poboación (INE). Europa: Population (demo_pop) (Indicador demo_pjangroup) (Eurostat).


Independencia económica e familiar

O Observatorio de Emancipación pertencente ao Consello da Xuventude de España, no primeiro trimestre do 2017, afirma que Galicia se atopa entre as comunidades autónomas cunha menor porcentaxe de poboación menor de 30 anos, mostrando un preocupante problema de envellecemento. Nunha pequena parte, isto débese á saída de poboación menor de 30 anos cara o estranxeiro ou outras comunidades autónomas, que non é compensada pola chegada de persoas novas desde o estranxeiro. Se ben, a causa principal da menor porcentaxe da poboación activa de menores de 30 anos é a diminución das taxas de natalidade / fecundidade acaecidas a partir dos anos 80 do S.XX.

A situación laboral que presenta Galicia para as persoas novas non convida ao optimismo, na medida en que conta con menor nivel de actividade e ocupación que o conxunto de España, a pesar dunha mellora neste último aspecto, cun incremento da ocupación das persoas menores de 30 anos. A taxa de pobreza e/ou exclusión social das persoas menores de 30 anos, con todo, é menor que a do conxunto de España.

3 A definición de taxa de abandono escolar temperá a nivel europeo e aos efectos de sistemas educativos defínese como a porcentaxe de persoas de 18 a 24 anos que teñen como nivel máximo de estudos a Educación Secundaria primeira etapa (ESO ou anteriores niveles educativos (CINE 0, 1 e 2), e que non seguen ningún tipo de educación ou formación.


Gráfico II.2.16.
Risco de pobreza por sexo e idade en Galicia



Fonte: INE-IGE

A pesar da difícil situación laboral das persoas novas en Galicia, a maior accesibilidade do mercado inmobiliario, especialmente en Lugo e Ourense, xunto a una certa estabilidade deste, fai que no caso dos fogares novos, o acceso á vivenda se sitúe por baixo do 30 por cento dos seus ingresos, tanto no caso da compra hipotecaria como no do aluguer. Non así no caso das persoas novas asalariadas, que ven practicamente imposible emanciparse en solitario, dada a alta porcentaxe de ingresos que representa o pagamento da vivenda en ambas as modalidades.

Gráficos II.2.17. e II.2.18.
Taxas de emancipación e custo de acceso á vivenda



Poboación total e emancipada

Galicia continúa perdendo poboación nova. No segundo trimestre de 2017 rexistrouse unha caída interanual do 1,80 por cento das persoas menores de 30 anos. Respecto ao nivel formativo da poboación nova, podemos sinalar que en Galicia é superior ao do conxunto de España, cunha porcentaxe do 27,3 por cento de persoas menores de 30 anos con estudos superiores e un 33,8 por cento con estudos secundarios post-obligatorios, 3,1 e 0,9 puntos máis que en España, respectivamente.

En relación á emancipación, podemos sinalar unha leve caída do 0,38 por cento da taxa de emancipación das persoas menores de 30 anos, que a sitúa nun 19 por cento, valor lixeiramente menor ao do conxunto de España. A caída concentrouse na poboación de 16 a 24 anos e no colectivo de homes novos.


Táboa II.2.1.

Poboación moza, moza emancipada e nos fogares novos

	16-29 anos					30-34 anos
	Total	16-24 anos	25-29 anos	Homes	Mulleres	Total
Poboación nova						
Número de persoas	322.521	195.245	127.276	164.562	157.959	155.393
Variación interanual	-1,80%	-0,97%	-3,04%	-1,67%	-1,93%	-5,87%
% total poboación	12,00%	7,30%	4,70%	6,10%	5,90%	5,80%
Poboación nova emancipada						
Número de persoas emancipadas	61.335	12.342	48.993	23.359	37.976	101.512
Variación interanual	-0,38%	-11,46%	2,86%	-8,45%	5,32%	-1,39%
Taxa de emancipación (1)	19,00%	6,30%	38,50%	14,20%	24,00%	65,30%
Fogares novos						
Número de fogares	39.731	8.576	31.155	14.410	25.321	61.074
Variación interanual	6,62%	-11,88%	13,16%	4,57%	7,82%	-3,96%
Taxa de principalidade (2)	12,30%	4,40%	24,50%	8,80%	16,00%	39,30%
Persoas por fogar	2,2	2,4	2,2	2	2,3	2,2

Gráficos II.2.19.

Emancipación residencial da poboación de 16 a 34 anos



Fonte: IGE

Emancipación e nivel de estudos

En relación ao nivel de estudos alcanzado, o colectivo que mostra unha maior taxa de emancipación é o das persoas menores de 30 anos con estudos primarios, un 28,2 por cento; seguido do grupo de persoas novas con estudos superiores, un 25 por cento.

En xeral, as taxas de emancipación para todos os niveis formativos son inferiores ás do conxunto de España, salvo no caso das persoas novas con estudos secundarios obrigatorios, cunha taxa do 17,2 por cento, un punto superior á española.

Táboa II.2.2.
Emancipación segundo nivel de estudos

	16-29 anos					30-34 anos
	Total	16-24 anos	25-29 anos	Homes	Mulleres	Total
Taxa de emancipación segundo o nivel máximo de estudos alcadado (3)						
Estudos primarios ou sen estudos	28,20%	-*	53,50%	-*	-*	65,40%
Cursa estudos	-*	-*	-*	-*	-*	-*
Non cursa estudos	37,30%	-*	-*	-*	-*	-*
Estudos secundarios obrigatorios	17,20%	-*	48,90%	12,60%	23,10%	63,40%
Cursa estudos	-*	-*	-*	-*	-*	-*
Non cursa estudos	37,60%	-*	48,10%	26,10%	53,00%	62,80%
Estudos secundarios postobrigatorios	13,80%	-*	38,00%	11,70%	15,80%	64,00%
Cursa estudos	6,90%	-*	-*	-*	-*	-*
Non cursa estudos	29,80%	-*	41,90%	-*	41,20%	64,90%
Estudos superiores	25,00%	-*	31,80%	16,90%	31,50%	67,10%
Cursa estudos	19,60%	-*	27,90%	-*	25,50%	66,90%
Non cursa estudos	29,50%	-*	34,40%	-*	36,70%	67,10%
Total poboación	19,00%	6,30%	38,50%	14,20%	24,00%	65,30%
Cursa estudos	8,60%	-*	31,50%	6,90%	10,30%	66,70%
Non cursa estudos	32,90%	17,50%	41,50%	23,30%	43,70%	65,00%

Pobreza e capacidade adquisitiva da poboación nova

A capacidade adquisitiva das persoas novas na nosa comunidade mellorou no segundo trimestre de 2017. Por unha banda, reduciuse un 6,89 por cento o número de persoas menores de 30 anos sen salario, aínda que segue sendo algo superior á porcentaxe do conxunto de España.

Doutra banda, o salario medio novo e os ingresos por fogar novo incrementáronse lixeiramente respecto ao ano anterior. Aínda así, en ambos os casos as contías son inferiores ás do conxunto de España. A taxa de pobreza e/ou exclusión para a poboación menor de 30 anos, con todo, é 2,6 puntos menor que a que se rexistra no conxunto de España, afectando a un 34,9 por cento do total. A situación de pobreza afecta especialmente á poboación nova desempregada e ás mulleres novas.

Táboas II.2.3.
Taxa de pobreza ou exclusión social

	16-29 anos					30-34 anos
	Total	16-24 anos	25-29 anos	Homes	Mulleres	Total
Taxa de pobreza ou exclusión social (2016) (17)						
Total de poboación	34,90%	40,30%	27,60%	32,00%	38,00%	26,90%
Poboación ocupada	23,20%	31,50%	19,80%	19,50%	29,20%	18,40%
Poboación en paro	42,20%	55,90%	30,10%	44,80%	39,80%	46,40%
Poboación inactiva	39,50%	38,30%	44,40%	38,60%	40,20%	..*

Acceso da poboación nova á vivenda

No caso de Galicia, a menor capacidade adquisitiva das persoas menores de 30 anos en comparación co conxunto de España compénsase cun mercado inmobiliario máis accesible e que se mantivo en certa medida estable.

Os prezos do aluguer, que non se atopan entre os máis elevados do país, tiveron un incremento menor que noutras comunidades, un 1,41 por cento respecto ao ano anterior, que permitiu que o esforzo que deben realizar as persoas novas para acceder a unha vivenda permanecera máis ou menos estable: cun descenso do 0,06 por cento no caso dos fogares novos e un incremento do 0,79 por cento no caso das persoas novas asalariadas en solitario.

Deste xeito, o custo de acceso á vivenda en réxime de aluguer situouse, no caso dos primeiros, nun 29,8 por cento, por baixo do 30 por cento recomendable, mentres que no caso das persoas novas asalariadas en solitario o custo representa un 55,6 por cento do seu salario.

En relación á compra de vivenda, hai unha leve baixada do 0,84 por cento do prezo, aínda que no caso da vivenda de nova construción, o prezo de compra incrementouse nun 3,5 por cento. Este descenso fixo que o esforzo de compra para os fogares novos se reducise nun 3,27 por cento e para as persoas novas asalariadas en solitario un 2,45 por cento, situando o custo que deben asumir nun 28 por cento e un 52,1 por cento, respectivamente.

Táboas II.2.4.
Acceso á vivenda en propiedade

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Acceso á vivenda en propiedade con financiación hipotecaria				
Precio medio vivenda libre (euros)	122.590	85.250	94.690	121.620
Variación interanual precio medio vivenda libre	1,24%	-2,87%	-0,31%	-2,15%
Custo de acceso propiedade (Fogar novo)*	27,50%	22,20%	24,20%	28,70%
Variación interanual	-1,24%	-5,25%	-2,74%	-4,54%
Custo de acceso propiedade (Asalariado/a)*	50,90%	38,20%	44,00%	55,80%
Variación interanual	-0,40%	-4,45%	-1,92%	-3,74%

É necesario sinalar que hai unha notable diferenza entre as catro provincias galegas, con Lugo e Ourense con custos de acceso á vivenda bastante inferiores a Pontevedra e A Coruña.

Táboas II.2.5.
Acceso á vivenda en aluguer

	16-29 anos					30-34 anos
	Total	16-24 anos	25-29 anos	Homes	Mulleres	Total
Acceso á vivenda en aluguer						
Renda media vivenda libre (euros/mes)	452					
Variación interanual	1,41%					
Custo de acceso aluguer (Fogar novo)*	29,80%	28,50%	30,10%	28,80%	31,00%	24,90%
Variación interanual	-0,06%					
Custo de acceso aluguer (Asalariado/a)*	55,60%	81,00%	49,20%	55,70%	55,50%	39,90%
Variación interanual	0,79%					
Custo de acceso aluguer (Ingresos ordinarios)*	120,70%	262,00%	64,50%	116,90%	124,80%	44,60%
Variación interanual	-2,83%					
Renda máxima tolerable (Fogar novo)	454	475	450	471	437	544
Variación interanual	1,47%					
Renda máxima tolerable (Asalariado/a)	244	167	275	243	244	340
Variación interanual	0,62%					

Táboas II.2.6.
Ingresos mínimos para adquirir unha vivenda libre

	16-29 anos					30-34 anos
	Total	16-24 anos	25-29 anos	Homes	Mulleres	Total
Ingresos mínimos para adquirir unha vivenda libre (21)						
Ingresos mínimos (euros anuais)	16.935					
Ingresos mínimos (euros mensuais)	1.411					
Variación interanual	-1,85%					
Diferenza con ingresos medios fogar novo	-6,81%	-10,93%	-5,83%	-10,10%	-3,04%	-22,15%
Diferenza con salario medio persoa nova	73,68%	152,89%	53,72%	74,10%	73,22%	24,68%

Poboación de 16-29 anos	Ingresos mínimos			Diferenza con ingresos	
	Anuais	Mensuais	Variación interanual	Fogar novo	Salario novo
Galicia	16.935	1.411	-1,85%	-6,81%	73,68%
A Coruña	17.496	1.458	0,22%	-8,35%	69,64%
Lugo	12.167	1.014	-3,85%	-26,00%	27,22%
Ourense	13.514	1.126	-1,31%	-19,31%	46,78%
Pontevedra	17.358	1.446	-3,14%	-4,40%	85,92%

Táboas II.2.7.
Réxime de tenencia das vivendas das persoas emancipadas

	16-29 anos					30-34 anos
	Total	16-24 anos	25-29 anos	Homes	Mulleres	Total
Réxime de tenencia (2016)						
Propiedade, totalmente paga ou sen pagamentos	15,40%	-*	17,90%	-*	15,30%	21,00%
Propiedade con hipoteca	14,40%	-*	16,40%	-*	17,60%	38,60%
Aluguer	54,10%	70,50%	48,10%	56,40%	52,40%	28,10%
Cedidas gratis ou a baixo prezo	16,10%	-*	17,50%	-*	14,60%	12,30%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

En relación ao réxime de tenza da vivenda, unha maioría das persoas menores de 30 anos en Galicia, o 54,1 por cento, vivían en réxime de aluguer, porcentaxe inferior en case 5 puntos ao conxunto de España. Hai en Galicia, en cambio, unha maior proporción de persoas novas que tiñan unha vivenda en propiedade sen pagamentos ou totalmente paga e cedidas gratis ou a baixo prezo, un 15,4 por cento e un 16,1 por cento da poboación nova, respectivamente.

Xuventude e mercado de traballo

Poboación parada, activa e ocupada

Como se pode ver na táboa seguinte, no ano 2017, conséntase unha redución de persoas novas desempregadas de 13.100 persoas pero este dato vén acompañado dunha alarmante perda de poboación activa, en total 17.300 mozas e mozos menos que no ano 2016.

Táboa II.2.8.
Poboación moza parada, activa e ocupada en Galicia, 2016 e 2017

Poboación	Total idades	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 16 a 34
Parada						
2016	215.400	3.800	21.200	25.800	27.200	78.000
2017	195.600	4.200	16.900	21.800	22.000	64.900
Diferenza	-19.800	400	-4.300	-4.000	-5.200	-13.100
Activa						
2016	1.256.100	6.700	55.400	108.400	147.900	318.400
2017	1.248.300	7.200	53.900	103.700	136.300	301.100
Diferenza	-7.800	500	-1.500	-4.700	-11.600	-17.300
Ocupada						
2016	1.040.600	2.900	34.200	82.600	120.600	240.300
2017	1.052.700	3.000	37.100	81.900	114.300	236.300
Diferenza	12.100	100	2.900	-700	-6.300	-4.000

Fonte: Elaboración propia segundo datos do IGE

Se comparamos a evolución da situación do desemprego entre os anos 2016 e 2017, pódese observar como se produce unha importante contracción de persoas desempregadas menores de 35 anos, en termos absolutos de 13.100. Pero se ademais de analizar a poboación en situación de desemprego temos en conta a evolución da poboación activa, obsérvase como parte da redución da poboación parada é consecuencia dunha forte caída da poboación activa, de 17.300 persoas menos entre as mozas e mozos nestas idades nun ano, polo que o descenso do paro xa non se pode valorar tan positivamente.

No que respecta á poboación ocupada, hai en Galicia actualmente 236.300 persoas menores de 35 anos nesta situación, o que supón unha contracción con respecto a hai un ano de 4.000 persoas, chamando a atención o descenso de 6.300 no tramo de 30 a 34 anos.

No cuarto trimestre de 2017, o 11,1 por cento de persoas ocupadas eran menores de 30 anos, o 41,9 por cento tiñan entre 30 e 44 anos, o 28,8 por cento, entre 45 e 54 anos, e o restante 18,2 por cento tiña 55 ou máis anos. Segundo o IGE, entre os anos 2016 e 2017 nos tramos de idade de 25 a 34 anos a poboación ocupada descendeu en 7.000 persoas.


Baixou máis o paro do que medrou o emprego, así que, non todas as persoas que deixaron de figurar como paradas atoparon un posto de traballo. De feito, no último ano, segundo a EPA, saíron das estatísticas do paro unhas 22.000 persoas, pero a poboación ocupada só aumentou en 6.200 persoas.

Desde o cuarto trimestre de 2011 abandonaron o mercado laboral 82.300 persoas; desas, 15.900 fixérono no último ano. A caída da poboación activa está influíndo moito no descenso do paro; de feito, o 72 por cento da redución do paro no último ano explícase por esa caída. Esta caída concéntrase, sobre todo, na xuventude. En relación co cuarto trimestre de 2011, hai 149.300 persoas activas menos menores de 40 anos, un -24,0 por cento, fronte as 67.000 de máis de 40 ou máis anos, incremento do 9,6 por cento. A perda de poboación activa foi de 17.300 mozas e mozos entre 2016 e 2017.

Dende 2008, fronte ao aumento das persoas activas de máis de 55 anos nun 27,6 por cento, ou nas de 45 a 54 anos, nun 17 por cento, as de 16 a 19 anos descendéron un 66,7 por cento, o que supón 14.400 menos; e un 40,4 por cento, situándose en 36.600, as de 20 a 24 anos; e un 35,5 por cento, unhas 132.300, nas de 25 a 34. Dende o 2008, Galicia perdeu 183.300 persoas activas menores de 35 anos.

Gráfico II.2.20.

Taxa de actividade por comunidades autónomas




Fonte: INE

Se comparamos, en termos xerais, a taxa de actividade por comunidades autónomas, que reflicte o gráfico anterior, móstranos a Galicia cunha taxa ao redor do 52 por cento, moi por debaixo da media española.

Gráfico II.2.21.

Taxa de actividade da poboación de 16 e máis anos por sexo e grupos de idade, 1976 e 2017, Galicia



O gráfico anterior mostra o importante crecemento da taxa de actividade das mulleres galegas, sobre todo entre 25 e 54 anos superior que ao 80 por cento, comparado co 50 por cento do ano 1976.

No caso da franxa de idade de entre 16 e 19 anos a actividade é case nula, o que confirma o alongamento da xuventude e da actividade do estudo fronte o traballo, tanto en homes como en mulleres. Moi diferente á do ano 1976, onde esta franxa de idade tiña elevadas taxas de actividade.

Taxas de paro, actividade e ocupación

Os mozos e mozas galegas enfróntanse a unha taxa de paro do 21,6 por cento; 5,9 puntos superior ao do resto da poboación. Ademais, a taxa de actividade contráese nun punto e seis décimas no último ano.

Táboa II.2.9.

Taxas de paro, actividade e ocupación en Galicia 2016 e 2017

Poboación	Total idades	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 16 a 34
Paro						
2016	17,1	56,7	38,3	23,8	18,4	24,5
2017	15,7	58,3	31,4	21	16,1	21,6
Diferenza	-1,5	1,6	-6,9	-2,8	-2,2	-2,9
Actividade						
2016	53,5	8	48,9	82,9	90,3	64,8
2017	53,3	8,5	48,9	81,8	88,3	63,2
Diferenza	-0,2	0,5	-0,1	-1,1	-2	-1,6

Ocupación						
2016	44,3	3,5	30,2	63,1	73,6	48,9
2017	45	3,5	33,6	64,6	74,1	49,6
Diferenza	0,7	0,1	3,4	1,4	0,5	0,7


Fonte: Elaboración propia segundo datos do IGE

Como se desprende dos datos anteriores, é moi preocupante a taxa de paro xuvenil, contando nestes as persoas menores de 35 anos, xa que, a pesar de que tamén sufriu un descenso, continúa sendo do 21,6 por cento e, ademais, canto menos idade maiores niveis de paro se presentan, dato que contrasta co 15,7 por cento da taxa de paro de toda a poboación neste ano, sendo 5,9 puntos superior.

Constátase unha contracción da taxa de actividade en termos interanuais, ao pasar de 64,8 por cento no 2016 ao 63,2 por cento no ano 2017, o que supón unha perda dun punto e seis décimas na taxa de actividade das persoas menores de 35 anos en tan só un ano, fronte a un descenso do 0,2 no conxunto das idades.

Gráfico II.2.22.

Taxa de paro actividade por CC AA e algúns países europeos, 2016



Fonte: INE e Eurostat

Se comparamos, en termos xerais, a taxa de paro entre algún país europeo, España e algunha comunidade autónoma, Galicia ten unha das máis altas, sendo Alemaña, moi lonxe da nosa Comunidade, a que ten a menor taxa de desemprego e Andalucía, a maior dos lugares analizados. O noso veciño, Portugal, ten unha taxa moi inferior á nosa.

Non podemos esquecer tampouco ás persoas paradas de longa duración, que levan máis dun ano na procura de emprego, coas dificultades que isto xera, sendo en Galicia o 33,1 por cento delas mozas e mozos menores de 35 anos.

Persoas paradas por nivel de formación alcanzado

Na seguinte táboa, veremos como o 23,7 por cento das persoas menores de 30 anos en España, con educación superior, se atopa en situación de desemprego. A pesar de que se temos en conta a poboación parada menor de 30 anos segundo o seu nivel de formación en España, por non existir datos para Galicia, o 49,1 por cento do paro se concentra en persoas que, como moito teñen a primeira etapa de educación secundaria e similar.

Táboa II.2.10.

Persoas e taxa de paro en función do seu nivel educativo en España no 2017

Media anual 2017	Total	Menores de 30	%
Total	3.916.925	1.063.100	100
Persoas analfabetas	30.650	1.625	0,2
Estudos primarios incompletos	97.450	7.950	0,7
Educación primaria	406.125	93.775	8,8
Primeira etapa de educación secundaria e similar	1.576.600	418.975	39,4
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeral	526.050	153.800	14,5
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (inclúe educación postsecundaria non superior)	395.575	135.525	12,7
Educación superior	884.500	251.550	23,7

Fonte: INE

Chama a atención que, aínda que a medida que se acada un maior nivel de formación diminúe o número de persoas desempregadas nestas idades; de novo volve a incrementarse no caso de ter estudos superiores, xa que, o 23,7 por cento das persoas menores de 30 anos que teñen unha educación superior están en situación de desemprego.

Poboación ocupada por sector económico

Como se desprende da observación da táboa seguinte, as persoas ocupadas menores de 35 anos atópanse nun 72 por cento dos casos no sector servizos, fundamentalmente na hostalaría e no comercio.

O seguinte sector en importancia, aínda que moi lonxe do anterior, é o Industrial, cun 17,5 do emprego de menores de 35 anos.

Táboa II.2.11.
Persoas ocupadas por sectores económicos

2017	Total	Distribución %	Menor de 35 anos	Distribución %
Total	1.052.700	100	236.300	100
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	55.400	5,3	9.200	3,9
Pesca e acuicultura	19.800	1,9	3.400	1,4
Industria	171.200	16,3	41.400	17,5
Construción	66.600	6,3	12.200	5,2
Servizos	739.700	70,3	170.100	72

Fonte: IGE

Afiliacións por réximes da seguridade social

O 83,2 por cento das mozas e mozos galegos están afiliados no réxime xeral da Seguridade Social, seguido cun 13,3 por cento no réxime de persoas autónomas, como se reflicte na seguinte táboa. Os sectores primarios teñen pouco peso entre a xuventude da nosa comunidade autónoma.

Táboa II.2.12.
Afiliacións por réximes da seguridade social

2017	Total	16 a 19	20 a 24	25 a 29	30 a 34	16 a 34	% s/16-34
Total	973.812	3.699	34.601	76.300	107.002	221.602	100
Xeral (excl. Agrario e Fogar)	705.485	3.182	30.166	64.819	86.115	184.282	83,2
Minería do carbón	-	-	-	-	-	-	-
Agrario	5.355	84	442	571	654	1.751	0,8
Empregados/as do fogar	27.347	24	279	770	1.328	2.401	1,1
Autónomos/as	214.455	324	3.128	8.964	17.126	29.542	13,3
Mar	21.171	86	585	1.175	1.779	3.625	1,6

Fonte: IGE

Nos sectores agrario e do mar prodúcense pequenas variacións de afiliacións nos últimos catro anos, pero decrecen en 5.128 as persoas menores de 35 anos afiliadas ao réxime de persoas autónomas

Táboa II.2.13.

Evolución da afiliación nos réximes agrario, do mar e de persoas autónomas

2017	Total	Distribución %	Distribución %
Agrario			
2014	4.570	1.586	
2015	4.757	1.648	62
2016	5.097	1.713	127
2017	5.355	1.751	165
Mar			
2014	21.519	3.940	
2015	20.722	3.606	-334
2016	21.035	3.655	-285
2017	21.171	3.625	-315
Autónomos/as			
2014	216.161	34.670	
2015	217.586	33.732	-938
2016	216.421	31.634	-3.036
2017	214.455	29.542	-5.128

Fonte: IGE

Se temos en conta a evolución das afiliacións, nos últimos catro anos, nos sectores primarios e de persoas autónomas, pódese observar como o agrario e o do mar sofren pequenas variacións en termos absolutos, pero no de persoas autónomas hai 5.128 persoas menos que hai catro anos.

Características da contratación das persoas novas

Contratación segundo o tipo de xornada

O 20,5 por cento das mozas e mozos galegos teñen contratos a tempo parcial, fronte ao 13,5 por cento do conxunto das idades, e o 61,3 por cento din que teñen este tipo de contrato porque non foron capaces de atopar un traballo a xornada completa no conxunto do Estado.

Táboa II.2.14.

Contratación segundo o tipo de xornada

Galicia	Total idades	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 16 a 34
Completa						
2016	898.500	1.400	24.100	65.700	103.400	194.600
2017	910.700	1.400	24.700	64.300	97.400	187.800
Diferenza	12.200	-	600	-1.400	-6.000	-6.800
Parcial						
2016	142.200	1.500	10.100	16.900	17.200	45.700

2017	142.000	1.600	12.400	17.600	16.900	48.500
Diferenza	-200	100	2.300	700	-300	2.800
Taxa parcialidade 2017						
Galicia	13,5	53,3	33,4	21,5	14,8	20,5
España	15	50	36,5	21,1	15,1	21,7
Dif G/E	-1,5	3,3	-3,1	0,4	-0,3	-1,2

Fonte: IGE.


A xuventude sofre maiores taxas de parcialidade, estando o 20,5 por cento do total de persoas ocupadas menores de 35 anos contratadas a tempo parcial, fronte ao 13,5 por cento do conxunto de idades, o que supón sete puntos de diferenza, e unha vez máis, a menor tramo de idade dispáranse as taxas de parcialidade.

A contratación a tempo parcial increméntase no 2017, xa que, en Galicia o número de menores de 35 anos cun contrato a xornada completa diminuíu en 6.800 persoas, e as contratadas a tempo parcial foron 2.800 máis, concentrado este aumento maioritariamente nas persoas de entre 20 a 24 anos.

Por idade, o colectivo de 16 a 29 é o máis representado na xornada parcial, cun 25,3 por cento, no cuarto trimestre de 2017 o 13,1 por cento no conxunto da poboación ocupada.

Gráfico II.2.23.

Taxa de parcialidade involuntaria



Fonte: IGE, INI, Eurostat

Como reflicte o gráfico anterior, Galicia supera, con moito, a taxa española de parcialidade nas contratacións, solo superada por catro comunidades autónomas e un país, Italia.

Táboa II.2.15.
Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada

2017	Total	16 a 34 anos	%
Total	2.818.900	1.015.575	100
Seguir cursos de ensinanza ou formación	181.700	171.750	16,9
Enfermidade o incapacidade propia	33.425	2.525	0,2
Coidado de nenos/as ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	271.925	57.550	5,7
Outras obrigas familiares ou persoais	156.500	19.525	1,9
Non poder atopar traballo de xornada completa	1.633.750	623.025	61,3
Non querer traballo de xornada completa	229.625	55.950	5,5
Outros motivos de ter xornada parcial	302.525	81.400	8
Non sabe o motivo	6.525	4.050	0,4

Fonte: EPA (datos do Estado por non haber para Galicia)

Con respecto aos datos da xuventude ocupada a tempo parcial, e o motivo de ter este tipo de xornada, o salientable é que o 61,3 por cento din que están nesta situación por non ser capaces de atopar un traballo a xornada completa. Tan só o 16,9 por cento responden que teñen este tipo de xornada para poder seguir cursos de ensinanza ou formación.

A xornada parcial é un espello da precariedade laboral pois, segundo o último dato dispoñible, no 58 por cento dos casos non responde a un desexo dos traballadores e traballadoras: só un 9 por cento afirmou buscar ese tipo de xornada.

Contratación e tipos de contratos temporais

Diminúe a contratación indefinida e aumenta a temporal, incrementándose a taxa de temporalidade en case 4 puntos no último ano nas persoas novas. As mozas e mozos galegos teñen unha taxa do 52,1 por cento, no último ano fronte ao 27 por cento do conxunto das idades, o que significa 25,1 puntos máis.

Táboa II.2.16.
Comparativa contratación temporal e indefinida entre 2016 e 2017

Galicia	Total	16 a 34
Indefinida		
2016	603.400	107.700
2017	604.000	99.100
Diferenza	600	-8.600
Temporal		
2016	214.400	100.400
2017	223.300	107.700
Diferenza	8.900	7.300

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Táboa II.2.17.
Taxa de temporalidade

Galicia	Total	16 a 30 anos	16 a 34 anos
Taxa temporalidade			
2016	26,2		48,2
2017	27		52,1
Diferenza	0,8		3,9

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

A xuventude tamén sofre maiores taxas de temporalidade, con grandes diferenzas respecto ao conxunto da poboación asalariada. O 52,1 por cento das persoas asalariadas, menores de 35 anos, teñen un contrato temporal, cando no total de idades esta porcentaxe é do 27 por cento.

E no último ano, lonxe de cambiar a tendencia, incrementouse este tipo de contratación en 3,9 puntos nas persoas menores de 35 anos.

Táboa II.2.18.
Tipos de contratos

2017	Total	Menores 25 anos	Menores 30 anos
Total contratos	1.020.962	161.890	335.967
Total indefinidos	80.793	9.154	22.797
% Indefinidos	7,9	5,7	6,8
Total temporais	940.169	152.736	313.170
Obra ou servizo	327.747	46.039	97.345
Eventual por circunstancias da produción	498.981	92.378	181.693
Interinidade	89.554	8.387	22.740
En prácticas	6.029	2.859	5.202
Formación	3.189	1.380	2.323
Outros	10.536	1.596	3.495

Fonte: SEPE

En canto á modalidade de contratación temporal rexistrada no SEPE en Galicia, no ano 2017, o contrato temporal por circunstancias da produción é o maioritario, 181.693 contratos, o que supón o 58 por cento da contratación temporal seguidos polo contrato de obra ou servizo, con 97.345.

Táboa II.2.19.
Persoas asalariadas de 16 a 29 anos con contrato ou relación laboral temporal por duración do contrato

	%
Total	100
1 día	0,9
De 2 días a menos de 1 mes	3,3
De 1 a 3 meses	16,1

De 4 a 6 meses	19,1
De 7 a 11 meses	6,6
De 1 a menos de 2 anos	9,8
De 2 a menos de 3 anos	1,6
3 anos ou máis	4,4
Non sabe pero menos de 1 mes	0,7
Non sabe pero máis de 1 mes	31
Non sabe a duración	6,5

Fonte: INE

Ademais da temporalidade, preocupantes son tamén os datos sobre a duración dos contratos das persoas asalariadas mozas con contrato ou relación laboral temporal. O 39,3 por cento dos e das menores de 30 anos, dato de España, traballan menos de 6 meses. Chama a atención que o 38,2 por cento non saiba cal vai ser a duración do seu contrato, co que se amosa a clara vulnerabilidade para este colectivo. Incluso hai un 6,5 por cento de mozos e mozas que descoñece que duración ten o seu contrato.

En canto á temporalidade a idade é determinante á hora de asinar un contrato temporal. O colectivo máis castigado pola temporalidade é a mocidade: o 61,4 por cento de menores de 30 anos que traballaban por conta allea, no cuarto trimestre de 2017, tiñan un contrato temporal.

Brecha salarial da xuventude respecto ao resto de idades

As mozas e mozos galegos menores de 35 anos perciben un 21,9 por cento menos de salario que a poboación do conxunto das idades, e, as menores de 25 anos, un 42,9 por cento menos.

Táboa II.2.20.

Brecha salarial da xuventude respecto ao resto de idades

2014	Galicia	Brecha con total
Total idades	20.195,90	
Menor de 25	11.539,30	-42,9
25-34	16.311,60	-19,2
Menores 35	15.766,10	-21,9
35-44	20.342,10	0,7
45-54	22.360,80	10,7
55 e máis	23.483,50	16,3

Fonte: Enquisa de estrutura salarial do INE. 2014

Os salarios da poboación menor de 25 anos ascenden a 11.539,3 euros e a 16.311,6 euros, para a de 25 a 34 anos, polo que queda patente que, a medida que medra a idade da poboación traballadora, o salario medio anual tamén se incrementa. Porcentualmente, as persoas menores de 35 anos perciben un salario un 21,9 por cento inferior e, no caso das menores de 25 anos, a brecha elévase ao 42,9 por cento.

Ademais da brecha salarial, entre o 2010 e 2014, as persoas menores de 25 anos viron reducido o seu salario nun 10,3 por cento e as de 25 a 34 anos no 7,05 por cento, mentres que no conxunto das idades a redución foi do 0,22 por cento.

Táboa II.2.21.

Evolución do salario bruto anual segundo o grupo de idade

Euros	2010	2014	Diferenza s/2010
Total	20.242	20.195,90	-0,22
Menor de 25	12.865,20	11.539,30	-10,3
25-34	17.549,20	16.311,60	-7,05
35-44	20.942	20.342,10	-2,86
45-54	22.446	22.360,80	-0,38
55 e máis	23.536	23.483,50	-0,22
Outros	10.536	1.596	3.495

Fonte: Enquisa de estrutura salarial do INE

Aínda que nos últimos anos, os salarios sufriron unha diminución na súa contía, o certo é que esta foi máis acusada no caso das persoas novas. Mentres que, no conxunto das idades, entre os anos 2010 e 2014, os salarios diminuíron un 0,22 por cento, nas menores de 25 anos esta redución foi do 10,3 por cento e nas de 25 a 34 anos foi dun 7,05 por cento.

Natalidade e conciliación

Natalidade

O número de nacementos sitúase en Galicia, no ano 2016, en 19.062, un 1,9 por cento menos que os rexistrados no ano 2015. Por provincias, todas elas presentan descenso neste último ano. No período 2010-2016 todas as provincias galegas presentan unha diminución do número de nacementos. Ademais, o 79,6 por cento dos nacementos do ano 2016 corresponden a nais con residencia nas provincias da Coruña e Pontevedra,

Os datos dos nacementos segundo a idade da nai constatan o retraso na idade á que as mulleres galegas teñen os seus fillos e fillas. Así, no ano 2016 o 78,2 por cento dos nacementos en Galicia foron de nais de 30 ou máis anos de idade; mentres os nacementos nese grupo de idade representaban hai dez anos o 65,4 por cento. No ano 2016 os nacementos de nais de 40 e máis anos representan xa o 10,2 por cento do total de nacementos, fronte ao 4,1 por cento do ano 2006.

As nais con nacionalidade estranxeira teñen os seus fillos e fillas a idades máis temperás que as nais de nacionalidade española. No ano 2016 en Galicia só o 19,9 por cento das nais de nacionalidade española tiña menos de 30 anos; no caso das nais de nacionalidade estranxeira esta porcentaxe alcanza o 47,5 por cento .

No ano 2006, a maior porcentaxe de nacementos, un 38,6 por cento, estaba no tramo de idade de 30 a 34 anos. No ano 2016, a maior porcentaxe de nacementos mudou o tramo de idade de 35 a 39 anos, co 34,3 por cento, segundo o IGE.

Táboa II.2.22.
Indicadores de fecundidade

2015	Taxa específica de fecundidade
Menos de 20 anos	4,77
20 a 24 anos	17,62
25 a 29 anos	43,41
30 a 34 anos	78,33
35 a 39 anos	59,29
40 a 44 anos	16,02
Máis de 44 anos	1,23

Fonte: IGE

Adopcións

Estase a observar un descenso nas adopcións por diferentes motivos: menos peticións, endurecemento dos requisitos, tempos de espera, conflitos internacionais, tratamentos de fertilidades... No ano 2016, un total de 116 parellas solicitaron un proceso nacional de adopción, e 77 pediron un acollemento internacional.

No mesmo período houbo tan só 26 autos de adopción nacional, 14 adopcións efectivas, aos que hai que sumar 48 menores preasignados e asignadas doutros países. En total 74 adopcións foron as que se produciron, a cifra máis baixa das estatísticas que manexa a Consellería de Política Social. No ano 2005 foron 368, cinco veces máis.

Decisión de non ter fillos e fillas

Táboa II.2.23.
Persoas ocupadas segundo os factores laborais que condicionan a maternidade ou paternidade (%)

2016	Salario/ingresos do traballo insuficientes	Horario incompatible co coidado dos nenos e nenas	Falta de estabilidade laboral	Afectaría á traxectoria profesional
16 a 29 anos	77,52	60,45	53,61	29,24
30 a 39 anos	67,35	73,45	34,01	26,32
40 a 49 anos	64,68	73,19	24,17	25,49
Total	68,36	71,02	34,56	26,71

Fonte: IGE

Os datos demostran como o salario/ingresos no traballo insuficientes, a falta de estabilidade laboral e que podería afectar a súa traxectoria profesional, son cuestións que as persoas novas ocupadas teñen máis en conta que as do resto das idades á hora de decidir ser nais ou pais.

Táboa II.2.24.

Persoas ocupadas cuxa situación laboral as condiciona na maternidade/paternidade

2016	A decisión de ter fillos ou fillas	%	A idade de maternidade/paternidade	%	O número de fillos ou fillas	%
16 a 29 anos	29.445	27,68	22.647	21,29	22.882	21,51
30 a 39 anos	72.892	27,01	57.511	21,31	66.750	24,74
40 a 49 anos	40.272	13,21	32.985	10,82	41.428	16,59
50 ou máis	1.758	0,58	1.776	0,58	2.591	0,85
Total	144.366	14,63	114.919	11,65	133.652	13,54

Fonte: IGE

De novo encontrámonos que, nas persoas máis novas, a situación laboral ten unha influencia máis determinante que no conxunto das idades á hora de decidir ter fillos ou fillas ou o seu número.

Conciliación

No que respecta ao coidado de persoas dependentes, obsérvase, na táboa seguinte, como as porcentaxes e números absolutos maiores se atopan no tramo de idades de entre 45 e 65 anos.

Táboa II.2.25.

Persoas de 16 e máis anos que coida de persoas dependentes por idade e sexo

2016	%	Miles	Dedican menos de 10 horas á semana	Dedican de 10 a 19 horas á semana	Dedican 20 horas ou máis á semana
Homes	9,6	1.797,70	31,9	21,4	46,7
16 a 29 anos	4,5	144,8	55,5	24,6	19,9
30 a 44 anos	6,7	369,2	34,8	24,4	40,8
45 a 64 anos	12,4	787	34,3	23,8	41,9
65 e máis anos	13,6	496,7	19,1	14,4	66,5
Mulleres	13,2	2.613,00	24,8	18,1	57
16 a 29 anos	6,1	190,9	37,8	21,4	40,8
30 a 44 anos	8,3	451,6	30,1	18,3	51,6
45 a 64 anos	20,3	1.309,70	24	21,2	54,7
65 e máis anos	14	660,8	19	10,9	70

Fonte: INE

Constátase, tamén como seguen a existir grandes diferenzas en función do sexo, tamén entre as persoas novas, xa que hai 144.800 homes de entre 16 e 29 anos que coidan de persoas dependentes, fronte a 190.900 mulleres nestas idades, diferenzas que se incrementan moito no caso das que dedican máis de 20 horas semanais a estes coidados, un 19,9 por cento no caso dos homes fronte ao 40,8 por cento no caso das mulleres.

Xuventude e migración

Emigración

A caída da poboación activa concéntrase sobre todo na xuventude. En relación co cuarto trimestre de 2011, en 2017 hai 149.300 persoas activas menos, menores de 40 anos, o que supón unha caída dun 24,0 por cento. En contraposición están as 67.000 persoas activas, de máis de 40 ou máis anos, o que é un incremento dun 9,6 por cento. A perda de poboación activa, segundo os datos de IGE, é de 17.300 persoas novas, entre os anos 2016 e 2017.

No ano 2011 houbo un incremento da emigración, no ano 2016 sitúanse en 29.532 persoas as que marcharon, das que 18.745 foron a outra comunidade autónoma e 10.787 ao estranxeiro. A franxa de idade con maior número de persoas que saíron ao estranxeiro é a de entre 25 e 34 anos, cunha cifra de 22.287, o 28 por cento do total. Seguida da franxa de entre 35 e 44 anos, con 16.038, o que supuxo un 20 por cento. Por provincias, nas que maior número de persoas emigran son A Coruña e Pontevedra.

Inmigración

En canto á inmigración, polo contrario, obsérvase a partir do mesmo ano un descenso sendo, no ano 2016, as persoas que viñeron un total de 32.557, das que unhas 16.821 eran doutra comunidade e 15.736 do estranxeiro, segundo a IGE.

Cualificación profesional

O Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo, sinala no seu último informe sobre contratacións que, por cada persoa universitaria menor de trinta anos que chegou a Galicia, atraída por un contrato de traballo, outras dous marcharon a outra autonomía cun emprego xa asinado.

Pola súa banda, chegaron para traballar un total de 7.585 persoas licenciadas, entre o ano 2008 e o ano 2016, e fóronse coa mesma titulación e posto asegurado un total de 15.026 persoas.

En paralelo, e durante o mesmo tempo, encontraron traballo na nosa comunidade un total de 80.838 mozas e mozos galegos con carreira universitaria.

2.4 Consideracións finais

O primeiro que é necesario sinalar é a dificultade metodolóxica da definición de xuventude. Trátase dun concepto cultural para o que non se conta cunha definición unánime establecida en función de factores socioculturais, institucionais, económicos ou, incluso, políticos. Así a Asemblea Xeral de Nacións Unidas e OIT definen a xente moza como o grupo de idade situado entre os 15 e os 24 anos; nos países e institucións da UE comprenden os grupos de 15 a 25 anos e, nalgúns casos, de 14 a 29. Nas distintas CC AA encontrámonos, tamén, cunha gran variación da franxa de idade, sendo un aspecto sobre o cal non existe un acordo común. En Galicia, na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia teñen consideración de persoas novas as que teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos.

O mercado de traballo é un elemento desestabilizador, con elevadas taxas de paro, especialmente, nas cohortes de menor idade da poboación. No ano 2017, en Galicia as persoas comprendidas entre 16 e 34 anos tiñan unha taxa de paro dun 21,6 por cento; con contratos con elevada temporalidade que, para esta franxa de idade, era dun 52,1 por cento; ademais os contratos parciais supoñían un 20,5 por cento. A xornada parcial é un espello da precariedade laboral pois, segundo o último dato dispoñible, no 58 por cento dos casos non responde a un desexo dos traballadores e traballadoras, só un nove por cento afirmou buscar ese tipo de xornada. A todo isto, hai que engadir que a brecha salarial é moi profunda, sobre todo para as persoas menores de 25 anos, que chega a ser dun 42,9 por cento, mentres que a das persoas menores de 35 anos se sitúa nun 21,9 por cento. A consecuencia é que a emancipación familiar supoña un difícil reto para a xuventude galega e a idea de formar a súa propia familia e ter descendencia tarde en poder realizarse.

As dificultades que rodean a transición á vida adulta están na base da paulatina prolongación da etapa de xuventude nos países occidentais, coa sinalada dificultade de emancipación por baixos niveles de ingresos e foi un dos factores que fixeron posible que a mocidade acadara progresivamente un nivel de instrución máis alto. Apostar por prolongar os estudos é unha estratexia con vistas a aumentar as oportunidades de construír unha carreira laboral. Aínda así, en Galicia, un 23,7 por cento das persoas con educación superior están en paro. Ademais de significar relegar a un segundo plano os proxectos persoais de constitución de parella e a decisión de ter descendencia, aloxándoa a un momento posterior que resulte ser máis favorable.

Así mesmo, a redución da fecundidade relaciónase moi directamente co atraso no calendario de transición á vida adulta polos datos do mercado de traballo e da posición case que única de filla ou fillo á de nai ou pai. A falta de estabilidade laboral da xuventude atranca que desenvolva un proxecto de vida axeitado. Os datos demostran como o salario/ingresos no traballo insuficientes, a falta de estabilidade laboral e que podería afectar a súa traxectoria profesional, son cuestións que as persoas novas ocupadas teñen máis en conta que as do resto das idades á hora de decidir ser nais ou pais.

O atraso na entrada no mercado de traballo da mocidade galega, do seu matrimonio tardío e da idade das nais no momento do nacemento do seu primeiro fillo ou filla é ben expresivo do que levamos sinalado ao longo deste traballo. Pode destacarse que, practicamente, desaparece a fecundidade das mulleres de 20 a 24 anos, que ata 1981 ocupaban o segundo lugar por orde de participación. Os grupos de mulleres novas cederon o protagonismo ao das mulleres de 30 a 34 anos, que de ocupar o terceiro lugar pasaron ao primeiro de forma destacada.

A subsistencia dun elevado paro entre a mocidade, sumado aos custos da vivenda e a sensación constante de inestabilidade, dificultan a emancipación residencial e a súa completa autonomía como seres adultos. Este feito prolonga a súa condición de estudante, residindo na casa familiar.

A dinámica dos grupos da mocidade nos próximos anos será, sobre todo, consecuencia da estrutura por idades, modelada polo rápido descenso da fecundidade. Con carácter xeral, e á marxe dos comportamentos específicos en ámbitos locais, na poboación española as xeracións que se incorporan ao grupo de mozos/as van sendo sempre menores que as que o abandonan.

3

O presente das migracións en Galicia

3.1 Galicia no contexto da mundialización das migracións

A liña sutil que apenas delimita historia e presente parecería desdebuxarse totalmente na observación das dinámicas migratorias de longa duración e de amplo radio de alcance, aínda considerando as modificacións en causalidade, orientación e ritmo que experimentan os fluxos migratorios no tempo. O caso de Galicia é un bo exemplo, aínda que certamente non o único.

Posiblemente sexa a constatación da simultaneidade de distintos procesos migratorios o que dote de maior particularidade o caso galego neste momento, ao tratarse de desenvolvementos relativamente novos nuns casos, mentres que outros parecen entroncar de maneira directa coa vella emigración. Entre estes últimos cómpre engadir a referencia aos cambios que se están sucedendo agora mesmo e que están a deixar o seu reflexo nas cifras do Padrón de españois residentes no exterior elaborado polo Instituto Nacional de Estatística (PERE) desde a súa primeira publicación no ano 2009 ata a, de momento, última e moi recente de 2018. Entre os procesos relativamente máis novos situaríase o cambio de tendencia do saldo migratorio exterior e a “nova emigración” centrada na mocidade cualificada, cuxa saída ao exterior tende a poñerse en relación inmediata coa recente crise económica.

De maneira particular, na análise dos fluxos migratorios, tanto de entrada como de saída, é patente a pegada da crise desatada a finais do ano 2007. En palabras de A. Domingo e A. Blanes (2015), “a crise económica non só transformou as migracións, senón que afectou a súa comprensión, esixindo un novo marco epistemolóxico para analizar a nova complexidade da inmigración e da emigración”. O período no que centramos a nosa análise da complexidade dos movementos migratorios en Galicia, anos 2009-2017 –con independencia do necesario apoio, cando se precise, no período inmediatamente anterior¹-, esixe pola súa propia natureza abordar os efectos da crise económica e do emprego.

Sinalemos de momento cos investigadores antes citados que, nunha perspectiva española, os estudos empíricos realizados proban que os fluxos de saída foron adquirindo unha importancia crecente a medida que se profundaba na crise económica; porén, e aínda tendo en conta a presumible subestimación dos fluxos de saída de xente nova, o seu protagonismo é menor do que se deduciría da alarma social desatada ante a falta de capacidade de retención no país da mocidade cualificada.

¹ Para o período anterior utilízase o libro de Rodríguez, Losada e Freire (2010).

Igualmente son perceptibles os efectos da crise desde a perspectiva do retorno². Con anterioridade a ela sabemos da súa significación na mobilidade poboacional de Galicia así como da súa contía e peculiaridades. Lembremos que Galicia era á altura do ano 2009 a primeira comunidade autónoma receptora de persoas retornadas, coa particularidade de que unha parte importante delas se atopaba en idade activa (entre 16 e 64 anos) e tan só o 24 por cento superaba os 65 anos (Rodríguez, Losada, Freire, 2010).

A sinalada importancia do retorno non significa que se estivese diante dun fenómeno novo; coñécese ben que emigración e retorno constitúen unha constante estrutural na vida de Galicia nun período que excede os dous séculos. As saídas das galegas e galegos³ ao exterior estiveron presididas, tanto no imaxinario de quen foron protagonistas en directo como no das súas propias familias, pola idea do retorno. Un ideal de retorno, unha emigración para voltar, que non persegue, xa que logo, o arraigo, polo menos inicialmente, no país de destino. Precisamente outro dos paradoxos que presenta o estudo da nosa emigración histórica é que retorno e elevada emigración neta non se mostraron incompatibles, como se segue no referente á intensidade da emigración neta na táboa seguinte.

Táboa II.3.1.
Emigración neta nos períodos intercensais en Galicia. (En miles)

1878-1887	-48	1941-1950	-115
1888-1900	-90	1951-1960	-237
1901-1910	-143	1961-1970	229
1911-1920	-83	1971-1980	-5
1921-1930	-107	1981-1990	+56
1931-1940	+64	1991-2001	+48

Fonte: Rodríguez Galdo, (1995)

A pegada migratoria segue presente en Galicia na súa actual estrutura de idades. E estémonos a referir a un sinalado efecto demográfico da vella emigración (neste caso saídas ao estranxeiro e migracións interiores en España) que se proxecta na actualidade, e que se suma a outras continxencias derivadas da actual crise.

Tradición migratoria e forte presenza no exterior son así dúas facianas da mesma moeda que é necesario ter en conta á hora de interpretarmos a actualidade das migracións en Galicia. Recordemos que estamos a falar dun país de prolongada tradición migratoria exterior. Xeracións de mulleres e homes víronse involucradas directa ou indirectamente nun fenómeno complexo de motivación esencialmente económica, diverso en función de tempos e espazos, cambiante en intensidade e destinos. E se ben os números da emigración non resultan sempre precisos pola entidade que revisten as saídas fóra das canles legais establecidas en cada momento⁴, América primeiro, países da vella Europa despois, e sen ter conta agora a emigración interior en España, atraeron máis de dous millóns longos de persoas traballadoras.

Os fluxos de saída experimentan unha redución notable desde mediados da década dos anos setenta do pasado século sen que se materializase en retornos masivos, o que, por outra parte, explica nunha boa medida a elevada presenza de xente orixinaria de Galicia nos continentes americano e europeo.

2 Aplícase o termo retorno ou emigración de retorno na súa acepción máis xeral de persoa emigrante que volve ao lugar de orixe, como vén sendo común na comunidade científica internacional que se ocupa dos estudos migratorios. As discusións sobre complexidade e tipoloxías de retorno aplicadas a Galicia preséntanse en Rodríguez, 2001; Losada e Rodríguez, 2004), onde tamén se aborda a problemática derivada da non inclusión pola Administración como persoas retornadas das emigrantes interiores que volven á súa Comunidade ou provincia de nacemento.

3 Estes, na etapa americana, en maior proporción.

4 As principais fontes estatísticas de migracións adoitan estar asociadas a procedementos administrativos dos que herdan as súas potencialidades pero tamén as limitacións que lles afectan. Así, polo feito de basearse en definicións diverxentes e empregar variados procedementos, ofrecen cifras ás veces bastante distintas co que significa de confusión para a xente usuaria en xeral como para a investigadora en particular.

Nas dúas últimas décadas, e de maneira máis acentuada desde 1999, Galicia está a vivir a súa particular transición migratoria. E de país expulsor de man de obra -en xeneral, pouco cualificada-, pasou, nun lapso moi breve de tempo, a recibir achegas de poboación procedente do estranxeiro, especialmente poboación retornada e inmigrante, se ben esta última con achegas porcentuais máis reducidas que as relativas á media española. Retornos moitas veces protagonizados tamén por descendentes daqueles homes e mulleres que partiran de Galicia na anterior ou na antepasada xeración.

Con esta nova realidade migratoria entrecrúzanse manifestacións da vella emigración, representadas polo elevado número de persoas oriúndas de Galicia e en posesión da cidadanía española de pleno dereito que residen no exterior. Son tamén membros deste grupo, como sinalabamos, quen protagonizan maioritariamente os retornos do estranxeiro que se veñen sucedendo con maior intensidade nas últimas décadas.

O cambio sobrevido coa inmigración e o incremento do retorno de emigrantes a Galicia produciuse á vez que se mantén unha forte presenza galega no exterior, principal pegada da emigración e do prolongado exilio republicano, na que tamén se inclúen descendentes de primeira e segunda xeración (que en boa parte xa non naceran en Galicia, nin en España, e que tampouco residiron no país) daquelas familias ou persoas individuais que protagonizaran en carne propia a emigración ao exterior. Na proxección exterior de Galicia cómpre non esquecer a representación das persoas expatriadas, un grupo integrado especialmente por profesionais que as respectivas empresas envían a traballar no exterior e que se ben non constitúen un número significativo na poboación de Galicia no exterior, naqueles países de presenza española máis recente si se observa a súa pegada nos datos do PERE (Rodríguez et al. 2012).


Nos fluxos de entrada a Galicia hai que considerar igualmente o caso dos retornos protagonizados por xente que volve á terra despois de traballar noutras comunidades autónomas españolas. E non se trata tan só de xubilacións, pensemos nos retornos que a crise do boom da construción provocou entre a xente nova desprazada a Canarias (por citar un caso ben coñecido e con forte eco nos medios de comunicación).

No intento de ofrecer unha visión do presente das migracións en Galicia imponse de seu incluír a análise dos cambios residenciais internos, que experimentan fondas alteracións desde mediados do pasado século XX a carón dun proceso de urbanización emprendido neses anos, e que en tempos máis actuais experimenta unha forte aceleración da man de modelos territoriais que incorporan a metropolización de áreas urbanas cada vez máis extensas.

Galicia comparte con España algúns dos trazos máis significativos que definen o seu actual mapa da mobilidade. Hoxe máis que nunca falar de mobilidade é falar de movementos globais. Na nova etapa de mobilidade humana que estamos a vivir, o fenómeno migratorio amosa unha especial complexidade que deriva, en primeiro lugar, do feito de que os procesos migratorios cómpre enténdelos como procesos globais, nos que, asemade, teñen cabida manifestacións da vella e da nova emigración, e nos que se asiste á formación de novas comunidades transnacionais, co que, á súa vez, implica de creación de espazos nos que as relacións sociais deixan de estruturarse moitas veces, aínda que non sempre, en función de prefixadas demarcacións territoriais.


O gráfico II.3.1 permítenos unha primeira achega ao saldo migratorio total para o período 2002-2016, mentres que os gráficos II.3.2 e II.3.3 mostran desagregados os grupos de idades máis directamente afectados pola emigración e pola inmigración respectivamente. Por outra parte, o gráfico II.3.4 sitúanos diante da dimensión da representación exterior de Galicia medida a través da cidadanía residente no exterior e con vínculos (administrativos de distinta índole) con Galicia.

Gráfico II.3.1.
Saldo migratorio total 2002-2016




Fonte: INE - IGE

Gráfico II.3.2.
Emigracións por idades 2002-2016




Fonte: INE - IGE

Gráfico II.3.3.
Inmigracións por idades 2002-2016



Fonte: INE - IGE

Gráfico II.3.4.
Evolución da poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro Galicia (2009-2018)



Fonte: INE - IGE


3.2 Análise da mobilidade da poboación en Galicia

Amplitude dos cambios residenciais internos

Entre 1998 e 2016 Galicia asistiu a profundos cambios nos seus asentamentos poboacionais que, como sabemos, non se corresponden coas coñecidas variacións na poboación total dese mesmo período temporal (pois hai que falar de 6.000 habitantes menos). O gráfico X reflicte para Galicia e provincias as mudanzas que no número de habitantes afectaron os concellos galegos e que, no fundamental, obedecen as mobilidades internas analizadas con amplitude por investigadoras e investigadores en xeografía.

Gráfico II.3.5.


Numero de concellos con aumentos ou diminucións de poboación. 2007-2017⁵



Fonte: IGE

Mapa II.3.1.

Concellos de Galicia segundo o grao de urbanización (GU 2011)




Fonte: IGE

5 Repetimos esta información (que xa foi analizada no anterior capítulo I.2) para facilitar a lectura deste capítulo.

A poboación en Galicia estase centralizando en áreas moi determinadas con diversas casuísticas. O saldo migratorio é desfavorable para 261 dos 313 concellos de Galicia, o que pode ser debido a:


- Migración interna positiva cara os concellos periféricos das grandes cidades. Este feito sucede nas áreas da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ferrol e Ourense. Unha parte importante do incremento de poboación destes concellos, por efecto deste saldo, prodúcese a costa das propias cidades, que pola tipoloxía da poboación tamén relanza de forma indirecta o saldo vexetativo positivo. Son os casos principalmente dos concellos de Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada (área da Coruña), Narón (área de Ferrol), Ames, Brión, Oroso e Teo (área de Santiago de Compostela), Barbadás, Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas (área de Ourense) e Gondomar, Nigrán, Salceda e Soutomaior (área de Vigo).
- Migración interna positiva ás grandes cidades. Como é o caso das cidades de Lugo e Pontevedra, que aglutinan o crecemento principal nestas áreas, compartido con algúns concellos da súa área (principalmente Outeiro de Rei na de Lugo e Poio na de Pontevedra).
- Migración interna positiva cara ás cabeceiras de comarca. Son os casos de Cee, Carballo, Ordes, Sarria, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Verín, Xinzo de Limia, Caldas de Reis, Lalín, Pontearreas e Vilagarcía de Arousa, entre outros.
- Migración interna positiva de áreas determinadas. Son os casos das comarcas de Betanzos, A Mariña lucense, O Morrazo, O Salnés e O Rosal.

Gráfico II.3.6.
Saldo Migratorio interno por comarcas (2002-2016)



Fonte: IGE

Gráfico II.3.7.
Saldo migratorio total por comarcas (2002-2016)




Fonte: IGE

Os dous gráficos anteriores mostran o saldo migratorio interno por comarcas entre os anos 2002 e 2016 e o saldo migratorio total nos mesmos anos, e aseveran o relatado con anterioridade.

Gráfico II.3.8.

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro segundo o municipio de inscrición.
Comarcas



Fonte: IGE


Mobilidade externa. Saldo migratorio

A inmigración a Galicia

A inmigración é na Comunidade autónoma de Galicia, como tamén o é en España, e noutros países do sur de Europa, un fenómeno relativamente recente que cobra entidade significativa nos finais da década dos noventa do pasado século⁶. Reviste igualmente en Galicia unha acusada aceleración e diversificación, aínda que a menor escala que a española. Comparada coas comunidades autónomas que nos anos anteriores á crise de 2008 concentraban o maior número de poboación inmigrante, Galicia ocupou sempre un discreto lugar. Por volume, en termos absolutos de inmigración radicada no seu territorio, non pasou do posto décimo segundo en España⁷, a escasa distancia do País Vasco e moi lonxe do número rexistrado nas comunidades de Madrid, Cataluña ou Valencia.

Mapa II.3.2.

Proporción de inmigrantes na poboación. Ano 2006



Fonte: INE.

Na actualidade, o mapa da distribución territorial da inmigración non mudou substancialmente con respecto ao período de manifestación da crise. Das 5.237.710 persoas que no 2017 posúen un certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en España, tan só 93.689 residen en Galicia, o que representa apenas un 1,8 por cento do total de residentes do estranxeiro. Por outra banda, e respecto da poboación total de Galicia, só supoñen o 3,5 por cento do total (datos de 2017).

⁶ Lembremos brevemente algúns trazos da historia recente do fenómeno da inmigración en España que nos axuden a inserir a inmigración na dinámica demográfica galega e achegámonos máis doadamente ás súas singularidades. Nas dúas últimas décadas, e de maneira máis acentuada desde 1999, España viviu a súa particular transición migratoria. De país expulsor de man de obra –en xeral pouco cualificada–, pasou, nun lapso moi breve de tempo, a converterse no maior país receptor de inmigración da Europa mediterránea. A porcentaxe desta, dentro da poboación total, limitábase en 1998 ao 2 por cento. Doce anos despois excedía o 12 por cento, correspondendo ás mulleres unha representación do 11,5 por cento. En comparación con outros países europeos, en España a inmigración é un fenómeno moito máis recente, máis intenso e máis rápido. Trátase dunha inmigración heteroxénea e desigualmente repartida polo territorio español, de idades novas e con elevada proporción de mulleres.

⁷ Estimación a 31 de decembro de 2008, a partir de datos d INE e do Observatorio Permanente da Inmigración do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Gráfico II.3.9.
Número de inmigrantes por comunidades autónomas. 2017




Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social

Se analizamos a evolución das cifras de inmigrantes con tarxeta de residencia en Galicia (stock), vemos como se debuxa unha evolución moi dependente do ciclo económico, se ben neste caso con certo retardo.

De feito, a inmigración seguiu crescendo ata o 2012, momento no que os efectos da crise sobre o emprego se fixeron máis patentes e alteraron as decisións migratorias da poboación estranxeira. É rechamante ver como a recuperación da crise e o emprego ten xa un correlato no aumento da inmigración á nosa comunidade, xa que en 2017, e por primeira vez en cinco anos, crece sinaladamente o número de inmigrantes.


Gráfico II.3.10.
Evolución da poboación foránea con residencia en Galicia. 2009-2017



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliación e alta de traballadores/as⁸

8 Neste gráfico a liña base horizontal son 84000 e as restantes van de 2000 en 2000.


Gráfico II.3.11.
Evolución do número de persoas estranxeiras 2004-2017



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social

Se afinamos un pouco máis na análise e distinguimos por provincia de residencia, confírmase que só as provincias atlánticas, con maior capacidade produtiva e de xeración de crecemento, teñen capacidade de atracción para a xente inmigrante, xa que A Coruña e Pontevedra reciben o dobre de inmigrantes que Lugo e Ourense.

Gráfico II.3.12.
Persoas estranxeiras residentes en Galicia por provincias. 2009-2017




Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social

Tamén podemos observar a evolución da inmigración regular na estatística de afiliación á Seguridade Social. Aquí aparece só a inmigración regular (e con contrato de traballo). Ao ser unha estatística de ocupación é máis sensible ao ciclo económico e de emprego.

Gráfico II.3.13.

Poboación estranxeira afiliada á Seguridade Social en Galicia. 200-2018




Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliación e alta de traballadores

A pesar do descenso, a curva mostra como o proxecto migratorio da poboación estranxeira en Galicia é relativamente estable malia a intensa caída do emprego nos anos de crise. A cifra de poboación estranxeira con contratos en Galicia comeza a recuperarse a partir do ano 2016, unha vez que melloran as condicións económicas e de emprego. De feito, aínda que non se recuperaron as cifras previas á crise, a tendencia é á alza.

Gráfico II.3.14.

Poboación estranxeira afiliada á Seguridade Social en Galicia. 2011-2018



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliación e alta de traballadores

A evolución do número de poboación estranxeira ocupada respecto da residente con tarxeta é similar porque a inmigración a Galicia, como a España, é de carácter laboral, e a maior parte daquela vén cun proxecto migratorio baseado no emprego. Agora ben, os tempos difiren un pouco, as afiliacións á Seguridade Social comezan a descender primeiro, antes que a chegada ou saída de novas persoas migrantes. Igualmente, o cambio de tendencia é máis claro na afiliación. Iso explícase porque a decisión de retornar -ou non vir-, é

reactiva respecto ao mercado de traballo. En cambio, un rexistro de contratos é moito mais sensible ao ciclo económico e ás necesidades do mercado laboral.

Por sectores de actividade, atopamos que a afiliación estranxeira se produce en determinados nichos como o servizo doméstico (excluído desta táboa), a industria manufactureira e a construción, a hostalaría, o comercio e o transporte. Esa concentración sectorial non difire no substancial doutras partes de España.

Táboa II.3.2.


Poboación estranxeira afiliada á Seguridade Social. Xaneiro de 2018

Poboación estranxeira afiliada á SS. Xaneiro 2018		(1) Xeral (excl. Agrario e Fogar)	Autónomos
	Total	20.581	6.055
A	agricultura, gandería, silvicultura e pesca	541	305
B	industrias extractivas	51	1
C	industria manufactureira	2.723	312
D	forneceamento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	8	1
E	forneceamento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	59	1
F	construción	2.057	565
G	comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2.749	2.051
H	transporte e almacenamento	1.737	132
I	hostalaría	4.866	1.179
J	información e comunicacións	330	80
K	actividades financeiras e de seguros	63	40
L	actividades inmobiliarias	38	15
M	actividades profesionais, científicas e técnicas	602	214
N	actividades administrativas e servizos auxiliares	1.218	254
O	administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	440	0
P	educación	1.093	336
Q	actividades sanitarias e de servizos sociais	1.101	110
R	actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	461	85
S	outros servizos	419	373
T	actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	21	1
U	actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	4	1

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliación e alta de traballadores (estatística mensual)

O gráfico seguinte (II.3.15) achéganos a un posible mapa da distribución territorial da inmigración. Mantense a atracción dos núcleos onde radican os sectores máis activos na xeración de emprego pouco cualificado, ligado á construción inmobiliaria e aos servizos. Tras as áreas de Vigo e da Coruña, as cinco grandes cidades están a atraer poboación inmigrante así como, a unha escala menor, as comarcas da Mariña lucense e outras próximas á raia con Portugal.

Gráfico II.3.15.
Evolución número de persoas estranxeiras por comarcas. Ano 2017




Fonte: IGE

Por sexo e lugar de procedencia hai diferenzas notables nas súas características sociodemográficas entre as persoas estranxeiras residentes en Galicia. Mentres que os varóns manteñen cifras moi igualadas xa proveñan de Europa ou de fóra da UE, as mulleres estranxeiras provenientes de fóra da UE foron sempre maioría respecto das europeas.

É certo que en ambos os sexos, o comportamento deste colectivo estranxeiro europeo non é tan dependente do ciclo económico, o que suxire pautas e proxectos migratorios que deberán ser explicados tomando en consideración moitas variables, entre as que cabe considerar a atención á demanda de coidados e, en xeral, o traballo doméstico se pensamos na inmigración de mulleres.


Gráficos II.3.16 e II.3.17.
Evolución de inmigrantes por sexo e lugar de procedencia.



Fonte: IGE, Estatística de variacións residenciais (EVR)

As dúas orixes predominantes da poboación estranxeira marcan as diferenzas que estabamos comentando; efectivamente, nos anos de crecemento económico as entradas de inmigrantes procedentes de América do Sur foron moi importantes (iniciadas ao redor do ano 2000).


Gráfico II.3.18.
Evolución da poboación estranxeira en Galicia segundo as principais áreas de procedencia



Fonte: IGE, Estatística de variacións residenciais (EVR)

Por grupos de idade, a tendencia en Galicia é similar ao resto de España e protagonízana xente nova e na etapa de idade adulta nova, en idade activa. O grupo máis numeroso en todos os anos estudados é o de 25 a 34 anos, e o menor o que se corresponde co grupo de maiores de 65 anos, confirmando de novo que a inmigración é de carácter laboral, sendo o seu carácter familiar ou debido ao reagrupamento familiar moito menos significativo.

Gráfico II.3.19.
Inmigración da poboación estranxeira por idades. 1992-2016




Fonte: IGE, Estatística de variacións residenciais (EVR)

En suma, debemos concluír que en termos de inmigración, Galicia mantén pautas similares ao resto de España en canto ás características demográficas do seu fluxo inmigrante, coa excepción de ser unha das comunidades con menor número e porcentaxe de poboación estranxeira, como sinalabamos con anterioridade.

Non obstante, non nos gustaría rematar este epígrafe sen suliñar que, a poboación inmigrante, sufriu con maior intensidade as importantes consecuencias que tivo a crise económica vivida en España dende o ano 2007. Os seguintes gráficos mostrán, as claras, como se cebou neste segmento de poboación en comparación coa poboación española.

Gráfico II.3.20.


Evolución da taxa de pobreza da poboación estranxeira e española no periodo 2007-2016



Fonte: INE

O gráfico II.3.20 mostra a evolución da Taxa de pobreza, que xa partía no 2007 dunha brecha entre a poboación española e a inmigrante de case 11,5 puntos, chegando ao ano 2016 a ser de case 38 puntos, a máis alta de todo o período.

Gráfico II.3.21.

Taxa AROPE⁹ da poboación estranxeira e española. 2011-2016

Fonte: INE

A evolución da Taxa AROPE, mostrada no gráfico II.3.21, debuxa un panorama inquietante, xa que, para a poboación española está no entorno dun 20 por cento, movéndose entre 22,53, do ano 2012, e o 19,32 do ano 2016, dando mostra da mellora experimentada polos inicios da recuperación. Se estas cifras, de por si, aínda son elevadas, as da poboación estranxeira son demoledoras, movéndose entre un 50 e case un 60 por cento a porcentaxe en risco de pobreza ou exclusión social.

9 En situación ou risco de pobreza ou exclusión social.


Todo iso demostra, que a poboación estranxeira experimentou dun xeito máis intenso os impactos da crise económica, e que a recuperación que xa se experimenta e a mellora parella non foi aínda rexistrada para a poboación estranxeira (no obstante si para a poboación nacional) nos últimos datos dispoñibles.

A emigración galega e a Galicia exterior

Ao contrario que nas súas pautas de inmigración, Galicia ocupa un lugar propio nos procesos de emigración. Historicamente mantivo taxas migratorias moi por encima do resto de España, o que explica a entidade e dimensión que conserva na súa proxección exterior, que se ve reforzada, así mesmo, por políticas autonómicas e do Goberno central a prol da cidadanía no exterior.

Como se aprecia no gráfico II.3.19, nos últimos anos a maior parte dos movementos de poboación en Galicia son internos (mesmo dentro da mesma provincia), sendo a porcentaxe máis pequena os que teñen como destino o estranxeiro.

Gráfico II.3.22.
Evolución da emigración en Galicia segundo o tipo de migración




Fonte: IGE, Estatística de variacións residenciais (EVR)

Pero non todas as persoas que emigran son nadas en Galicia. Cómpre ter en conta que durante os últimos vinte anos os procesos de adquisición da nacionalidade en España foron moi importantes. Calcúlase que ao redor dun millón dos cinco de poboación estranxeira residente en España conseguiron a nacionalidade pola vía da residencia; e dese millón, arredor de dúas terceiras partes son persoas nadas en Sudamérica e Centroamérica.

En Galicia, a maioría da xente que emigra naceu en Galicia se ben a porción do grupo nado fóra dela que emigra representa unha parte non desdeñable do conxunto, en especial se reparamos en que crece co tempo. Este colectivo non nado en Galicia intégrano ben descendentes de mulleres e homes que tiñan emigrado antes de Galicia (xa lles transmitiran a nacionalidade española no momento do seu nacemento, xa accederan a ela acolléndose a leis posteriores), ou ben migrantes que accederon á nacionalidade e que á súa vez emigran, xa sexa en forma de retorno ao seu país de orixe, xa se trate de re-emigración a un terceiro destino.


Gráfico II.3.23.
Emigracións segundo o lugar de nacemento. 1991-2016



Fonte: IGE, Estatística de variacións residenciais (EVR)

Obsérvase no gráfico como a medida que pasa o tempo e malia ás nacionalizacións, a emigración é cada vez unha cuestión máis da poboación estranxeira que da nacida en España.


Gráfico II.3.24.
Emigración segundo a nacionalidade. 2002-2016



Fonte: IGE, Estatística de variacións residenciais (EVR)

Se focalizamos a nosa esculca no período que vai do inicio da crise en diante, ata a actualidade, observamos que a emigración de poboación estranxeira foi máis intensa e vinculada aos anos máis duros da crise. O anterior está en consonancia coa súa estratexia do retorno en épocas de crise, como parece corroboralo o feito de que é este grupo estranxeiro (a miúdo tamén o grupo de persoas que menos tempo leva no país) o que en maior medida asume a decisión de regresar ou re-emigrar por falta de expectativas laborais no lugar de destino.

Gráfico II.3.25.
Emigracións segundo a nacionalidade 2009-2016.




Fonte: IGE, Estatística de variacións residenciais (EVR)

Cos datos achegados polo Instituto Nacional de Estatística e polo IGE é difícil distinguir a vella emigración da nova. A continuación, imos intentar illar a unha da outra, posto que os perfís e motivacións son completamente distintos.

Consideramos agora unicamente a emigración protagonizada por persoas nadas en Galicia (excluíndo a nacionalizada) para entender o stock de emigración desde a crise. Incluímos os dous destinos preferentes de emigración (Europa e América) xa que entre ambos reciben aproximadamente o 98 por cento da emigración galega.


Gráfico II.3.26.
Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro segundo o país de residencia. Persoas nadas en España



Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

Gráfico II.3. 27.

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro segundo o país de residencia. Persoas nadas no estranxeiro




Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

Como se aprecia, o primeiro gráfico contén unha parte importante do stock da vella emigración, xa que só inclúe a dos homes e mulleres nadas en España. Esa é a razón do peso de América no total, que permanece ao longo do tempo. O segundo gráfico inclúe, tan só os homes e mulleres que, tendo nacido no estranxeiro, se nacionalizaron; é dicir, persoas inmigrantes que adquiriron a nacionalidade española e que agora volven a emigrar. O comportamento destas últimas é moito máis cíclico, xa que dependendo da situación económica e do mercado laboral dos seus lugares de orixe e, sobre todo, de destino, toman decisións de re-emigrar, permanecer ou retornar. Esa é a razón pola que a emigración deste colectivo aumenta nos anos de crise, sobre todo cara a América, de onde é oriúnda a maioría da poboación nacionalizada.

Vexamos agora os perfís sociodemográficos da emigración galega. A súa distribución por idade mostra claramente o enorme peso da vella emigración entre o conxunto galego residente no estranxeiro: na actualidade case as dúas terceiras partes teñen máis de 65 anos.

Gráfico II.3. 28.


Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e nada en Galicia segundo idade. 2018



Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

Igualmente, os gráficos denotan ese envellecemento da nosa emigración, xa que na última década crecen as persoas maiores de 65 anos mentres que descende o grupo de emigrantes en idade activa.


Gráfico II.3. 29.
Poboación española no estranxeiro por idades



Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

A distribución por sexo é unha confirmación máis do peso da vella emigración e do seu avellentamento, que ademais está moi feminizado como acontece na propia Galicia.

Gráfico II.3. 30.
Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e nada en Galicia segundo o sexo




Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

É evidente que a chamada nova emigración de galegas e galegos nados en Galicia está aquí. O problema é que as fontes oficiais non desagregan os datos de emigración (si os de inmigración) por grupos quinquenais de idade e, xa que logo, é difícil analizar o fluxo de novas persoas emigrantes a partir da explotación que fan o INE e o IGE. A explotación por grandes (grandísimos, diríamos) grupos de idade, mostra os seguintes resultados.

Gráfico II.3.31.


Persoas residentes nacidas en Galicia de menos de 16 anos segundo o continente de residencia



Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

Gráfico II.3.32.


Persoas residentes nacidas en Galicia de 16-64 anos segundo o continente de residencia



Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

Gráfico II.3.33.

Persoas residentes nacidas en Galicia de máis de 64 anos segundo o continente de residencia




Fonte: INE, Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE)

Se atendemos aos destinos e á súa distribución por idade, volvemos a confirmar que a vella emigración reside na súa maior parte no continente americano, mentres que a nova emigración (presente a raíz da crise económica española) experimenta un gran crecemento cara a Europa nas persoas menores de 16 anos. Este grupo, nado en Galicia, emigra loxicamente acompañando aos seus pais. Os individuos deste grupo de idade, poden, ou ben ser fillos/as de proxenitores españois nados en España ou ben fillos/as de persoas naturalizadas. En ausencia dunha mellor distribución por idades, permítenos unha achega parcial á nova emigración.

Intentamos saber algo máis deste grupo a través da estatística do INE novas inscricións de poboación galega no exterior. O 79,4 por cento das novas inscricións que emigran desde Galicia son de nacionalidade estranxeira, e trátase de homes e mulleres en similar porcentaxe. O 84,5 por cento do total emigran a algún país de América. Nunha porcentaxe significativa estamos ante proxectos migratorios circulares ou transnacionais. Esa re-emigración é, como xa se comentou, igualmente consecuencia da crise, xa que son saídas de emigrantes que por falta de emprego e oportunidades cambian o seu proxecto migratorio e regresan en moitos casos ao seu país de orixe. As novas inscricións por sexo mostran unha lixeira sobre representación dos varóns sobre as mulleres.

Gráfico II.3.34.
Novas inscricións por sexo



Fonte: INE, novas inscricións

Agora ben, se distinguimos por destino da emigración afloran algunhas outras diferenzas. Os varóns están claramente sobre representados na emigración europea, outro elemento máis que queda para a análise; as novas migracións a Europa desde Galicia son igualitarias, mentres que as que teñen América como destino están masculinizadas.

Gráfico II.3.35.
Novas inscricións de persoas nadas en España por sexo e destino




Fonte: INE, novas inscricións

A crise afectou as emigracións de forma distinta segundo a nacionalidade; mentres que entre a poboación estranxeira se seguiu unha pauta estable cara ao crecemento da migración desde 2011 ata 2013, no caso de emigración de poboación española móstrase unha distribución máis de dente de serra, pero con tendencia igualmente á alza.

O Saldo migratorio en Galicia

No último apartado analizaremos o saldo migratorio que resulta de comparar as entradas e as saídas en Galicia. A fragilidade demográfica de Galicia tamén se mostra a través do seu saldo migratorio; en termos de tendencia, o saldo tende a ser de escaso crecemento poboacional vía chegada de inmigrantes, cando non negativo, pola saída deste colectivo e do das persoas autóctonas.


Gráfico II.3.36.
Saldo migratorio. Galicia.



Fonte: IGE, Estatística de variacións de residencia (EVR)

Vemos que unha parte da perda de poboación de Galicia se debe á saída de galegas e galegos cara a outras partes de España.


Gráfico II.3.37.
Saldo migratorio co resto de España



Fonte: IGE, Estatística de variacións de residencia (EVR)

Poderíamos dicir que o saldo migratorio co estranxeiro nestes anos dependeu máis do ciclo económico, mentres que co resto de España a tendencia pode ser secular: a falta de oportunidades laborais expulsa poboación mesmo en momentos en que o ciclo económico é máis favorable.

Gráfico II.3.38.
Saldo migratorio co estranxeiro




Fonte: IGE, Estatística de variacións de residencia (EVR)

Táboa II.3.3.
SalDOS migratorios por CC AA

16-29 años									
	16-29 años			16-29 años			16-29 años		
	Total	Persoas españolas	Persoas estranxeiras	Total	Persoas españolas	Persoas estranxeiras	Total	Persoas españolas	Persoas estranxeiras
Total	123.020	-19.489	142.509	123.020	-19.489	142.509	0	0	0
Andalucía	-4.192	-13.032	8.840	6.361	-4.348	10.709	-10.553	-8.684	-1.869
Aragón	1.772	-1.193	2.965	2.644	-963	3.607	-872	-230	-642
Principado de Asturias	8	-1.110	1.118	1.124	-323	1.447	-1.116	-787	-329
Illes Balears	15.559	3.654	11.905	10.344	-721	11.065	5.215	4.375	840
Canarias	19.729	1.768	17.961	18.437	453	17.984	1.292	1.315	-23
Cantabria	589	41	548	370	-288	658	219	329	-110
Castilla y León	-7.086	-7.711	625	466	-1.331	1.797	-7.552	-6.380	-1.172
Castilla-La Mancha	-4.535	-5.992	1.457	1.468	-1.453	2.921	-6.003	-4.539	-1.464
Catalunya	49.122	-2.672	51.794	45.233	-4.486	49.719	3.889	1.814	2.075
Comunitat Valenciana	-5.139	-1.545	-3.594	-6.058	-2.660	-3.398	919	1.115	-196
Extremadura	-5.467	-4.327	-1.140	-1.069	-428	-641	-4.398	-3.899	-499
Galicia	3.025	-1.494	4.519	4.949	-115	5.064	-1.924	-1.379	-545
Comunidad de Madrid	42.962	15.563	27.399	26.305	-557	26.862	16.657	16.120	537
Región de Murcia	3.331	-429	3.760	2.328	-986	3.314	1.003	557	446
Comunidad Foral de Navarra	3.698	115	3.583	2.340	-315	2.655	1.358	430	928
País Vasco	9.904	427	9.477	7.015	-448	7.463	2.889	875	2.014
La Rioja	307	-466	773	581	-344	925	-274	-122	-152
Ceuta	-101	-551	450	209	-45	254	-310	-506	196
Melilla	-466	-535	69	-27	-131	104	-439	-404	-35

Fonte: IGE, Estatística de variacións de residencia (EVR)

Gráfico II.3.39.
España. Saldo migratorio total



Fonte: IGE, Estatística de variacións de residencia (EVR)

O gráfico mostra, de novo, que a crise económica non fixo senón reforzar os problemas da nosa demografía ao forzar tanto a saída de Galicia de persoas españolas cara ao estranxeiro e, sobre todo, a outras partes do país, como a saída das persoas estranxeiras e a súa chegada ao ralentí a Galicia.

4

Familia e cambio demográfico en Galicia

4.1 Dinámicas demográficas e cambios nos fogares e nas familias.

Cómpre empezar este capítulo de “Familia e cambio demográfico en Galicia” sinalando, unha vez máis, como o cambio demográfico implica unha modificación dos marcos de convivencia no fogar. O descenso da ancestralmente elevada mortalidade infantil levou aparelado un igualmente drástico descenso na cantidade de nacementos requiridos; case deseguido, a masiva supervivencia desde o nacemento ata as idades fecundas fixo que o traballo reprodutivo estivese máis repartido e o número de fillos/as por persoa puidese diminuír aínda máis. Como vimos en páxinas anteriores, esta algo posterior mellora na supervivencia das persoas adultas atrasou a incidencia da viuvez e da orfandade, asegurando a supervivencia do núcleo filial-conxugal durante máis anos nos ciclos vitais, e aumentando o seu peso no conxunto dos tipos de fogar. E a estes cambios estruturais deben engadirse os cambios nas condutas asociadas. Aspectos ben coñecidos, que ocupan un lugar central no campo de estudo da segunda transición demográfica e, con maior protagonismo incluso, na teoría da revolución reprodutiva.

Lembremos a relevancia que se lle outorga, en ambas as dúas formulacións teóricas citadas –e que contan xa cunha ampla base empírica-, a fenómenos como a conxugalidade, ás novas formas de fogar e aos roles de xénero. A referencia ao papel dos comportamentos conxugais e familiares implica, de seu, a necesaria consideración de temas como o da crecente igualdade de roles na parella, o aumento das separacións, a cohabitación e a fecundidade extramatrimonial, o atraso dos calendarios nupcial e fecundo, así como o progresivo cambio no mapa das estruturas familiares, cada vez máis diversas, con presenza crecente dos fogares unipersonais, as parellas sen descendencia ou os monoparentais.

En ambas as dúas perspectivas anteriores de análise, ademais dos factores económicos ou do crecente nivel educativo feminino, salíéntanse outros que se sitúan no campo cultural e que están a subverter normas e crenzas ata hai ben pouco de grande arraigo no corpo social, como fica sinalado en páxinas precedentes. Mudanzas nas formas de vida que, insistimos de novo, se vinculan cos cambios na prosperidade e seguridade persoal proporcionadas polo proceso de modernización social e económica e o desenvolvemento dos estados do benestar.


Interésanos destacar dun xeito especial as implicacións entre cambio familiar e cambios no mercado laboral e do sistema produtivo en xeral. Os calendarios vitais da constitución familiar, pero tamén dos coidados domésticos e familiares, gardan unha relación estreita coas taxas de actividade feminina, as condicións específicas de cada país na regulación do mercado de traballo, o tipo de ocupacións e de empresas, a flexibilidade dos empregos e os horarios laborais.

4.2 Dinámica dos fogares. Tipoloxía e tamaño. Composición

O fogar privado defínese como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento. A familia é un grupo de persoas (dúas ou máis) que, residindo na mesma vivenda familiar, están vinculadas por lazos de parentesco, xa sexan de sangue ou políticos, e independentemente do seu grao. Polo tanto, fogar e familia diferéncianse en que o fogar pode ser unipersoal, mentres que a familia ten que constar, polo menos de dous membros.

No desenvolvemento deste capítulo amósasenos, a través dunha detallada presentación gráfica, como a pesar dos cambios experimentados na composición dos fogares (maior relevancia das familias nucleares, redución do tamaño medio familiar, aumento da importancia dos fogares unipersoais, etc.) as relacións familiares e a solidariedade interxeracional seguen actuando con toda a súa forza.


Gráfico II.4.1 .
Fogares segundo a súa tipoloxía. Galicia, 1999-2016



Fonte: IGE. Varios núcleos.

Tradicionalmente, Galicia destacou no conxunto de España pola forte presenza da familia troncal, é dicir, por familias que incorporan no seu seo un matrimonio vello, un matrimonio novo e os seus fillos e fillas, e na que tamén poden residir outras persoas da familia que aínda permanezan solteiras na casa. Aínda hoxe, cando Galicia está claramente inserida na sociedade industrial contemporánea, persisten certos trazos que dotan de singularidade a familia galega. De feito, a familia permanece como un ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros máis vulnerables (persoas novas e maiores), como se revela no desenvolvemento do apartado 4 deste capítulo, que trata de analizar a intensidade das redes familiares, as cales seguen funcionando aínda que os membros da familia non residan no mesmo fogar.


Gráfico II.4.2.
Parellas con fillos/as. Galicia e provincias, 2007-2016



Fonte: IGE


A análise da tipoloxía dos fogares reflicte o aumento da importancia relativa dos fogares unipersoais e das parellas sen descendencia; tamén experimentan un lixeiro crecemento os monoparentais. Nas restantes categorías descende a súa representatividade.

Gráfico II.4.3.
Parellas sen fillos/as. Galicia e provincias, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico.II.4.4.
Fogares monoparentais. Galicia e provincias, 2007-2016




Fonte: IGE

A análise da tipoloxía dos fogares segundo o tamaño dos municipios permítenos observar, en primeiro lugar, que os fogares unipersoais presentan unha maior relevancia porcentual nos concellos con menos de 10.000 habitantes e nos maiores de 50.000. Se temos en conta que as provincias de Lugo e Ourense son os territorios nos que se rexistra unha menor densidade de poboación nos seus municipios e tamén nos que a poboación con idade superior aos 65 anos é máis elevada, podemos deducir que nos municipios máis pequenos os fogares unipersoais estarán maioritariamente integrados por unha persoa maior.

En relación ás parellas con fillos e fillas, trátase dunha tipoloxía con maior peso nos municipios de tamaño intermedio (entre 10.000 e 50.000 habitantes), sendo esta modalidade municipal a que destaca nas provincias occidentais, nas que tamén se rexistran unhas maiores taxas de fecundidade.

Os fogares integrados por un núcleo e outros membros e os integrados por varios núcleos descendentes porcentualmente a medida que se vai reducindo o tamaño dos municipios. A persistencia destes tipos de fogares en ámbitos xeográficos que podemos considerar máis rurais pódese explicar pola permanencia de factores económicos e culturais.


Gráfico II.4.5.
Fogares unipersoais segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.6.


Fogares formados por unha parella con fillos ou fillas segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.7.


Fogares formados por unha parella sen descendencia segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.8.


Fogares monoparentais segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.9.


Fogares integrados por un núcleo e outros segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.10.


Fogares integrados por varios núcleos segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016



Fonte: IGE


Os fogares unipersoais teñen maior presenza nas provincias de Lugo e Ourense. Un dato que non encerra sorpresa ningunha por tratarse das provincias cun maior grao de envellecemento, cando sabemos que unha parte importante dos fogares unipersoais están integrados por persoas maiores e sobre todo por mulleres, dada a maior esperanza de vida feminina. Non obstante, obsérvase unha tendencia ao descenso na súa evolución, mentres que nas provincias da Coruña e Pontevedra tenden a aumentar. Os mapas mostran unha lixeira redución da idade media destes fogares.

Gráfico II.4.11.
Fogares unipersoais. Galicia e provincias, 2007-2016




Fonte: IGE

Gráfico II.4.12.
Fogares unipersoais segundo o sexo e a idade. Galicia, 2007-2016




Fonte: IGE

Mapa II.4.1.
Idade media dos fogares unipersoais. Áreas, ano 2007. Fonte IGE



Fonte: IGE


Mapa II.4.2.
Idade media dos fogares unipersoais. Áreas, ano 2016



Fonte: IGE


Unha consecuencia dos cambios anteriores na composición dos fogares é un número medio de persoas no fogar en continuo descenso. Outra é o aumento da importancia dos fogares nos que residen unha ou dúas persoas mentres que os de catro, cinco, seis ou máis membros son cada vez menos numerosos.

Gráfico II.4.13. Número medio de persoas no fogar. Galicia e provincias, 1999-2016.




Fonte: IGE

Mapa II.4.3. Número medio de persoas no fogar. Grandes áreas, ano 2007.




Fonte: IGE

Mapa II.4.4.
Número medio de persoas no fogar. Grandes áreas, ano 2016.



Fonte: IGE


Gráfico II.4.14.
Fogares segundo o número de persoas. Galicia, 1999-2016.



Fonte: IGE

No relativo aos fogares de tres xeracións, conséntase o forte descenso da súa importancia, aínda que segue sendo perceptible a tradicional maior presenza de familias complexas na provincia de Lugo e a menor en terras ourensás.

Gráfico II.4.15.
Fogares de tres xeracións. Galicia e provincias, 2002-2016



Fonte: IGE

Fogares e persoas maiores


Unha das recoñecidas funcións das familias é a de prestar apoio e coidados aos seus membros máis vulnerables, como son as persoas novas e as maiores. Neste último caso, o tema é especialmente importante se temos en conta o aumento da lonxevidade das persoas e a maior porcentaxe que representan sobre o total da poboación.

Facendo unha análise por ámbito xeográfico, a provincia con maior porcentaxe de poboación de 65 anos ou máis é a de Ourense, cun 30,9 por cento, onde tamén atopamos a menor porcentaxe de menores (10,5 por cento), o que a convirte na provincia cun maior envellecemento.

No outro extremo sitúase a provincia de Pontevedra, coa menor porcentaxe de persoas de 65 anos ou máis (un 21,8 por cento) ademais de ter a maior proporción de menores respecto ás outras provincias, un 13,9 por cento.


Debido ao maior grao de envellecemento poboacional nas provincias de Lugo e Ourense, os fogares con todos os seus membros de 65 anos ou máis acadan porcentaxes superiores. Así mesmo, nos mapas seguintes obsérvase un lixeiro crecemento do número medio de persoas maiores no fogar entre 2007 e 2016, ao tempo que se ve con máis claridade a relevancia deste grupo poboacional nas provincias interiores.

Gráfico II.4.16.
Fogares con todas as persoas de 65 ou máis anos. Galicia e provincias, 2007-2016




Fonte: IGE

Mapa II.4.5.
Número medio de persoas de 65 e máis anos no fogar. Grandes áreas. 2007



Fonte: IGE


Mapa II.4.6.
Número medio de persoas de 65 e máis anos no fogar. Grandes áreas. 2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.17.

Número medio de persoas de 65 ou máis anos no fogar segundo o tamaño do municipio




Fonte: IGE

Un comportamento similar detéctase ao visualizar os fogares segundo o número de persoas de 65 ou máis anos e segundo as de 75 e máis. En ambos os casos, e sobre todo naqueles fogares que acollen a unha persoa desas características, Lugo e Ourense volven a destacar. Tamén se observa en todos os ámbitos unha lixeira tendencia ascendente dos fogares nos que residen dúas persoas maiores.

Gráfico II.4.18.


Fogares segundo o número de persoas de 65 ou máis anos. Galicia e provincias, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.19.

Fogares segundo o número de persoas de 75 ou máis anos. Galicia e provincias, 2007-2016




Fonte: IGE

Para todo, o período máis do 50 por cento dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos son unipersoais, seguidos en importancia pola categoría Parella sen fillos/filas. Esta última modalidade presenta unha tendencia ao crecemento.

Gráfico II.4.20.

Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos




Fonte: IGE

Nota "Outro tipo" inclúe: "Parella con fillos/as", "Monoparental", "Sen núcleo", "Un núcleo e outros" e "Varios núcleos". A incidencia calcúlase, para cada tipoloxía, como a porcentaxe dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos sobre o total de fogares nesa tipoloxía.

Os mapas seguintes mostran a maior importancia da vivencia en solitario das mulleres maiores, consecuencia da súa maior esperanza de vida, como se constata no Censo de 2001 e que se confirmará nos censos posteriores.

Mapa II.4.7.


Fogares unipersoais integrados por un home de 65 anos ou máis. Comarcas galegas, ano 2001.



Fonte: IGE

Mapa II.4.8.

Fogares unipersoais integrados por unha muller de 65 anos ou máis. Comarcas galegas, ano 2001.



Fonte: IGE

Fogares e persoas mozas


A cifra de menores (0-16 anos) no ano 2017 en Galicia era de 345.107, un total de 177.680 nenos fronte a 167.427 nenas.

A porcentaxe de menores en Galicia, de acordo co último dato do Padrón de habitantes, indica que representan o 12,8 por cento da poboación total, un 6,2 por cento as nenas e un 6,6 por cento os nenos, predominando a presenza de nenos no tramo de idade de 4 a 12 anos.

A presenza de persoas menores de 16 anos nos fogares é moi reducida, especialmente nas provincias interiores. Destaca Pontevedra como o territorio con maiores porcentaxes de poboación nova nos seus fogares, consecuencia das taxas de fecundidade máis elevadas. Tamén se constata a longa permanencia no fogar dos seus proxenitores (en especial dos homes) e que esa permanencia se prolonga aínda no caso de contar as persoas mozas con algún tipo de ingreso.

Gráfico II.4.21.


Fogares segundo o número de persoas menores de 16 anos. Galicia e provincias, 2007-2016.



Fonte: IGE

Gráfico II.4.22.


Persoas mozas que viven cos pais e nais segundo o sexo e a idade. Galicia, 2007-2016



Fonte: IGE

Gráfico II.4.23.

Persoas mozas que viven cos pais e nais segundo a súa tipoloxía de ingresos. Galicia, 2007-2016




Fonte: IGE

A incidencia calcúlase, para cada tipo de ingreso, como a porcentaxe das persoas novas que viven cos pais e nais sobre o total da poboación de persoas novas en cada tipo de ingreso.


“Outros ingresos” inclúe: “Ingresos de prestacións”, “Ingresos do traballo e prestacións” e “Outros ingresos”.

Gráfico II.4.24.
Tipoloxía dos fogares compostos por persoas menores de 35 anos. Galicia, 2007-2016.



Fonte: IGE

Mapa II.4.9.
Fogares sen menores de idade. Comarcas, ano 2001.




Fonte: IGE

4.3 Apoio familiar entre xeracións. Coidado de menores. Dependencia

Para comprender a contribución que poden supoñer as persoas maiores ás súas familias e viceversa, é fundamental ter en conta as relacións e transferencias interxeracionais que aparecen representadas, de forma resumida, na seguinte figura.

Figura II.4.1.
Transferencias interxeracionais



Na parte dereita do esquema sinálanse as tarefas nas que, normalmente, os membros da familia prestan axuda ás súas persoas maiores, como son os coidados (ante situacións de dependencia) e a axuda nas tarefas do fogar. A parte esquerda recolle os dous principais ámbitos nos que colaboran as persoas maiores nos seus contornos familiares. O coidado de netos e netas e a axuda económica aparecen como dúas vertentes fundamentais de contribución das persoas maiores ás súas familias.

En Galicia, durante o 2016, un 23 por cento de fogares tiñan menores de 16 anos, porcentaxe que se incrementa no caso dos fogares da provincia de Pontevedra, onde a presenza de menores de 16 anos sobe ata o 26,6 por cento.


Noutra banda está a provincia de Ourense, onde atopamos a maior porcentaxe de fogares sen menores, o 81,7 por cento.

Se facemos unha análise das e dos menores de 5 anos, atopamos que a presenza de nenos e nenas nos fogares se reduce ata o 8,3 por cento a nivel de Galicia.

A provincia con maior presenza de menores de 5 anos é novamente Pontevedra, cun 9,3 por cento de fogares con nenos e nenas desa idade. Os fogares da provincia de Ourense son tamén os que contan cunha presenza menor de nenos e nenas, cun 6,2 por cento.

Gráfico II.4.25.


Presenza nos fogares de menores de 16 anos en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016



Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

Gráfico II.4.26.

Presenza nos fogares de menores de 5 anos en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

A porcentaxe de fogares que teñen nenos/as e mozos/as a cargo é do 31,6 por cento en Galicia.

Gráfico II.4.27.

Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mozos/as a cargo en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

A gráfica de evolución amosa como baixou levemente a porcentaxe de fogares con nenos/as e mozos/as a cargo, en concreto 1,6 puntos porcentuais para o período 2007-2016.

Gráfico II.4.28.

Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mozos /as a cargo en Galicia.
Valores en porcentaxe. Evolución 2007-2016.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

A evolución dos ingresos medios por fogar segundo teñan ou non nenos/as ou mozos/as a cargo amosa unha fenda entre os fogares nos que si conviven e aqueles nos que non hai. De feito, durante o período 2006-2016, os fogares sen nenos ou nenas incrementaron, aínda que levemente, o seu poder adquisitivo, mentres que pola contra, nos que contan nenos/as ou mozos/as, a cifra de ingresos medios diminuíu. Tendo en conta os fogares con risco de pobreza tamén atopamos que hai máis fogares con nenos/as e mozos/as a cargo (18,9 por cento) en risco de pobreza que fogares sen nenos/as ou mozos/as (13,7 por cento) durante o 2016.

Gráfico II.4.29.


Ingresos medios por fogar segundo teñan ou non nenos/as e mozos/as a cargo. Evolución 2007-2016.



Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

Gráfico II.4.30.

Taxa de risco de pobreza segundo o fogar teña ou non nenos/as e mozos/as a cargo. Evolución 2007-2016.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

A provincia con maior porcentaxe de fogares que teñen nenos/as ou mozos/as a cargo é a de Pontevedra, cun 35,8 por cento. No extremo oposto sitúase Ourense, onde soamente o 25,3 por cento dos fogares teñen nenos/as e mozos/as a cargo.

Gráfico II.4.31.

Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mozos/as a cargo en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

A gráfica seguinte detalla a evolución dos fogares que posúen nenos/as ou mozos/as a cargo incidindo en se son fogares cunha única persoa adulta responsable, dúas ou máis de dúas.

A maioría dos fogares que contan con nenos/as e mozos/as a cargo son responsabilidade de dúas persoas adultas (21,8 por cento), destacando a baixada paulatina dos fogares con tres ou máis persoas adultas (do 10 por cento no ano 2007 pasa ao 6,6 por cento no ano 2017), que repercutiu nun leve incremento dos fogares cunha única persoa adulta e menores a cargo (do 2,2 por cento no ano 2007 pasa ao 3 por cento no 2017).

Gráfico II.4.32.

Fogares con nenos/as ou mozos/as a cargo en Galicia segundo teñan unha / dúas ou máis persoas adultas responsables. Valores en porcentaxe. Evolución 2007-2016.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

Dentro dos fogares con nenos/as ou mozos/as a cargo, resaltabamos a porcentaxe dos fogares que contan con dúas persoas adultas responsables, un 21,8 por cento. A gráfica seguinte amosa como ademais de ser a tipoloxía de fogar máis habitual, tamén destacan os fogares de dúas persoas adultas cun só neno/a ou mozo/a a cargo, o 12,1 por cento en Galicia.

A análise xeográfica amosa como na provincia de Pontevedra é onde maior porcentaxe de fogares con dúas persoas adultas atopamos (23,7 por cento), ademais de ser a provincia onde existe unha maior porcentaxe de fogares con soamente unha persoa adulta a cargo dos nenos/as ou mozos/as (4,0 por cento).

Gráfico II.4.33.

Fogares cun neno/a ou mozo/a ou máis a cargo segundo o número de persoas adultas responsables en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.



Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE


Os seguintes datos referiranse ao módulo de Coidado de menores e conciliación familiar, edición 2012. Para o ano 2018, está prevista a realización deste módulo correspondente á Enquisa estrutural a fogares, polo que os datos son susceptibles de variar substancialmente.

O gráfico recolle a información relativa a núcleos familiares con nenos/as de 0 a 12 anos, destacando que o 44 por cento deles recorreu a medidas de conciliación laboral para a súa atención, sendo a flexibilización ou coordinación da xornada a medida máis empregada, cun 31,3 por cento.

A provincia onde maior porcentaxe de núcleos familiares empregou medidas de conciliación foi a da Coruña, onde o 49,7 por cento usou algunha das medidas de conciliación dispoñibles. Na provincia de Ourense é onde unha menor porcentaxe de núcleos con nenos/as de 0 a 12 anos empregou algunha medida, cun 36,5 por cento.

Gráfico II.4.34.

Núcleos familiares con nenos/as de 0 a 12 anos que utilizan medidas de conciliación laboral para a súa atención. Porcentaxe respecto ao total de núcleos de Galicia ou nesa provincia. 2012.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

En máis da metade dos núcleos familiares con nenos/as de 0 a 12 anos, concretamente no 52 por cento deles, atopamos que as dúas persoas proxenitoras están ocupadas. Esta situación implica diferentes necesidades de axuda para o coidado, sendo a máis frecuente a de coidar dos nenos e nenas cando xorde un imprevisto e teñen que ausentarse máis dunha hora, onde o 90,3 por cento dos núcleos recibiu axudas.

Gráfico II.4.35.


Porcentaxe de núcleos familiares con nenos /as de 0 a 12 anos segundo a relación coa actividade das persoas proxenitoras do núcleo familiar. 2012.



Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

Gráfico II.4.36.

Núcleos familiares con nenos /as de 0 a 12 anos que reciben axuda para o seu coidado. Valores en porcentaxe. 2012.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

En liñas xerais os pais e nais de nenos/as de 0 a 12 anos que traballan fóra do fogar recorren maioritariamente a outras persoas da familia non membros do fogar para atender as diferentes necesidades de coidado, especialmente na incidencia de “coidado cando enferman e non poden acudir uns días ao centro escolar”, cun 66,5 por cento.

Destaca o feito de que para o “coidado durante as vacacións escolares” un importante 31,9 por cento acode a outro tipo de axuda.

Gráfico II.4.37.


Tipoloxía de axuda recibida para coidar os nenos e nenas de 0 a 12 anos. Valores en porcentaxe. 2012.



Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

O apoio entre xeracións móstrase de xeito significativo na táboa seguinte, onde se recollen os datos dos núcleos que reciben axuda para o coidado das crianzas. Nela as avoas e avós revélanse como a principal fonte de axuda, especialmente no caso de “coidado cando non acoden ao centro escolar”, onde axudan o 64,1 por cento das veces, ou no de “coidado cando enferman e non poden acudir uns días ao centro escolar” co 62,1 por cento.

Gráfico II.4.38.
Porcentaxe de núcleos familiares con nenos/as de 0 a 12 anos que reciben axuda para o seu coidado. 2012.



Fonte: Enquisa estrutural a fogares. IGE

Táboa II.4.1.
Tipoloxía da axuda recibida para coidar menores por distintos motivos. Galicia, ano 2012.

	Cando non acoden ao centro escolar	Cando enferman e non poden acudir uns días ao centro escolar	Para levar os menores ao centro ou transporte escolar	Durante as vacacións escolares	Cando xorde un imprevisto e teñen que ausentarse de casa máis dunha hora
Persoal remunerado	7,97	5,13	11,91	2,53	2,91
Membros do fogar	16,74	13,7	21,48	14,73	15,84
Avós/avoas membros do fogar	12,89	10,25	-	9,06	9,83
Familiares non membros do fogar	62,75	66,46	56,06	50,8	62,04
Avós/as non membros do fogar	50,16	50,59	43,04	42,5	43,91
Outro tipo de axuda	12,54	14,71	10,56	31,94	19,2

Fonte: IGE

As *Enquisas de emprego do tempo* permiten comprobar que as mulleres maiores de 65 anos (ao igual que sucede se consideramos todas as idades) dedican máis tempo e realizan a actividade de “Fogar e familia” nunha maior proporción que os homes.

Táboa II.4.2.

Porcentaxe de persoas de 65 ou máis anos que realizan a actividade no transcurso do día e duración media dedicada a ela. Galicia, 2009-2010.

	% Realización		Duración	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Coidados persoais	100	100	13:22	13:07
Traballo remunerado	4,2	2,1	7:09	7:31
Estudos	*	*	*	*
Fogar e familia	73,7	90,9	3:17	4:42
Traballo voluntario e reunións	17,7	22	1:21	1:17
Vida social e diversión	66,1	65,2	2:18	2:00
Deportes e actividades ao aire libre	60,4	51,4	2:16	1:48
Afeccións e informática	21,2	11,9	2:44	2:18
Medios de comunicación	92,2	94,3	3:52	3:19
Traxecto e emprego do tempo non especificado	62,7	48,8	0:59	1:01


Fonte: Enquisa de empregos do tempo 2009-2010

Un dos aspectos que sempre se sinala ao explicar as consecuencias da prolongación da vida é que, a maior idade, maior risco tamén de sufrir algunha forma de discapacidade e dependencia. Non obstante, hai que recordar que non todas as persoas maiores son dependentes.

O índice de dependencia, tanto a nivel español como autonómico incrementouse de maneira paulatina nos dez últimos anos, acadando o 57,6 no caso de Galicia, 3,8 puntos porcentuais por riba do español.

Gráfico II.4.39.


Índice de dependencia comparativa España-Galicia. Evolución 2007-2017.



Fonte: Galicia: Indicadores de Poboación. IGE. Datos españois: Indicadores de estrutura da poboación. INE.

Das catro provincias galegas, como cabía esperar en función dos datos coñecidos, Ourense é a provincia que alcanzou un maior índice de dependencia no ano 2017.


Gráfico II.4.40.
Índice de dependencia segundo provincias. Datos do 2017.



Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

Segundo o IGE, no 2017 as provincias de Pontevedra e da Coruña son as que acadaron un maior índice de dependencia en canto a menores de 15 anos, pola contra, as provincias de Ourense e Lugo acadan maiores datos nos grupos de maior idade; lembremos que nestas dúas provincias a idade media de poboación se sitúa en 50,28 anos (en Ourense) e 49,52 anos (en Lugo¹) respectivamente.

Gráfico II.4.41.
Índice de dependencia por provincia e grupo de idade. Datos do 2017.




Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.

O IGE tamén facilita un mapa que amosa os diferentes concellos galegos en función do seu índice de dependencia, nel pódese observar que os concellos situados no interior contan cun índice moi superior aos situados na costa, acadando os maiores valores na provincia de Ourense, tal e como se puido comprobar no indicador global de dependencia.

1 Fonte: INE. Indicadores de poboación. Galicia e provincias. Idade media da poboación 1 xaneiro de 2017. <https://bit.ly/2vIWYt9>


Mapa II.4.10.
Índice de dependencia global segundo municipios. 2017.



Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.


En canto á distribución por municipios en función de se o índice de dependencia fai referencia a poboación infantil ou senil, atopamos que os maiores valores de dependencia infantil se sitúan nos municipios costeiros; pola contra, os maiores valores do indicador de dependencia senil correspóndense cos municipios de interior, cuns valores moi superiores aos acadados na infantil.

Mapas II.4.11 e II.4.12.
Índices de dependencia por municipios. 2017.



Fonte: Indicadores de Poboación. IGE.


Gráfico II.4.42.
Número de solicitudes de dependencia rexistradas. Marzo 2018.



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. SAAD.

En canto ao número de resolucións de solicitudes de dependencia en marzo de 2018 foi de 79.292, o que supón un 97,24 por cento das solicitudes presentadas.


Gráfico II.4.43.
Número de resolucións de dependencia rexistradas. Marzo 2018.



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. SAAD.

Segundo a Enquisa estrutural a fogares elaborada polo IGE no ano 2017, o número de persoas en situación de dependencia en Galicia foi de 117.875, cunha maior incidencia nas provincias de Pontevedra e da Coruña.


Gráfico II.4.44.
Número de persoas dependentes por provincia. 2017.



Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

A evolución da cifra de persoas dependentes en Galicia, de acordo cos últimos datos do 2017, amosa un incremento crecente -respecto aos datos do 2011 de 23.624 persoas máis- o que supón respecto á porcentaxe de incidencia da dependencia (porcentaxe de fogares con persoas con dependencia sobre o total de fogares), o 3,45 por cento no ano 2011 e o 4,40 por cento no ano 2017.


Gráfico II.4.45.
Evolución de persoas con dependencia en Galicia. Valores absolutos. 2007-2017.



Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

Gráfico II.4.46.

Evolución das persoas con dependencia segundo as causas da súa dependencia. Galicia. 2011-2017.




Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

A evolución das causas de dependencia, en termos absolutos, incide no incremento de dependentes a causa da enfermidade e da idade, as dúas causas máis comúns que motivan a dependencia.

Como sinalabamos anteriormente, as enfermidades e a idade son as principais razóns de dependencia en Galicia, duplicando as mulleres os valores acadados polos homes por estes motivos. O contrario ocorre en canto á dependencia por nacemento e por accidente, onde os homes superan notablemente o número de mulleres.

Gráfico II.4.47.

Persoas con dependencia segundo as causas da súa dependencia por sexo. Galicia. 2017.




Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

Os fogares integrados por un núcleo e outros presentan as maiores porcentaxes dos que teñen persoas dependentes (25,5 por cento), seguidos en importancia polas parellas sen fillas ou fillos; así mesmo o 72,7 por cento das persoas que coidan dependentes pertencen ao propio fogar.

Gráfico II.4.48.

Evolución de persoas con dependencia por tipoloxía do fogar. Valores en porcentaxe. 2007, 2011 e 2017.




Fonte: IGE

En case todas as provincias galegas, a excepción da de Lugo, aumentaron os fogares con persoas dependentes, especialmente na provincia de Ourense, onde a incidencia de fogares que posúen persoas con algún tipo de dependencia é do 12 por cento.

Gráfico II.4.49.

Evolución de fogares que teñen persoas dependentes por provincia.

Valores en porcentaxe. 2007, 2011 e 2017.




Fonte: IGE

En canto ás persoas encargadas de coidar as persoas dependentes en Galicia, obsérvase que a maior parte das persoas coidadoras son membros do fogar da persoa dependente, número que crece especialmente no ano 2017, seguido de maneira máis moderada por parentes de fóra do fogar.

Gráfico II.4.50.


Persoas con dependencia que reciben coidados segundo quen llos presta. Galicia. 2017.



Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

Gráfico II.4.51.

Porcentaxe de persoas dependentes o cargo de familiares sexan ou non membros do seu fogar. 2007, 2011 e 2017.




Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

Unha elevada proporción das persoas que coidan dependentes son mulleres sendo destacable o tramo de idade de 45 a 64 anos. Un resultado lóxico se temos en conta a etapa do curso vital na que se atopan estas mulleres: son as idades con máis probabilidades de que os seus proxenitores se atopan nunha idade avanzada e, polo tanto, con maior incidencia da dependencia.

Gráfico II.4.52.

Persoas que coidan dependentes por sexo e idade. Valores en porcentaxes. 2007, 2011 e 2017.




Fonte: IGE

O seguinte gráfico evidencia que a dependencia avanza en paralelo á idade; de maneira especial despois dos 75 anos, sendo claramente perceptible a maior incidencia da dependencia nas mulleres, sobre todo en idades avanzadas, consecuencia da súa maior esperanza de vida.

Gráfico II.4.53.

Persoas con dependencia por sexo e idade. Galicia. 2017.



Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

En canto á tipoloxía das persoas coidadoras en función do grao de dependencia da persoa coidada, obsérvase que nos casos de gran dependencia os coidados corren a cargo principalmente de membros do fogar, e nun 12,1 por cento dos casos de persoas de fóra do fogar.

A medida que o grao de dependencia é menor, a porcentaxe de persoas encargadas do coidado exclusivamente de fóra do fogar é maior.


Gráfico II.4.54.
Persoas con dependencia que reciben cuidados por tipoloxía das persoas cuidadoras e grao de dependencia. Galicia. 2017.



Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.

A axuda a domicilio é o servizo máis demandado polas persoas dependentes galegas, acadando as máximas porcentaxes tanto das persoas que a necesitan e a reciben, como das que a necesitan pero non a reciben.


Gráfico II.4.55.
Cobertura das necesidades percibidas de servizos de atención a persoas dependentes. Galicia. 2017



Fonte: Enquisa estrutural fogares. IGE.


Na comparativa da porcentaxe de prestacións por tipo entre a media galega e a española, destaca especialmente o peso específico moi superior en Galicia da axuda a domicilio. Pola contra, a prestación económica para cuidados familiares é moi inferior na nosa Comunidade con respecto á porcentaxe española.

Gráfico III.4.56.
Resolucións da dependencia Galicia 31 marzo 2018



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Sanidade.

Gráfico III.4.57.
Peso específico prestacións dependencia (Galicia e Estado)



Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Sanidade

Reciprocidade no apoio familiar e variable xénero.

A Enquisa estrutural a fogares, como actividade estatística do IGE dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas, consta de dous módulos estatísticos diferenciados; un primeiro módulo, de carácter xeral, que se repite todos os anos, deseñado para recoller información sobre un determinado número de variables básicas tales como a composición, a situación económica e os gastos dos fogares de Galicia, e un segundo módulo, de carácter específico e non periódico que estuda outro tipo de variables, tales como poden ser o coidado de menores ou a conciliación familiar, entre outras.


Así, respecto do módulo específico, na edición de 2012, tal e como se reflectiu nos apartados anteriores, recolleuse unha parte dedicada ao coidado de menores e á conciliación familiar, e máis en concreto, no referido ao papel que xogaban os avós e avoas (residisen ou non no núcleo familiar) no seu coidado, na que os datos amosaron unha elevada incidencia das persoas maiores no ámbito familiar.

En consecuencia, se temos en conta o cambio que se está producindo no referido á configuración e á constitución dos fogares e das familias de Galicia, xunto coas características peculiares desta Comunidade autónoma no relativo avellentamento e ao sobreavellentamento da súa poboación, parece desprenderse a importancia de dispor de análises estatísticas máis polo miúdo e de carácter constante respecto da reciprocidade que carrega a implicación das persoas maiores no ámbito familiar xunto co rol que desempeña, do mesmo xeito, a familia ou o fogar na atención e no coidado das persoas maiores, así como a análise da variable xénero no fluxo destas interaccións.

Neste senso, no recadro seguinte, froito do estudo sobre coidado informal elaborado polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), pódese observar a distorsión ou desproporción existente, tanto no referido aos tramos de idade como no sexo, á hora de establecer as relacións informais de coidado e dependencia, é dicir, aquelas sen retribución, ben sexan por parentesco, por veciñanza ou por amizade.

Neste estudo reflíctese a importancia do papel das mulleres no coidado de persoas maiores, e incluso no coidado informal en xeral, pois achegan os dous terzos de todo o volume de coidado de calquera natureza prestado a persoas dependentes. Nesta liña, o patrón principal amosa o dunha muller menor de 65 anos que cuida outra muller, pero neste caso, maior de 65.

Figura II.4.2.
Patróns de coidado informal. 2014 Quen cuida a quen.



Fonte: Enquisa 2009 sobre coidados. Elaboración propia a partir de microdatos do CIS.

Así, xunto coa análise destes datos, referidos á interacción das variables xénero-idade-coidado, parece desprenderse a importancia de conxugalas coas novas fórmulas de familia e de fogar, de modo que nos permitan profundar no rol que xogan estes novos modelos na atención e interacción recíproca dos membros que a compoñen.


Dende esta óptica, son moi significativos os datos que se poden substraer da enquisa de censos de poboación e vivendas de 2011 do INE, e de forma máis específica, no referido á poboación residente en establecementos colectivos en España, entendendo como tales as vivendas destinadas a ser habitadas por un colectivo de persoas sometidas a un réxime común non baseado en lazos familiares nin de convivencia, como son o caso das residencias para persoas maiores, entre outros.

Neste caso, o dato salientable é que a poboación que pasou a residir neste tipo de establecementos colectivos medrou nun 90,3 por cento ao longo dunha década, dos cales un 60,9 por cento se corresponden con residencias de persoas maiores, sendo estas ocupadas á súa vez nun 68,6 por cento por mulleres.

Do mesmo xeito, na enquisa continua de fogares de 2016, elaborada tamén polo INE, pode observarse como os fogares máis pequenos (os constituídos por unha ou dúas persoas) foron os que máis medraron, producíndose á súa vez o maior incremento nos dunha soa persoa (aumento dun 1,2 por cento respecto do 2015) ata acadar o 25,2 por cento do total dos fogares en España.

Gráfico II.4.58.

Crecemento dos fogares en España no 2015-2016 en función do seu tamaño



Fonte: Enquisa continua de fogares 2016 INE

Táboa II.4.3.

Porcentaxe de fogares en función do tamaño por comunidade autónoma. Ano 2016

	1 persoa	2 persoas	3 persoas	4 persoas	5 e máis
Total Nacional	25,20%	30,50%	21,00%	17,60%	5,70%
Andalucía	23,00%	28,50%	21,40%	20,50%	6,60%
Aragón	27,10%	31,50%	20,60%	16,40%	4,40%
Asturias	29,70%	33,90%	21,80%	11,50%	3,00%
Illes Baleares	23,90%	31,40%	20,70%	17,20%	6,80%
Canarias	23,80%	29,00%	22,90%	17,50%	6,90%
Cantabria	27,40%	30,60%	21,50%	15,90%	4,50%
Castilla y León	28,70%	32,30%	20,10%	15,10%	3,70%

	1 persoa	2 persoas	3 persoas	4 persoas	5 e máis
Castilla-La Mancha	23,50%	29,40%	20,70%	20,30%	6,00%
Catalunya	25,30%	31,70%	20,50%	16,80%	5,70%
Comunitat Valenciana	25,90%	30,70%	21,30%	17,30%	4,80%
Extremadura	25,60%	30,20%	20,50%	19,00%	4,70%
Galicia	25,00%	31,10%	<	15,30%	6,10%
Madrid	25,70%	30,40%	20,30%	17,60%	6,00%
Murcia	20,60%	28,60%	21,10%	20,80%	8,90%
Navarra	26,90%	29,80%	19,60%	18,20%	5,50%
País Vasco	27,20%	32,30%	20,40%	16,30%	3,90%
La Rioja	28,50%	31,20%	20,10%	15,80%	4,50%
Ceuta	17,20%	21,50%	21,60%	20,40%	19,30%
Melilla	17,50%	22,50%	17,40%	22,30%	20,40%

Fonte: INE Enquisa continua de fogares 2016

Tendo en conta os datos das diferentes variables comentadas con anterioridade, e coa finalidade de poder estudar as diferentes redes e interaccións que se producen no ámbito familiar e nos fogares de Galicia, parece preciso e necesario dispoñer de series estatísticas de carácter anual, actualizadas e comparadas, que permitan conxugar de forma máis concreta e específica as relacións entre os membros que as compoñen en función da diferente tipoloxía dos fogares de Galicia, así como das diversas formas de convivencia familiar.

4.4 Consideracións finais

Galicia, como gran parte de Europa, debe enfrontarse hoxe a un cambio demográfico, pero ademais debe facelo nun contexto territorial heteroxéneo e complexo, derivado do elevado grao de fragmentación municipal e de dispersión dos núcleos de poboación. Como vimos facendo explícito, o cambio demográfico vai acompañado de profundas transformacións sociais que afectan a composición das familias, sendo unha das súas manifestacións o crecente número de persoas maiores que viven soas.

O retrato das familias en Galicia, pasa polos cambios sociais, económicos e culturais xurdidos nestas últimas décadas; existe unha redución do tamaño medio da familia, máis fogares unipersoais, pásase á convivencia de dúas xeracións en vez de tres.... Ao modelo coñecido como familia tradicional-familia nuclear-familia adaptativa, vánse agregando pluralidade de novas formas de familia: a familia deixa de identificarse mimeticamente co fogar- outra realidade- e adquire formas diversas tales como, familia biparental, monoparental, reconstruída, sen descendencia, con fillos e fillas propios/as /adoptados/as ou por novo matrimonio; e non só cambia a estrutura, senón tamén trazos básicos da súa composición.

Pese a este cambio nas dinámicas familiares, en Galicia persiste a familia con funcións de apoio e solidariedade entre os seus membros, as redes familiares continúan funcionando, podéndose afirmar que a nosa contorna socio/cultural segue sendo profundamente familista.

5

A dinámica da poboación rural. Tipoloxía demográfica dos espazos rurais

5.1. Cambio demográfico, despoboamento e mundo rural. A dinámica demográfica e socioeconómica do medio rural en Galicia

A mediados do século XX Galicia era aínda unha sociedade cun acusado predominio rural e un medio rural esencialmente agrario. Resumido en dúas cifras, en 1950, segundo o Censo de poboación dese ano, o 80 por cento da poboación vivía no medio rural e dela o 90 por cento traballaba na agricultura; o que facía que máis do 70 por cento da poboación ocupada total tivese a actividade exclusiva ou principal no sector agrario.

Se a agricultura constituía a base da sociedade rural, e da maior parte da sociedade galega, a realidade que encontrabamos neste sector pode sintetizarse en dúas notas: unha estrutura de pequenos agricultores que accederan tardiamente, nos 70 anos anteriores, á plena propiedade das terras; uns sistemas produtivos caracterizados pola forte intensidade en man de obra e o limitado uso de insumos externos –de orixe industrial-, un sistema agrario que facía un uso intensivo do traballo humano e caracterizado polo policultivo-gandeiría, tendo ademais un soporte fundamental nas terras de monte.

Ese sistema agrario, perfeccionado ao longo da época contemporánea, permitía un aproveitamento racional dos recursos do agro galego. Pero tiña unha limitación fundamental: ofrecía uns baixísimos niveis de produtividade e renda por persoa traballadora. A tecnoloxía dispoñible posibilitaba uns elevados rendementos por unidade de superficie, pero baseados en altas doses de traballo por hectárea, de onde resultaba unha baixa produción por persoa.

Esa realidade mudou de forma radical nos últimos 60 anos. Podemos resumir as transformacións experimentadas neste período polo medio rural galego e a súa realidade actual nas notas que expoñemos a continuación e que seguen, en boa medida, os documentos de López Iglesias e Pérez Fra (2017) e Sineiro (2009).

Forte declive e crecentes problemas demográficos das áreas rurais; estrutura e dinámica demográfica recente

O primeiro que se debe salientar é o forte declive económico e demográfico das áreas rurais, que se acompañou dunha crecente concentración da poboación e a actividade económica nas zonas urbanas, especialmente do Eixo Atlántico.

Como consecuencia, o medio rural galego presenta hoxe problemas demográficos. A maioría das comarcas rurais, coa excepción das situadas no contorno das cidades e o Eixo Atlántico, veñen sufrindo un despoboamento xeneralizado, se ben con intensidades variables. Cunha precisión importante: nos tres últimos decenios ese despoboamento xa non se debería tanto aos fluxos migratorios externos a Galicia. En concreto, o acusado envellecemento (consecuencia da emigración pasada, que deixa unha forte pegada na estrutura demográfica actual, e da redución da fecundidade), unido aos baixos niveis actuais de nacementos, fan que nas décadas recentes os concellos rurais rexistren un crecemento natural fortemente negativo.

No relativo aos fluxos migratorios, o panorama pode resumirse así: persistencia dunha emigración cara ás áreas urbanas galegas e nalgunhas comarcas tamén para outras zonas de España; lixeiro papel estabilizador, en cambio, dos fluxos migratorios co estranxeiro grazas á chegada de persoas retornadas da emigración e en menor medida de persoas inmigrantes propiamente ditas. O resultado para o conxunto do medio rural é un saldo migratorio global aproximadamente equilibrado ou só lixeiramente negativo, pero que esconde unha importante emigración de poboación moza, compensada pola chegada ou retorno de persoas de idade madura ou avanzada.

Esa dinámica implica que a maioría dos concellos rurais están sumidos nunha regresión demográfica dificilmente reversible, ao ter esta a súa orixe no acusado envellecemento. Esta situación vese agravada pola persistencia da emigración dos mozos e sobre todo das mozas.


Recoñecendo a complexidade que no plano conceptual presenta a definición de “medio rural” e a distinción entre áreas rurais e urbanas, para ilustrar as afirmacións anteriores con datos estatísticos optamos por unha vía pragmática: tomar a clasificación dos concellos segundo o grao de urbanización elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en base á metodoloxía proposta polo Eurostat. Nesa clasificación diferéncianse tres categorías: Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP) e Zonas pouco poboadas (ZPP). Á súa vez distínguense seis subzonas (subgraos de urbanización), ao desagregar as ZIP en ZIP alta e ZIP baixa e as ZPP en ZPP alta, ZPP intermedia e ZPP baixa. Nesa clasificación identificamos como medio rural as Zonas pouco poboadas (ZPP), onde están 240 dos 313 concellos actualmente existentes en Galicia (mapa II.5.1).

Partindo desa delimitación, nos cadros e gráficos que figuran a continuación resúmense algúns datos básicos sobre a estrutura e a dinámica demográfica do medio rural galego nas décadas recentes.

Estes datos mostran, en primeiro lugar, que o medio rural (as ZPP) continúa ocupando 4/5 do territorio (81,8 por cento), pero nel só reside ao redor de 1/4 da poboación (26,9 por cento). Iso implica unha densidade media de 30,9 habitantes por km², en contraste cos 225 hab/km² que rexistran as ZIP (esencialmente concellos periurbanos e as maiores cabeceiras comarcais) e os 991,1 que se alcanzan nas ZDP (os municipios das 7 principais cidades). O despoboamento é especialmente acusado nas ZPP de baixa densidade (ZPP baixa), os que podemos identificar como concellos máis puramente rurais: tendo o 65,2 por cento da superficie estes só contan co 14,7 por cento da poboación de Galicia, limitándose a súa densidade media en 2017 a 21,5 hab/ km² (Táboa II.5.1).

Mapa II.5.1.

Mapa dos concellos de Galicia segundo o subgrao de urbanización (GU 2016)



Fonte: IGE. Clasificación do grao de urbanización dos concellos (GU 2016).

Táboa II.5.1.

Distribución da superficie e a poboación de Galicia por zonas segundo o grao de urbanización 2017

	Superficie (Km ²)	Habitantes 2017	% superficie	% poboación	Densidade (hab/km ²)
ZDP	982,3	987.412	3,3	36,5	991,1
ZIP	4.398,70	993.473	14,9	36,7	225
ZPP	24.194,40	727.454	81,8	26,9	30,9
ZPP alta	2.281,10	201.755	7,7	7,4	88,9
ZPP intermedia	2.632,30	126.261	8,9	4,7	49,1
ZPP baixa	19.281,00	399.438	65,2	14,7	21,5
Galicia	29.575,40	2.708.339	100	100	91,6

Fonte: IGE.

A regresión demográfica do medio rural, que se constata desde mediados do século XX, proseguiu nos dous últimos decenios. No período 1996-2017, nun contexto de estancamento da poboación total de Galicia, os concellos rurais perderon o 19,1 por cento das persoas que os habitaban (máis de 170.000); sendo este descenso especialmente acusado no rural que partía de menores densidades (ZPP baixa), onde alcanzou o 26,7 por cento (Táboa II.5.2).


Táboa II.5.2.
Evolución da poboación de Galicia por zonas 1996-2017

	Poboación 1996	Poboación 2017	Variación absoluta	Variación en %
ZDP	973.800	987.412	13.612	1,4
ZIP	869.763	993.473	123.710	14,2
ZPP	899.059	727.454	-171.605	-19,1
ZPP alta	198.618	201.755	3.137	1,6
ZPP intermedia	155.275	126.261	-29.014	-18,7
ZPP baixa	545.166	399.438	-145.728	-26,7
Galicia	2.742.622	2.708.339	-34.283	-1,3

Fonte: IGE.

Ás baixas densidades demográficas únese un envellecemento cada vez máis acentuado da poboación que reside no medio rural. Un fenómeno que se acelerou nas décadas recentes, debido ao impacto dos fluxos migratorios e á forte caída da fecundidade a partir de 1980. A pirámide da poboación rural que encontramos en 2017 e a súa comparación coa de 20 anos atrás é suficientemente expresiva (Gráfico II.5. 1).

Gráfico II.5.1.
Pirámide de idades da poboación rural (ZPP) de Galicia 1998 e 2017



Fonte: IGE.

Esta situación trae consigo un índice de envellecemento (definido aquí como a relación entre a poboación de 65 e máis anos e a de menos de 20 anos) que case duplica no medio rural a do conxunto da poboación galega, alcanzando un valor especialmente elevado nas áreas rurais de menor densidade. Con datos de 2017, se en Galicia hai 155 persoas de 65 e máis anos por cada 100 menores de 20, nas ZPP esa cifra elévase a 275 e nas ZPP baixa alcanza as 372 (Táboa II.5.3).

Táboa II.5.3.

Índice de envellecemento da poboación rural e da poboación total de Galicia 2002-2017
(poboación \geq 65 anos/ poboación $<$ 20 anos) * 100

	2002	2017
ZDP	97,7	131,8
ZIP	88,4	116,5
ZPP	195,6	275,1
ZPP alta	136,8	168,6
ZPP intermedia	159,3	239,4
ZPP baixa	237,6	371,9
Galicia	119,7	154,8

Fonte: IGE.

Sendo o envellecemento un fenómeno xeneralizado, os datos mostran que este presenta intensidades moi diferentes segundo o tipo de concellos rurais: o número de habitantes de 65 e máis anos por cada 100 menores de 20 sitúase en 168,6 nas ZPP alta e 239,4 nas ZPP media, mentres que se eleva a 371,9 nos municipios que integran a ZPP baixa (Táboa II.5.3). Esas diferenzas trasládanse ás cifras provinciais, onde se observa un envellecemento especialmente acusado da poboación rural nas provincias de Lugo e Ourense.

Desde a perspectiva de xénero, as diferenzas na esperanza de vida e o impacto dos fluxos migratorios fan que a poboación rural presente hoxe unha clara feminización nos intervalos de idade avanzada, en contraste coa "masculinización" que se constata nos segmentos de poboación nova-adulta (Gráfico II.5. 1).

A confluencia do envellecemento demográfico e a baixa fecundidade provocan que a poboación galega veña rexistrando de modo permanente desde a segunda metade da década de 1980 un crecemento natural negativo; crecemento negativo que, despois de suavizarse algo entre 2000 e 2008, tende a acentuarse no último decenio. Ese fenómeno afecta actualmente tanto ás áreas urbanas como ás rurais, pero con moita maior intensidade a estas últimas. Con datos de 2016, a taxa de crecemento vexetativo da poboación rural rexistra un valor negativo do 10,6 por mil, o que duplica a media galega (-4,7 por mil); elevándose esa taxa negativa nas áreas rurais de baixa densidade (ZPP baixa) a 13,6 por mil (Táboa II.5.4). Iso significa, noutras palabras, que mesmo en ausencia de migracións a poboación rural sufriría un descenso do 1,06 por cento anual debido ao saldo vexetativo negativo (a que morren moitas máis persoas das que nacen); alcanzando esa caída o 1,36 por cento anual no rural menos poboado.

Táboa II.5.4.

Indicadores sobre o crecemento natural da poboación rural e da poboación total de Galicia 2016

	Taxas brutas (por 1000 habitantes)			Índice sintético de fecundidade (nº de fillos por muller)	Esperanza de vida ao nacer (anos)
	Natalidade	Mortalidade	Crecemento natural		
ZDP	7,7	10,4	-2,7	1,14	83,43
ZIP	7,8	9,9	-2,1	1,2	83,1

ZPP	5,2	15,8	-10,6	0,97	82,72
ZPP alta	6,8	12,4	-5,6	1,14	82,79
ZPP intermedia	5,5	14,4	-8,9	1,01	82,56
ZPP baixa	4,3	17,9	-13,6	0,86	82,72
Galicia	7	11,7	-4,7	1,13	82,78

Fonte: IGE.

O saldo natural fortemente negativo que se constata no medio rural, especialmente nas áreas menos poboadas, ten a súa orixe principal no acusado envellecemento demográfico (produto do movemento natural e a emigración rural nas décadas pasadas). Esta é a causa esencial das taxas de mortalidade moi superiores que se rexistran nestas áreas (posto que a esperanza de vida ao nacer é similar á media galega); e tamén explica na súa maior parte as menores taxas de natalidade (Táboa II.5.4).

Porén, hai que salientar que iso se ve agravado por unha fecundidade especialmente baixa, inferior á das áreas urbanas, sobre todo no rural de baixa densidade: o número medio de fillos/as por muller límitase no conxunto do medio rural (ZPP) a 0,97, valor claramente inferior á media galega (1,13); e no rural máis despoboadado (ZPP baixa) o índice descende a 0,86 (Táboa II.5.4). Esa menor fecundidade rural constitúe, segundo os datos do IGE, unha constante nos últimos 15 anos e suxire a existencia nestas áreas de factores específicos que desincentivan ou dificultan a decisión de ter fillos/as. Uns factores que deben ser investigados pero que, a priori, hai que relacionar coas expectativas económicas e as maiores deficiencias no acceso a servizos básicos no medio rural.

No que respecta aos fluxos migratorios, utilizamos unha investigación recente (Toxo e García, 2018) na que se estudan as migracións por zonas segundo o grao de urbanización, a partir dunha explotación orixinal da Estatística de variacións residenciais do IGE para o período 2000-2015. Os datos mostran que neste período o conxunto do medio rural galego (ZPP) rexistrou un saldo migratorio levemente positivo: 4.727 persoas, o que supón unha media anual dunhas 300. Pero iso esconde notables diferenzas: saldo positivo de case 20.000 persoas nos concellos rurais de maior densidade (ZPP alta); en contraste coa emigración neta que continuaron sufrindo a ZPP media (-1.413 persoas) e sobre todo as áreas rurais de menor densidade, as que integran a ZPP baixa (-13.634) (Toxo e García, 2018). Polo tanto, na maior parte dos concellos rurais os fluxos migratorios acentuaron a súa regresión demográfica.

Eses saldos son ademais o resultado duns fluxos de emigración e inmigración de moita maior magnitude e que presentan unha composición moi diferente. A poboación inmigrante que chega a residir ás áreas rurais correspóndese nunha alta proporción con persoas que retornan ao seu lugar de orixe, despois de desenvolver toda ou a maior parte da vida profesional nunha cidade galega, no resto de España ou no estranxeiro (Europa e América). Persoas de idade madura e avanzada, moitas delas xubiladas; e que, polo tanto, se por un lado contribúen a un certo sostemento demográfico a curto prazo destas áreas, polo outro acentúan o proceso de envellecemento.

Moi diferente é a composición por idades da poboación que nos últimos 15 anos emigrou do noso medio rural, como pode comprobarse no gráfico 2, onde están representadas as taxas brutas de emigración (emigrantes/ 1000 habitantes) por sexos e grupos de idade en 2005 e 2015, para a ZPP alta, ZPP intermedia e ZPP baixa. Nese gráfico constátase como nas tres subzonas do noso medio rural as maiores taxas de emigración alcánzanse entre 25 e 34 anos (a fase inicial da vida laboral). Ao que debemos engadir, como dato preocupante, que as taxas de emigración nese tramo de idade, e tamén no de 35-44 anos, aumentaron claramente de 2005 a 2015 (Gráfico II.5.2).

Un aspecto adicional salientable, como síntoma dos problemas do noso medio rural e pola relevancia que ten para o futuro demográfico e socioeconómico destas áreas, é que esa emigración de poboación moza está afectando con maior intensidade ás mulleres que aos homes (Gráfico II.5. 2). Feito seguramente relacionado tanto coas oportunidades laborais como co impacto maior que teñen sobre a poboación femi-

nina as deficiencias na dotación de servizos públicos no rural, en especial a deficiente oferta de servizos relacionados coa economía do coidado (ver apartado 5.2.4). Hai que lembrar que ese tipo de tarefas recaen tradicionalmente sobre a poboación feminina, polo que unha deficiente oferta de servizos públicos neste ámbito dificulta tanto a incorporación das mulleres ao mercado de traballo como as posibilidades de desenvolvemento dun proxecto vital aceptable de acordo con parámetros actuais. Esa maior intensidade emigratoria das mulleres novas explica o fenómeno observado no gráfico 1: a masculinización que se constata neses tramos de idade, fenómeno que alcanza dimensións preocupantes nos concellos máis deprimidos.

Gráfico II.5.2.

Taxas brutas de emigración (emigrantes/ 1000 habitantes) por sexos e idades nas áreas rurais de Galicia. 2005 e 2015



Fonte: Toxo e García (2018), a partir de IGE, Estatística de variacións residenciais.

Progresiva desagrarización do medio rural

A perda de peso demográfico e económico das áreas rurais acompañouse dunha crecente desagrarización, da redución da importancia da actividade agraria nestas áreas. De tal modo que hoxe o rural galego xa non é, de forma exclusiva nin sequera principalmente, agrario.

Esta realidade aparece ilustrada polos datos referidos á estrutura do emprego, tomando as cifras do IGE que vimos utilizando sobre a clasificación dos concellos segundo o grao de urbanización. Como xa indicamos, os que cabe catalogar como municipios rurais (Zonas pouco poboadas) ocupan en 2017 o 81,8 por cento do territorio pero só contan co 26,9 por cento da poboación. Pois ben, das persoas afiliadas á Seguridade Social residentes nestes concellos unicamente o 14,0 por cento teñen a ocupación principal en actividades agrarias e pesqueiras; o 9,8 por cento traballan na construción, 15,4 por cento na industria e 60,6 por cento no sector servizos. Dentro deste conxunto, os concellos máis puramente rurais, os clasificados como Zonas Pouco Poboadas de baixa densidade (ZPP baixa), cobren o 65,2 por cento do territorio pero neles só reside o 14,7 por cento da poboación. E mesmo aquí as persoas que traballan principalmente na agricultura constitúen unha minoría, o 17,9 por cento das afiliadas á Seguridade Social; constatándose un claro predominio das persoas ocupadas en actividades non agrarias, especialmente nas diversas ramas dos servizos (57,9 por cento) (Táboa II.5.5).

Táboa II.5.5.

Estrutura sectorial do emprego por tipos de zonas en Galicia 2017 (afiliacións á Seguridade Social)

	Total	Agricultura e pesca	Construción	Industria	Servizos
ZDP	100	1,1	4,9	11,2	82,7
ZIP	100	5,6	8	16,1	70,3
ZPP	100	14	9,8	15,4	60,6
ZPP alta	100	6,8	9,9	17,3	65,8
ZPP intermedia	100	14,1	10,2	15,3	60,2
ZPP baixa	100	17,9	9,7	14,3	57,9
Galicia	100	6,1	7,3	14,1	72,4

Fonte: IGE.

Que o rural xa non é só nin principalmente agrario constátase tamén noutros indicadores, como a estrutura sectorial do PIB, as fontes de renda das persoas residentes e mesmo a utilización do espazo. Neste último aspecto, os agricultores só xestionan hoxe en Galicia o 29 por cento do territorio, e unicamente o 21 por cento está dedicado a cultivos e pastos. Do restante 71 por cento do territorio, o 41 por cento son terras forestais ou abandonadas en mans de propietarios/as non agricultores, o 23 por cento pertence a Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, e queda un 7 por cento dedicado a usos urbanos, vías de comunicación e outros terreos non agrarios (López Iglesias, 2018).

Esa situación dos usos do solo é ben diferente da existente 50 anos atrás, cando a superficie utilizada en cultivos, pradeiras e pastoreo do gando ocupaba algo máis da metade do territorio. A superficie xestionada polos agricultores e agricultoras para cultivos e pastos descendeu bruscamente no último medio século, e continúa retrocedendo nos anos recentes, até quedar reducida a pouco máis de 1/5 da superficie total de Galicia (Táboa II.5.6).

Táboa II.5.6.

Evolución da superficie dedicada a cultivos e pastos. Galicia 1962-2016

	SAU (superficie agraria utilizada) (miles de has)	% da superficie xeográfica de Galicia
1962	1.570,1	53,1
1972	1.263,4	42,7
1982	655	22,1
1989	675	22,8
1999	696,7	23,6
2009	647,6	21,9
2016	621,6	21

Fonte: INE, Censos agrarios e Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas de 2016

Convén facer, iso si, unha matización. O feito de que a desagrarización sexa aquí un fenómeno recente e que se operou partindo dunha estrutura de pequenas propiedades provoca que, fronte á limitada importancia da agricultura como profesión, unha boa parte da poboación siga mantendo algunha vinculación coa propiedade e/ou o traballo da terra. Algunhas cifras abundan para ilustrar esa realidade. Segundo os datos do Catastro, actualmente existen en Galicia ao redor de 1.670.000 persoas propietarias de fincas rústicas, polo que a inmensa maioría da poboación (non só a rural) segue vinculada á terra en tanto que propietaria. Por outro lado, de acordo coa Enquisa sobre a estrutura das explotacións de 2016, contamos cunhas 76.400 explotacións agrarias, o que significa que hai máis de 75.000 familias ligadas de modo significativo ao traballo da terra. Pero as familias que traballan e viven principalmente da agricultura límitanse a unhas 25.000.

Con esas precisións, hai que reiterar que a segunda mudanza esencial consistiu na crecente desagrarización do medio rural, na desaparición da identidade medio rural = agricultura que, con matices, definía a realidade até mediados do século XX.

5.2. Os factores que están na orixe das tendencias demográficas

As tendencias demográficas do medio rural que se acaban de resumir son coñecidas. Pero hai que salientar que a súa orixe non está principalmente na demografía senón na dinámica socioeconómica. Especialmente en dous factores: as oportunidades de emprego e, de modo máis xeral, as debilidades da estrutura económica das áreas rurais; e as deficiencias destas áreas en canto ao acceso aos servizos e as condicións de vida da poboación.

Papel central da dinámica do emprego

A orixe última das tendencias demográficas rexistradas polas áreas rurais en Galicia ao longo das últimas décadas hai que buscala en primeiro lugar na dinámica do emprego.

Neste aspecto asistimos, por un lado, a unha fortísima caída do emprego agrario. A poboación ocupada no sector reduciuse no período 1950-2015 nun 95 por cento (de 827.000 a 45.600 persoas); o que significa, noutras palabras, que hoxe queda unicamente 1 de cada 20 persoas que se dedicaban á agricultura a mediados do século XX. Só nos últimos 30 anos, no período transcorrido desde a integración na Unión Europea, esa redución foi de case o 90 por cento: de 415.100 persoas ocupadas en 1985 a 45.600 en 2015. Esta circunstancia levou a unha diminución paralela do seu peso relativo: a porcentaxe do emprego agrario no emprego total baixou do 70 por cento en 1950 ao 4,5 por cento na actualidade, unha cifra similar á media da UE-28. En suma, Galicia rexistrou no último medio século unha desagrarización tardía pero abrupta, ao concentrarse en 60 anos unha caída do emprego agrario que nos países máis desenvolvidos se fora graduando ao longo dun século e medio ou dous séculos.

O outro feito que destaca na dinámica do emprego rural foi o limitado desenvolvemento da industria agroalimentaria e doutras ramas industriais e de servizos, o que provocou que a contracción da man de obra agraria só fose compensada en pequena medida pola xeración de postos de traballo noutras actividades (López Iglesias e Pérez Fra, 2004). Neste sentido, a especificidade galega respecto a outros países europeos cunha dinámica máis favorable da poboación rural nas décadas recentes non está principalmente na caída do emprego agrario (aínda que esta alcanzou unha intensidade claramente superior á media española e europea), senón na debilidade do desenvolvemento das actividades industriais e de servizos no medio rural.

O resultado é que, se nos últimos 60 anos o emprego total en Galicia sufriu unha moderada diminución, iso esconde uns enormes contrastes territoriais: incremento do emprego nos núcleos urbanos e nas zonas periurbanas, fronte á forte contracción nas áreas rurais, especialmente naquelas cunha base económica menos diversificada. É esa dinámica do emprego a que está na orixe, e constitúe o motor último, das mudanzas observadas na distribución espacial da poboación. A estes condicionantes podemos engadir as expectativas de futuro, especialmente das persoas máis novas, que condicionan a decisión de continuar residindo e traballando no rural.

Esas tendencias do emprego proseguiron nos anos recentes, marcados pola longa crise económica iniciada en 2008. Así, no período 2009-2017, mentres que o número de afiliacións á Seguridade Social diminuíu en Galicia nun 3,1 por cento e nos concellos das 7 maiores cidades (ZDP) nun 2,9 por cento, no conxunto do medio rural o descenso foi do 7,2 por cento e no rural menos poboado (ZPP baixa) alcanzou o 10,1 por cento (Táboa II.5.7).

Táboa II.5.7.

Volume de emprego (afiliacións á Seguridade Social) en Galicia por zonas segundo o grao de urbanización. Distribución en 2016 e variación 2009-2017

	Afiliacións en 2016	Variación 2009-2016	
		Número	Variación en %
ZDP	356.080	-10.467	-2,9
ZIP	356.630	-942	-0,3
ZPP	245.631	-19.159	-7,2
ZPP alta	72.348	-1.060	-1,4
ZPP intermedia	40.974	-3.264	-7,4
ZPP baixa	132.309	-14.835	-10,1
Galicia	958.341	-30.568	-3,1

Fonte: IGE

Déficits estruturais do sector agrario e o complexo agroalimentario

Entrando nunha análise algo máis detallada, un elemento central que vén lastrando a dinámica demográfica e económica do noso medio rural é a persistencia de deficiencias estruturais no sector agrario e a debilidade da industria agroalimentaria.

A pesar das intensas transformacións das últimas décadas, o sector agrario continúa presentando deficiencias, derivadas sobre todo dos déficits na base territorial das explotacións (reducida superficie, acusada fragmentación parcelaria) e nos usos da terra, o que provoca unha baixa produtividade do traballo, tanto no contexto español como no europeo. Neste aspecto a intensa diminución da man de obra e o proceso paralelo de substitución de traballo por capital posibilitaron unha mellora considerable da produtividade de quen permanecen no sector; pero, aínda así, esa produtividade (VEB/persoa ocupada) límitase hoxe ao 80 por cento aproximadamente da media da agricultura española e a unha porcentaxe similar da produtividade media na economía galega (López Iglesias, 2018).

O problema central da agricultura galega, no relativo á eficiencia produtiva, é que se están aplicando doses crecentes de capital e unha tecnoloxía moderna sobre unha base territorial que mantén deficiencias e non se transformou ao mesmo ritmo. Este feito limita o rendemento obtido deses bens de capital. Polo tanto, non estamos xa ante un problema de dotación de factores, como sucedía hai 30 anos (exceso de man de obra e escaseza de capital), senón que o baixo nivel que continúa presentando a produtividade do traballo obedece esencialmente a un problema de eficiencia no uso dos factores produtivos, relacionado coas deficiencias estruturais do sector.

A esas deficiencias do sector agrario únese a debilidade da industria agroalimentaria, que ten limitado o emprego e o valor engadido xerado nas áreas rurais polo complexo agroalimentario (o conxunto formado polo sector agrario e as industrias transformadoras dos seus produtos) (Sineiro, 2009). O complexo agroalimentario galego sigue centrado na produción de materias primas, sendo limitado o desenvolvemento da industria transformadora. Así, en 2015 a industria agroalimentaria unicamente achegaba o 36,2 por cento do VEB do complexo, porcentaxe só lixeiramente superior á de 1995 (32,4 por cento). Isto contrasta co que se observa nos países do noso contorno, nos que o habitual é que o valor xerado na transformación das materias primas agrarias supere o da agricultura. Expresado en cifras, mentres en Galicia a industria agroalimentaria só engade 0,57 euros a cada euro de VEB de produción agraria, en España e na UE-28 a cifra supera 1 euro e nos países europeos máis desenvolvidos aproxímase a 2 euros (López Iglesias, 2018).

O resultado final das deficiencias no sector agrario e na industria agroalimentaria plásmase nun dato: nas tres últimas décadas, desde que contamos con estatísticas ao respecto, Galicia vén rexistrando de modo permanente unha balanza agroalimentaria deficitaria; a produción non cubre o consumo. Computando o comercio co resto de España e co estranxeiro, só somos exportadores netos de materias primas gandeiras (leite e gando) e de derivados simples (leite envasado, carne elaborada e en conserva). E iso vese máis que contrarrestado polas importacións netas de todos os demais produtos. Destacan sobre todo as importacións de cereais e outros produtos vexetais para consumo humano e alimentación do gando, aceites e graxas, produtos cárnicos e viño. Pero o déficit esténdese tamén aos derivados lácteos e xeados, froitas e hortalizas en conserva e outras bebidas alcohólicas (López Iglesias, 2018; Valdés Paços e López Iglesias, 2008).

A agricultura galega actual ten unha dimensión produtiva por debaixo do seu potencial. Cunha elevada dependencia do bovino de leite e carne, e unha presenza relevante pero moi localizada das aves e viñado; mentres que é sumamente limitado o desenvolvemento doutros cultivos, como cereais e horta, e de ramas gandeiras como o porcino. Neste aspecto, a dinámica do último medio século e a situación actual contrasta coa que encontramos noutros países e rexións da área atlántica de Europa, como a Bretaña francesa (Sineiro, 2009).

Nivel do PIB e da Renda dispoñible por habitante

A baixa produtividade do traballo no sector agrario, unida ao limitado desenvolvemento das actividades industriais e terciarias, provocan que os concellos rurais rexistren en xeral un baixo PIB por habitante. A situación é menos desfavorable, máis próxima á das áreas urbanas, se en vez de tomar a produción xerada nos fixamos na renda dispoñible (a capacidade de gasto das familias). Pero isto lógrase a costa dunha forte dependencia das transferencias. Historicamente foron as transferencias privadas recibidas do exterior, as remesas da emigración, as que posibilitaron un incremento da renda das familias rurais; mentres que nas tres últimas décadas ese papel pasou a ser xogado fundamentalmente polas transferencias sociais desde o sector público, sobre todo as pensións da Seguridade Social.

Hai que precisar, iso si, que o importe medio das pensións percibidas no noso medio rural é claramente inferior ao que se rexistra nas áreas urbanas, e alcanza unha contía moi baixa no contexto español. Sendo salientable, así mesmo, a forte brecha de xénero que se constata neste aspecto (Táboa II.5.8).

Táboa II.5.8.

Importe medio das pensións contributivas por sexo e subgrao de urbanización. Galicia 2013 e 2016

	2013			2016		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
ZDP	833,61	963,03	704,43	879,89	1.018,67	740,73
ZIP	975,51	1.156,84	803,67	1.031,26	1.216,12	859,11
ZPP	845,59	991,56	685,31	891,14	1.047,04	719,21
ZPP alta	827,25	968,75	676,84	874,88	1.030,73	706,17
ZPP intermedia	753,13	857,3	646,53	793,09	909,98	671,15
ZPP baixa	721,96	810,62	632,74	755,22	858,91	648,92
Galicia	689,19	745,86	635,99	716,52	785,59	650,48

Fonte: IGE

A pesar da baixa contía unitaria das pensións, estas transferencias públicas contribúen de modo nido a mellorar o nivel da renda dispoñible dos fogares no noso medio rural. Segundo as estimacións do IGE para 2009 a renda primaria por habitante (a obtida pola participación na produción de bens e servizos) limitábase de media nos concellos rurais (ZPP) ao 71,4 por cento da media de Galicia, en tanto que o nivel relativo da renda dispoñible ascendía ao 83,3 por cento, e en moitos destes concellos aproximábase e nalgúns mesmo superaba a media galega. A mellora que se constata ao pasar do PIB ou a renda primaria á renda dispoñible, como consecuencia das transferencias netas percibidas polos fogares, é especialmente relevante nas áreas rurais de baixa densidade (ZPP baixa); a pesar do cal estas presentan en conxunto unha renda dispoñible por habitante lonxe da media galega (Táboa II.5.9).

Táboa II.5.9.

Nivel das rendas primarias brutas e da renda dispoñible por habitante por tipos de zonas 2009.

Media de Galicia = 100

	Rendas primarias/ habitante	Renda dispoñible bruta/ habitante
ZDP	124,1	117,4
ZIP	98,9	96,6
ZPP	71,4	83,3
ZPP alta	83,8	87,8
ZPP intermedia	74	84
ZPP baixa	64,6	80,5
Galicia	100	100

Fonte: IGE. Contas de distribución da renda dos fogares por concellos.

Deficiencias no acceso aos servizos para a poboación e as empresas

Tan relevante como a debilidade do tecido produtivo é que temos un medio rural que, a comezos do século XXI, continúa rexistrando deficiencias no acceso aos servizos básicos para a poboación e as empresas (atención á infancia e á poboación dependente, acceso ás TIC, transporte público...). En particular debemos destacar, polo seu impacto directo na dinámica demográfica, a situación desfavorable en diferentes servizos e outras condicións relacionadas co coidado, crianza e educación dos fillos e fillas e coa atención ás persoas maiores. Deseguido ofrecemos algúns indicadores simples, elaborados a partir da base de datos municipais do IGE, que nos parecen ilustrativos da brecha existente neste aspecto entre áreas rurais e urbanas.

Anteriormente apuntouse o envellecemento como un dos problemas demográficos das áreas rurais galegas; pois ben, a dotación de servizos públicos destinados á atención a este colectivo das persoas maiores é peor nestas áreas. Simplemente comparando a dotación de prazas no ano 2017 en centros públicos de atención a maiores¹ atopamos que nos contextos urbanos é de 2,4 por cada 100 persoas maiores de 75 anos, mentres que nas zonas rurais esa ratio descende até 2,1 por cada 100 maiores. Ademais, o 70 por cento dos concellos rurais carecen de centros deste tipo.

As cifras de atención sanitaria de proximidade apuntan no mesmo sentido: de acordo coa información subministrada ao IGE polo Servizo Galego de Saúde, a asistencia sanitaria de proximidade é cuberta no 81,8 por cento do territorio polo 29,2 por cento dos e das médicas xerais e o 20,8 por cento do total de pediatras.

1 Os datos proceden da Consellería de Política Social, do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

Os datos anteriores son só algúns dos que ilustran o déficit nos servizos públicos básicos que sofren os espazos rurais. Uns déficits que se ven agravados, no seu impacto sobre a poboación, pola ausencia na maioría dos concellos rurais de servizos públicos de transporte que conecten as entidades de poboación coas cabeceiras municipais e comarcais.

Estamos ante un problema complexo, que se relaciona en parte cunha estrutura do hábitat e unha planificación dos servizos públicos que requiren unha fonda reflexión. Por unha parte, é claro que os recursos públicos destinados a facer destas áreas lugares atractivos para a poboación son insuficientes. Mais, por outra, precisamos un debate sobre a viabilidade no medio prazo de manter unha estrutura con 30.000 entidades de poboación, habitadas permanentemente e asegurando para todas elas un acceso adecuado aos servizos que hoxe se consideran imprescindibles. E, en caso de responder afirmativamente, hai que avanzar no deseño e subministración de servizos adecuados a ese hábitat.

As medidas destinadas a mellorar as oportunidades laborais, a dotación de servizos e a conciliación entre vida persoal e laboral deben prestar especial atención a un colectivo decisivo para o futuro demográfico e socioeconómico do medio rural: as mulleres en idade fértil. Polo tanto, para este colectivo deberían poñerse en marcha programas e actuacións públicas singulares, co fin de facilitar unha igualdade real de oportunidades coas condicións existentes nas áreas urbanas.

Os datos do cadro 10 mostran que só o 22,6 por cento das mulleres en idade fértil existentes en Galicia residen no medio rural, unha porcentaxe claramente inferior á cifra para a poboación total (acorde co maior envellecemento demográfico do rural). É polo tanto fundamental afondar nos motivos e mecanismos que poden condicionar a decisión destas mulleres de manterse no ámbito rural. Para iso sen dúbida haberá que ter políticas económicas e de emprego con enfoque de xénero, pero tamén é necesario pensar nas condicións nas que se desenvolven os servizos sociais que poden permitir ese mantemento: servizos médicos, educación, atención a persoas maiores (dependentes ou non), servizos de conciliación, garderías, etc.

Táboa II.5.10.

Número de mulleres de 15 a 44 anos por zonas segundo o grao de urbanización. Galicia 2017

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
ZDP	72.535	18.401	18.789	69.100	178.825
ZIP	78.289	14.325	11.271	78.322	182.207
ZPP	43.534	20.108	17.785	23.961	105.388
ZPP alta	16.806	2.257	2.558	12.026	33.647
ZPP intermedia	9.062	2.848	3.236	3.876	19.022
ZPP baixa	17.666	15.003	11.991	8.059	52.719
Total	194.358	52.834	47.845	171.383	466.420

Fonte: IGE

Na dotación de servizos no medio rural especial atención deben merecer as persoas con discapacidade. As provincias de Ourense e Lugo teñen a metade ou máis da súa poboación con discapacidade vivindo no rural. Entre os factores de risco, ou barreiras para a inclusión social, podemos destacar que estas persoas no medio rural vense obrigadas a utilizar servizos na maioría dos casos non accesibles, habitualmente fora do municipio residencia; o que dificulta o acceso aos recursos, á formación, ás actividades recreativas e ao emprego. No plano laboral, son moi poucas as persoas con discapacidade residentes no rural en situación activa, e as que o están teñen unha estabilidade laboral escasa.


5.3. Un medio rural cada vez máis heteroxéneo; tipoloxía dos espazos rurais

Partindo desas notas xerais, hai que destacar que o que encontramos hoxe en Galicia é un medio rural cada vez máis heteroxéneo, unha crecente heteroxeneidade a nivel comarcal, municipal e mesmo entre as parroquias do mesmo concello. Heteroxeneidade que, simplificando, está orixinada por:

- A diferenciación espacial do sector agrario, no que respecta ás liñas de especialización, o nivel tecnolóxico, o tamaño das explotacións, ...
- E sobre todo o desenvolvemento moi desigual das oportunidades de emprego en actividades industriais e de servizos. O que, en xeral, vai asociado a diferenzas tamén na localización e no acceso a servizos básicos.

Esa heteroxeneidade reflíctese nas densidades de poboación e en todos os indicadores demográficos, e pode resumirse na configuración de tres Galicia rurais (Fernández e Peón, 2017) (mapa II.5.2):

Mapa II.5.2.
Densidade de poboación a nivel municipal en Galicia 2016




Fonte: IGE.

- Áreas rurais do Eixo Atlántico e outras comarcas periurbanas: dominadas pola influencia dos mercados de traballo urbanos, caracterízanse en xeral por densidades de poboación elevadas e un importante dinamismo demográfico.
- Galicia central ou interior: comarcas cunha base agraria, en especial gandeira, relativamente sólida, acompañada en moitos casos da presenza de cabeceiras comarcais de certa dimensión. O que posibilita o mantemento de densidades medias-baixas.
- Zonas de montaña das Serras Orientais de Lugo, metade oriental e sur de Ourense e Dorsal Galega. Localizadas lonxe dos principais núcleos urbanos, é aquí onde encontramos un proceso de despoboamento máis acentuado e dificilmente reversible (con densidades demográficas inferiores a 15 habitantes por km²), asociado á debilidade da súa base económico-productiva.

Esa diferenciación obedece á dinámica empresarial local pero tamén, e cunha importancia crecente, aos fluxos de mobilidade diaria entre o lugar de residencia e o do traballo, especialmente no contorno das principais áreas urbanas. Concretamente, segundo o Censo de poboación de 2001 o 38,8 por cento das persoas ocupadas en Galicia traballaban nun municipio diferente ao de residencia, porcentaxe que en 2011 aumentou até o 42,8 por cento. No mapa 3 aparecen representados os fluxos de mobilidade diaria por razóns de traballo en 2001. Destacan os rexistrados ao longo do Eixo Atlántico e as áreas rurais próximas, pero tamén se observa o poder de atracción das dúas capitais provinciais do interior (Lugo e Ourense) e certas cabeceiras comarcais; o que contribúe ao sostemento demográfico das áreas rurais do seu hinterland.

Mapa II.5.3.
Fluxos de mobilidade diaria entre o lugar de residencia e o de traballo. Galicia 2001




Fonte: IGVS (2008).

As diferentes dinámicas territoriais teñen o seu reflexo nos usos da terra. No mapa 4 recóllese unha tipoloxía das parroquias segundo as tendencias deses usos no período 1985-2005. Pois ben, encontramos de novo aquí as tres Galicia rurais, cun panorama que presenta notables paralelismos co que vimos no mapa 2. No relativo aos usos do solo, esas tres Galicia rurais son: o rural urbanizado e forestado, característico do Eixo Atlántico e a franxa costeira; o rural activo, integrado polas áreas –principalmente do interior da Coruña e Lugo– que presentan unha expansión recente e un elevado peso dos cultivos e pastos; e o rural abandonado, que ocupa as Serras Orientais de Lugo, a Dorsal Galega e a maior parte da provincia de Ourense (Corbelle e Crecente, 2014). Tres conxuntos que en liñas xerais se corresponden, respectivamente, co Eixo Atlántico e outras áreas periurbanas, a Galicia central ou interior e as zonas de montaña (ver mapas 2 e 4).

Mapa II.5.4.

Tipoloxía das parroquias segundo as tendencias dos usos do solo 1985-2005



Fonte: Corbelle e Crecente (2014).

5.4. Presente e futuro demográfico do medio rural; algúns cuestións centrais

Capacidade para responder ás demandas da sociedade

Desde o punto de vista económico, a dinámica recente das áreas rurais en Galicia, e as súas perspectivas futuras, está condicionada pola capacidade para responder ás demandas actuais da sociedade. Unhas demandas que nas últimas décadas experimentaron fondas transformacións e que podemos clasificar hoxe en catro grupos:

- i. As funcións tradicionais: subministración de alimentos, madeira e outras materias primas. Funcións que están adquirindo unha importancia renovada nos comezos do século XXI, ao tempo que se modifican polas mudanzas no consumo alimentario.
- ii. Subministración doutros bens e servizos retribuídos polo mercado: produtos da artesanía e pequena industria local, enerxías renovables, turismo e ocio, ...
- iii. Funcións ambientais: conservación da paisaxe, auga, aire e solo de calidade, ecosistemas, biodiversidade, mitigación do cambio climático.
- iv. Funcións sociais-territoriais: conservación do patrimonio cultural, contribución á fixación de poboación e ao equilibrio territorial.

Deses catro tipos de demandas, os dous primeiros implican a produción de bens e servizos con destino ao mercado. Polo tanto, a súa dinámica depende da capacidade para elaborar produtos en condicións adecuadas de calidade e prezo, con destino a mercados locais, de ámbito galego, español ou internacionais.

Pero os outros dous tipos de funcións (ambientais e sociais-territoriais) non son remuneradas polo mercado, ao tratarse de bens públicos. Estas funcións só poden ser retribuídas polo conxunto da sociedade a través de transferencias públicas.

Papel da agricultura e outras actividades na estrutura económica das áreas rurais

O medio rural non pode apoiarse só na agricultura, pero require unha base agroalimentaria e forestal sólida

Se queremos evitar, ou ao menos frear, a regresión demográfica das áreas rurais a súa diversificación económica constitúe unha necesidade. O motivo é que as transformacións que acompañan o proceso de desenvolvemento levan a un continuo declive relativo do sector agrario; até chegar á situación actual na que, no caso galego, a agricultura achega só o 3,3 por cento do PIB e o 4,8 por cento do emprego (López Iglesias, 2018). Polo tanto, faise imprescindible o desenvolvemento doutras actividades.

Iso non debe levar, porén, a subestimar o papel das actividades agrarias e forestais no tecido económico dos espazos rurais. Por varias razóns:

- En moitas áreas rurais de Galicia a agricultura e a produción forestal seguen tendo hoxe un peso importante, tanto no emprego como no PIB.
- Alén do seu papel produtivo, as actividades agrarias e forestais son esenciais para a xestión do territorio e o mantemento do medio natural.
- Ademais, unha fonte importante de diversificación da base económica dos territorios rurais está constituída polo desenvolvemento das actividades que integran a cadea agroalimentaria (comercialización e transformación de produtos agrarios, subministración de inputs á agricultura). E o mesmo para a cadea forestal.
- Finalmente, unha base agroalimentaria sólida é en moitos casos condición para o desenvolvemento doutras actividades (como o turismo e as actividades de lecer).

O problema de fondo: o rural xa non é agrario pero *aínda non é outra cousa*

O problema de fondo do medio rural galego, no que respecta á base socioeconómica, é que este xa non é só nin principalmente agrario pero *aínda non é outra cousa*. Podemos dicir tamén que é moitas cousas á vez (actividades económicas, demandas sociais, tipos de residentes), sen unha ordenación e articulación global.

Partindo diso, o futuro económico e produtivo de cada comarca require responder a catro cuestións esenciais:

- Que actividades económicas van constituír o sustento da poboación?
- Impulsadas por que axentes?

- Con que consecuencias para os agricultores e o resto dos residentes?
- Con que apoios públicos? Noutras palabras: que políticas son prioritarias?

En calquera caso, hai que chamar a atención sobre a gran diversidade de actividades, ademais da produción agraria e forestal, que poden desenvolverse nas áreas rurais. Limitarémonos a apuntar unha breve tipoloxía:

- i. Diversificación económica do tecido empresarial local ou das actividades da poboación; a importancia crecente do *commuting* (persoas que habitan no medio rural pero que se trasladan diariamente a traballar nun núcleo urbano ou cabeceira comarcal próxima).
- ii. Empregos públicos (ligados ao desenvolvemento dos servizos públicos e ao despregue no territorio do Estado do Benestar), e actividades privadas (dependentes da dinámica dos mercados).
- iii. Destino da produción: actividades dirixidas ao mercado local fronte ás que producen para mercados máis amplos (de ámbito galego, español ou internacional).
- iv. Vínculo cos recursos do territorio: actividades baseadas na posta en valor dos recursos locais, fronte a aquelas nas que o espazo rural é un mero soporte físico.

Complementariedade e conflito entre distintas actividades e usos do solo; a problemática da ordenación do territorio

Na medida en que nas últimas décadas tenderon a multiplicarse as demandas que a sociedade fai aos espazos rurais, iso fixo que emerxeran novos mercados e novas funcións para estes espazos, turismo, enerxías renovables, servizos ambientais, espazo residencial... Nalgúns casos existen complementariedades evidentes entre distintas actividades, polo que o reto das políticas públicas consiste en fomentar esas complementariedades. Pero cada vez son máis frecuentes as situacións nas que existe un conflito entre distintas actividades e usos do solo.

En consecuencia, un elemento esencial para o futuro do medio rural é a ordenación dos usos do solo.

Estrutura do hábitat e localización das actividades económicas e os servizos; a organización territorial do medio rural

O medio rural galego caracterizouse historicamente, e segue caracterizándose, por unha acusada dispersión do hábitat. Porén, sen alterar os trazos de fondo desa estrutura do hábitat, nas últimas décadas conséntanse mudanzas importantes: acelerada perda de habitantes da maioría das pequenas aldeas; ao tempo que gañan poboación as cabeceiras comarcais e municipais, que foron adquirindo un papel crecente como centros de emprego e de prestación de servizos para as áreas rurais próximas.

Partindo diso, un aspecto esencial a definir é o futuro da estrutura do hábitat e da organización territorial do medio rural. Isto pode concretarse en tres cuestións:

- i. A estrutura do hábitat rural e o seu futuro. A pregunta que hai que facerse é en que medida resulta viable manter a medio e longo prazo unha estrutura do hábitat tan dispersa como a que se configurou historicamente. É realista aspirar a que as 30.244 entidades de poboación que contabiliza o nomenclátor

de 2016 se manteñan habitadas de forma permanente, e cun acceso dos seus habitantes a oportunidades de emprego e servizos como corresponden ao século XXI?.

- ii. Localización das novas actividades económicas nas áreas rurais. O dilema é aquí o seguinte: debe fomentarse a dispersión das iniciativas empresariais por todo o territorio, ou é preferible favorecer a súa concentración nas cabeceiras comarcais e municipais, para consolidar núcleos intermedios que actúen como motores do contorno próximo? No primeiro suposto, até onde é razoable levar a dispersión, se non queremos facer inviable calquera ordenación territorial?. Resulta realista aspirar a xerar novos empregos, e facilitar a inserción laboral, en cada aldea?.
- iii. Planificación dos servizos públicos. Partindo da imposibilidade de dotar de centros educativos, de saúde e outras infraestruturas sociais de certa dimensión a cada entidade de poboación, un elemento básico da Galicia rural do século XXI é a adecuada planificación dos servizos públicos. E a pregunta aquí é até onde pode chegar a aproximación dos servizos á poboación?.

Os aspectos anteriores conectan cun tema de fondo: que modelo de organización territorial require o futuro do medio rural galego? A cuestión que hai que decidir, sobre todo nas áreas de baixa densidade, é a escala territorial pertinente para articular as iniciativas privadas e as políticas públicas dirixidas a construír un "rural posible". Unha vez decidido iso, tería que traducirse en catro ámbitos: localización das novas iniciativas empresariais, ubicación dos servizos básicos, modalidades de acceso da poboación a eses servizos e finalmente a reorganización administrativa.

Necesidade de repensar a relación entre poboación rural e espazo rural e o equilibrio entre propietarios e usuarios das terras

Até as décadas centrais do século XX existía en Galicia unha vinculación estreita entre poboación rural e espazo rural: os habitantes de cada parroquia, a inmensa maioría agricultores, tiñan a súa base económica no aproveitamento do espazo agroforestal circundante. Nas últimas décadas, non entanto, asistimos, igual que en toda Europa, a unha separación crecente entre poboación rural e espazo rural. De tal modo que non existe unha relación directa entre despoboamento e abandono de terras, nin tampouco entre dinamismo demográfico e adecuado aproveitamento das superficies. Nun plano máis xeral, encontramos unha relación cada vez máis complexa entre tres colectivos que até mediados do século XX case se podían asimilar: os residentes en cada concello, os propietarios das terras e as persoas ou empresas que utilizan, ou están interesadas en explotar, esas terras.

Esa realidade pon sobre a mesa a necesidade de organizar novas formas de relación entre a poboación rural e o espazo rural, plasmando iso no marco institucional e nas políticas públicas. Como apuntan numerosos estudos empíricos i. ii. iii. a configuración dun medio rural viable economicamente e sustentable desde o punto de vista ambiental esixe abordar o problema da terra, as deficiencias existentes na ordenación e aproveitamento deste factor produtivo. Non se nos escapa que o anterior implicaría unha reforma estrutural que, sen alterar a distribución da propiedade, impulsase a mobilización produtiva das superficies e a ordenación dos seus usos.

A concreción desa reforma estrutural constitúe outra cuestión esencial para o futuro, tamén o demográfico, do medio rural.



Contexto socioeconómico e de saúde. Algunhas consideracións preliminares





1

Crecemento, converxencia e benestar. Galicia 2000-2017

Atopámonos ante un cambio de paradigma de significado e magnitude semellante ao acaecido no proceso de Revolución Industrial. A transformación das dinámicas demográficas, iniciada o pasado século, está na base dunha metamorfose mundial que afecta as súas estruturas tanto sociais e políticas, como económicas ou tecnolóxicas, nas que xa non pode contar coas receitas do pasado. Unha revolución demográfica, froito da mellora da calidade de vida en todas as idades, moi especialmente, na infancia primeiro e, con posterioridade, nas cada vez máis alongadas etapas de vellez. Poderíase dicir que, na actualidade, case que a maioría da poboación nacida hai 65 anos, ten 65 anos, conseguindo así, un nivel de supervivencia masivo, que se foi estendendo a todas as etapas da vida. Encontrámonos, fronte a fronte, coa chamada democratización da supervivencia, que non se pode entender á marxe da modernización das estruturas da poboación.

Este proceso modernizador, ademais de supoñer un aumento do peso das persoas maiores na pirámide de poboación, supón, moi especialmente, unha muda nas características e comportamentos de todas as idades. Isto esixe desenvolver accións en distintas fronteas para adaptarse ao cambio que presentan a nova dinámica da poboación e o correlativo proceso de modernización socioeconómica. A este fin, cómpre optarmos, como sociedade, por unha estratexia transversal de coñecemento e intervención que contemple a interrelación das distintas accións que se programen, na procura dos mellores resultados e buscar os efectos sinérxicos.

En consonancia coas recomendacións da UE, no proxecto Symbios¹ facíase especial fincapé na transversalidade institucional entre os distintos departamentos dunha mesma Administración (neste caso concreto, a Xunta de Galicia) para permitir abordaxes integrais como elemento clave para incrementar a incidencia das políticas públicas. Garantir a transversalidade dos diferentes programas, así como a colaboración e a coordinación entre a Administración europea, central, autonómica e local, sen esquecer o protagonismo da sociedade civil, contribúen á maior eficacia no uso dos recursos e son requisitos necesarios para garantir unha gobernanza participativa na planificación, na execución e na avaliación dos programas.

¹ En Galicia, derivado do proxecto DART, levouse a cabo o proxecto Symbios, do que se fala no anexo, encadrado dentro do Programa Operativo do FSE.

Como vimos nas páxinas anteriores, a chamada cuestión demográfica non é un problema de natalidade; o cambio afecta a todas as variables vitais e transcende o ámbito reducido no que moitas veces se coloca á demografía, pois presenta como sabemos estreita correlación co mercado laboral, a conciliación, a mobilidade, as TIC, a planificación da inmigración, a inclusión social, os servizos sociais, sanitarios, educativos e formativos. Ten, así mesmo, unha dimensión territorial, pois afecta a sustentabilidade, a calidade de vida e o equilibrio entre territorios.


Nas seguintes epígrafes iranse debullando temas estreitamente relacionados co obxecto principal de análise deste Informe. Dalgunha maneira, preténdese realizar unha achega, necesariamente sintética, á multiplicidade dos elementos implicados no cambio demográfico, deténdonos nos máis directamente relacionados coa saúde e, en xeral, co benestar, a calidade de vida e o crecemento económico e social. Introducimos a nova economía do envellecemento e proseguimos co significado e retos do envellecemento activo e saudable. Describimos a importancia que para a UE significa o cambio na estrutura de idade da poboación e como se reflicte esta na posta en marcha da Estratexia UE 2020, tanto a nivel español como das distintas comunidades autónomas e da nosa propia, respecto da cal se salientan as políticas de innovación centradas no envellecemento saudable. Concluimos facendo unha aproximación á percepción na cidadanía do cambio demográfico e do seu significado e alcance. Partimos da presentación dunha panorámica da economía de Galicia centrada naqueles elementos que explican o seu actual proceso de crecemento e converxencia para introducir despois unha consideración daqueles que nos permiten un acercamento ao benestar da poboación desde unha perspectiva, no fundamental, das economías familiares e da súa contribución ao PIB.

A evolución da economía galega nas últimas dúas décadas vén sendo moi similar á da economía española. O crecemento acumulado do Produto Interior Bruto é practicamente o mesmo; contamos con moitas experiencias de éxito empresarial, a meirande parte delas de orixe familiar; a competitividade da economía galega reflectida nas cifras de exportacións aumentou moi substancialmente. Hoxe, Galicia xa non é un territorio pouco desenvolvido de España, xa non está na cola. Galicia atópase na parte media baixa do *ranking* de desenvolvemento, lonxe xa de comunidades como Andalucía e Extremadura, por diante da Comunidade Valenciana, que era para nós, un referente hai vinte anos. Rematarase 2018 cun PIB per cápita lixeiramente por riba do 90 por cento da media española. Visto con perspectiva temporal e xeográfica, probablemente o actual sexa o mellor momento económico de Galicia desde un punto de vista macroeconómico e agregado.

Porén, sabemos que en España e, por inclusión, en Galicia temos un problema coa calidade do emprego que está a afectar particularmente á xente nova e á concreción dos seus desexos no que atinxe ao número de fillos ou fillas así como problemas de deficiente flexibilidade para conciliar vida laboral e familiar. Os gráficos que se xuntan, tomados do recente informe do Grupo de Investigación GEN, amósano con claridade². Polo tanto, a atención ao económico no eido demográfico posiblemente ten que poñer máis o acento no eido microeconómico e na calidade e responsabilidade social das empresas e menos nos indicadores macro, por máis que estes sexan fundamentais porque definen a contorna na que os acordos sobre mellora das condicións laborais poden articularse.


2 "Las políticas de familia en España: Una perspectiva comparada" GEN Reports 5. Universidade de Vigo <http://infogen.webs.uvigo.es/genplusreports.php>

Gráfico III.1.1.
Calidade do emprego (1)




Fonte: GEN

Gráfico III.1.2.
Calidade do emprego (2)



Fonte: GEN

Gráfico III.1.3.
Calidade do emprego (3)



Fonte: GEN

A táboa III.1.1 recolle os datos referidos ao Valor engadido bruto (VEB) no 2000 e 2015, último ano dispoñible con datos para as catro provincias galegas, onde é salientable a similitude de taxas entre Galicia e España, coa primeira lixeiramente por riba da segunda. Destaca tamén o peor comportamento relativo das provincias do sur, consecuencia do impacto diferencial da crise industrial na área de Vigo e os bos rexistros da Coruña. O peso das provincias do norte aumentou ao longo do período, ao pasar de supoñer o 54 por cento ao 56 por cento do total de Galicia.

Táboa III.1.1.
SERIE DE VEB A PREZOS BÁSICOS.

Cifras en milleiros de euros correntes

	2000	2015	Crecedemento acumulado
A Coruña	12.633.063	22.171.773	75,51%
Lugo	3.866.049	6.413.581	65,89%
Ourense	3.445.499	5.603.352	62,63%
Pontevedra	10.350.080	16.915.158	63,43%
Galicia	30.294.691	51.103.864	68,69%
España	586.321.000	979.874.000	67,12%

Fonte: INE

Os datos de poboación son claramente menos expansivos en Galicia e, en particular, en Ourense e Lugo (táboa III.1.2) que en España. Fronte a un crecedemento acumulado da poboación española entre 2000 e 2015 do 14,7 por cento, Galicia rexistra o 1,2 por cento e Lugo e Ourense caen a menos do 6,5 por cento. Con datos ata 2017, a asimetría demográfica acentúase.

España mantense nun crecemento acumulado do 15 por cento, Galicia pasa a +0,3 por cento e Ourense e Lugo anotan caídas do -8,7 por cento e -8 por cento respectivamente³.

Táboa III.1.2.
Poboación total por provincias


	2000	2015	2000-2015	2017	2000-2017
A Coruña	1.096.112	1.128.694	2,97%	1.121.770	2,34%
Lugo	362.565	338.921	-6,52%	333.610	-7,99%
Ourense	341.375	318.739	-6,63%	311.578	-8,73%
Pontevedra	902.420	948.302	5,08%	943.257	4,53%
Galicia	2.702.472	2.734.656	1,19%	2.710.215	0,29%
España	40.470.182	46.449.565	14,77%	46.528.024	14,97%

Fonte: Cifras de poboación. INE

A combinación dun crecemento do VEB similar ao español e o devalo poboacional fan que o PIB per cápita relativo de Galicia aumente de xeito moi notable. Dende o 77 por cento no ano 2000 ata o 89 por cento en 2015 (táboa III.1.3 e Gráfico III.4).

Dende esta perspectiva de análise enténdese que, de feito, A Coruña rexístrase en 2015 o 93 por cento da media española e, sobre todo, que Lugo adiantase a Pontevedra.

Gráfico III.1.4.
PIB comunidades, taxa variación interanual (%) 2017



Fonte: INE.

3 A táboa III.2 recolle de modo sintético información presentada e analizada con anterioridade para facilitar a lectura deste capítulo.

En 2017 Galicia tiña acadado xa o 90 por cento da media española en PIB per cápita, resultado directo dunha poboación que supón xa menos do 6 por cento do total español (5,8 por cento) e unha renda agregada que se mantén lixeiramente por riba do cinco por cento, concretamente no 5,2 por cento.

Táboa III.1.3.
PIB per cápita. Cifras en euros correntes


	2000	2015	2000	2015
A Coruña	11.525	19.644	80%	93%
Lugo	10.663	18.924	74%	90%
Ourense	10.093	17.580	70%	83%
Pontevedra	11.469	17.837	79%	85%
Galicia	11.210	18.687	77%	89%
España	14.487	21.095	100%	100%

Fonte: INE

Coa atención posta, de momento, tan só nos datos anteriores é de destacar o bo comportamento comparado de Galicia no que levamos de século, nun contorno demográfico como o sinalado, nun duplo senso: dunha banda, podería pensarse que unha poboación con crecemento vexetativo negativo e en claro proceso de envellecemento traducirase nunha demanda limitada para as empresas; e, doutra, que esta mesma circunstancia entraña un freo da oferta para as empresas e para o emprendemento. Sería ese mesmo escenario demográfico o que, adóitase dicir, axudaría a explicar tamén a escasa capacidade de atracción de investimentos estranxeiros. Adúcese que nos últimos 25 anos, de media, só o un por cento do total de investimentos con destino a España son recibidos en Galicia (Lago, 2017); se ben, tamén se engade que Madrid e Cataluña acaparan a meirande parte do investimento estranxeiro e que hai operacións contabilizadas neses territorios que rematan sendo plantas produtivas instaladas en Galicia. En senso contrario, as apostas exóenas supoñen, en moitos casos, a adquisición de empresas xa existentes máis que iniciativas novas. En síntese, o bo comportamento comparado do VEB galego non podemos atopalo en iniciativas exóenas.

A explicación a este aparente paradoxo atópase na combinación da boa marcha do tecido empresarial autóctono, fundamentalmente de carácter familiar, e a apertura ao exterior. As cifras de exportacións de Galicia, desde xa antes da grande recesión iniciada en 2008 ao redor do oito por cento do total español, están claramente por riba do que cabería agardar dunha economía que supera lixeiramente o cinco por cento do PIB español (Lago, 2017).

Gráfico III.1.5.
Evolución PIB (%) y PIB per cápita (euros)



Fonte: INE

Poderase soste no tempo esta estratexia exitosa de combinar desenvolvemento endóxico e exportacións? É posible seguir compensando as feblezas da demanda e da oferta laboral nun escenario de envellecemento, e que se continúe a converxencia coa media española pola vía de axustar a poboación á dimensión do tecido produtivo do país? Se falamos no curto prazo, no que queda de década ata 2020, as respostas poden ser positivas. A extrapolación de tendencias e comportamentos nese horizonte próximo non son malas. Pero as dúbidas e o pesimismo aumentarían se, de aceptarmos acriticamente as proxeccións de poboación, o horizonte pasa a ser o ano 2030 ou 2040 e non se producen mudanzas substanciais na economía (máis que na demografía) que posibiliten unha mellor eficiencia do sistema produtivo e que, por outra parte, faciliten a incorporación dos logros dunha crecente eficiencia reprodutiva.

Cando se introducen na discusión outros aspectos complementarios á produción de bens e servizos para o mercado, a posición comparada de Galicia non muda de xeito significativo. A partir da información que proporciona o Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas (IVIE), o Foro Económico de Galicia amosaba recentemente que a posición de Galicia dentro de España, segundo PIB per cápita e segundo un indicador sofisticado de benestar, é a mesma⁴.

4 En concreto o indicador do IVIE incorpora renda per cápita, paro de longa duración, desigualdade, pobreza, esperanza de vida, poboación con saúde boa ou moi boa, obesidade, tabaquismo, poboación con alomenos estudos medios, anos agardados de escolarización, abandono escolar temperá e puntuación PISA.

Táboa III.1.4. *Ranking* por CC.AA segundo PIB e indicador de benestar

	17 CCAA	PIBpc	Diferenza
1	País Vasco	2	1
2	La Rioja	6	4
3	Navarra	3	0
4	Madrid	1	-3
5	Cantabria	9	4
6	Castilla y León	8	2
7	Aragón	5	-2
8	Asturias	12	4
9	Catalunya	4	-5
10	Illes Balears	7	3
11	Galicia	10	0
12	Comunitat Valenciana	11	-2
13	Castilla-La Mancha	15	2
14	Extremadura	17	3
15	Murcia	14	-1
16	Andalucía	16	0
17	Canarias	13	-4

Fuente: IVIE-Fundación BBVA e INE

No bienio 2014-2015 Galicia aparece na parte media-baixa da clasificación (10 de 17), aínda que, no caso deste indicador máis amplo estamos moito máis preto das Comunidades de Madrid, en cuarta posición, e Cataluña, en novena posición.

Benestar e economías familiares

No moi recente Informe do Banco de España (maio de 2018), titulado La desigualdad de la renta, el consumo y la riqueza de España, afírmase que a desigualdade en España se modera cando se ten en conta a renda bruta total por fogar; incluso durante a crise, pola evolución positiva das pensións e o retraso na emancipación da xuventude (coas implicacións sociodemográficas e custos que coñecemos do retraso na emancipación e no proceso de tránsito á vida adulta).

Desde outra perspectiva, pero coa atención posta nos fogares e nas economías familiares, no texto final do Informe da Comisión sobre a medición do desenvolvemento económico e do progreso social, coordinado por J. Stiglitz, A. Sen y J. P. Fitoussi (2009), instase a ter en conta a contribución económica dos fogares pois, sinala, “numerosos servizos que os fogares producen por si mesmos non se toman en conta nos indicadores oficiais de ingresos e de produción, e con todo constitúen un aspecto importante da actividade económica”. A teima na elección dos conceptos pertinentes e o emprego adecuado destes na medición do benestar é a preocupación que vertebra todo o Informe. A Comisión reitérase na urxencia de que “o noso sistema estatístico se centre máis na medición do benestar da poboación que na medición da produción económica e é conveniente que as ditas medicións do benestar se restitúan nun contexto de sustentabilidade”.

A medición do benestar, pola súa propia complexidade, implica necesariamente contar coas achegas que se realizan desde campos de coñecemento como a análise económica, a demografía, a socioloxía ou a estatística, sen deixar de destacar a contribución –realmente decisiva– que se vén realizando desde outro campo de coñecemento como o que, no eido académico, se corresponde cos denominados estudos de xénero. Con frecuencia, esquécese que as achegas teóricas realizadas desde os estudos de xénero foron determinantes no relativo a cuestionar as limitacións do paradigma dominante en economía, que apuntaban claramente á mesma concepción de actividade económica.

Cómpre lembrar en que medida a ciencia económica –e de maneira particular as estatísticas económicas– se viña ocupando preferentemente da economía de mercado, excluíndo así unha parte importante da produción realizada á marxe deste polos distintos membros dos fogares cando, precisamente, unha boa parte dos bens e servizos producidos por aqueles son básicos para a subsistencia e o benestar da poboación no seu conxunto e, así mesmo, para a propia existencia da economía de mercado⁵.

Benestar, fogar e produción de bens e servizos están no cerne, poderíase dicir, da elaboración das enquisas que nos serven de soporte básico para realizar agora, nas páxinas que seguen, unha aproximación ao benestar desde a perspectiva das economías familiares. Modelos estatísticos que conectan, ademais, coas preocupacións expresadas pola Comisión liderada por Sen, Stiglitz e Fitoussi. Estamos a falar da Enquisa estrutural a fogares (IGE) e das Enquisas de empregos do tempo (INE, 2003-2004 e 2009-2010)⁶.

Verbo do significado destas últimas, desde a perspectiva dos fogares énos ben doado constatar a excepcional ferramenta que representan as Enquisas de empregos do tempo (EET) para tratar de medir a complexidade e diversidade da actividade cotiá dos distintos grupos sociais⁷. Lembremos que as EET teñen como un dos seus principais obxectivos medir o traballo non remunerado realizado polos membros dun fogar, xa sexa no interior do propio fogar ou noutro alleo, xeralmente pertencente ao mesmo grupo familiar.

Tras a valoración correspondente, as EET permiten a estimación de datos económicos sobre as actividades das persoas, datos que adoitan estruturarse nas chamadas Contas satélites dos fogares. Para o ano 2003, o IGE realizou unha Conta satélite da produción doméstica” na que se estima que a incorporación da produción doméstica á medición do PIB incrementaría este nun 37 por cento. Na táboa III.1.5 e no gráfico II.1.6 recóllese tamén a estimación para o ano 2007⁸ da parte do PIB que representarían as actividades que non están recollidas no Sistema europeo de contas (SEC).

5 Aínda que na súa maior parte as actividades domésticas afectan de maneira directa bens e servizos que son claramente susceptibles de ser intercambiados no mercado, tendeu a considerar que estas mesmas actividades levadas a cabo no marco dunha relación social determinada –a familia– non son obxecto de intercambio mercantil ningún e que se caracterizan pola súa gratuidade. Manifestábase na interpretación anterior a dicotomía “valor de cambio/valor de uso” que caracteriza a produción de certas actividades económicas: mentres que as primeiras non presentan ningún problema á hora de ser valoradas, pois o propio valor de cambio da súa produción serve de referencia para a súa valoración, no segundo tipo de actividades –as que xeran como output un valor de uso– atópanse dificultades para medir con claridade o valor da súa produción. Este intento si que o abordaría a chamada Nova Economía da Familia (NEF), co nobel Becker á cabeza, que empeza na década de 1960 a ocuparse desta cuestión (aspectos que se desenvolven con maior amplitude en Rodríguez Galdo e Pis Sánchez, 2010).

6 “Explica o INE, textualmente: O obxectivo principal desta enquisa é o de obter información primaria para coñecer a dimensión do traballo non remunerado realizado polos fogares, a distribución das responsabilidades familiares do fogar, a participación da poboación en actividades culturais e de lecer, o emprego do tempo de grupos sociais específicos (persoas novas, desempregadas, maiores, etc.) co fin de que se poidan formular políticas familiares e de igualdade de xénero e estimar as contas satélites do sector fogares.

Esta investigación estatística permite obter información sobre a porcentaxe de persoas que realizan unha actividade no transcurso do día, a media de tempo diario (en horas e minutos) dedicado por persoa á realización dunha actividade, a distribución de actividades nun día medio por tipo de día (laborable ou de fin de semana) e a porcentaxe de persoas que realizan a mesma actividade no mesmo momento do día (ritmos de actividade diaria)”.
 7 Unha explotación exhaustiva para Galicia da Enquisa de 2002-2003 do INE (cuxo tamaño mostral foi ampliado para Galicia polo IGE), faise en Rodríguez Galdo (dir. 2009a e 2009b). A Enquisa de 2009-2010 explotouse, para España, en Rodríguez Galdo (dir. 2014).


8 Neste ano o peso da produción doméstica sobre o PIB sitúase en torno ao 27 por cento (Rodríguez, 2009a e 2009b).

Táboa III.1.5.
Estimación do PIB da economía estendida⁹

2003			
	SEC	N.SEC	Economía Estendida
PIB/VALOR AÑADIDO BRUTO	41.434.927	14.149.328	56.587.255
2007			
PIB (pm) Miles de euros	55.850.325	20.418.369	76.268.694

Fonte: IGE

Gráfico III.1.6.
Economía estendida 2003 e 2007



Fonte: IGE

Para o ano 2010, o IGE estimou que o valor engadido bruto que acada a produción doméstica galega non contabilizada no PIB é de 28.649 millóns de euros, o que supón o 50,6 por cento, e equivale ao 52,2 por cento do PIB do ano 2003. Non obstante, o propio organismo estatístico insiste en que debe resaltarse que este nivel é moi sensible ao salario/hora elixido para valorar o traballo doméstico.

Táboa III.1.6.
Contas de produción e explotación da economía estendida. Ano 2010

	Conta de produción	SEC	NON SEC	Economía Estendida
Recursos				
P.1	Produción	108.543.221	37.311.721	145.854.942
D.21-D.31	Impostos netos sobre os produtos	5.076.396	-	5.076.396
Empregos				
P.2	Consumos intermedios	57.006.590	8.662.456	65.669.046
B.1b	PIB/ VALOR ENGADIDO BRUTO	56.613.027	28.649.265	85.262.292

⁹ Verbo do concepto de economía estendida, explica o IGE: "na conta satélite da produción doméstica ampliase a fronteira que delimita a economía en termos da Sistema europeo de contas (SEC), estimándose a produción de non mercado que se xera nos fogares para a satisfacción das necesidades básicas dos membros deses fogares e o valor engadido bruto xerado por esta. A valoración económica deste conxunto de actividades lévanos a introducir o concepto de economía estendida, entendendo como tal a nova valoración de actividades que quedaban excluídas da fronteira de produción, definida polo SEC, así como unha serie de cambios conceptuais en determinados agregados económicos.

	Conta de explotación	SEC	NON SEC	Economía Estendida
Recursos				
B.1b	PIB/ VALOR ENGADIDO BRUTO	56.613.027	28.649.265	85.262.292
Empregos				
D.2-D.3	Impostos netos sobre a produción e as importacións	5.181.526	-	5.181.526
D.1	Remuneración de asalariado	26.589.936	27.293.003	53.882.939
B.2b	Excedente de Explotación Bruto / Renda mixta bruta	24.841.565	1.356.262	16.197.827

Fonte: IGE


Cómpre deixar sinalado que na explotación das estatísticas de empregos do tempo dos fogares se pon de relevo de inmediato a capital contribución das mulleres no traballo produtivo e reprodutivo dos fogares. A bibliografía a este respecto é abundante, como tamén o é a referida a Galicia.

A Enquisa estrutural a fogares en Galicia permitiranos agora achegármonos a activos de vital importancia no seu benestar, como son a vivenda, a situación económica dos fogares -coa súa particular estrutura de ingresos e gastos, na que se reflicte claramente a discriminación de xénero-, e o nivel da integración neles da tecnoloxía. Aspectos, todos eles, que mostran unha radiografía bastante aproximada da realidade socioeconómica das familias en Galicia.

En relación ao réxime de tenza das vivendas, predomina en Galicia a propiedade sen hipoteca en todos os ámbitos xeográficos e para todas as datas¹⁰. A tenza en propiedade con hipoteca, a pesar da súa menor relevancia porcentual, mostra unha tendencia alcista cunha lixeira inflexión na última data observada.

Gráfico III.1.7.

Vivendas segundo o réxime de tenza. Galicia e provincias, anos 1999, 2005, 2010 e 2015




Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE

10 Non obstante, apréciase unha redución das cifras entre os anos 2005 e 2010 seguida dunha recuperación ata 2015, o que pode ser unha consecuencia da crise iniciada en 2008 e que, como é sabido, afectou de forma máis intensa o sector inmobiliario.

Por tipoloxía do fogar¹¹, a análise do réxime de tenza das vivendas confirma as anteriores tendencias, non constatándose grandes diferenzas segundo o tipo de fogar. Cabe sinalar a maior importancia das vivendas en propiedade con hipoteca nas parellas con fillos e fillas.

Gráfico III.1.8.

Vivendas segundo o réxime de tenza por tipoloxía do fogar. Galicia, anos 1999, 2005, 2010 e 2015.




Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE.

No que se refire á situación económica das familias, recóllense cifras relativas ao nivel de ingresos e de gastos atendendo a diferentes momentos que permiten valorar a súa evolución recente. O ingreso medio mensual dos fogares galegos, no ano 2016, foi de 2.007 euros, non téndose recuperado aínda a cifra do ano 2008. En contraposición, o Índice de prezos ao consumo (IPC) en Galicia, desde xaneiro de 2008 ata decembro de 2016, incrementouse nun 12,8 por cento.

Gráfico III.1.9.

Ingreso medio mensual por fogar



Fonte: IGE Enquisa estrutural a fogares, 2016


11 As tipoloxías dos fogares en Galicia describíense polo miúdo no anterior capítulo II.4.

Os fogares da provincia da Coruña son os que contan cunha media de ingresos mensuais máis altos, con 2.095 euros, se ben esta cifra aínda está por baixo da media do ano 2008, que se situaba en 2.152 euros ao mes.

Tampouco recuperan as cifras do ano 2008 os fogares da provincia de Pontevedra, con 1.970 euros ao mes, fronte aos 2.052 euros daquel ano. Os de Lugo pasan de 1.969 euros a 2.000 euros ao mes, e os de Ourense pasan de 1.659 euros a 1.817, e perciben ingresos medios superiores aos de oito anos atrás.

Gráfico III.1.10.

Media de ingresos mensuais segundo a tipoloxía do fogar




Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE

A cifra dos ingresos, segundo tipoloxía do fogar, sinala que os unifamiliares tiveron uns ingresos medios, en 2016, de 1.074 euros ao mes, cunha mediana de 875 euros. Os fogares monoparentais ingresaron ao mes, de media, 1.714 euros e tiveron unha mediana de 1.500 euros.

A cifra dos fogares conformados por parellas con fillos ou fillas ingresaron, de media, 2.468 euros ao mes fronte aos 1.974 euros cando non contan con descendencia, cunhas medianas respectivas de 2.278 e 1.702 euros.

Gráfico III.1.11.

Mediana de ingresos mensuais segundo a tipoloxía do fogar



Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE

Gráfico III.1.12.
Fogares segundo a tipoloxía de ingresos



Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE


Gráfico III.1.13.
Estrutura de ingresos dos fogares



Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE

En relación coa orixe dos ingresos dos fogares, cómpre observar que entre 2008 e 2016 os ingresos provenientes de pensións ou prestacións medraron máis de 7 puntos. Pola súa banda, os ingresos con orixe no traballo por conta propia ou allea diminuíron practicamente na mesma proporción.

Gráfico III.1.14.
Media e mediana de ingresos mensuais do fogar segundo o sexo do/a sustentador/a principal. Ano 2016



Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE

Con datos de 2016, cando a persoa que sustenta principalmente o fogar é unha muller a cifra de ingresos medios é un 14,1 por cento inferior, chegando esta porcentaxe ao 25,71 por cento cando se compara a mediana dos ingresos. Este dato corrobora o que o Banco de España sinala no informe publicado en maio de 2018 en canto a que as mulleres sofren con máis forza a diferenza salarial implantada na sociedade.

A estrutura de ingresos dos fogares no ano 2016 é similar á do ano anterior. Con respecto ao ano 2015 prodúcese unha lixeira diminución de 0,37 puntos na porcentaxe de ingresos procedentes do traballo por conta allea. Pola contra, a porcentaxe de ingresos procedentes do traballo por conta propia aumenta entre 2015 e 2016 seis décimas, pasando do 9,89 por cento a 10,49 por cento, e a porcentaxe de ingresos procedentes de prestacións diminúe 0,33 puntos. Aínda que non existe unha variación significativa, mantense unha porcentaxe elevada, un 30,33 por cento, de fogares cuxa única fonte de ingresos é unha prestación.

Táboa III.1.7.
Estrutura de ingresos dos fogares

	2015	2016
Traballo conta allea	50,84	50,47
Traballo conta propia	9,89	10,49
Prestacións	36,35	36,02
Rendas e outros ingresos	2,92	3,02
Total	100	100

Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE 2016

No 30,83 por cento dos fogares galegos o 100 por cento dos seus ingresos provén das prestacións. Na provincia de Ourense esta porcentaxe acada o 40,79 por cento. Ademais, para o 43,53 por cento dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos.

Táboa III.1.8.
Fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis dun 50 por cento, 75 por cento ou 100 por cento do total dos seus ingresos. Ano 2016


	Máis dun 50%	Máis dun 75%	O 100%
Galicia	43,53	35,18	30,83
A Coruña	40,6	32,8	28,11
Lugo	47,47	39,23	33,81
Ourense	51,4	44,4	40,79
Pontevedra	42,82	33,27	29,48

Fonte: Enquisa estrutural a fogares IGE 2016

Segundo datos da Enquisa estrutural a fogares de 2016, en Galicia 1.113.154 persoas perciben ingresos procedentes do traballo, o que representa o 47,53 por cento da poboación. Esta porcentaxe global modúlase de tal xeito que o peso é maior entre a poboación masculina, un 51,98 por cento, 8,54 puntos porcentuais por riba da proporción de mulleres, cun 43,44 por cento.

Gráfico III.1.15.

Porcentaxe de persoas que perciben ingresos procedentes do traballo en Galicia, por sexo



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. 2016.


Con respecto aos gastos dos fogares, atopámonos con que a enquisa mostra que, de media, os fogares galegos dedicaron ao pago da hipoteca 394,67 euros mensuais durante o ano 2016, o que supón unha porcentaxe próxima ao 20 por cento dos seus ingresos e un 14,59 por cento menos do que de media gastaban en 2008.

No caso do aluguer, a cifra media foi de 303,06 euros e a porcentaxe dos ingresos dedicada a este concepto superou o 15 por cento. Respecto do ano 2008, os fogares galegos dedicaron ao pagamento do aluguer un 8,74 por cento máis.

Cómpre valorar que no ano 2016 os fogares galegos gastaron un 24,19 por cento menos en alimentación, un 35,70 por cento menos en roupa e calzado e un 29,65 por cento menos en lecer, cultura e espectáculos do que gastaron no ano 2008. Sen embargo, a porcentaxe de gasto destinado ao pagamento de vivenda, auga, gas, luz e outros combustibles incrementouse nun 11,39 por cento. Nese mesmo ano, a porcentaxe de fogares galegos que chegan con facilidade ou moita facilidade a fin de mes aumenta 3,2 puntos, ata o 50,52 por cento. Pola súa parte, a porcentaxe dos fogares que chegan con dificultade diminúe 2,09 puntos e a dos que chegan con moita dificultade diminúe 1,12 puntos, ata situarse no 10,68 por cento.

No ano 2016, o 42,59 por cento dos fogares galegos manifestou ter aforrado en alimentos, xa for porque os produciu o propio fogar ou ben porque llos regalou algún familiar ou amizade. Nos municipios de menos de 10.000 habitantes esta porcentaxe sobe ata o 64,72 por cento, mentres que nos municipios de máis de 50.000 habitantes sitúase no 25,53 por cento.

Gráfico III.1.16.
Gasto medio dos fogares por grupos de gasto



Fonte: Enquisa de orzamentos familiares. INE


En todo caso, a caída do gasto tivo consecuencias importantes na estrutura do consumo, entendida como a proporción do gasto que se dedica a cada partida, que se viu modificada cunha reorganización das prioridades dos fogares nas súas decisións de gasto¹².

Produciuse un cambio na composición da estrutura de consumo dos fogares ao longo do período 2006-2016. Estes datos debuxan unha nova composición da cesta da compra nos últimos anos, que, sen supoñer cambios drásticos na xerarquía do consumo, mostra unha clara revisión das prioridades nos fogares. Ademais, a estrutura do consumo, que ten en conta a proporción que cada fogar dedica a cada ben e servizo, e que, por tanto, debuxa un perfil máis cualitativo e quizais máis descritivo da realidade social, mostra unha tendencia á polarización nos últimos anos.

12 O INE establece doce grandes partidas que recollen a totalidade dos bens e servizos adquiridos no mercado, provenientes do autoconsumo ou imputados. No período considerado, o gasto medio por fogar reduciuse en todas e cada unha das partidas, salvo na de saúde, que aumentou un 3,4 por cento, e na de comunicacións, cun incremento do 26 por cento, vivenda e ensino no conxunto do territorio español.

No escenario das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares, obsérvase, no relativo á evolución no seu equipamento informático, un incremento notable nestes dez últimos anos. Constatase que cerca do 80 por cento dos fogares dispoñen dalgún ordenador con acceso á internet e conexión de banda larga. No que atinxe á telefonía, o comportamento neste período mostra unha tendencia diverxente, descendendo oito puntos a telefonía fixa e alcanzando, no ano 2017, un 97 por cento a dispoñibilidade de telefonía móbil nos fogares.


Gráfico III.1.17.
Equipamento TIC nos fogares. Evolución 2006-2017. Porcentaxes



Fonte: INE. Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. 2017


Os principais motivos polos que os fogares non dispoñen de conexión á internet contratada, un total de 199.504 fogares no ano 2017, son, entre outros, a pouca utilidade ou necesidade nun 57 por cento de fogares, a falta de coñecemento para o seu uso no 52,5 por cento dos fogares e o elevado custo dos equipos e a conexión no 30,7 por cento dos fogares. No último lugar, o 7,6 por cento dos fogares non fan uso por falta de seguridade ou privacidade ou por non ter acceso a banda larga na súa área (8,7 por cento).

Mapa III.1.1.
Fogares que dispoñen de conexión á internet (% , áreas 2016)



Fonte: IGE Enquisa estrutural a fogares 2016

Mapa III.1.2.
Fogares que dispoñen de ordenador (% , áreas 2016)




Fonte. IGE Enquisa estrutural a fogares 2016

Segundo a tipoloxía dos fogares que define o IGE na súa Enquisa estrutural a fogares, máis do 90 por cento das parellas con fillos ou fillas de Galicia teñen conexión á internet contratada nos seus fogares, sendo lixeiramente menor a porcentaxe de fogares que contan polo menos cun ordenador na súa vivenda, onde as provincias de Lugo e Ourense acadan os valores máis baixos, cun 84,26 por cento e 80,57 por cento respectivamente.

Gráfico III.1.18.

Fogares que dispoñen de ordenador e conexión á internet por tipoloxía do fogar (% , Ano 2016)



Fonte. IGE Enquisa estrutural a fogares 2016

Polo contrario no caso dos fogares unipersoais, habitados en gran parte por persoas de máis de 65 anos, como se desprende no apartado de dinámica dos fogares, cerca do 40 por cento das vivendas contan con este equipamento e teñen contratada a internet no ano 2016, sendo a zona interior a que presenta uns valores lixeiramente máis baixos.

2

Economía e cambio demográfico. Notas para unha análise

2.1 Cara unha valoración dos custos económicos do cambio demográfico. A nova “economía do envellecemento”

O cambio demográfico é un proceso constante que vai mudando lenta e ininterrompidamente a configuración dunha sociedade mediante a transformación dos perfís da poboación que a conforma. As súas implicacións esténdense a múltiples campos e, moi especialmente, ao económico, que abordamos agora desde os supostos da apenas nacente nova economía do envellecemento.

Como punto de partida sinálase que o conxunto de bens e servizos demandados pola poboación lonxeva alterarase, así como a importancia relativa do gasto das persoas maiores sobre o total. A interpretación da entidade destes cambios e a súa valoración en positivo está a alentar unha nova perspectiva de estudo coñecida como Economía prateada ou Economía do envellecemento. O aumento da esperanza de vida e da calidade desta ata o falecemento abre novos nichos de mercado de produtos e servizos para as persoas maiores de 65 anos. Se, ademais, se lle suma a modificación da estrutura de idade da poboación, pódese deducir que, no futuro, unha parte importante do PIB do país será xerada por este tipo de produtos e servizos.

A Economía do envellecemento centra a súa análise nos cambios na demanda e oferta de servizos focalizados nas persoas maiores, entendendo que as empresas, o mundo do emprendemento e os estados deberán dedicar abundantes recursos á prestación de servizos e á elaboración de produtos para este colectivo de poboación en continua ampliación co fin de satisfacer as súas demandas e apoialo na procura dunha boa calidade de vida.

Agora ben, os retos que para a economía presenta o cambio demográfico non son unha preocupación nova. Os elementos de valoración positiva que salientan entre quen defenden a nova economía do envellecemento estiveron (e seguen a estar) precedidos, nas máis das veces, das alertas de economistas, principalmente, que interpretan a prolongación da vida e o descenso dos nacementos en clave de insustentabilidade, nun futuro inmediato, do estado de benestar. A progresiva ampliación dos anos vividos tras a xubilación, argumentase, estaría producíndose ao tempo que se reduce a poboación en idades potencialmente activas.

Nun intento de achegar elementos que axuden a centrar cuestións de capital importancia no debate do cambio demográfico e a repensarmos o seu alcance económico, imos atender en primeiro lugar as cuestións relacionadas co mercado de traballo e coas pensións, e coa sanidade e coidados despois, para volver, nunhas notas finais, ao tema máis amplo das interaccións entre economía e demografía.

Se fixamos a atención no mercado de traballo, cumpriría volver ás páxinas anteriores deste informe, observar detidamente a actual estrutura por idade e advertir que a redución (aínda non moi significativa) das persoas en idade de traballar (xeralmente as comprendidas entre os 16 e os 65 anos), está tendo lugar ao tempo que máis xente chega, e se mantén, nesa ampla franxa de idades. Este é un elemento que frecuentemente se esquece cando ten extraordinaria importancia e representa unha das principais implicacións da democratización da supervivencia. Fica sinalado que a idade de incorporación ao mercado de traballo cada vez se alonxa máis desa teórica fronteira de inicio dos 16 anos. No capítulo II.2 analizáronse os problemas da mocidade á hora da súa emancipación familiar, sinaladamente a causa da súa difícil incorporación ao mercado laboral, que de cada vez se produce con maior retardo. Cabería preguntarse con significadas persoas do campo da demografía, como J. A. Fernández Cordón entre as máis experimentadas ou P. Miret entre a xeración máis nova, se realmente é a demografía a responsable desa suposta carencia no mercado de traballo.

Na mesma liña de deslindar as responsabilidades demográficas e as máis propiamente económicas teriamos que abordar as pensións. É verdade que, cando nos países occidentais se estableceu a idade de xubilación aos 65 anos, a esperanza de vida ao nacemento se situaba en niveis moi inferiores aos actuais, e apenas acadaba a etapa de xubilación unha minoría. Hoxe a realidade é ben distinta e os anos que restan de vida tras a xubilación superan os vinte ou máis.


De aí que se desaten alarmas e voces expertas sosteñan que a principal ameaza á sustentabilidade do sistema de pensións vén da demografía, argumentando que o envellecemento da poboación aumentará a ratio entre pensionistas e cotizantes, o que fará inviable o pagamento das pensións, ao non haber un número suficiente de persoas en idade activa para facer fronte ás crecentes pensións.

Diante deste escenario así descrito, poden sorprender as análises que proveñen do campo da demografía e que apuntan, coa atención posta en España, que nunca como ata o de agora houbo tanta poboación dispoñible para traballar (Miret), se ben o problema radica en que unha parte importante dela queda fóra do mercado laboral e, xa que logo, da Seguridade Social. Polo tanto, de novo topamos coa economía e os argumentos culpabilizadores da demografía non se manterían cos datos na man.

Na actualidade, tal e como sinala o informe *Un perfil de las personas mayores en España 2018*, hai 9,5 millóns de pensións no sistema español da Seguridade Social (SS). As pensións de xubilación, un total de 5,8 millóns, son as máis frecuentes, e hai 2,4 millóns de pensións de viuvez. A maior parte das pensións do sistema da SS corresponde ao réxime xeral, con 6,8 millóns. Practicamente a totalidade das persoas maiores recibe algunha prestación económica do sistema público de pensións, directamente ou a través da pensión do ou da cónxuxe. Segundo o Barómetro de Vidacaixa, existe tamén unha parte importante de persoas en España, en concreto un 25 por cento, maioritariamente mulleres, que recorren a axudas económicas de familiares. A cuestión económica é a que máis preocupa a este segmento da poboación, cun nivel de ingresos sensiblemente inferior ao do resto da poboación, dato corroborado tamén no informe do Banco de España sinalado con anterioridade.

Un 57 por cento das persoas consultadas polo Barómetro manifesta poder chegar a final de mes e, aínda, un 25 por cento, expresa ter capacidade de aforro. Isto é debido a que a poboación xubilada axusta o seu nivel de consumo ao seu inferior nivel de ingreso, centran o seu gasto en alimentación, vivenda e servizos de saúde, e saben distinguir entre “o gasto necesario” e o “gasto superfluo ou prescindible”.


Gráfico III.2.1.
Pensións contributivas do sistema de SS



Fonte: Un perfil das persoas maiores 2018

No ano 2017, a pensión media do sistema era de 920,6 euros mensuais. As máis altas corresponden ás do réxime especial da minaría do carbón, seguen as de accidentes de traballo e enfermidades e as do réxime xeral. As máis baixas son as antigas do Seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI). O importe medio da pensión de xubilación, a clase máis numerosa, superou o limiar dos mil euros en 2017, en concreto situouse en 1.063,5 euros ao mes.


Mapa III.2.1.
Pensións media de xubilación por CCAA, 2017



Fonte: Un perfil das persoas maiores 2018

No ano 2009 había en España 2,60 cotizantes por pensionista, cifra que se sitúa en 2,2 no ano 2017. Non obstante, o peor momento para o sistema foi en 1996, con 2,06 cotizantes por pensionista.

Gráfico III.2.2.
Ratio persoa afiliada/pensionista




Fonte: INE.

Camiñamos cara a que cada vez haberá máis pensionistas, con pensións máis elevadas, en función das súas maiores achegas debido ao desempeño de postos de traballo máis cualificados (non esquezamos que a pensión é unha renda diferida).

Todo isto traerá consigo maiores custos se o mercado laboral non é capaz de absorber completamente o capital humano dispoñible, como está a ocorrer na actualidade.

Gráfico III.2.3.
Gasto en pensión Galicia e España en % do PIB



Fonte: INE

Para introducírmonos nun tema igualmente moi sensible para a cidadanía, como é o da sanidade e dos coidados, imos reparar primeiramente nos datos do gasto sanitario galego que, no ano 2017, superou os 3.611 millóns de euros, o 33,98 por cento do presuposto total da Xunta de Galicia.

Gráfico III.2.4.
Gasto sanitario Galicia en miles de euros



Fonte: Consellería de Facenda

Nese ano, segundo datos do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), a porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos era en Galicia do 24,6, fronte ao 19 de toda España¹. O envellecemento poboacional da sociedade galega é un importante reto para o sistema sanitario que se ve obrigado a adaptarse ás novas demandas asistenciais que del se derivan: maior prevalencia de enfermidades crónicas, polimedicalización e fragilidade, especialmente no sector de idade de máis de 80 anos².

Un exemplo da utilización do gasto sanitario é a distribución dos centros de atención primaria que, segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), son un punto crítico na saúde dos maiores. En Galicia hai, en 2018, un total de 469 centros de saúde e 91 puntos de atención continuada, segundo datos do SERGAS. Ademais, hai 32 hospitais públicos³. Tamén é importante o gasto en farmacia, do total, entre o 65-70 por cento, prodúcese en receitas e, destas, un 64 por cento son para as persoas maiores de 65 anos, con maior intensidade na franxa de máis de 80 anos, o que supón máis de 450 millóns de euros ao ano.


A esperanza de vida saudable, da que falabamos ao inicio, pretende engadir unha nova dimensión de calidade ao incremento dos anos de vida e, segundo o citado informe do CSIC, está baseada en dúas dimensións, morbilidade crónica e saúde autopercibida. O seguinte gráfico móstranos a percepción de saúde no ano 2003 e no 2012 en España; pódese ver un claro incremento en todas as idades, en especial entre 65 e 73 anos.

1 As proxeccións para o 2031 sitúan esas porcentaxes no 31,3 para Galicia e no 25,6 para o conxunto de España, o que ademais suporía que, no momento actual, Galicia estea nunha situación similar á que tería España dentro de aproximadamente 15 anos.

2 A Estratexia SERGAS 2020 establece medidas para conseguir diminuír a carga de enfermidade a través da prevención e a prestación de servizos asistenciais eficientes e coa máxima calidade.

3 Catro na cidade da Coruña, un en CEE, tres en Ferrol, un en Ribeira, catro en Santiago, tres na cidade de Lugo, un en Burela, un en Monforte, catro na cidade de Ourense, un no Barco, un en Verín, dous na cidade de Pontevedra, cinco en Vigo e un en Vilagarcía.

Gráfico III.2.5.
Percepción saúde 5. Ambos sexos (boa + moi boa)



Fonte: INE:
Enquisa nacional de saúde, 2003 e 2012. A liña horizontal enrasa as persoas de 65-66 anos en 2003 coas de 73-74-75 de 2012

O patrón de mortalidade seguido pola poboación galega, en liñas xerais o mesmo que a española, está determinado polas causas de falecemento das persoas maiores, xa que case o 86 por cento dos decesos son de persoas maiores. Esta porcentaxe a principios do século pasado non chegaba ao 30 por cento. Hai que recordar que os homes comezan a falecer antes que as mulleres. En todos os grupos de idade as taxas de mortalidade masculina superan as femininas.

Homes e mulleres teñen un patrón diferente. Nos homes é maior a taxa de mortalidade externa nas idades xuvenís, sendo substituída polos tumores na madurez e ancianidade. No caso das mulleres, as causas externas non son moi importantes, predominan os tumores, salvo na vellez onde toman relevancia as doenzas do sistema circulatorio.


En Galicia⁴ hai 301 residencias para persoas maiores que ofertan 21.000 prazas, das que un total de 7.769 son públicas e consumen o 43 por cento do orzamento para a dependencia⁵. A recomendación da OMS son cinco prazas por cada 100 maiores de 65 anos, o que significaría 33.000 prazas no caso de Galicia. Na actualidade, as residencias non son o recurso mais demandado en Galicia, e só utilizan esta prestación o 12 por cento das persoas dependentes, mentres que o principal recurso é a axuda a domicilio, utilizada polo 32 por cento delas.

Na interacción entre cambio demográfico e crecemento económico un aspecto que causa especial preocupación é o sistema de protección social, en especial as pensións. Co sistema de repartición actual, onde as persoas que cotizan hoxe pagan as pensións de hoxe, cando estas persoas acaden a xubilación, serán as e os traballadores que haxa nese momento quen paguen as súas pensións.

⁴ Datos publicados en 2018 por La Voz de Galicia

⁵ Con respecto ao custo, a persoa usuaria da praza pública paga de media 500 euros/mes, mentres que, as prazas privadas oscilan entre 1.200 e 2.000 euros ao mes.

Gráfico III.2.6.
Déficit/superávit da seguridade social. Porcentaxe sobre PIB




Fonte: Ministerio de Facenda

Ata o ano 2011 o sistema xeraba un superávit que permitiu acadar un aforro de 65.830 millóns de euros, popularmente denominado como “hucha” das pensións.

A crise, coas súas conseguíntes consecuencias de quebra de empresas e desemprego, desatou unha importante redución dos ingresos, que non foron quen de cubrir a totalidade do montante das pensións e fixo necesario acudir ao fondo de reserva para poder mantelas, tal e como reflicte o gráfico seguinte.

Gráfico III.2.7.
Fondo de reserva SS




Fonte: Ministerio de Facenda.

O que mostran os datos ata o de agora é que pode haber déficits puntuais no sistema froito das oscilacións do ciclo económico, o que é lóxico tendo en conta que os ingresos do sistema dependerán tanto do número de asalariados e asalariadas que haxa no país así como dos seus salarios, e estes factores dependen do ciclo económico.

Con respecto ás previsións que indican un déficit crónico do sistema, estas son unha posibilidade real, se cada vez hai menos xente asalariada e está peor pagada non serán capaces de xerar os ingresos suficientes para aboar as cada vez máis numerosas pensións e soportar o gasto público derivado dunha poboación envellecida, e este problema afecta en xeral aos ingresos do Estado.

Sen embargo, seguindo as instrucións marcadas polo Banco Mundial, con melloras do sistema educativo para xerar traballadoras e traballadores con máis cualificación e, polo tanto, produtividade e a inclusión de persoas adultas maiores en actividades de alta produtividade poderíase conseguir desmontar a teoría do déficit crónico do sistema.

Gráfico III.2.8.
Ingresos España 2017 en millóns de euros



Fonte: Elaboración propia de datos do Ministerio de Facenda

Como xa sinalamos, o sistema de pensións nítrese principalmente das cotizacións das persoas asalariadas, e estas obteñen unhas rendas cun peso relativo sobre o PIB cada vez máis pequeno. A principios dos anos 80 do pasado século, a remuneración conxunta da poboación asalariada supoñía o 53 por cento do PIB en España, o Excedente bruto de explotación (EBE) e rendas mixtas, que son as rendas empresariais e de persoas autónomas, era do 41 por cento e os impostos á produción eran do seis por cento.

Os datos estatísticos reflicten, no ano 2017, que nas taxas de actividade, ocupación e paro das mulleres e homes galegos existen diferenzas notables. A taxa de actividade é superior entre a poboación masculina en case nove puntos porcentuais, diferenza que se debe, sobre todo, á menor ocupación das mulleres, en comparanza cos homes, nas idades coincidentes coa maternidade, entre os 25 e os 54 anos. Isto supón 7,6 puntos de diferenza e evidencia a desigualdade de xénero no eido laboral, e, en concreto, en como unha repartición non equitativa das responsabilidades familiares ten como consecuencia a saída do mercado laboral das mulleres nas idades coincidentes coa maternidade e a crianza.

Táboa III.2.1.
Taxas de actividade, ocupación e paro en Galicia por sexo e grandes grupos de idade


Ano 2017			
	Total	Mulleres	Homes
Taxa de actividade			
Total	53,3	49,1	57,9
De 16 a 24 anos	31,3	30,2	32,5
De 25 a 54 anos	86	82,2	89,8
De 55 e máis anos	21,6	19,1	24,7

Taxa de ocupación			
Total	45	41,1	49,2
De 16 a 24 anos	20,5	20,2	20,8
De 25 a 54 anos	73	68,7	77,3
De 55 e máis anos	18,9	16,9	21,2
Taxa de paro			
Total	15,7	16,4	15
De 16 a 24 anos	34,5	32,9	35,8
De 25 a 54 anos	15,1	16,5	13,9
De 55 e máis anos	12,8	11,5	14,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. 2016

A taxa de ocupación é tamén superior entre os homes, en 8,1 puntos, observándose que a maior variación por sexo ten lugar na poboación de 25 a 54 anos. A taxa global de paro de homes e mulleres é máis parella, sendo superior entre as mulleres só entre os 25 e os 54 anos.

Gráfico III:9.
Salario medio anual en Galicia segundo o sexo. Anos 2000-2016




Fonte: Axencia Española da Administración Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias. (Extraído do IGE)

Entre a poboación que percibe unha pensión distinta da xubilación existe tamén un notable predominio de mulleres, un 16,4 por cento fronte a un 3,2 por cento de homes, algo coherente se se ten en conta que neste grupo se inclúen as persoas que cobran unha pensión de viuvez, colectivo principalmente integrado por mulleres debido a acusada feminización da vellez, o cal se pode comprobar na información publicada polo Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.

Gráfico III.2.10.

Poboación inactiva de Galicia por situación de inactividade segundo o sexo




Fonte: INE. Resultados por CCAA. Media dos trimestres do ano. 2017.

A tradicional asignación ás mulleres da función coidadora (no sentido amplo de responsable dos aspectos reprodutivos dos fogares e das familias) ten un reflexo ben expresivo na desigualdade de xénero no eido laboral se se analizan os motivos polo que as persoas en situación de inactividade deciden saír do mercado de traballo. A gráfica seguinte representa á situación anterior das persoas en situación actual de desemprego.

Gráfico III.2.11.

Poboación desempregada en Galicia segundo a situación anterior á busca de emprego, por sexo. (Miles de persoas)




Fonte: IGE-INE. Enquisa de Poboación Activa.

Dende ese momento ata hoxe houbo un lento proceso, no que os salarios foron perdendo peso relativo sobre o PIB, mentres que EBE e impostos foron aumentando o seu peso; este proceso culminou no último trimestre de 2011 no que, por primeira vez, o peso do EBE foi o 46,2 por cento, igualando o peso dos salarios.

En Galicia o proceso é similar, o punto de cruce produciuse na primeira metade do ano 2012, no que o peso do EBE e o dos salarios se situou en ambos os casos en 45,1 tal e como reflicte o gráfico seguinte.

Gráfico III.2.12.

Peso dos salarios e os beneficios empresariais coma porcentaxe sobre o PIB en Galicia



Fonte: IGE.

En Galicia o proceso de lonxevidade vai por diante da media española e a pensión de xubilación media, en 2017, era a segunda máis baixa de España, con 780,2 euros ao mes. O 48 por cento do presuposto da comunidade en 2018 dedícase á sanidade e á política social.

2.2 Unha achega ás relacións entre lonxevidade, fiscalidade, aforro privado e gasto público en Galicia

Lonxevidade e cambios no aforro e o investimento

O estudo *Longevidad y cambios en el ahorro y la inversión* da Fundación de Estudos Financeiros (FEF) do Instituto Español de Analistas Financieros (IEAF), revela que os patróns de consumo e aforro españois mostran importantes peculiaridades respecto doutros países da súa contorna⁶. Os resultados mostran que, a escala global, a lonxevidade tende a desprazar o gasto desde o lecer cara a investimentos a longo prazo.

No que respecta ao gasto sanitario, un capítulo en aumento cando a poboación envellece, os fogares españois con membros de máis de 60 anos destacan polo forte incremento desta partida. Sorprendentemente, o crecemento máis rechamante en gasto sanitario, cunha subida anual acumulada do sete por cento, prodúcese nos fogares máis novos, cunha idade media inferior aos 30 anos, debido ao maior diagnóstico de enfermidades correntes como a atención bucodental, alerxias, lesións musculares ou incidencia de virus.

⁶ O estudo compara o consumo e aforro de España, Alemaña, Reino Unido, China-Hong Kong e Xapón. Este último país, dada a súa evolución demográfica nas últimas décadas, aparece como unha "escola de envellecemento" na que países como España, nun estadio máis temperán, poden anticipar os efectos da lonxevidade. A análise esténdese tamén á carteira de investimento das diferentes cohortes de poboación destes países, estimando a súa composición en función de diversos factores como produtividade, aversión ao risco ou preferencia temporal, entre outros.

O gasto en alimentos de primeira necesidade, un capítulo que tamén tende a crecer coa idade, non ten reflexo en España, onde todos os grupos de idade rexistran unha forte caída na cantidade destinada a alimentos, bebidas e tabaco. Tamén o vestido e o calzado mostran unha redución xeneralizada. Esta tendencia explícase polo nivel actual de renda per cápita, que leva a demandar bens de maior valor engadido.

Os cambios nos patróns de consumo rexistrados durante a década 2005-2015 producíronse nun momento no que a renda dispoñible para os mozos entre 18 e 24 anos se estancaba debido ao desemprego, á inflación, especialmente antes de 2008, e á desvalorización salarial. Por contra, os fogares españois nos que a persoa cabeza de familia está retirada son os que rexistraron crecementos superiores ao catro por cento en media anual desde 2005. Este aumento da renda dispoñible foi posible grazas a que as bases de cotización das persoas xubiladas máis recentemente son superiores ás das de xeracións anteriores, xerando pensións máis altas.

A evolución do consumo e da renda dispoñible modifican profundamente o aforro familiar, que se dirixe tanto cara ao investimento a longo prazo sobre activos reais, como cara a un maior peso dos produtos de vida e aforro destinados á xubilación. O saneamento da posición financeira das familias increméntase moito despois dos 35 anos e realmente a partir dos 50. Antes non se aprecia preocupación por aforrar máis para afrontar unha xubilación máis longa. Pola contra, confíase na propia capacidade para xerar no futuro unhas rendas máis elevadas e un maior aforro, con vistas a dispoñer de recursos na velez.

Pero con independencia do movemento cara a unha mellora da solvencia, as diferenzas en saneamento financeiro son enormes entre España, Alemaña e Reino Unido. En España máis do 60 por cento das familias gasta recurrentemente máis do que ingresa, o que lles obriga a recorrer ao endebedamento de forma continua, especialmente para financiar a compra de vivenda. Isto explica ata que punto as familias españolas teñen unhas necesidades superiores de liquidez respecto das alemás ou as británicas, de aí que no estudo se insista nunha imprescindible mellor xestión da riqueza para optimizar o proceso de lonxevidade.

Tras revisar todos os elementos que interveñen nas decisións de aforro, o estudo identifica as pautas que guían a asignación de activos á hora de confeccionar unha carteira adaptada a unha lonxevidade superior.

Dentro do mercado occidental, o incremento da idade media da poboación e das persoas maiores de 65 anos está detrás da preferencia polos activos de menor risco. No caso español, esta tendencia maniféstase nun incremento na propensión para investir en produtos de liquidez, xa que a seguridade, é dicir, o non perder diñeiro, é o aspecto máis importante para a poboación maior á hora de escoller os seus instrumentos de aforro-investimento, como corrobora o Barómetro VidaCaixa⁷.

O resto da poboación, que aínda non está en idade de retiro, trata de buscar novos sistemas retributivos que aumenten a súa seguridade económica tras a xubilación. En 2017, segundo a Fundación BBVA, só o 28 por cento da poboación adulta aforra para a xubilación; en canto ás empresas, tan só catro de cada mil teñen plans de pensións complementarios para os seus cadros de persoal. En Galicia, no ano 2014, o patrimonio dos plans de pensións foi de 3.128 millóns de euros, o cinco por cento do total español, na posición sexta das comunidades autónomas.

Pola súa banda, o investimento en vivenda mantense estable na contorna do 50 por cento e o coeficiente de liquidez mesmo supera o un por cento do total do patrimonio na primeira parte da xubilación e nos anos inmediatamente anteriores ao retiro do mercado laboral. Neste sentido, Galicia, segundo os datos do estudo, ten a poboación maior de 65 anos que maior porcentaxe da súa renda dedica ao gasto en vivenda habitual de toda España, tal e como reflicte o gráfico seguinte.

7 O instrumento por excelencia é a conta corrente ou caderno de aforro; a través del cobran a pensión, pagan os seus recibos e teñen dispoñibilidade inmediata. De feito, é o "instrumento de toda a vida" e co que están máis familiarizados. O investimento para o futuro, coma seguros, plans de pensións ou plans de xubilación chegou tarde para este segmento, e carece de notoriedade. As diferentes xeracións que constitúen hoxe o grupo das persoas maiores viviron períodos históricos concretos e teñen uns costumes e estilos de vida condicionados polas circunstancias vividas. Unha alta proporción das mulleres, por exemplo, non cotizaron á Seguridade Social, mantendo unha subordinación económica e social en relación ao seu cónxuxe ao longo de toda a súa vida de traballo efectivo á marxe do mercado.

Gráfico III.2.13.

Gasto en vivenda habitual, en porcentaxe do total, por ccaa e cohortes de poboación



Fonte: Estudo de FEF - IEAF

Partindo destas condicións, o informe do IEAF-FEF, sinala que é importante que, para afrontar o proceso de lonxevidade, as familias consigan ter algún aforro, unha maior previsión de longo prazo e unha mellor xestión da súa riqueza.

Lonxeidade, fiscalidade, aforro privado e gasto público en Galicia

A situación que vimos expoñendo leva a que, nalgunhas publicacións, ante estes datos e a dinámica que os sustenta e proxecta nun horizonte temporal de medio e longo prazo, se considere que é evidente que –“ceteris paribus”- aparece un risco de lonxeidade, que algúns estudos chegan a cuantificar nun custo incrementado do 50 por cento para o sector público, as empresas, o sector asegurador e as persoas particulares. Xorde así un reto financeiro ligado ao incremento substancial da esperanza de vida que supoñerá a reconsideración dos sistemas públicos de retiro e da actitude individual ante o aforro privado.

O desequilibrio crecente entre o período de contribución e o de xubilación, tradúcese nun desequilibrio entre o valor actuarial das cotizacións e o valor actuarial das prestacións ao longo do ciclo vital. Ademais a presión sobre o equilibrio financeiro actuarial vese tamén influída polo atraso no acceso ao mercado laboral.

Un elemento estratéxico no fomento do aforro complementario ás pensións públicas é o tratamento fiscal favorable nunha contorna de seguridade xurídica. Porque non só hai que facilitar a liquidez das persoas maiores, senón que debe mellorarse substancialmente a súa fiscalidade. Nese sentido, existen un conxunto de medidas que deben explorarse, como o aumento do límite na dedución fiscal, a actualización dos topes cuantitativos de achega, ou que só a revalorización realmente obtida tribute como incremento patrimonial. Con todo, este tipo de instrumentos de aforro están suxeitos, no debate político e social, a moitos prexuízos, polo que, os gobernos deberían esforzarse en alcanzar consensos a través do diálogo transparente, tendo en conta da función que deben cumprir como complementos de importancia crecente.

É evidente que, dado o elevado nivel de partida das cotizacións sociais e os seus efectos negativos sobre a demanda de traballo, un maior gasto público destinado a financiar pensións nun contexto de lonxeidade notable tería que dirixirse cara a outras fontes impositivas, elección que, polo momento, parece pouco realista. De todos os xeitos, se se consegue unha senda de crecemento económico compatible con maiores salarios e se reduce a débeda, as finanzas públicas poderían afrontar mellor os problemas ligados ao envellecemento. Cun emprego máis produtivo, no medio e longo prazo o horizonte podería ser menos pesimista.

Galicia enfróntase a un escenario moi similar ao doutras comunidades, nas que se dá unha maior taxa de dependencia, agravándose o cadro co desemprego provocado pola crise. A produtividade xoga tamén o seu papel, co seu débil crecemento.

Os escenarios que se poden simular arrojan unha conclusión compartida: a importancia do comportamento do mercado de traballo, xa que unha taxa de emprego máis elevada –ao redor de 10 puntos- permitiría reducir o gasto en pensións en 3,2 puntos do PIB, se se mantén a actual taxa de substitución, ou dous puntos no caso de que a dita taxa se reduza sensiblemente. Esta redución é unha condición crucial, pois, de non producirse, habería que incrementar os ingresos. Ao tempo, unha variable para introducir na discusión é a prolongación na idade de xubilación. E outra moi significativa está ligada á evolución da produtividade da economía, que facilitaría un aumento de salarios e permitiría unha diminución da taxa de substitución. Un mecanismo que incorporase o sistema, o chamado de revalorización, xunto co factor de sustentabilidade, parecen ser aprazados. Con independencia do xuízo que esa reforma poida suscitar, a situación dinámica do sistema volveuse máis incerta.

Dada a evolución demográfica e do emprego, a taxa máxima de substitución que achegue o sistema de pensións ao equilibrio vai depender das cotizacións e os impostos. A eficiencia económica nun mundo globalizado limita o recurso a un aumento das cotizacións, salvo por eliminación de topes salariais das bases-polo que habería que recorrer á vía impositiva. O exemplo máis claro na experiencia comparada é o francés, a chamada “contribución social”, cuxo compoñente principal é o destinado a pensións e que paga toda a cidadanía como suplemento ao imposto sobre a renda das persoas físicas. A utilización dunha contribución desa natureza é tanto máis útil canto maior sexa a produtividade da economía, talón de Aquiles en España.

A elección dos tributos como unha vía de financiamento parcial das pensións supoñería un incremento da presión fiscal xeneral, aumento que non resultaría neutral en termos doutros efectos económicos salvo que non fose moi relevante –por exemplo limitado a viuvez e orfandade- ou que se estivese en condicións políticas e sociais para reducir necesariamente outros gastos orzamentarios. En definitiva, trátase dunha opción posible e con consecuencias relevantes. Por exemplo, rompería a imaxe de transferencia interxeracional de rendas, inherente ao sistema, e, ademais, ao ser impostos xerais, incluíría tamén a poboación xubilada e equivalería a unha redución da taxa de substitución. Un camiño diferente, aínda recorrendo aos tributos, podería ser o dos impostos indirectos, probablemente máis eficiente pero co inconveniente de que unha porcentaxe significativa da carga fiscal por bens non exentos impactaría significativamente na poboación de 65 e máis anos.

Con anterioridade referímonos á utilización de instrumentos de aforro alternativos e complementarios. Habería que engadir que a capitalización non parece un bo sistema como espiña dorsal das pensións, pois aínda que se trata de métodos menos sensibles á evolución demográfica, o son, e moito, á potencial inestabilidade dos mercados financeiros, como se demostrou dramaticamente na última crise.

3

A "democratización" da supervivencia e os retos do envellecemento activo e saudable

A democratización da supervivencia supón, na nosa contorna occidental, un dos maiores éxitos da especie humana en toda a súa historia. Significa, como a súa mesma denominación leva implícita, alcanzar a poboación un elevado nivel de supervivencia durante todas as etapas da vida e para todos os seus habitantes.

Sabemos en que medida se pode falar en Galicia dunha real democratización da supervivencia. Un reto ao que, a nivel internacional, quixo dar resposta a organización das Nacións Unidas (NN.UU) co seu impulso ao que denominou envellecemento activo.

Na definición de envellecemento activo da Organización Mundial da Saúde (OMS) establécese que os determinantes do envellecemento teñen dous factores básicos, uns de carácter xenético, que dificilmente se poden modificar, e outros chamados xenericamente factores ambientais. Estes últimos son os determinantes tanto a nivel colectivo como individual á hora de conseguir un adecuado envellecemento activo. O determinante individual establécese en relación co que os individuos poidan facer ao longo da súa vida. Estes determinantes foron establecidos mediante estudos empíricos e estudos experimentais (auspiciados pola OMS e recoñecidos por NN UU e a UE) sobre os efectos benéficos do exercicio físico, a dieta, a actividade cognitiva e social, os efectos de intervencións sobre a tensión e o control e un longo etcétera.

Trátase, polo tanto, de asumirmos unha nova visión do envellecemento, dun modo de envellecer que non ocorre ao azar. O coidado da saúde, os hábitos saudables, a alta actividade física e cognitiva, a auto-regulación emocional e o control e a implicación social, son factores esenciais para envellecer ben a nivel individual. Ao nivel da cidadanía, o Estado do Benestar aparece como a salvagarda do envellecemento activo. Nesta perspectiva demándaselles ás persoas responsables da atención integral da poboación maior que promocionen o envellecemento activo, entendido como a forma de previr e, na medida do posible, distanciar o maior tempo posible a dependencia.

Pero tamén a promoción do envellecemento activo bate con serias ameazas de índole persoal e social. Pesan os estereotipos negativos sobre as persoas maiores e a vellez, que son vistas como incompetentes, inservibles, inútiles. É máis, as propias persoas maiores adoitan moitas veces ver o seu grupo tamén negativamente. Neste caso, tamén iso entraña unha ameaza que impide a aprendizaxe e o cambio positivo implícito no éxito do envellecemento activo. Por todo iso, a súa promoción leva a favorecer o empoderamento das persoas maiores e a combater os estereotipos negativos sobre a vellez e as persoas maiores, así como a fomentar as crenzas de eficacia persoal e colectiva no propio proceso de envellecemento.

3.1 O reto do envellecemento activo e saudable

As políticas a prol dun envellecemento activo implican combater a discriminación por idade, transferir recursos da medicina curativa á de prevención, exercer máis énfase na prevención secundaria, intervencións e medios, investir en educación, investir en novas tecnoloxías que apoien a vida autónoma, fomentar contornas favorables para o envellecemento e a aprendizaxe continua. Presentan, xa que logo, unha importante dimensión tamén a nivel organizativo.

A responsabilidade individual é a outra peza fundamental na consecución dun envellecemento activo. Cada individuo é quen de asumir a responsabilidade da saúde propia e das habilidades ao longo da vida, aproveitar a aprendizaxe continua e as oportunidades de formación, involucrarse en actividades que fomenten a saúde física e mental. Coa asunción de responsabilidades públicas e individuais poderase acadar un incremento da esperanza de vida saudable e unha maior tendencia cara á contención da morbilidade.

A UE a través do Centro Europeo de Políticas de Benestar Social e Investigación de Viena, xunto coa Comisión de Economía de Nacións Unidas e a Comisión Europea de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión desenvolveron o Índice do envellecemento Activo 2012 (EAI), Active Ageing Index (AAI) en inglés, co propósito de coñecer o estado actual dos países da UE en relación ao envellecemento activo da súa poboación. Con el preténdese amosar que a realidade do incremento da lonxevidade pode converterse nunha vantaxe para o progreso social. Os obxectivos presentes na declaración de Viena son:

- Estimular vidas laborais máis longas e manter as capacidades de traballo das persoas maiores.
- Promover a participación, a non discriminación e a inclusión social das persoas maiores.
- Promover a dignidade, a saúde e a independencia nas idades tardías.
- Manter e mellorar a solidariedade interxeracional.

No caso concreto de Galicia, un grupo de investigadores da Facultade de Psicoloxía da USC, liderados polos profesores Jesús Varela Mallou e Antonio Rial Boubeta, desenvolveron, no ano 2015, partindo do EAI, unha metodoloxía para a análise dunha subpoboación, neste caso Galicia, que permite a súa comparativa co ranking europeo por países publicados en 2013 polo European Centre Vienna. Nel analízanse catro dominios: emprego, participación na sociedade, vida independente e capacidade e contorna propicia. Os resultados están valorados sobre 100, cifra esta inalcanzable por país ningún.

A modo de resumo, diremos que na posición global, Galicia, cunha puntuación de 31,8, ocupa a posición 18, xusto despois de España, dos 28 países da UE, como se pode ver na táboa III.3.1. Dentro dos catro dominios anteriores, en emprego, cunha puntuación de 23,9, Galicia segue a ocupar a posición 18, pero esta vez, está por riba de España, que ocupa a 19.

En canto á participación na sociedade, a nosa comunidade, con 28 puntos, afúndese ata o penúltimo posto da táboa, só por riba de Polonia; España está situada na posición 14. Sen embargo, na puntuación obtida por vida independente, saudable e segura, Galicia, con 75,7 puntos, ascende ao posto sexto do ranking, moi por enriba de España, que ocupa o posto 23. Por último, a puntuación do dominio de capacidade e contorna propicia é de 56,8 para Galicia, que ocupa o posto 11, tamén por riba de España, situada no lugar 13.

Táboa III.3.1.
Índice de envellecemento activo Galicia vs UE

AAI GLOBAL			Emprego			Participación na sociedade			Vida Independente, saudable e segura			Capacidade e contorna propicia		
Posición	Rexión	Valor	Posición	Rexión	Valor	Posición	Rexión	Valor	Posición	Rexión	Valor	Posición	Rexión	Valor
1	Suecia	44	1	Suecia	41	1	Irlanda	25	1	Dinamarca	79	1	Suecia	70
2	Dinamarca	40	2	Chipre	36	2	Italia	24	2	Suecia	79	2	Dinamarca	67
3	Irlanda	39	3	Reino Unido	36	3	Luxemburgo	23	3	Holanda	78	3	Holanda	62

4	Reino Unido	39	4	Portugal	35	4	Suecia	23	4	Finlandia	77	4	Luxemburgo	62
5	Holanda	39	5	Estonia	34	5	Francia	22	5	Alemaña	76	5	Reino Unido	61
6	Finlandia	39	6	Dinamarca	34	6	Holanda	22	6	Galicia	76	6	Irlanda	61
7	Chipre	36	7	Finlandia	32	7	Finlandia	22	7	Reino Unido	76	7	Finlandia	61
8	Luxemburgo	35	8	Romanía	31	8	Austria	21	8	Irlanda	76	8	Bélxica	60
9	Alemaña	35	9	Holanda	31	9	Bélxica	20	9	Luxemburgo	75	9	Francia	58
10	Austria	35	10	Alemaña	31	10	Dinamarca	20	10	Francia	75	10	Austria	58
11	Rep. Checa	34	11	Irlanda	31	11	Reino Unido	20	11	Eslovenia	74	11	Galicia	57
12	Francia	34	12	Letonia	28	12	Rep. Checa	19	12	Rep. Checa	74	12	Alemaña	56
13	Portugal	34	13	Lituania	27	13	Chipre	19	13	Bélxica	73	13	España	56
14	Bélxica	34	14	Rep. Checa	26	14	España	18	14	Austria	73	14	Malta	56
15	Italia	33	15	Austria	25	15	Murcia	18,3*	15	Hungría	72	15	Rep. Checa	54
16	Estonia	33	16	Bulgaria	25	16	Malta	18	16	Lituania	71	16	Italia	53
17	España	33	17	Grecia	24	17	Eslovenia	17	17	Romanía	70	17	Bulgaria	52
18	Galicia	32	18	Galicia	24	18	Hungría	16	18	Malta	70	18	Chipre	51
19	Lituania	32	19	España	23	19	Lituania	15	19	Estonia	70	19	Portugal	51
20	Malta	31	20	Eslovenia	22	20	Alemaña	15	20	Italia	70	20	Murcia	50
21	Romanía	31	21	Murcia	22	21	Portugal	14	21	Chipre	69	21	Eslovenia	49
22	Eslovenia	31	22	Luxemburgo	21	22	Grecia	14	22	Polonia	68	22	Lituania	48
23	Murcia	31	23	Francia	21	23	Letonia	14	23	España	67	23	Estonia	47
24	Letonia	30	24	Italia	21	24	Eslovaquia	14	24	Eslovaquia	67	24	Polonia	47
25	Bulgaria	30	25	Eslovaquia	20	25	Estonia	13	25	Portugal	67	25	Grecia	47
26	Grecia	29	26	Polonia	20	26	Romanía	13	26	Murcia	67	26	Eslovaquia	46
27	Hungría	28	27	Bélxica	20	27	Bulgaria	13	27	Grecia	65	27	Hungría	46
28	Eslovaquia	28	28	Malta	18	28	Galicia	13	28	Bulgaria	65	28	Letonia	45
29	Polonia	27	29	Hungría	18	29	Polonia	12	29	Letonia	63	29	Romanía	42

Fonte: Datos de European Centre Vienna e a USC

A diferenza de xénero, no relativo ao envellecemento activo, tamén foi analizada e cuantificada por este grupo de investigación. Os resultados da súa análise, que mostrou puntuacións máis baixas para o xénero feminino que para o masculino, móstranos a táboa III.3.2.

A puntuación de 31,8 que acadaba Galicia coa poboación xeral, se se desagrega por xénero, varía, de modo que o índice dos homes se sitúa nun 33, colocándose no ranking no lugar 20, mentres que o das mulleres é de 30,9 e ocupa a posición 18 do ranking. Con respecto a España, a posición dos homes galegos está situada tres postos por baixo da española, mentres que a das mulleres está dous postos por riba dela.

Táboa III.3.2.
AEI Galicia por xénero

Rexións	Ambos xéneros		Homes		Mulleres	
	Índice	Posición	Índice	Posición	Índice	Posición
Suecia	44	1	46	1	42	1
Dinamarca	40	2	43	2	38	3
Irlanda	39	3	42	4	37	5
Reino Unido	39	4	41	5	37	4
Holanda	39	5	42	3	36	6
Finlandia	39	6	39	7	39	2
Chipre	37	7	41	6	32	12
Luxemburgo	35	8	39	8	32	13
Alemaña	35	9	37	11	33	9
Austria	35	10	38	9	32	10
Rep. Checa	34	11	37	10	32	14

Francia	34	12	35	15	33	8
Portugal	34	13	37	12	32	11
Bélxica	34	14	36	14	31	15
Italia	33	15	36	13	31	19
Estonia	33	16	32	22	34	7
España	33	17	34	17	31	20
Galicia	32	18	33	20	31	18
Lituania	32	19	33	21	31	16
Malta	31	20	35	16	27	26
Romanía	31	21	33	18	29	22
Eslovenia	31	22	33	19	28	24
Murcia	31	23	32	25	29	21
Letonia	30	24	29	29	31	17
Bulgarcia	30	25	32	24	29	23
Grecia	29	26	32	23	27	27
Hungría	28	27	30	27	27	25
Eslovaquia	28	28	31	26	26	28
Polonia	27	29	29	28	26	29


Fonte: Datos de Euroean Centre Vienna e a USC

Índice IpEA_loc que mide as políticas locais de envellecemento

Pola súa parte, a investigadora, Cristina Ares (USC) e o investigador Arturo Gutiérrez (ONU), deseñaron un Índice IpEA_loc, que mide as políticas locais de envellecemento activo da UE. Este índice está construído a partir do EAI e o seu obxectivo é contribuír á explicación das diferenzas en materia de políticas de envellecemento activo na UE a través da proposta dun índice que mida a súa implementación a nivel local. O seu desenvolvemento realizouse na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Analizáronse 340 casos. En Galicia, responderon á enquisa elaborada, 284 dos 313 concellos, e na Rexión Norte de Portugal 56 das 86 cámaras.

Os resultados mostran que entre os anos 2000 e 2012 a porcentaxe de municipios con políticas de envellecemento activo foi máis alto na Rexión Norte, un 92,9 por cento, que en Galicia, un 73,6 por cento. Unicamente o 20,1 por cento dos concellos galegos, fronte ao 55,8 por cento das cámaras portuguesas, financiaron estas medidas só con recursos propios. As actuacións de promoción da autonomía persoal foron as máis frecuentes, tanto no caso galego, o 73,6 por cento, como no luso, co 92,2 por cento. En torno ao 90 por cento destes últimos aplicaron, así mesmo, medidas en relación á participación social dos maiores, algo que só ocorreu no 57 por cento dos galegos. O número medio de actividades de envellecemento activo foi de 29,71 nos municipios da Rexión Norte e só do 9,97 en Galicia.

Mapa III.3.1.
Distribución municipios en función do seu IP_LOC 2000-2012



Fonte: Ares y Losada

Estratexia 2020. Contribución dos Fondos estruturais e de cohesión europeos

O Fondo Social Europeo (FSE) constitúe unha das principais fontes de innovación, experimentación e progreso europeos no fomento do envellecemento activo no traballo. Xa permitiu financiar iniciativas emprendidas por unha ampla variedade de organismos para volver formar a persoas traballadoras de maior idade, adaptar as empresas para o emprego de maiores e loitar contra a discriminación por motivos de idade no mercado laboral e o lugar de traballo. O FSE financia proxectos locais e rexionais que poñen a proba modos novos e creativos de permitir o envellecemento activo no emprego, ademais de crear redes transnacionais que fomentan o intercambio das boas ideas e políticas desenvolvidas. O fomento do envellecemento activo e saudable é unha das prioridades de investimento propostas polo FSE.

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) está a dedicar unha considerable cantidade de fondos ao desenvolvemento de servizos e infraestruturas sociais e sanitarias para ofrecer solucións aos estados membros e ás rexións a algúns dos retos demográficos, incluíndo cambios nos sistemas social e sanitario. No actual programa operativo de Galicia prevense ademais investimentos dirixidos a mellorar a

atención educativa dende idades temperás e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, entre os que destacan os destinados á mellora dos recursos de atención á infancia 0-3 existentes e á creación de escolas infantís en contornos empresariais e de casas niño nos concellos rurais de menos de cinco mil habitantes.

No marco da cooperación territorial europea, o subprograma Interreg IV- C e o programa Urbact apoian proxectos dedicados ao envellecemento activo e saudable. O Interreg IV- C financiou iniciativas que apoian o emprendemento de persoas de maior idade, a innovación empresarial transxeracional, as tecnoloxías de atención sanitaria, a vida independente e as cidades para todas as idades. O Urbact II financiou redes de cidades destinadas a buscar solucións para os seus principais retos económicos, ambientais e sociais para a poboación de maior idade.

O Fondo de Cohesión financia proxectos ambientais e de infraestruturas de transporte nos estados membros. Mediante o desenvolvemento de sistemas de transporte accesibles, o Fondo contribúe ao envellecemento activo. Ademais, a reforma do sector público en materia de asistencia social e sanitaria, centrada especialmente no envellecemento, considérase un obxectivo clave para a política de cohesión.

O Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER) financia aqueles proxectos que impulsan o desenvolvemento de servizos e infraestruturas sociais en beneficio das persoas maiores nas zonas rurais. Moitas zonas rurais están especialmente afectadas polo cambio demográfico, dado que a xuventude marcha en busca de oportunidades educativas e laborais, deixando atrás unha poboación que envellece rapidamente. A proposta da Comisión de axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER, para o período de programación 2014-2020, realiza accións para apoiar o envellecemento das poboacións nas zonas rurais, tales como transferencia de coñecementos e medidas de información, servizos de asesoramento, servizos básicos e renovación dos pobos, desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas e a creación e apoio a estratexias de desenvolvemento local específicas destinadas a afrontar o envellecemento activo en zonas rurais no marco do denominado Enfoque Leader.

Algúns exemplos de proxectos baseados na estratexia UE 2020

O Proxecto DART. Dentro da política de desenvolvemento rexional, a Comisión Europea creou o Proxecto Declive demográfico, envellecemento e transformación rexional (DART), que recibe o apoio do FEDER, e une a 13 rexións da UE, entre as que se encontra Galicia, que cooperan para afrontar os retos comúns que representan o envellecemento e o declive demográfico da poboación. En Galicia, derivado do proxecto DART, levouse a cabo o proxecto Symbios, do que se fala máis adiante, encadrado dentro de Programa Operativo do FSE.

As Inversións Territoriais Integradas (ITI) son un instrumento arbitrado pola normativa europea que facilita o apoio ás accións integradas nun territorio, permitindo combinar o financiamento vinculado a diferentes obxectivos temáticos e a diversos programas operativos apoiados polos diferentes fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEIE)¹. No Programa Operativo Español do FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) prevese o desenvolvemento de tres ITIs:

- ITI Azul. Permitirá implementar a Estratexia Atlántica no marco dos Fondos EIE, que contribuirá ao crecemento das rexións costeiras do Atlántico e a explotar o potencial crecemento da economía azul. Segundo se recolle no Acordo de Asociación, a ITI azul da Estratexia Atlántica abarca as CC. AA de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Canarias e Andalucía.
- ITI da provincia de Cádiz.
- ITI do Mar Menor.

¹ Esta iniciativa enmárcase no ámbito do artigo 36 do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que contempla os Investimentos Territoriais Integrados (ITI) como un novo instrumento de xestión que permite reunir os Fondos Europeos no territorio: FEADER, FEDER e FSE para a implementación de intervencións multidimensionais e intersectoriais.

O Proxecto Design- led innovations for Active Ageing (DDA), que reúne a cidades de oito países europeos para desenvolver e compartir innovacións e boas prácticas sociais que axuden a afrontar o desafío que supón o envellecemento da poboación. O proxecto, no que participa a cidade española de Barcelona, reúne a especialistas en xeriatría e deseño de servizos para chegar a solucións para o envellecemento demográfico.

O Proxecto promoción do emprego traballa pola inclusión social de persoas desfavorecidas en Lugo, España, e axúdalles a atopar traballo. Tamén fomenta a creación de novas actividades económicas por parte das pemes, a competitividade das empresas existentes, o centro histórico de Lugo e o respecto polo medio ambiente e a igualdade de oportunidades.

O Proxecto espazo transfronteirizo sobre o envellecemento ten por obxectivo crear un modelo sustentable e transferible para os servizos de saúde da zona fronteiriza hispano-portuguesa, con especial atención á demencia. Neste ámbito é fundamental a definición de novos perfís profesionais e a comunicación para sensibilizar sobre esta situación.

O Proxecto MITTIC desenvolveu e puxo en práctica diversas propostas e ferramentas innovadoras co obxectivo de incorporar a innovación tecnolóxica aos sectores económicos tradicionais da rexión española de Extremadura e das rexións portuguesas de Centro e Alentejo.

Gráfico II.4.6. Fogares formados por unha parella con fillos ou fillas segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016	167
Gráfico II.4.7. Fogares formados por unha parella sen descendencia segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016	167
Gráfico II.4.8. Fogares monoparentais segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016	167
Gráfico II.4.9. Fogares integrados por un núcleo e outros segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016.....	168
Gráfico II.4.10. Fogares integrados por varios núcleos segundo o tamaño do municipio, Galicia, 2007-2016.....	168
Gráfico II.4.11. Fogares unipersoais. Galicia e provincias, 2007-2016.....	169
Gráfico II.4.12. Fogares unipersoais segundo o sexo e a idade. Galicia, 2007-2016.....	169
Gráfico II.4.13. Número medio de persoas no fogar. Galicia e provincias, 1999-2016.....	171
Gráfico II.4.14. Fogares segundo o número de persoas. Galicia, 1999-2016.....	172
Gráfico II.4.15. Fogares de tres xeracións. Galicia e provincias, 2002-2016	173
Gráfico II.4.16. Fogares con todas as persoas de 65 ou máis anos. Galicia e provincias, 2007-2016	174
Gráfico II.4.17. Número medio de persoas de 65 ou máis anos no fogar segundo o tamaño do municipio	176
Gráfico II.4.18. Fogares segundo o número de persoas de 65 ou máis anos. Galicia e provincias, 2007-2016	176
Gráfico II.4.19. Fogares segundo o número de persoas de 75 ou máis anos. Galicia e provincias, 2007-2016	177
Gráfico II.4.20. Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos	177
Gráfico II.4.21. Fogares segundo o número de persoas menores de 16 anos. Galicia e provincias, 2007-2016	179
Gráfico II.4.22. Persoas mozas que viven cos pais e nais segundo o sexo e a idade. Galicia, 2007-2016	180
Gráfico II.4.23. Persoas mozas que viven cos pais e nais segundo a súa tipoloxía de ingresos. Galicia, 2007-2016	180
Gráfico II.4.24. Tipoloxía dos fogares compostos por persoas menores de 35 anos. Galicia, 2007-2016	181
Figura II.4.1. Transferencias interxeracionais	182

Gráfico II.4.25. Presenza nos fogares de menores de 16 anos en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.....	183
Gráfico II.4.26. Presenza nos fogares de menores de 5 anos en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.	183
Gráfico II.4.27. Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mozos/as a cargo en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.	184
Gráfico II.4.28. Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mozos /as a cargo en Galicia. Valores en porcentaxe. Evolución 2007-2016.	185
Gráfico II.4.29. Ingresos medios por fogar segundo teñan ou non nenos/as e mozos/as a cargo. Evolución 2007-2016.	185
Gráfico II.4.30. Taxa de risco de pobreza segundo o fogar teña ou non nenos/as e mozos/as a cargo. Evolución 2007-2016.....	186
Gráfico II.4.31. Fogares segundo teñan ou non nenos/as e mozos/as a cargo en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.	186
Gráfico II.4.32. Fogares con nenos/as ou mozos/as a cargo en Galicia segundo teñan unha / dúas ou máis persoas adultas responsables. Valores en porcentaxe. Evolución 2007-2016.	187
Gráfico II.4.33. Fogares cun neno/a ou mozo/a ou máis a cargo segundo o número de persoas adultas responsables en Galicia. Valores en porcentaxe. Dato 2016.....	188
Gráfico II.4.34. Núcleos familiares con nenos/as de 0 a 12 anos que utilizan medidas de conciliación laboral para a súa atención. Porcentaxe respecto ao total de núcleos de Galicia ou nesa provincia. 2012.	189
Gráfico II.4.35. Porcentaxe de núcleos familiares con nenos /as de 0 a 12 anos segundo a relación coa actividade das persoas proxenitoras do núcleo familiar. 2012.....	189
Gráfico II.4.36. Núcleos familiares con nenos /as de 0 a 12 anos que reciben axuda para o seu coidado. Valores en porcentaxe. 2012.....	190
Gráfico II.4.37. Tipoloxía de axuda recibida para coidar os nenos e nenas de 0 a 12 anos. Valores en porcentaxe. 2012.....	190
Gráfico II.4.38. Porcentaxe de núcleos familiares con nenos/as de 0 a 12 anos que reciben axuda para o seu coidado. 2012.....	191
Gráfico II.4.39. Índice de dependencia comparativa España-Galicia. Evolución 2007-2017.....	192
Gráfico II.4.40. Índice de dependencia segundo provincias. Datos do 2017.....	193
Gráfico II.4.41. Índice de dependencia por provincia e grupo de idade. Datos do 2017.	193
Gráfico II.4.42. Número de solicitudes de dependencia rexistradas. Marzo 2018.	195
Gráfico II.4.43. Número de resolucións de dependencia rexistradas. Marzo 2018.....	195
Gráfico II.4.44. Número de persoas dependentes por provincia. 2017.....	196

Gráfico II.4.45. Evolución de persoas con dependencia en Galicia. Valores absolutos. 2007-2017.	196
Gráfico II.4.46. Evolución das persoas con dependencia segundo as causas da súa dependencia. Galicia. 2011-2017.....	197
Gráfico II.4.47. Persoas con dependencia segundo as causas da súa dependencia por sexo. Galicia. 2017.	197
Gráfico II.4.48. Evolución de persoas con dependencia por tipoloxía do fogar. Valores en porcentaxe. 2007,2011 e 2017.	198
Gráfico II.4.49. Evolución de fogares que teñen persoas dependentes por provincia. Valores en porcentaxe. 2007,2011 e 2017.	198
Gráfico II.4.50. Persoas con dependencia que reciben coidados segundo quen llos presta. Galicia. 2017.....	199
Gráfico II.4.51. Porcentaxe de persoas dependentes o cargo de familiares sexan ou non membros do seu fogar. 2007,2011 e 2017.....	199
Gráfico II.4.52. Persoas que coidan dependentes por sexo e idade. Valores en porcentaxes. 2007,2011 e 2017.	200
Gráfico II.4.53. Persoas con dependencia por sexo e idade. Galicia. 2017.....	200
Gráfico II.4.54. Persoas con dependencia que reciben coidados por tipoloxía das persoas coidadoras e grao de dependencia. Galicia. 2017.	201
Gráfico II.4.55. Cobertura das necesidades percibidas de servizos de atención a persoas dependentes. Galicia. 2017.....	201
Gráfico III.4.56. Resolucións dependencia Galicia 31 marzo 2018.....	202
Gráfico III.4.57. Peso específico prestacións dependencia (Galicia e Estado).....	202
Figura II.4.2. Padróns de coidado informal. 2014 Quen coida a quen.	203
Gráfico II.4.58. Crecemento dos fogares en España no 2015-2016 en función do seu tamaño.....	204
Gráfico II.5.1. Pirámide de idades da poboación rural (ZPP) de Galicia 1998 e 2017.....	210
Gráfico II.5.2: taxas brutas de emigración (emigrantes/ 1000 habitantes) por sexos e idades nas áreas rurais de Galicia. 2005 e 2015.....	213
Gráfico III.1.1. Calidade do emprego (1).....	233
Gráfico III.1. 2. Calidade do emprego (2).....	233
Gráfico III.1.3. Calidade do emprego (3).....	234
Gráfico III.1.4. PIB comunidades, taxa variación interanual (%) 2017.....	235
Gráfico III.1.5. Evolución PIB (%) y PIB per cápita (euros).....	237
Gráfico III.1.6. Economía extendida 2003 e 2007.....	240

Gráfico III.1.7. Vivendas segundo o réxime de tenza. Galicia e provincias, anos 1999, 2005, 2010 e 2015.....	241
Gráfico III.1.8. Vivendas segundo o réxime de tenza por tipoloxía do fogar. Galicia, anos 1999, 2005, 2010 e 2015.....	242
Gráfico III.1.9. Ingreso medio mensual por fogar.....	242
Gráfico III.1.10. Media de ingresos mensuais segundo a tipoloxía do fogar.....	243
Gráfico III.1.11. Mediana de ingresos mensuais segundo a tipoloxía do fogar.....	243
Gráfico III.1.12. Fogares segundo a tipoloxía de ingresos	244
Gráfico III.1.13. Estrutura de ingresos dos fogares	244
Gráfico III.1.14. Media e mediana de ingresos mensuais do fogar segundo o sexo do/a sustentador/a principal. Ano 2016.....	244
Gráfico III.1.15. Porcentaxe de persoas que perciben ingresos procedentes do traballo en Galicia, por sexo	246
Gráfico III.1.16. Gasto medio dos fogares por grupos de gasto.....	247
Gráfico III.1.17. Equipamento TIC nos fogares. Evolución2006-2017. Porcentaxes	248
Gráfico III.1.18. Fogares que dispoñen de ordenador e conexión á internet por tipoloxía do fogar (% , Ano 2016)	250

Gráfico III.2.1 .Pensións contributivas do sistema de SS.....	255
Gráfico III.2.2. Ratio persoa afiliada/pensionista	256
Gráfico III.2.3. Gasto en pensión Galicia e España en % do PIB.....	256
Gráfico III.2.4. Gasto sanitario Galicia en miles de euros.....	257
Gráfico III.2.5. Percepción saúde 5. Ambos sexos (boa + moi boa)	258
Gráfico III.2.6. Déficit/superávit da seguridade social. Porcentaxe sobre PIB	259
Gráfico III.2.7. Fondo de reserva SS	259
Gráfico III.2.8. Ingresos España 2017 en millóns de euros.....	260
Gráfico III:9. Salario medio anual en Galicia segundo o sexo. Anos 2000-2016.....	261
Gráfico III.2.10. Poboación inactiva de Galicia por situación de inactividade segundo o sexo	262
Gráfico III.2.11. Poboación desempregada en Galicia segundo a situación anterior á busca de emprego, por sexo. (Miles de persoas)	262
Gráfico III.2.12. Peso dos salarios e os beneficios empresariais coma porcentaxe sobre o PIB en Galicia	263
Gráfico III.2.13. Gasto en vivenda habitual, en porcentaxe do total, por ccaa e cohortes de poboación.....	265

2^a Parte



Galicia, perspectivas demográficas

Análise DAFO e CAME

**Aprobado polo Pleno do
Observatorio Galego de Dinamización Demográfica
en decembro de 2018**



Informe do traballo desenvolvido

Na primeira fase do traballo *Galicia, perspectivas demográficas*, presentado ao plenario do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que o informou favorablemete por unanimidade o pasado 16 de xullo deste mesmo ano 2018, tratouse de elaborar un amplo e documentado informe que puidese servir de marco axeitado -como se recollía textualmente nas súas páxinas introdutorias- para a posterior discusión e elaboración de liñas estratéxicas que resposten aos retos da situación actual, contribuíndo así á mellora da gobernanza.

Cumpría agora, nesta segunda fase, e unha vez que o informe anterior presenta nas súas máis de 450 páxinas unha diagnose da nosa dinámica poboacional elaborada coa información e os presupostos metodolóxicos e conceptuais propios da análise demográfica, profundar na extracción dunha serie de conclusións axustadas á realidade demográfica de Galicia reflectidas nunha análise DAFO, que facilitasen a definición das liñas estratéxicas demandadas polo Observatorio.

O recurso a este método de análise, que esixe de seu un gran esforzo de síntese, presentábase como a opción máis idónea á hora de quereremos avanzar de maneira conxunta na proposta de liñas estratéxicas, de maneira especial cando estamos a falar dunha materia tan complexa como é a da “dinamización demográfica” dun territorio como Galicia, o que, claro está, esixe coñecer a totalidade dos elementos implicados na súa dinámica. Como é ben sabido, o método de análise DAFO permite captar e coñecer, de forma concreta, cales son as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades da nosa terra, no nosos caso concreto de observación en materia demográfica.

A análise DAFO complétase nesta fase do traballo coa matriz CAME que, á súa vez, permite visualizar as medidas que se consideran máis axustadas para corrixir as debilidades, afrontar as ameazas, mellorar as fortalezas e explotar as oportunidades.

Verbo do traballo desenvolvido nesta segunda fase e que agora presentamos ao pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica cómpre salientar en primeiro lugar a fundamental tarefa desenvolvida polos distintos *Grupos de Traballo*¹ a partir da inicial proposta e método de traballo presentado pola coordinadora; tarefa para a que se dispuña dun tempo moi curto, xa que o plenario do *Observatorio* establecera que a segunda fase, que completaba o anterior informe, tiña que rematar no corrente ano 2018 co obxecto de manter a actualidade da información que dá soporte á diagnose (realizada na primeira fase do traballo).

¹ O pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2018, acordou crear 5 Grupos de Traballo nos que considera ámbitos de actuación clave para a abordaxe do reto demográfico na Comunidade Autónoma de Galicia: Xuventude; Apoio ás Familias; Envellecemento; Emigración/Inmigración; e Medio Rural. Cada grupo de traballo conta cunha persoa nomeada por cada unha das entidades e institucións que forman parte do pleno do Observatorio.

Entre os inicios de outubro e os días finais de novembro de 2018 o núcleo máis activo e comprometido de cada grupo de traballo discutiu e elaborou un primeiro DAFO e deseguido unha matriz CAME que, sempre desde a perspectiva da análise do cambio demográfico, buscaba reflectir a situación do seu campo concreto de observación². Nun segundo momento, as persoas que se responsabilizaron da coordinación e secretaría de cada un dos cinco Grupos de Traballo xuntamente coa coordinadora do proxecto e vice-presidenta do Observatorio elaboraron o DAFO e o CAME que agora se presenta. Cómpre salientar que o traballo previo en grupos esixiu nos porén non esquecer que, como se repite tamén no informe precedente “enfrentar o reto da xestión do cambio demográfico precisa dunha visión sistémica que incorpore modelos demográficos que entendan e expliquen os cambios dos tempos actuais e que, polo tanto, incorporen a esixencia de sobrepassar a mera descrición, nun momento dado, do comportamento das variables vitais”.

Todo o traballo desenvolvido ata o momento ten por obxecto a explicación dun sistema demográfico -e da súa concreción en Galicia- que se mantén e evoluciona no tempo, que se autorreproduce, e que esixe non limitar o sistema reprodutivo humano a unha mera cuestión de nacementos, subordinando, cando non excluindo, unha compoñente fundamental como é o tempo de vida. Unha explicación e comprensión da nosa demografía demandada polo conxunto da sociedade que asiste a un cambio sen precedentes no comportamento das variables vitais (precisamente as máis directamente relacionadas coa natalidade e o envellecemento demográfico) que, claro está, lle afectan de forma moi directa e persoal e a miúdo xeran preocupación e ata alarma.

Falar de cambio demográfico esixe decatármonos de que se trata dun cambio a grande escala na supervivencia e reprodución humana, e que ademais seguirá acentuándose nos vindeiros anos. A súa dimensión global para o conxunto da sociedade -de aí a insistencia do seu tratamento desde unha perspectiva sistémica- obríganos, xa que logo, a mostrar especial teima polo trasfondo metodolóxico que sosteña os indicadores adecuados para ponderar as súas consecuencias, especialmente no campo da demografía pero tamén da economía, socioloxía, psicoloxía etc.

Como cabía esperar, e aínda tendo en conta a complexidade do noso “obxecto de observación” (Galicia e a súa dinámica poboacional) o traballo veuse facilitado ao partirmos dunha visión compartida da significación do cambio demográfico (desenvolvida na 1ª fase) e das esixencias conceptuais e metodolóxicas para a súa abordaxe, pois cómpre engadir a repetida teima do Informe: os fenómenos demográficos constitúen un sistema de gran coherencia interna e é o interior do devandito sistema, non os fenómenos illados, o que constitúe o obxecto privilexiado da demografía.

Unha das esixencias que presenta a análise do cambio demográfico en Galicia é a de precisar en que medida as súas dinámicas se incardinan en modelos máis xerais de modernización, que non se contradín cos elementos que singularizan a súa traxectoria e que, ás veces, chegan a afondar as súas raíces en momentos moi anteriores de vixencia de distintos sistemas demográficos; en tanto que outros teñen un carácter moi máis recente, como ben se pode apreciar na análise DAFO.

Como se fora debullando nas páxinas da diagnose, a análise do cambio demográfico incorpora necesariamente hoxe unha ampla serie de transformacións, ligadas a importantes cambios sociais, económicos e de valores, que entrañan unha crecente diversificación e complexidade nas traxectorias de vida individuais, familiares e sociais. Así falar de eficiencia demográfica implica, como xa avanzaran algunhas investigacións sobre Galicia, outorgar especial relevancia á inclusión daqueles temas relacionados cos mecanismos de “mellora reprodutiva” e co seu papel na modernización social e demográfica: roles de xénero, estruturas familiares, aumento do capital humano, produtividade do traballo, relacións interxeracionais, etc. Saliéntanse, xa que logo, ademais dos factores económicos e de saúde ou o crecente nivel educativo feminino, outros que se sitúan no campo cultural e que están a cuestionar normas ata hai ben pouco de grande arraigo no corpo social.

2 Sinalado na mesma denominación de cada Grupo de Traballo.



Matrices DAFO e CAME

Nunha breve descrición as etapas desenvolvidas nesta segunda fase do traballo resumínmolas no seguinte:

A elaboración dunha análise DAFO (1ª etapa desta segunda fase do traballo definido polo Plenario do Observatorio Glego de Dinamización Demográfica) sintetiza nunhas poucas ideas, as nosas Debilidades e Ameazas en materia demográfica así como as nosas Fortalezas e Oportunidades. As debilidades e as fortalezas son aspectos, negativos e positivos respectivamente, de carácter interno e, en certo xeito, estruturais, ou polo menos consolidados. Pola súa banda as ameazas e as oportunidades son cuestións externas, conxuntuarais, que poden consolidarse ou non no futuro.

Nunha 2ª etapa levouse a cabo a análise CAME, complementaria da DAFO, co propósito de achegar para cada idea da DAFO unha resposta igualmente resumida e concisa para Corrixir as Debilidades, Afrontar as Ameazas, Manter as Fortalezas e Explotar as Oportunidades.

A análise DAFO-CAME permite, a medida que se van definindo tanto os nosos puntos fortes como os débiles, non que a demografía se refire, ir asociando posibles propostas e solucións que permitan mellorar ou manter o determinado pola análise DAFO.

Este proceso desemboca na detección e análise daquelas necesidades que, en materia demográfica afectan a Galicia, que se basea tanto na DAFO-CAME como na análise da situación demográfica realizada no Informe Galicia, Perspectivas demográficas

DAFO

Modelo de análise que permite realizar, no noso caso de estudo, unha diagnose de situación (interna e externa) de Galicia en perspectiva demográfica (en canto á asunción dos retos que presenta o actual cambio demográfico) para tomar decisións estratéxicas. O obxectivo dunha análise DAFO é axudar a identificar as súas fortalezas e debilidades nesta materia (factores internos) e as oportunidades e ameazas ás que está exposta (factores externos).



CAME

Tras recompilar cada un dos factores (internos e externos) que definen a posición actual de Galicia en perspectiva demográfica, deberase desenvolver unha estratexia, a través da cal se consoliden as fortalezas, minimicen as debilidades, se aproveiten as vantaxes e oportunidades da contorna e a situación sociopolítica actual e se reduzan ou minimicen as consecuencias das ameazas externas.

Tomando como referencia os resultados da análise DAFO e tras expor os obxectivos que se buscan neste documento, poderase definir unha estratexia coa que poder alcanzar os obxectivos marcados. Para avanzarmos nesta estratexia servímonos da análise CAME.

	Análise interna	Análise externa
Aspectos negativos	<p>Estratexias para</p> <p>C</p> <p>CORRIXIR DEBILIDADES</p>	<p>Estratexias para</p> <p>A</p> <p>AFRONTAR AMEAZAS</p>
Aspectos positivos	<p>Estratexias para</p> <p>M</p> <p>MANTER FORTALEZAS</p>	<p>Estratexias para</p> <p>E</p> <p>EXPLOTAR OPORTUNIDADES</p>

DAFO/CAME DEBILIDADES

DEBILIDADE 1

Falta dunha ampla consideración do significado en profundidade do cambio demográfico.

Medida para CORRIXIR a debilidade enunciada:

Dotar de rigor a transferencia do estudo da poboación ao conxunto da cidadanía mediante o traballo conxunto dos poderes públicos e das institucións académicas e científicas, contribuíndo así á mellora da gobernanza.

DEBILIDADE 2

Prolongación da etapa de xuventude. Atraso na emancipación residencial e na autonomía persoal e atraso do calendario nupcial e fecundo, por dificultades de acceso ao mercado laboral e á vivenda en condicións dignas.

Medida para CORRIXIR a debilidade 2:

Promover a educación para a autonomía e facilitar con medidas de impulso a transición entre formación e emprego, mellorando a calidade do emprego ofrecido á mocidade e favorecendo o seu emprendemento e o desenvolvemento dos seus proxectos vitais. Desenvolver políticas de acceso á vivenda para a mocidade.

DEBILIDADE 3

Inestabilidade e precariedade laboral que afecta a unha parte importante da poboación. Altas taxas de desemprego. A subsistencia dunha economía en paralelo e non contribuínte. Persistentes fendas salariais.

Medida para CORRIXIR a debilidade 3:

Impulsar a actividade económica e o emprego estable e de calidade, promovendo unha formación adaptada ás necesidades do mercado laboral. Elevar a taxa de poboación graduada en formación profesional e adaptar os plans de formación dual á estrutura produtiva galega. Contribuír a difundir o potencial da economía social para a creación de emprego de calidade. Articular un sistema eficiente e coordinado entre as diferentes administracións públicas para loitar contra a economía irregular e desenvolver unha estratexia de concienciación cidadá. Implementar mecanismos que eliminen as fendas salariais e fortalecer a perspectiva de xénero no ámbito do emprego, velando pola súa inclusión nas negociacións colectivas e na contratación pública.

DEBILIDADE 4

Excesiva responsabilidade familiar na atención e coidado de menores e dependentes. O 72,7% das persoas que coidan dependentes pertencen ao propio fogar. Persistencia dos roles de xénero tradicionais no coidado (protagonismo das mulleres entre 45 e 64 anos, máis pronunciado aínda no medio rural). Escasa consideración do traballo reprodutivo (traballo doméstico e de coidados) realizado nos fogares.

Medida para CORRIXIR a debilidade 4:

Fomentar a asunción equilibrada de responsabilidades domésticas e de coidados e a superación de estereotipos de xénero a través de actuacións (desde os fogares, o ámbito educativo, a administración e as empresas) de información, formación e sensibilización, visibilizando o traballo reprodutivo en termos económicos e de sostemento da vida. Reforzar os servizos de coidado e atención a menores, maiores e dependentes en xeral, levando a cabo unha planificación integrada e transversal que cubra as necesidades básicas da poboación de todo o territorio.

DEBILIDADE 5

Existencia de poboación en risco de pobreza e exclusión social, especialmente preocupante en fogares con menores a cargo. Existencia dun alto número de fogares cuxo único ingreso é unha prestación. Taxa de risco de pobreza e exclusión social agravada entre a poboación inmigrante.

Medida para CORRIXIR a debilidade 5:

Desenvolver accións orientadas á redución do risco de pobreza mediante actuacións no mercado laboral, a través da formación e incentivos ao traballo. Impulsar medidas encamiñadas a elevar á renda das persoas cun menor poder adquisitivo. Reforzar a contorna social e económica das familias en situación de vulnerabilidade e /ou exclusión social con actuacións de carácter preventivo e de apoio. Ampliar a información, orientación e asesoramento ás persoas inmigrantes en diferentes materias dos ámbitos xurídicos, sociais, lingüísticos, educativos e laborais que faciliten a súa integración.

DEBILIDADE 6

Vixencia dun modelo territorial que potencia a polarización da poboación en Galicia. Modelo territorial que alimentou as grandes migracións internas e externas e á mobilidade no interior da propia Galicia. Migracións "internas" que coexisten cun menor pero persistente fluxo de emigración exterior.

Medida para CORRIXIR a debilidade 6:

Coñecer o alcance e significación do modelo territorial imperante para poder articular políticas e actuacións no territorio. Elaborar unha estratexia asentada na dinamización económica do rural e nun acceso adecuado aos servizos para a poboación e as empresas. Promocionar as vantaxes de vivir no rural e das oportunidades de emprego existentes. Concienciar á sociedade acerca da relevancia da conservación do patrimonio natural e desenvolver accións tendentes a empoderar o traballo e a vida no rural.

DEBILIDADE 7

Insuficiente gasto en I+D+i por parte do sector público e do privado. Insuficiente adaptación da oferta formativa regrada ás necesidades do mercado laboral.

Medida para CORRIXIR a debilidade 7:

Abordar por parte da Administración o gasto en I+D+i como investimento, mellorando a eficiencia e o control do seu uso e implicando ás empresas na investigación e na formación profesional. Fomentar as iniciativas creativas e emprendedoras dende os niveis iniciais do sistema educativo potenciando o seu tratamento transversal entre as diferentes materias.

DEBILIDADE 8

Insuficiente diversificación económica no medio rural. Desagrarización non compensada polo complexo agroindustrial e a débil estrutura de servizos (agravada polo elevado número de entidades de poboación) que eleva o éxodo rural por falta de expectativas (renda primaria per cápita do 71% da galega) e menos oportunidades para alcanzar un emprego ben remunerado e de perfil cualificado.

Medida para CORRIXIR a debilidade 8:

Establecer modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+D+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos sectores, incorporando mozas e mozos cualificados.

DEBILIDADE 9

Pegada da emigración do pasado século na actual estrutura de idades da poboación. Nova etapa emigratoria hoxe, con participación de mocidade moi cualificada.

Medida para CORRIXIR a debilidade 9:

Impulsar as políticas de retorno. Desenvolver unha estratexia dirixida á retención e captación do talento.

DEBILIDADE 10

Insuficiente desenvolvemento das capacidades para adaptarse aos cambios derivados dos avances tecnolóxicos, da sociedade da información e da administración electrónica.

Medida para CORRIXIR a debilidade 10:

Desenvolver estratexias que permitan o acceso da poboación ás TIC e á administración electrónica e eliminar a fenda dixital a nivel social e xeográfico.

DAFO/CAME AMEAZAS

AMEAZA 1

Acercamento á situación demográfica con ideas do pasado e escasa atención á significación das variacións na estrutura de idades. Identificación do cambio demográfico co envellecemento poboacional. Consideración illada do descenso da mortalidade e da fecundidade, sen atender as relacións entre os cambios nos roles de xénero, as transformacións das familias e a fecundidade.

Medida para AFRONTAR a ameaza 1:

Fomentar estudos e publicacións que analicen as implicacións entre cambio demográfico, cambio familiar e cambios no mercado laboral e no sistema produtivo en xeral, sen esquecer os cambios culturais. Divulgar os resultados das investigacións entre a cidadanía.

AMEAZA 2

Asimilación dos cambios nas familias con perda ou falta de valores. Temor a que os cambios familiares e nos fogares impliquen de seu unha perda dos valores afectivos, de solidariedade interxeracional e de protección dos membros máis vulnerables que se consideran propios da institución familiar.

Medida para AFRONTAR a ameaza 2:

Visibilizar a fortaleza da institución familiar e o mantemento de sólidas redes entre os seus membros.

AMEAZA 3

Consideración da conciliación como un tema que afecta só ás mulleres.

Medida para AFRONTAR a ameaza 3:

Desenvolver políticas que permitan a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar.

AMEAZA 4

Excesiva dependencia de servizos esenciais de atención ás familias de fontes de financiamento non estables, o que dificulta o desenvolvemento de actuacións integrais.

Medida para AFRONTAR a ameaza 4:

Establecer mecanismos xurídicos e financeiros estables que permitan unha estrutura permanente dos servizos esenciais de atención ás familias.

AMEAZA 5

A participación nos ingresos do Estado non ten en conta variables que contemplan a dispersión e o envellecemento da poboación.

Medida para AFRONTAR a ameaza 5:

Reivindicar novos criterios de repartición que teñan en conta as características sociodemográficas.

AMEZA 6

Desaxustes entre todas as partes interesadas no deseño de políticas demográficas e na coordinación administrativa. Normativa que exclúe ou dificulta a participación do eido local no desenvolvemento de distintas competencias

Medida para AFRONTAR a ameaza 6:

Reforzar e mellorar a coordinación intra e inter administrativa nos diferentes eidos da acción pública. Incentivar a participación de todas as partes interesadas no deseño das políticas demográficas. Instar a revisión normativa para garantir a participación activa da administración local na abordaxe do reto demográfico.

AMEAZA 7

Forte dependencia dos Fondos Europeos para financiar políticas activas de emprego.

Medida para AFRONTAR a ameaza 7:

Racionalizar e optimizar os servizos públicos e deseñar un sistema que permita o seu sostemento a medio e longo prazo.

AMEAZA 8

Insuficiente valoración dos beneficios da inmigración e do retorno.

Medida para AFRONTAR a ameaza 8:

Deseñar campañas de sensibilización que dean a coñecer os beneficios da inmigración e do retorno das persoas emigrantes e da súa descendencia.

AMEAZA 9

Existencia dun déficit de ordenación dos usos do solo no rural que incrementa a conflictividade entre persoas propietarias e usuarias, aparelado ao minifundismo existente e a un progresivo abandono das terras.

Medida para AFRONTAR a ameaza 9:

Levar a cabo unha ordenación integral do territorio e dos usos do solo adaptadas á realidade actual do medio rural, coa implantación de diferentes fórmulas de reestruturación da propiedade e dos usos da terra. Elaboración dunha estratexia de aproveitamento multifuncional do monte, acorde coas súas aptitudes produtivas e coas demandas da sociedade.

AMEAZA 10

Infradotación de servizos públicos de proximidade no rural (educación, sanidade, transporte e servizos sociais).

Medida para AFRONTAR a ameaza 10:

Planificar de forma integrada e transversal servizos (educación, sanidade, transporte, vivenda, dependencia) que cubran necesidades básicas. Garantir un acceso rápido e seguro á tecnoloxía dixital.

DAFO/ CAME FORTALEZAS

FORTALEZA 1

Democratización da supervivencia. Máis da metade das persoas nadas chega a cumprir os 65 anos de idade. Crecente esperanza de vida. Niveis moi baixos de mortalidade infantil. Cada vez é maior o número de persoas que superan os 85 anos.

Medida para MANTER a fortaleza 1:

Manter e reforzar as políticas públicas que alenten a adopción responsable de formas de vida saudables desde idades temperás. Prestar atención ás diferenzas sociais e educativas no deseño de estratexias de envellecemento activo e saudable.

FORTALEZA 2

Relativa estabilidade da poboación global en termos absolutos ata tempos ben recentes pese ao crecemento vexetativo negativo. Resiliencia das cabeceiras comarcais, mesmo en Lugo e Ourense.

Medida para MANTER a fortaleza 2

Incentivar o investimento en capital humano e en capital tanxible e intanxible como estratexia demográfica. Reforzar as cabeceiras comarcais como polos de actividades económicas, de servizos e de equipamentos, fortalecendo os servizos públicos que se prestan nelas e desenvolvendo sistemas de transporte que faciliten a mobilidade.

FORTALEZA 3

3.- A familia, en tanto que institución, mantén unha gran vitalidade e variedade de formas á vez que permanece como ámbito de seguridade, apoio e axuda para os seus membros, e que se mostra capaz de incorporar traxectorias vitais máis complexas.

Medida para MANTER a fortaleza 3:

Apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias.

FORTALEZA 4

As redes familiares funcionan aínda que non se resida no mesmo fogar. Pais e nais e avoas e avós dan unha axeitada continuidade á familia, prestándolle o seu apoio. A mocidade valora cada vez máis a convivencia interxeracional.

Medida para MANTER a fortaleza 4:

Reforzar as relacións interxeracionais para a construción dunha sociedade máis inclusiva en termos de equidade e xustiza

FORTALEZA 5

Cada vez máis os valores de corresponsabilidade son asumidos por mulleres e homes, especialmente pola xuventude.

Medida para MANTER a fortaleza 5:

Seguir promovendo unha educación en igualdade e consolidar a tendencia social favorable respecto da corresponsabilidade.

FORTALEZA 6

As actuais xeracións de persoas maiores de 65 anos están a revolucionar o perfil sociolóxico tradicional da vellez e a chegar benestar á rede familiar e social.

Medida para MANTER a fortaleza 6:

Visibilizar o papel das persoas maiores como motor de cambio e a súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento.

FORTALEZA 7

Baixa incidencia da infecundidade. A análise dos fogares segundo a súa tipoloxía pon en evidencia que os fogares de parellas con fillos e/ou fillas e os monoparentais son clara maioría. Desexo manifesto de chegar a ter un segundo fillo ou filla.

Medida para MANTER a fortaleza 7:

Promover condicións políticas, sociais e económicas que favorezan o libre exercicio do dereito á reprodución.

FORTALEZA 8

A existencia de sistemas públicos de educación, de sanidade e de atención á dependencia.

Medida para MANTER a fortaleza 8:

Consolidar e fortalecer os sistemas públicos de educación, sanidade e atención á dependencia incidindo na coordinación e no seu tratamento integral e multidisciplinar.

FORTALEZA 9

Conciencia cidadá das potencialidades de Galicia en relación á calidade de vida.

Medida para MANTER a fortaleza 9:

Potenciar as políticas ambientais e de preservación do contorno. Potenciar a identificación da imaxe de Galicia con calidade de produto.

FORTALEZA 10

Capital humano moi formado. O 49% da poboación entre 25 e 29 anos ten educación terciaria. Taxa de participación en educación aos 18 anos moi elevada (81%). Niveis de formación académica superiores ao conxunto de España. Baixa taxa de abandono escolar temperán (a máis baixa da serie histórica). Alta taxa de finalización de estudos na idade obrigatoria. Elevada taxa de mozos e mozas con nivel alto de competencia dixitais.

Medida para MANTER a fortaleza 10:

Manter e reforzar o gasto público en educación. Favorecer a integración laboral dos mozos e mozas a través de políticas activas de emprego específicas. Estimular a creatividade e o emprendemento. Impulsar a cultura innovadora no tecido empresarial, na universidade, nas administracións públicas e en todos os ámbitos relacionados coa xeración do coñecemento.

FORTALEZA 11

Sentido de pertenza comunitaria que facilita un tecido asociativo en diversos ámbitos, tanto no interior de Galicia como na Galicia Exterior.

Medida para MANTER a fortaleza 11:

Traballar no ámbito educativo e no espazo público para facer compatible o sentido de pertenza comunitaria coa cooperación, o voluntariado e o asociacionismo.

FORTALEZA 12

Capacidade de desenvolvemento do complexo forestal, agroalimentario, patrimonial e da actividade turística. Boa imaxe de marca nos mercados de produtos galegos de calidade que pode facilitar xerar produtos e materiais de alto valor engadido.

Medida para MANTER a fortaleza 12:

Deseñar e desenvolver un plan de identificación, protección e promoción de produtos endóxenos, potenciando os mercados locais e os circuitos curtos de comercialización, así como un plan director de conservación patrimonial e dinamización de actividades turísticas no mundo rural.

DAFO/ CAME OPORTUNIDADES

OPORTUNIDADE 1

A preocupación demográfica está na axenda política e na conciencia social. A abordaxe do reto demográfico está a lograr un marco de consenso.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 1:

Alentar medidas que favorezan a implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do reto demográfico para o establecemento de políticas estables que permitan resultados a medio e longo prazo.

OPORTUNIDADE 2

Interese crecente en torno aos temas que abordan a relación entre a poboación e a sustentabilidade. Atención por parte das administracións públicas e das universidades pola “economía circular”.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 2:

Situar no centro do debate político e cidadán a preocupación pola calidade de vida e o uso razoable dos recursos necesarios para o incremento desta. Potenciar o desenvolvemento de actividades, ecolóxicas e sustentables, que aproveiten os recursos culturais e patrimoniais. Dotar de máis peso as medidas destinadas aos pagamentos ambientais e por servizos ecosistémicos. Aproveitar a trazabilidade dos produtos ecolóxicos de calidade, fomentando, priorizando e promocionando a agricultura ecolóxica, a economía circular de produción e o consumo de proximidade. Desenvolver actuacións específicas ligadas ao mantemento de actividades necesarias para a conservación de certos tipos de hábitats.

OPORTUNIDADE 3

A conciliación, a corresponsabilidade e a necesidade de racionalización de horarios están na axenda pública. As políticas de igualdade demostran ser efectivas a nivel socioeconómico e demográfico.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 3:

Consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan facer compatibles os ámbitos profesional, persoal e familiar das súas vidas. Consolidar as políticas de igualdade e mellorar a integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos como estratexia de desenvolvemento social e económico e elemento clave na dinamización demográfica. Diseñar políticas educativas en todas as etapas para que fomenten a igualdade de xénero e orienten ás persoas cara o seu pleno desenvolvemento persoal e profesional segundo as súas capacidades e non polo xénero co que se identifican na sociedade.

OPORTUNIDADE 4

O recoñecemento público e político do traballo non remunerado das mulleres. Os novos modelos de masculinidade en relación coa toma de decisións, a organización familiar e as tarefas de coidado.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 4:

Afondar na consideración e valoración do traballo non remunerado no conxunto da economía para a formulación e deseño de políticas socioeconómicas e demográficas, e traballar os novos modelos de masculinidade a través da coeducación en todos os niveis educativos.

OPORTUNIDADE 5

Potencialidade do envellecemento activo e saudable na súa relación coa creación de emprego a partir da análise do envellecemento desde a perspectiva da innovación, na atención e os coidados ata a economía prateada ou “silver economy”.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 5:

Promover a valoración social da vellez como etapa ou etapas de vida e a promoción das persoas maiores. Divulgar os avances en coñecemento, innovación e procesos produtivos no campo do envellecemento activo e saudable. Visualizar a potencialidade do envellecemento activo e saudable na xeración de actividade económica.

OPORTUNIDADE 6

Desenvolvemento de novos sectores produtivos vinculados á explotación de recursos endóxenos. Identificación de experiencias produtivas innovadoras no medio rural.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 6:

Potenciar os factores de natureza institucional, laboral, cultural e de comunicacións e o tecido industrial local xa existente para mobilizar os recursos endóxenos. Promover unha mellor regulación normativa que facilite o acceso ao solo agrario, coa redución da burocracia e o incremento da oferta de terras dispoñibles, e unha política de beneficios fiscais tanto para vivir como para realizar actividades económicas no rural.

OPORTUNIDADE 7

Atención crecente ao desenvolvemento da innovación e da tecnoloxía en todos os campos. Existencia de programas europeos específicos para a transición dixital.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 7:

Fomentar as iniciativas emprendedoras dende os niveis iniciais do sistema educativo potenciando o seu tratamento transversal entre as diferentes materias. Potenciar as sinerxías entre administración, universidade, empresa e sociedade. Mellorar e adaptar o contido do servizo universal de telecomunicacións ás necesidades e demandas da poboación, con especial atención ao rural. Impulsar a transferencia da tecnoloxía e da innovación: e-comercialización, e-servizos (telemedicina, teleformación), e-administración.

OPORTUNIDADE 8

Galicia está a participar activamente en foros que permiten trasladar as necesidades vinculadas á súa peculiaridade demográfica a nivel español e da UE.

Medida para EXPLOTAR a oportunidade 8:

Aproveitar as sinerxías do traballo desenvolvido nos distintos foros e avanzar na coordinación entre as distintas administracións para facer fronte aos retos do cambio demográfico.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE POLÍTICA
SOCIAL



Xacobeo 21·22